Concello da Coruña

# MEMORIA DE XESTIÓN MUNICIPAL

# EXERCICIO 2022

## Outubro 2023

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| | | |
|---|---|---|
| *Área / Unidad*<br>INNOVACION Y DESARROLLO TECNOLOGICO ID0000<br>AHL | *Documento*<br>10017I006H | |
| *Código de verificación*<br>² 2 V 4 3 6 D 7 2 6 F 0 C 4 P 5 O 1 8 G B = »<br>² 2 V 4 3 6 D 7 2 6 F 0 C 4 P 5 O 1 8 G B = »<br>2V43 6D72 6F0C 4P5O 18GB | *Expediente*<br>100/2023/11<br>*Fecha*<br>07-11-2023 | |

# Contenido

Servizos á Cidade ..... 5
Infraestruturas ..... 5
Medio Ambiente ..... 17
Mobilidade Urbana ..... 46
Servizo de Edificación ..... 65
Urbanismo ..... 71
Vivenda e Rehabilitación ..... 77
Servizos á Cidadanía ..... 87
Archivo Histórico ..... 87
Banda Municipal de Música ..... 91
Bibliotecas Municipais ..... 95
Casa das Ciencias ..... 113
Consorcio da música ..... 118
Consorcio de Turismo ..... 122
Exposicións e Coleccións ..... 124
I.M.C.E. ..... 127
Museo Arqueolóxico ..... 134
Promoción Cultural ..... 145
Servizo Municipal de Deportes ..... 155
Servizo Municipal de Educación ..... 165
Servizo Municipal de Emprego ..... 174
Servizo Municipal de Igualdade e Diversidade ..... 222
Servizo Municipal de Participación ..... 234
Servizos Sociais ..... 247
Servizos de Seguridade ..... 280
Policía Local ..... 280
Protección Civil ..... 289
S.E.I.S. ..... 292
Servizos Internos ..... 301
Actividade Corporativa ..... 301
Alcaldía ..... 304
Asesoría Xurídica ..... 312
Contratación ..... 317
Informática ..... 323
Interior ..... 329



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Intervención Xeral ..... 338
Oficina Orzamentaria ..... 352
Persoal ..... 358
Servizo de Innovación Tecnolóxica ..... 370
Tesourería Xeral ..... 378
Tribunal Económico Administrativo Municipal ..... 394
Xestión Tributaria ..... 399



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Servizos á Cidade

## Infraestruturas

*Responsable:* Martínez López, Fernando Santiago
*Dirección: C/Newton 18*
*Teléfono: Ext. 53001*

### MISIÓN

Dentro do marco de xestión responsable dos recursos públicos, o Servizo de Infraestruturas ten a misión de asegurar a calidade dos espazos urbanos, xestionando dun modo eficiente tanto a súa conservación e mantemento como as obras novas de investimento, ofrecendo á cidadanía unha contorna confortable e segura así como toda a xestión dos expedientes asociados a estas actividades.

Esta misión lógrase a través dos seus departamentos: Servizos Xerais, Vías e Obras, Actividade Industrial e, desde maio do 2022, o Sistema de Información Territorial, que se incorporou á estrutura do servizo tras a aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo municipal.

### FUNCIÓNS

- Redacción de proxectos técnicos, elaboración de informes técnicos e económicos previos á adxudicación de contratos e dirección e supervisión municipal das obras, incluíndo as coordinacións con outras áreas como Mobilidade, Medio Ambiente, Deportes, etc...
- Xestión de contratos de mantemento e conservación de espazos e infraestruturas municipais: saneamento, áreas peonís, pavimentos de calzada, iluminación pública, centros de transformación, elementos electromecánicos, mobiliario urbano, xacementos arqueolóxicos, monumentos, áreas infantís, etc… A conservación e mantemento dos túneles e das fontes ornamentais, que anteriormente se xestionaban no Servizo de Infraestruturas, foron asignadas a outras áreas municipais nos meses de abril e maio de 2022, respectivamente.
- Contratación de obras, servizos e subministracións que son competencia do servizo. Dentro deste apartado débense diferenciar as seguintes categorías:

  **Contratos menores,** nos que todos os trámites se realizan no Servizo de Infraestruturas.

  **Procedementos abertos, abreviados e simplificados abreviados**. Tramítase dende o Servizo de Infraestruturas toda a documentación preparatoria das licitacións para a súa posterior remisión ao Servizo de Contratación. Unha vez formalizado o contrato, o expediente volve a ser xestionado dende o servizo para proceder á súa execución e cumprimento, tanto no aspecto técnico como administrativo e de xestión orzamentaria.
- Xestión das incidencias dos contratos que son competencia do servizo, incluíndo prórrogas, revisións de prezos, devolucións de garantías e calquera outra cuestión relacionada coa súa execución ou modificación.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Convenios subscritos con outras administracións ou entidades privadas, desenvolvendo as tarefas necesarias de redacción ata a aprobación do texto e firma, así como velar polo seu cumprimento, incluída a tramitación da xustificación da subvención concedida, de ser o caso.
- Xestión das solicitudes de subvención a outras administracións públicas e/ou a súa execución e xustificación: Plan anual da Deputación da Coruña (Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal-POS+), o proxecto EidusCoruña (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional -FEDER-) ou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (cofinanciado cos fondos UE-Next Generation), así como, en colaboración coa Área de Facenda, o proxecto IDAE Coruña, incluído na liña de axudas a proxectos de Economía Baixa en Carbono promovidos por entidades locais, cofinanciada polo FEDER e xestionado polo IDAE**.**
- Tramitación de licenzas de subministracións ou servizos desde a vía pública: gabias de canalizacións para subministración de servizos de enerxía eléctrica, gas, telecomunicacións e acometidas de rede de sumidoiros.
- Tramitación de solicitudes de actuación na vía pública, tentando dar contestación a todas as solicitudes que, con este obxectivo, se presentan por rexistro ou chegan por outro conduto. (SYR, informes policiais, 010...) Xeralmente o obxecto destas solicitudes está relacionado coa reparación de calzadas ou zonas peonís, coa mellora da iluminación exterior ou con solicitudes de instalacións de novos equipamentos.
- Requirimentos de danos na vía pública, onde se poden distinguir dous tipos:
  - Danos na beirarrúa por existencia de vaos, cursando requirimentos ás comunidades de propietarios para que repoñan a beirarrúa á vista das deficiencias ocasionadas pola entrada e saída de vehículos aos garaxes e inspeccionando e controlando a execución do requirido.
  - Outros danos en bens públicos municipais, requirindo aos infractores causantes do dano ou entidades aseguradoras o pago dos danos efectuados nos bens públicos como farois, ou outros elementos relacionados coas infraestruturas municipais competencia desta área.
- Execución de sentenzas sobre materias competencia do servizo, así como preparación de expedientes e informes para a súa remisión ao órgano xurisdicional correspondente.
- Xestión, actualización e difusión da información xeorreferenciada do termo municipal de acordo coas obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de transparencia, datos abertos e reutilización da información do sector público, así como da normativa reguladora das infraestruturas e servizos de información xeográfica.
- Elaboración e coordinación de informes preceptivos para outras Administracións, previos á aprobación dos proxectos (Xunta de Galicia en concreto á Comisión do Camiño Inglés, ao Servizo de Patrimonio e á Dirección de urbanismo; AESA; Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ..).
- Elaboración de distintos tipos de informes técnicos: relativos a reclamacións patrimoniais para o Departamento de Interior, os solicitados polo Servizo de Asesoría Xurídica, os que son necesarios para remitir aos xulgados cando así se require (valoracións por accidentes…), etc.
- Cumprimento das obrigas recollidas no Real Decreto 1627/1997, en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, tanto para as obras de infraestruturas como de edificación: nomeamento do coordinador de seguridade e saúde,



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

aprobación do plan de seguridade e os seus posibles anexos, entrega dos libros de incidencias debidamente dilixenciados, etc., así como realización do seguimento durante a execución, investigación de posibles accidentes, etc.

- Realización, por acordo da Xunta de Goberno Local do 14.09.2018, das funcións de oficina de supervisión municipal en relación cos proxectos de infraestruturas con orzamento base de licitación (sen IVE) igual ou superior a 500.000 euros ou que, aínda tendo un orzamento inferior ao sinalado, teñan por obxecto obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade (artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público).
- Xestión das subministracións eléctricas municipais e implantación de sistemas de eficiencia enerxética.
- Coordinación de traballos do persoal de oficios do taller municipal.
- Xestión do gasto tendo en conta todas as fases de autorización, compromiso e recoñecemento de cada factura que se tramita en relación ao orzamento de gasto da área.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

**Contratación administrativa**: Neste ámbito, o labor principal do servizo é a contratación da obra pública municipal ademais da xestión dos contratos de mantemento.

Tramítanse no servizo integramente os contratos menores. Con contratos menores maioritariamente se contratan as asistencias técnicas para as redaccións dos proxectos municipais, as obras de importe ata 40.000€ sen IVE e a subministración de pequenos materiais, como placas conmemorativas ou vestiario. Ademais prepárase a documentación para a licitación dos procedementos abertos, abertos simplificados e simplificados abreviados cuxa tramitación ten encomendado o Servizo de Contratación.

### CONTRATOS MENORES

A tramitación contratos menores durante o ano 2022 resúmese na seguinte táboa:

| | **2022** | |
|---|---|---|
| **Tipo** | **Nº** | **Importe adxudicación** |
| Obras | 16 | 556.111,34€ |
| Servizos | 48 | 534.956,79€ |
| Subministracións | 12 | 35.591,81€ |
| | **76** | **1.126.659,94€** |

Con respecto ao ano anterior produciuse un lixeiro descenso da contratación menor na tipoloxía de contratos de obras mantendo practicamente iguais as contratacións de subministracións e servizos dado que é o procedemento mais axeitado segundo a súa natureza (redaccións de proxectos, controis arqueolóxicos, direccións de obras, compras de vestiario, subministración e colocación de placas conmemorativas.....)



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## CONTRATOS ABERTOS, ABERTOS SIMPLIFICADOS e ABERTOS SIMPLIFICADOS ABREVIADOS

Durante o ano 2022 enviáronse a licitar ao Servizo de Contratación un total de 15 contratos sendo a distribución por tipoloxía e o importe de licitación IVE incluído os seguintes:

| | ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO | ABERTO SIMPLIFICADO | ABERTO | IMPORTE LICITACION TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **OBRAS** | 0 | 9 | 1 | **8.219.356,17€** |
| **SERVIZOS** | 1 | 0 | 3 | **2.130.437,14€ *** |
| **SUBMINISTRACIÓNS** | 1 | 0 | 0 | **11.989,16€** |
| **TOTAL 15** | **2** | **9** | **4** | **10.361.782,47 €** |

*Nos contratos de servizos plurianuais compútase o importe anual

· **Tramitación actuacións do proxecto Eidus Coruña**. É salientable destacar a participación do Servizo de Infraestruturas no proxecto Eidus Coruña dado que, máis dunha terceira parte do seu importe total, corresponde a actuacións xestionadas por este servizo. Durante o ano 2022 remataron a maior parte das obras incluídas nas liñas de actuación das que o Servizo de Infraestruturas é a Unidade Executora e as restantes están en execución polo que se agarda que, para a data definitiva de finalización do proxecto (decembro do 2023), estea finalizado o 100% das actuacións asignadas a este servizo.

· **Tramitación actuacións no marco do Plan de Recuperación, Tansformación e Resiliencia (PRTR).** Outro fito salientable do exercicio do 2022 foi a concesión, no mes de maio, por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, dun importe de case 11 millóns de euros ao Concello da Coruña para o desenvolvemento de varias actuacións incluídas no "*Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano*", cofinanciados con fondos UE-Next Generation. O Servizo de Infraestruturas é responsable da execución de varias das obras contidas nas devanditas actuacións (por un importe duns 5,6 millóns de euros do total da subvención), dos que practicamente todas están xa en execución (ou incluso rematadas).

Por outra banda, o servizo tamén liderou a elaboración da candidatura para a obtención de novos fondos nunha segunda convocatoria deste programa por importe de algo máis de 9 millóns de euros, dos que a maior parte (case 7 millóns de euros da financiación solicitada) corresponderían a actuacións que deben executarse polo Servizo de Infraestruturas.

· **Co-dirección do contrato para a xestión integral das instalacións de iluminación pública exterior**. A mediados do exercicio 2022, comezou a execución do "*Contrato mixto de servizos e subministracións enerxéticas, cos investimentos, as actuacións e instalacións accesorias aparelladas ás mesmas, da iluminación exterior do Concello da Coruña*" co obxectivo de abordar unha actuación global sobre as instalacións de iluminación exterior municipal implantando, ao efecto, un novo modelo de xestión integral no que se emprega a modalidade de empresa (ESE), definida no art. 19 do Real



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Decreto-Lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego. O Servizo de Infraestruturas asumiu a dirección deste contrato, xunto coa Dirección da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior. Como parte das súas prestacións, este contrato inclúe a execución das actuacións correspondentes ás inversións do proxecto IDAE Coruña, cofinanciado polo FEDER e xestionado polo IDAE no marco das axudas aos proxectos de economía baixa en carbono promovidos por Entidades Locais. O importe máximo desta subvención ascende a 12,5 millóns de euros.

· **Xestión Orzamentaria**: En relación á execución orzamentaria do ano 2022 é salientable o importe dos créditos totais consignados para o Servizo de infraestruturas cun incremento respecto do ano 2021 dun 20%:

| Créditos Iniciais | Modificacións de Crédito | Créditos Totais consignados |
|---|---|---|
| 33.523.461,67€ | 10.315.895,45€ | 43.839.357,12€ |

Sendo a distribución a seguinte:

| Créditos consignados | Gasto corrente | Investimentos |
|---|---|---|
| 43.839.357,12€ | 17.399.259,99€ | 26.440.097,13€ |

Atendendo unicamente ás obrigas recoñecidas (dato que aporta o SICAL como % de execución do orzamento), o porcentaxe executado é dun 52,38%, dato inferior ao dos dous anos anteriores.

| créditos totais | FASE O | % EXECUCIÓN |
|---|---|---|
| 43.839.357,12€ | 22.963.192,54€ | **52,38%** |

| GASTO CORRENTE | FASE O | % EXECUCIÓN |
|---|---|---|
| 17.399.259,99 | 16.075.648,31€ | **92,39%** |
| **INVERSIÓN** | **FASE O** | **%EXECUCIÓN** |
| 26.440.097,13€ | 6.887.544,23€ | **26,05%** |

Ademais do gran incremento de créditos inicias do servizo, a tipoloxía do gasto existente neste Servizo fai necesaria a realización dunha análise pormenorizada dos resultados, para entender de forma mais precisa o porcentaxe de execución orzamentaria.

-O grao de execución orzamentaria no gasto corrente é case total tendo en conta que inclúe as anualidades dos contratos de mantemento xestionados no servizo. É importante recordar que no servizo xestiónanse mais de 20 contratos de tracto sucesivo de mantemento. Nestes contratos atópanse os principais servizos de mantemento da cidade como áreas peonís, calzadas, alumeado, áreas infantís, pasarelas ou saneamento, así como os correspondentes á conservación de fontes ornamentais e túneles ata o momento en que foron asignadas a outras áreas municipais.

Este dato non alcanza o 100% principalmente pola posta en marcha do contrato mixto de subministración e servizos enerxéticos do alumeado exterior (contrato cunhas prestacións financiadas polo IDAE), no que a prestación correspondente á enerxía eléctrica non puido



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

ser tramitada/abonada no ano 2022 por ser necesaria á cuantificación dun importe a compensar establecido nos pregos que, finalmente, e dada a súa complexidade, foi calculada no inicio do exercicio 2023.

-O grao de execución orzamentaria no gasto de inversión anteriormente citado, reflexa unicamente o importe das obras executadas e abonadas no ano, sen ter en conta que a maioría das obras para as que houbo consignación orzamentaria proveñen tanto do meritado contrato financiado con fondos do IDAE como da convocatoria de fondos do PRTR- Next GenerationEU que foron concedidos no mes de maio de 2022 e polo tanto as inversións foron licitadas posteriormente, unha vez xerado o crédito correspondente.

Polo tanto, a situación da maior parte das inversións, obras en execución tras os procesos de licitación, xustifica que o grado de execución a nivel de obrigas recoñecidas sexa baixo respecto aos anos anteriores **sendo necesario analizar a execución orzamentaria a nivel de todas as fases do gasto**, é dicir, engadindo as autorizacións e compromisos de gasto e non soamente a nivel de obrigas recoñecidas.

Así, tendo en conta todas as fases do gasto, a execución orzamentaria do ano 2022 ascendeu a un 93,22%, superior ao do ano 2021 nos mesmos termos que foi de 88,79%

| GASTO CORRENTE | FASE O | SALDO FASE A | SALDO FASE D | TOTAL | % EXEC. | DISPOÑIBLE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 17.399.259,99€ | 6.075.648,31€ | 0€ | 1.249.294,35€ | 17.324.942,66€ | 99,57% | 74.317,30€ |
| | | | | | | |
| **GASTO INVERSIÓN** | **FASE O** | **SALDO FASE A** | **SALDO FASE D** | **TOTAL** | **% EXEC.** | **DISPOÑIBLE** |
| 26.440.097,13€ | 1.887.544,23€ | 235.453,17€ | 16.420.545,79€ | 23.543.543,19€ | 89,04% | 2.896.553,94€ |
| | | | | | | |
| **GASTO INVERSIÓN** | **FASE O** | **SALDO FASE A** | **SALDO FASE D** | **TOTAL** | **% EXEC.** | **DISPOÑIBLE** |
| 43.839.357,12€ | 2.963.192,54€ | 235.453,17€ | 17.669.840,14€ | 40.868.485,85€ | 93,22% | 2.970.871,24€ |

Sendo o saldo da fase A correspondente aos contratos que se atopaban en licitación ao final de ano, o saldo da fase D relativo aos contratos que se atopaban en execución nesa data e o dispoñible principalmente ás baixas de licitación e aos créditos concedidos para as inversións dos orzamentos participativos do ano 2021. Neste último caso, as obras precisan previamente, a correspondente redacción dun proxecto construtivo, razón pola que non se poden executar as inversións ata un momento posterior. Así mesmo, dentro do importe do dispoñible inclúense os importes das baixas de licitación de todos os contratos, que previsiblemente serán utilizadas nas liquidacións das obras en execución cando rematen.

· **Tramitación de licenzas de uso ou servizo público (gabias, sumidoiros e servizos afectados):** Segue na mesma liña a cantidade de licenzas solicitadas e tramitadas no ano 2022 con respecto ao ano 2021 e anteriores.

· **Devolución de fianzas dos contratos e das licenzas de gabias e alcantarillado**: Produciuse un descenso na tramitación das devolucións das fianzas, tanto de contratos de obras como de licenzas, xa que é un dato dependente das solicitudes presentadas polos interesados.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

· **Incidencias contractuais:** é importante destacar o número de resolucións ou acordos de prórroga de contratos e suspensións tramitados no ano, motivadas pola cantidade de contratos que se formalizan no servizo e o panorama actual de desabastecemento de subministracións do mercado mundial.

· **Recepcións de obras**: Diminuíu o número de actas de recepción respecto ao ano anterior. No ano 2022 recibíronse 10 obras fronte ás 19 do ano 2021. Na súa maior parte corresponden a obras adxudicadas ao final do ano anterior e a principios do propio ano 2022. Esta diminución é debida a que a maioría das obras iniciadas no 2022 comezaron na segunda parte do ano porque a licitación estaba condicionada á recepción de fondos, e polo tanto ao final do ano estaban en execución e serán recibidas durante o exercicio 2023.

· **Reclamacións cidadás (solicitudes de actuación na vía pública)**: Neste ano produciuse unha redución das reclamacións cidadás presentadas. Continuase cunha porcentaxe de resposta e cumprimento que se achega ao 90%, sendo superior nas que se reciben a través do 010, SYR, Policía Local ou os propios inspectores municipais. Isto pode deberse a que as reclamacións feitas polos cidadáns a maioría das veces nin concretan nin sitúan correctamente a incidencia a corrixir e as subsanacións de solicitudes son frecuentes.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Aumento da porcentaxe de execución das obras de investimento e de gasto corrente.
- Aumentar a calidade nas actuacións de conservación, reparación e reposición de elementos e infraestruturas urbanas.
- Planificación coordinada de traballos en vía pública.
- Continuar coa transparencia e accesibilidade á xestión dos expedientes, así como a tramitación telemática dos mesmos.
- Utilización xeneralizada do OpenCertiac por todos os departamentos do Servizo de Infraestruturas para a axilización da tramitación dos expedientes.
- Implantación de expediente electrónico a través do uso da aplicación OpenCertiac.
- Mellora da información aos interesados e a colaboración co rexistro de entrada do concello.
- Consolidación e actualización de inventarios municipais.
- Tender a unha consecución dunha maior eficiencia enerxética.
- Adaptación paulatina do teletraballo ao funcionamento do servizo.
- Garantir o cumprimento satisfactorio de todos os fitos e compromisos vencellados aos numerosos contratos xestionados no Servizo de Infraestruturas cuxo financiamento se realiza con fondos correspondentes a subvencións concedidas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 2.065.066,36 | 1.868.728,33 | 1.950.891,26 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 0,00 | 10.494.505,30 | 11.197.559,10 |
| | Imputación Indirecta | 399.415,68 | 338.193,69 | 343.343,61 |
| | TOTAL GASTOS | 2.464.482,04 | 12.701.427,32 | 13.491.793,97 |

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Obras contratos menores | Orzamento (Euros) | 556.111,34€€ |
| | Licitados e Adxudicados (nº) | 16 |
| Obras contratos abertos simplificados e supersimplificados | Orzamento (Euros) | 8.219.356,17 € |
| | Licitados (nº) | 10 |
| Total licitación contratos de obras | Orzamento (Euros) | **8.775.467,51€ €** |
| Servizos contratos menores | Orzamento (Euros) | 534.956,79 € |
| | Licitados e Adxudicados (nº) | 48 |
| Servizos aberto simplificado e abreviado | Orzamento (Euros) | 2.130.437,14 € |
| | Licitados (nº) | 4 |
| Total licitación contratos de servizos | Orzamento (Euros) | **2.665.393,93€ €** |
| Contratos menores de subministración | Orzamento (Euros) | 35.591,81 € |
| | Adxudicados (nº) | 12 |
| Contrato aberto, abreviado e simplificado subministración | Orzamento (Euros) | 11.989,16 € |
| | Licitados (nº) | 1 |
| Total licitación contratos de subministración | Orzamento (Euros) | **47.580,97 €** |
| Licenzas | Licenzas tramitadas de gabias | 364 |
| | Licenzas tramitadas de rede de sumidoiros | 94 |
| | Servizos afectados (alumeado e saneamento) | 92 |
| | Desestimento de gabias | 10 |
| | Prórrogas de gabias | 15 |
| | Devolucións de fianzas Gabias | 14 |
| | Devolucións de fianzas saneamento | 32 |
| Incidencias contractuais | Devolucións de garantías tramitadas | 15 |
| | Prórrogas contratos | 14 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | Resolucións de contratos | 1 |
| | Desestimentos de contratos | 0 |
| | Recepcións de obras | 10 |
| | Suspensión de contratos | 2 |
| Reclamacións cidadáns | Reclamacións cidadáns presentadas por rexistro | 204 |
| | % Reclamacións cidadáns resoltas presentadas por rexistro | 81% |
| Danos en bens públicos | Requirimento de vaos | 40 |
| | Número de valoracións de danos en vías públicas (reclam.patr. e asesoría x.) | 81 |
| Solicitudes información/ documentación | Solicitudes de información de particulares | 120 |
| | Petición de Xulgados | 3 |
| Informes de supervisión | Nº informes de supervisión emitidos | 58 |
| | Nº proxectos supervisados | 33 |
| Total expedientes S.G. | Total expedientes tramitados no departamento de servizos xerais | 1.037 |
| Expedientes Seguridade e prevención | Expedientes Coordinacións seguridade e saúde | 112 |
| Xestión do gasto | Orzamento de gasto da área | 43.839.357,12€ |
| | Gasto corrente da área | 17.399.259,99€ |
| | Gasto en investimento da área | 26.440.097,13€ |
| Execución orzamentaria | % execución orzamentaria do servizo (fase O)<br>%execución orzamentaria do servizo (todas as fases do gasto) | 52,38%<br>93,22% |
| Resolucións incidencias áreas peonís Sur | Total incidencias | 1240 |
| | Incidencias pechadas | 982 |
| | Porcentaxe resolución | 79,19 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Resolucións incidencias áreas peonís Norte | Total incidencias | 1317 |
| | Incidencias pechadas | 1058 |
| | Porcentaxe resolución | 80,33 |
| Resolucións incidencias mantemento calzadas | Total incidencias | 850 |
| | Incidencias pechadas | 805 |
| | Incidencias pechadas | 94,71 |
| Resolución incidencias áreas infantís | Total incidencias | 215 |
| | Incidencias pechadas | 200 |
| | Incidencias pechadas | 93,02 |
| Resolución incidencias mantemento | Total incidencias | 446 |
| saneamento | Incidencias resoltas | 407 |
| | Porcentaxe resolución | 91,26 |
| Resolución incidencias iluminación Norte | Total incidencias | 483 |
| | Incidencias pechadas | 483 |
| | Porcentaxe resolución | 100 |
| Resolución incidencias iluminación Sur | Total incidencias | 471 |
| | Incidencias pechadas | 471 |
| | Porcentaxe resolución | 100 |
| Incidencias fontes ornamentais | Total incidencias | 7 |
| | Incidencias pechadas | 7 |
| | Porcentaxe resolución | 100 |
| Incidencias escaleiras mecánicas e equipos elevadores | Total incidencias | 292 |
| | Incidencias pechadas | 292 |
| | Porcentaxe resolución | 100 |
| Incidencias iluminación Nadal | Total incidencias | 118 |
| | Incidencias pechadas | 118 |
| | Porcentaxe resolución | 100 |
| Incidencias túneles | Total incidencias | 0 |
| | Incidencias pechadas | 0 |
| | Porcentaxe resolución | 0 |
| Incidencias brigadas municipais. | Total incidencias | 280 |
| | Incidencias pechadas | 280 |
| | Porcentaxe resolución | 100,00 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Total resolución incidencias | Total incidencias | 5719 |
| | Incidencias pechadas | 5103 |
| | Porcentaxe resolución | 89,23 |

| INDICADOR | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|
| Resolución incidencias áreas peonís sur | 1.198 | 1.200 | **982** |
| Resolución incidencias áreas peonís norte | 1.322 | 1.275 | **1058** |
| Resolución Incidencias mant. calzadas | 810 | 783 | **805** |
| Resolución incidencias áreas infantís | 185 | 222 | **200** |
| Resolución incidencias mantemento saneamento | 448 | 433 | **407** |
| Resolución Incidencias iluminación Norte | 510 | 486 | **483** |
| Resolución Incidencias iluminación Sur | 475 | 489 | **471** |
| Incidencias fontes ornamentais | 35 | 46 | **7** |
| Incidencias escaleiras mecánicas e equipos elevadores | 92 | 181 | **292** |
| Incidencias iluminación nadal | 151 | 199 | **118** |
| Incidencias túneles | 1 | 2 | **0** |
| Incidencias brigadas municipais | 269 | 349 | **280** |
| Totais resolución incidencias | 5.496 | 5.665 | **5.103** |
| % resolución incidencias | 92,06 | 94,45 | **89,23** |
| % execución orzamentaria do servizo (nivel fase O) | 63,17 | 71,30 | **52,38** |
| % execución orzamentaria do servizo (todas fases gasto) | 86,86 | 88,79 | **93,22** |

## CONCLUSIÓNS

- O número total de actuacións executadas e a calidade das mesmas, en función do persoal e o orzamento dispoñibles, foi elevado e satisfactorio.
- Obsérvase un maior enfoque cara aos traballos de conservación e mantemento preventivo, así como unha mellora xeral na xestión dos contratos de servizos.
- O tratamento da información asociada a incidencias e a planificación dos traballos permite un mellor tempo de resposta e unhas porcentaxes de execución satisfactorios.
- Obsérvase unha mellora na imaxe municipal proxectada a través das obras e servizos xestionados no Servizo de Infraestruturas.
- Obsérvase unha contribución moi positiva das ferramentas de xestión de información e da actualización continua dos inventarios que son competencia do Servizo de Infraestruturas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- É destacable o traballo dos inspectores de infraestruturas, que xeran información útil para a toma de decisións.
- Aínda que os créditos totais consignados para o servizo incrementáronse un 20% neste exercicio, mantívose un alto grao de execución orzamentaria (dun 93,22% tendo en conta todas as fases do gasto), que incluso foi superior ao do ano 2021. O obxectivo debe ser consolidar esta tendencia nos futuros exercicios.
- Os datos indican unha intensa actividade administrativa e contractual que se desenvolveu de xeito moi satisfactorio. Agárdase que este nivel de actividade continúe así, a curto e medio prazo, debido á necesidade de xestionar (coas súas correspondentes obrigas en materia de tramitación, execución e xustificación) todas as actuacións enmarcadas nos distintos plans e proxectos financiados por fondos europeos que son responsabilidade do Servizo de Infraestruturas e que se engaden á, xa de seu, importante carga de traballo desta natureza que se desenvolve debido as súas competencias ordinarias.
- A incorporación dun novo enxeñeiro técnico industrial foi moi positiva e confíase en que continúe aumentando o persoal adscrito ao servizo durante os próximos anos debido a que, durante este exercicio, producíronse varias xubilacións mentres que, pola contra, o traballo do servizo non parou de incrementarse.
- En relación co punto anterior, agárdase que a futura resolución do concurso ordinario de provisión de postos, que continuou desenvolvéndose neste exercicio, dote de estabilidade e continuidade o traballo do servizo, cubríndose mediante adscrición definitiva boa parte dos postos de xefatura de mandos intermedios da súa estrutura**.**
- A integración do Departamento de Información Territorial no Servizo de Infraestruturas, xunto coa modernización de toda a arquitectura tecnolóxica que lle serve de soporte (e que están a levar a cabo os Servizos de Informática e Innovación), debería constituír o punto de partida para tratar de promover unha actualización da estratexia municipal a nivel global para xestionar, actualizar e difundir a información xeoespacial do termo municipal, de acordo coas obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de datos abertos e reutilización da información do sector público, así como da normativa reguladora das infraestruturas e servizos de información xeográfica.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Medio Ambiente

*Responsable:* Fernández Díez, Jesús
*Dirección: Casa del Agua C/Manuel Murguía, s/n 5º*
*Teléfono: Ext.60034*

## MISIÓN

A área de Medio Ambiente do Concello da Coruña por tratarse da administración máis próxima á cidadanía, ten un papel determinante á hora de implementar aquelas políticas que permitan dar resposta aos desafíos neste ámbito que exponen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), no contexto da Axenda Urbana que se atopa en fase de elaboración. Desenvolvendo políticas desde o ámbito local entendidas como unha parte necesaria do global.

Non debemos esquecer o papel da administración local no cumplimento dos ODS, que cobra vital importancia xa que éstes inclúen metas relacionadas con competencias propias do seu ámbito, e dende os concellos propiciarase:

- Un desenvolvemento sostible
- A sensibilización dos actores locais
- Integrar e adaptar as súas estratexias aos plans nacionais
- Mellorar e fortalecer alianzas cos diferentes actores
- A integración en redes e organismos nacionais e europeos que permitan o intercambio de experiencias.

Todo iso vai enfocado a obtención do incremento da calidade de vida dos cidadáns a través da conservación, mellora e protección do medio. Para iso desde o ámbito das competencias actuáse en diversas liñas que abarcan dende a divulgación e o traballo con escolares ou con asociacións para fomentar prácticas medioambientalmente sostibles, a creación e disposición das infraestruturas necesarias para a consecución dunha contorna urbana máis saudable, a xestión eficiente dos recursos en todas as actividades e servizos públicos dependentes da concellería ata a vixilancia no cumprimento da normativa relacionada.

O ano 2022 supuxo de feito o fin da problemática xerada pola Covid 19 e polo tanto o fin do reto ao que se lle deu resposta implementando diferentes accións e modificando a planificación inicial de acordo ás necesidades xurdidas coa evolución da pandemia.

Dende o punto de vista formal, Medio Ambiente encárgase do disposto no Decreto 3846/2019 de alcaldía do 26 de xuño de 2019, publicado no BOP 124 de 3 de xullo de 2019, onde se estableceu que a área de goberno de Medio Ambiente e sustentabilidade ocúpase das cuestións relacionadas con: a sanidade, o medio ambiente, a xestión de residuos e limpeza viaria, parques e xardíns, cemiterios e servizos funerarios, saneamento, tratamento e depuración de augas residuais e benestar animal, quedando adscritas a esta mesma concellería a Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. (EMALCSA) e os seguintes inmobles: Hospital Labaca, Matadoiro; concesións destinadas a hostalería/máquinas expendedoras vinculadas a edificios e instalacións de responsabilidade da área (Monte de San Pedro, Xardíns de Méndez Núñez, Xardín de San Carlos, etc.).



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

No desenvolvemento das cuestión anteriores a área de Medio Ambiente do Concello da Coruña ocúpase de diferentes servizos, entre os que, pola súa relevancia destacamos o servizo de limpeza viaria, o servizo de recollida de residuos, o servizo de tratamento de residuos – e do complexo onde se efectúa-, o servizo de mantemento de parques e xardíns, o servizo de cemiterios e a protección do medio ambiente urbano.

Ademáis dentro das súas competencias atópase a calidade do aire e das augas, a contaminación acústica, o mantemento das praias, o control da limpeza de solares, a prevención de incendios, a lacería – e a tenencia de animais e cans potencialmente perigosos- velando en todas elas polo cumprimento da normativa sectorial tanto estatal como autonómica e local.

Doutra banda non podemos esquecer o compromiso co global, que en materia de redución de emisións do horizonte 2020 fóra trasladado no ano 2008 ás autoridades locais a través de Pacto das Alcaldías polo Clima e pola Enerxía Sustentable. O desenvolvemento deste acordo impulsou unha redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) equivalente ao 31% do total comprometido pola UE para o ano 2020. De igual modo os obxectivos do Marco estratéxico en materia de clima e enerxía do ano 2014 foron trasladados ás autoridades locais a través do Pacto dos alcaldes polo Clima e a Enerxía Sustentable subscrito no 2015.

Na visión estratéxica a implementar camino do horizonte 2050 as cidades volvemos ser un dos axentes fundamentais da descarbonización da UE.

Neste sentido, A Coruña sempre manifestou un alto compromiso coa protección do medioambiente e as políticas climáticas, sendo unha das cidades pioneiras na actuación ante o clima ao adherirse ao Pacto dos Alcaldes pola Enerxía Sostible no ano 2012, e desenvolvendo estes últimos anos proxectos como o desenvolvemento da Estratexia Enerxética, os Barrios de Emisións Cero e a Estratexia Local contra o Cambio Climático.

Ante o contexto global antes referido, o Goberno da Coruña optou por reforzar ese compromiso, ratificando o 4 de xuño de 2020 o Pacto das Alcaldías polo Clima e pola Enerxía Sustentable. Asume así os novos obxectivos de reducir emisións de GEI nun 40% ata 2030.

Por todo iso, A Coruña quere avanzar nas súas actuacións ante o cambio climático, tanto no ámbito da mitigación como da adaptación, mellorando o coñecemento sobre a situación e capacidades da cidade, para poder atender e apoiar as necesidades e inquietudes da cidadanía ante os efectos do cambio climático.

Nesta sentida a área de Medio Ambiente ten tamén como misión a participación e colaboración naqueles eventos, programas e actuacións organizadas e xestionadas por outras áreas a fin de reducir os posibles impactos negativos e conseguir resultados máis sostibles e respectuosos co Medio Ambiente.

Para o exercicio destas competencias a área estructúrase nos Departamentos de xestión administrativa, de xestión ambiental urbana e de residuos urbanos e xestión enerxética.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## FUNCIÓNS

DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO

- Xestión de expedientes relacionados coa tenencia e benestar animal. Xestión de expedientes relacionados coa inspección ambiental.
- Procedementos sancionadores por incumprimento da normativa ambiental e das ordenanzas municipais de aplicación.
- Xestión de expedientes para velar o cumprimento da normativa ambiental e das ordenanzas municipais de aplicación. Con especial referencia á limpeza de solares e terreos por salubridade e por risco de incendios.
- Revisión e aprobación de ordenanzas municipais en materia ambiental.
- Control e seguimento dos contratos públicos vinculados á Concellería.
- Control e seguimento das concesións vinculadas á Concellería.
- Control e seguimento de condicións de salubridade en vivendas (expedientes de Diógenes en edificios)
- Autorizacións de verteduría á rede de saneamento.
- Autorizacións de uso en hortos urbanos de titularidade pública.
- Impulso e xestión de plans educativos para prevención de actos vandálicos.

Tenencia e benestar animal

- Recollida, acollida e adopción de animais domésticos abandonados.
- Tenencia e protección de animais domésticos.
- Cans potencialmente perigosos.
- Áreas de esparcemento canino.
- Colonias felinas.
- Prevención e vixilancia dos malos tratos animais.
- Divulgación de valores de respecto animal.

Inspección ambiental

- Inspección e control de verteduras e saneamento, permisos de vertedura.
- Inspección e control de limpeza de solares e parcelas.
- Inspección e control de residuos e entulleiras incontrolados.
- Seguimento do contrato de control de pragas.
- Seguimento do contrato de control de aves.
- Control de avisos de retirada de niños de vespa velutina.
- Control e seguimento do contrato de mantemento dos bombeos municipais

Outras funcións non relacionadas directamente coa inspección pero asumidas de maneira temporal:

- Control e seguimento do contrato de limpeza de redes de rede de sumidoiros.

Cemiterios e sanidade mortuoria



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

· Xestión administrativa relacionada coa sección:

- Rexistro de sepulturas.
- Rexistro de inhumaciones, exhumaciones e traslados.
- Cambios de titularidade.
- Trámites de reclamacións e expedientes relacionados coa prestación do Servizo.

· Xestión das instalacións e dos servizos

- Control e vixilancia da limpeza e conservación dos recintos e dos equipos.
- Xestión e organización para a prestación dos servizos de inhumación, exhumación e traslados.

DEPARTAMENTO DE XESTIÓN AMBIENTAL URBANA

Natureza e biodiversidade

- Xestión de espazos naturais de interese local.
- Protección e mapeo da biodiversidade de hábitats e especies.
- • Mantemento ecolóxico en espazos naturais. Sincronización con ciclos reprodutivos de aves e outras especies.
- Restauración ambiental de espazos degradados (ríos, zonas verdes ..).
- Loita contra as especies exóticas invasoras.
- Mantemento, servizos e protección das praias e do litoral.
- Programa de Educación Ambiental.
- Función transversal: implementación da infraestrutura verde e azul no marco da AXENDA 2030.

Parques. xardíns e espazos libres públicos

- Xestión e expansión do arbolado.
- Xestión e mantemento dos parques, xardíns e áreas axardinadas.
- Xestión e mantemento de parcelas públicas, rozas.
- Implantación e mantemento de hortos urbanos.
- Control de pragas que afectan á infraestrutura verde.
- Función transversal: implementación da infraestrutura verde e azul no marco da AXENDA 2030.
- Función transversal: colaboración e apoio a outras áreas na dotación de arbolado e plantacións en obras municipais, así como en informes e colaboración nos procesos de organización de eventos, feiras, festas, etc.

Calidade ambiental

- Avaliación e xestión da calidade do aire.
- Avaliación e xestión da contaminación acústica.
- Avaliación e xestión de contaminación por cheiros.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Avaliación do consumo enerxético e propostas para a loita contra o cambio climático.
- Actuacións relacionadas co control de emisións radioeléctricas.
- Informes de Autorización Ambiental Integrada e Impacto Ambiental.
- Prevención e control de verteduras ao saneamento municipal.
- Función transversal: Desenvolvemento de estratexias de loita contra o Cambio Climático e consecución dos ODS no marco da AXENDA 2030.
- Programas de Educación Ambiental.
- Función transversal: colaboración e apoio a outras áreas para a introdución da variable ambiental e a sustentabilidade nos procesos de organización de eventos, feiras, festas, etc.

DEPARTAMENTO DE RESIDUOS URBANOS E XESTIÓN ENERXÉTICA

- Control e seguimento do contrato de limpeza viaria.
- Control e seguimento do contrato de contenerización e recollida de RSU.
- Control e seguimento do contrato de xestión de residuos, planta de tratamento de RSU.
- Promoción do consumo sostible e concienciación cidadá para a redución, reutilización e a reciclaxe.
- Colaboración con grandes produtores e concienciación en materia de redución de residuos.
- Función transversal: colaboración e apoio a outras áreas para a introdución da variable ambiental e a sustentabilidade nos procesos de organización de eventos, feiras, festas, etc.
- Función transversal: Desenvolvemento de estratexias de loita contra o Cambio Climático e consecución dos ODS no marco da AXENDA 2030.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

Xestión administrativa

- Racionalización de procedementos para unha maior axilidade na tramitación de expedientes.
- Revisión de ordenanzas municipais en materia ambiental e adecuación a novos obxectivos.
- Plans educativos e colaboración con outras entidades para a formación e loita contra actos vandálicos.
- Tenencia e benestar animal
- Programas de concienciación na tenencia responsable de animais.
- Procesos para a renovación e adaptación ás esixencias da normativa vixente do servizo de lacería e do centro municipal de acollida de animais.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Inspección ambiental

- Reorganización das áreas de inspección en adaptación aos recursos humanos dispoñibles.
- Racionalización de procedementos en colaboración co departamento administrativo.
- Participación e colaboración con outras áreas e entidades en plans de control de pragas.

Cemiterios e sanidade mortuoria

- Reforzo da sección administrativa na xestión de expedientes, arquivo e actualización da información.
- Plans de mellora, posta en valor e divulgación do patrimonio funerario.

Xestión ambiental urbana:

- Promoción da declaración de Espazos Naturais de Interese Local.
- Promoción de proxectos de restauración de espazos naturais.
- Redacción de plans para a protección da biodiversidade e loita contra as especies invasoras.
- Promoción de plans para a protección de praias e a mellora dos seus servizos.
- Reorganización e reforzo da sección de parques e xardíns para o seguimento e renovación do servizo de mantemento de zonas verdes da cidade.
- Mantemento de hortos urbanos.
- Control de plagas que afectan á infraestructura verde.
- Realización de procedementos para millorar a axilidade no control e resposta de incidencias en función da súa tipoloxía, canal de entrada, racionalización e priorización de tarefas.
- Plans de mellora del arbolado urbano: conservación, renovación e expansión.
- Análise, valoración e informes sobre propostas e obras que afectan á infraestructura verde promovidas por outras áreas, institucións e/ou promocións particulares.
- Posta en marcha da prestación do servizo de mantemento do contrato de Xardinería histórica con cargo a una nova empresa.
- Función transversal: implementación da infraestructura verde e azul no marco da AXENDA 2030.
- Función transversal: colaboración e apoio a outras áreas na dotación de arbolado e plantacións en obras municipais así como informes e colaboración nos procesos de organización de eventos, feiras, festas, etc.

Residuos urbanos e xestión enerxética

- Reestruturación e reforzo do departamento para a posta en marcha e seguimento dos grandes contratos de limpeza viaria, contenerización, recollida de residuos e



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

tratamento de RSU. Actualmente, dos anteriores, só quedan pendenten a actualización da Planta de tratamento de RSU.

Xa fóra do eido post-pandemia, no Servizo leváronse a cabo outras actividades que merecen especial mención como foi a implantación da nova aplicación de xestión da Tarxeta Millennium que suporá unha revolución na xestión permitindo a integración da tarxeta dixital no móbil, que veu a completar un cambio na xestión da tarxeta que comezou o ano 2021 co cambio de aplicación informática de xestión, continuou no ano 2022 co implantación da aplicación móbil para Android, e rematará no ano 2023 para a extensión desta aplicación a todos os dispositivos móbiles mediante un código QR.

Cómpre tamén deixar constancia das axudas recibidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado con Fondos Next Generation, outorgadas polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, na convocatoria de 2021 do Programa de axudas para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano. O Concello da Coruña, nesta convocatoria, logo da solicitude presentada no mes de setembro do ano 2021, acadou 10.948.605,15€ con destino a varias actuacións que se explicarán máis adiante.

Indícanse agora as actuacións e consideracións máis relevantes dos Departamentos do Servizo de Mobilidade, tanto en relación coa pandemia como na súa labor ordinaria administrativa e técnica.

### I.- DEPARTAMENTO DE MOBILIDADE

Logo de realizar unha aposta decidida pola contestación de todas as solicitudes da cidadanía reclamando actuacións de mobilidade nas rúas e nos seus barrios, cómpre



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

salientar o incremento do número de expedientes cuxa xestión e tramitación se realiza no Departamento.

Indícanse a continuación as cuestións máis relevantes nos distintos eidos do Departamento:

**CIRCULACIÓN**: diversos intentos para gañar prazas de aparcamento nas rúas a través de cambios de sentido único de circulación que permitiran implantar estacionamento en batería, todo isto como resposta as constantes demandas dos veciños por gañar aparcamento fronte ás peonalizacións de rúas que se levaron a cabo dende os anos 2020, 2021 e 2022 para favorecer a mobilidade peonil e gañar espazos públicos de lecer para a cidadanía.

Para levar a cabo estas actuacións, resultou moi importante a colaboración da contrata de sinalización horizontal e vertical que desenvolveu todos os traballos necesarios cunha celeridade notable, así como a entidade concesionaria da ORA que realizou estes cambios dentro do ámbito coa maior eficiencia.

Dentro das actuacións ordinarias do Servizo, no 2022 conseguiuse adxudicar os dous últimos proxectos da Estratexia EidusCoruña: o desenvolvemento e mellora do portal web da mobilidade, unha marquesiña interactiva de bus urbano e a implantación de ferramentas TIC para a mobilidade, que son proxectos Eidus que quedaran pendentes de adxudicación no ano 2021. Con isto, o Servizo de Mobilidade xa ten en marcha todos os proxectos Eidus de todas as operacións que lle foron asignadas dentro da dita Estratexia EidusCoruña. No mes de decembro de 2022 instalouse e quedou en funcionamento a marquesiña interactiva na parada de bus dos Castros, dirección entrada da cidade. Os outros dos proxectos están en marcha a piques de rematar no ano 2023.

Dentro dos proxectos de Orzamentos Participativos, actuacións propostas pola cidadanía, no ano 2022 executouse a última actuación pendente de Reurbanización da rúa San José, que se licitou no mes de outubro e que se adxudicará e executará no 2023. A principal actuación supón a reurbanización da rúa en plataforma única que permita a coexistencia do tráfico rodado cos peóns.

**TRANSPORTES:** No ano 2022 houbo moitas novidades en materia de transporte, sendo a máis relevante a renovación e modernización do sistema municipal de préstamo de bicicletas, BiciCoruña, que a través dunha contratación dentro dos proxectos da Estratexia EidusCoruña, dotouse de 55 novas estacións de préstamo, 514 bicicletas, das que 172 son con apoio ao pedaleo e 342 son mecánicas, e un sistema novidoso de xestión con diversas funcionalidades para as persoas usuarias. Esta renovación iniciouse no mes de xuño de 2022 e conseguiuse instalar 32 novas estacións, das que 23 son renovación das existentes, e triplicouse o número de usuarios durante o segundo semestre do ano. Dentro da 2ª convocatoria do PRTR xa citada, no ano 2022 solicitáronse fondos para a adquisición de máis bicicletas con apoio ao pedaleo que supoñen o verdadeiro motor de cambio para o fomento do uso deste transporte alternativo.

No 2022 recuperouse notablemente o uso do servizo público de transporte tanto en taxi como en bus urbano, logo da caída de viaxeiros producida no ano 2020 pola pandemia e o inicio da recuperación no ano 2021. O bus urbano recuperouse dende os 13,6 millóns de viaxes no ano 2020 e os 16,2 millóns no ano 2021, até os 20 millóns no ano 2022, xa



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

máis preto dos 23 millóns do ano 2019 no que se bateu o récord anual de viaxeiros en bus urbano. Cómpre salientar que neste eido foi determinante a axuda convocada polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, para a redución do 30% do prezo do billetes de bus urbano abonado coa Tarxeta Millennium, incluída no Real Decreto-lei 11/2022, do 25 de xuño, polo que se adoptan e se prorrogan determinadas medidas para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa da Palma, que estivo vixente dende o 1 de setembro do 2022 até o 31 de decembro de 2022. Por esta axuda o Concello percibiu o importe de 1.157.604,37€ que o MITMA outorgou a través da resolución de data 19 de decembro de 2022 e que ingresou o 2 de xaneiro do 2023.

Tamén cómpre destacar despois de catro anos, quedou resolto con firmeza o acordo da redución da tarifa de bus urbano a partir de 2019 con resultado desfavorable para o Concello, despois de recibir no ano 2021 a sentenza desfavorable aos intereses municipais en relación coa redución da tarifa para 2019 e seguintes, que fora obxecto de impugnación xudicial pola entidade concesionaria e que tivera como resultado a primeira sentenza favorable ao Concello ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 4 da Coruña en data 19.02.2021, pero que despois foi favorable en apelación á compañía, á vista da sentenza de data 01.10.2021 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que estimou o recurso de apelación interposto pola entidade concesionaria contra a sentenza anterior, revocándoa e anulando o acordo impugnado da Xunta de Goberno Local de 27.09.2018 que fixara a tarifa xeral en 1,20€ reducíndoa desde os 1,30€ anteriores. Esta sentenza foi recorrida polo Concello en casación ante o Tribunal Supremo, que en recurso de casación nº 8185/2021, dita Providencia de data 11 de outubro de 2022 mediante a que acorda a súa inadmisión a trámite. Como consecuencia disto, foi necesario executar a dita sentenza e acordar con efectos do 1 de xaneiro de 2023 a mesma tarifa que antes da redución, é dicir, 1,30€. Mantivéronse as tarifas reducidas de pago coa Tarxeta Millennium e tamén acordouse manter de balde o billete para os menores de 13 anos e os transbordos universais gratuítos, pero compensando á concesionaria por parte do Concello non coma antes que o soportaba ela.

Outro aspecto a sobresaír no ano 2022 en relación co transporte en bus urbano foi a compensación que o Concello abonou á compañía concesionaria como consecuencia do desequilibrio económico ocasionado polo Covid-19, en aplicación do disposto no Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público, mediante o que se lle abonou a cantidade de 5.447.549,96€, cuxo ingreso polo Estado efectuouse ao Concello no mes de xullo de 2021 pero que se abonou á entidade concesionaria no ano 2022, logo do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de xullo de 2022.

Xa por último debe facerse mención, dentro do ámbito do transporte colectivo urbano de viaxeiros, do cambio na achega da Universidade da Coruña para financiar o perfil universitario das tarifas da Tarxeta Millennium, que até o mes de novembro de 2022 realizábase con unha achega anual para abonar parte do billete bonificado segundo as achegas convocadas pola UDC das que desfrutaban algo máis dun milleiro de alumnos. Isto cambia coa formalización dun novo convenio en data 26.09.2022 que entrou en vigor o día 03.10.2022 coa aplicación da tarifa plana universitaria, o que supón que todos los alumnos con matrícula na UDC desfrutarán da tarifa reducida universitaria e a UDC



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

realizará unha achega anual lineal de 250.000€. Esta tarifa aplicarase nas liñas de acceso aos campus universitarios de Elviña, Zapateira e Oza, UDC, 2A e 24, e as viaxes de orixe con transbordo nas ditas liñas. Este novo convenio supón un cambio que era amplamente demandado polo alumnado universitario de bonificar o billete do bus de xeito xeral e non segundo as convocatorias de concorrencia competitiva que realizaba a UDC. O convenio ten unha vixencia de dous cursos académicos, 2022-2023 e 2023-2024, con posibilidade de prórroga por outros dous anos máis.

Xa no eido da regulación habitual dos servizos de transporte público dentro do ano 2022, cómpre indicar que neste ano non se incrementaron nin as tarifas de bus nin as de taxis. En canto ao bus urbano aplicáronse as mesmas tarifas que entraran en vigor o 1 de febreiro do 2019, 1,20€ a tarifa xeral, mantendo as tarifas dos perfís sociais e o transporte gratuíto para os menores de 13 anos e o transbordo universal de balde.

Tamén cómpre destacar o incremento da partida orzamentaria para as subvencións de apoio ao sector do taxi, que de xeito anual contaban cun orzamento de 70.000€, e no ano 2022 viuse incrementado en 131.650,00 € máis mediante un modificativo de crédito, finalizando así a lista de espera da convocatoria de 2022 e deixando limpo o crédito do ano 2023 para unha nova convocatoria.

No ámbito do transporte escolar, a tramitación e resolución no ano 2022 destas autorizacións foi moito máis áxil e eficiente, despois de ditar no ano 2020 unha resolución directiva pola que se aprobaron as instrucións para a tramitación deste tipo de autorizacións ás empresas de transporte escolar para os percorridos escolares, coa finalidade de simplificar o procedemento e aclarar a documentación que teñen que presentar as entidades solicitantes tanto en relación coas rutas, horarios, colexios, etc., como en relación á documentación dos autobuses.

En canto á **ESTACIÓN DE AUTOBUSES** cómpre resaltar o incremento de viaxeiros que a utilizaron en comparación aos dous últimos anos, xa que no ano 2020 contabilizáronse 170.000 viaxes entre chegadas e saídas, 240.000 viaxes no ano 2021, até algo máis de 260.000 no ano 2022, o que supón unha clara liña ascendente coa recuperación postpandemia.

Cómpre salientar o problema ocasionado pola empresa da contrata do servizo de vixilancia da Estación de Autobuses, que deixou de abonar os salarios as vixiantes de seguridade dende o mes de decembro de 2021 até o mes de xullo de 2022 en que se acadou a entrada en vigor dun novo contrato con outra empresa. Esta incidencia supuxo a necesidade de resolver o contrato coa empresa anterior e abonar directamente os salarios aos traballadores por parte do Concello, realizando toda a tramitación necesaria dende a Xefatura do Servizo de Mobilidade Urbana e o Departamento de Mobilidade. Conseguiuse abonar os salarios pendentes no mes de abril de 2022 (decembro de 2021 e xaneiro e febreiro de 2022) e logo os traballadores acudiron ao Servizo de Mediación e Arbitraxe Comercial da Xunta de Galicia para que a empresa entrante lles abonara os salarios pendentes de marzo, abril, maio e xuño de 2022 até o 5 de xullo, e que posteriormente foi obxecto de compensación mediante a fórmula de reequilibrio económico do contrato, á nova empresa entrante, tal e como xa se lle recoñecera nos pregos da contratación e no mesmo contrato.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

En relación co **CARTÓN MILLENNIUM** o feito máis sobresaínte foi a implantación como xa se dixo da aplicación móbil "Coruña Próxima" para a tarxeta en formato dixital que permite pagar nos buses urbanos. Implementouse só para dispositivos Android pero no ano 2023 estenderase ao resto a través dun código QR. No mes de outubro abriuse esta aplicación á cidadanía e acadáronse máis de 10.000 altas nas dúas primeiras semanas, chegando aos máis de 20.000 no ano 2022. Este cambio supón un grande avance na xestión da Tarxeta, que xa non se da problemas de funcionamento ou perda, que ocasionaban a entrega de multitude de exemplares ao longo do ano por estes motivos. Ademais permite a recarga co importe que desexe a persoa usuaria sen importe mínimo, e toda a xestión se realiza desde a aplicación, sen necesidade de realizar ningún trámite na oficina municipal.

En relación co **PARQUE MÓBIL**, logo de incorporar no ano 2021 mediante un contrato de renting 8 vehículos eléctricos para a substitución de vehículos antigos que non se podían considerar óptimos para circular en relación ao nivel de emisións, todo dentro dun plan municipal de renovación da flota municipal de vehículos mediante enerxías alternativas financiado coas axudas do Plan Moves II co Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), que financiou a súa adquisición con 36.500€, non se levou a cabo no ano 2022 a ampliación deste renting ao non incluírse no orzamento do servizo unha partida para adquirir máis vehículos mediante este sistema. En próximos anos, no caso de contar coa aplicación orzamentaria necesaria, terase previsto ampliar este renting e solicitar as axudas do Plan Moves III.

Por último, tamén debe indicarse que é necesaria a dotación de máis condutores para o parque móbil, xa que se produciron varias xubilacións que fan necesaria a contratación deste tipo de persoal que é moi demandado polos diferentes servizos municipais.

## II.- DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADE DE POLICÍA

Aínda que no mes de xullo do 2020 incorporouse en comisión de servizos unha persoa para a Xefatura do Departamento de Actividade de Policía, que ademais cubriuse cunha persoa de administración especial que lle deu un impulso ao aspecto técnico do Departamento, que tiña un grande retraso na emisión de informes técnicos respecto das solicitudes de valados e terrazas de hostalaría, o resto dos postos de traballo deste Departamento, en canto ás xefaturas e por diferentes motivos, quedaron vacantes no ano 2021 e volveron a quedar igual no ano 2022: xefatura de Sección de Ocupación do Dominio Público e unha das xefaturas de Unidade vacantes no Servizo de Mobilidade que podería estar referida ao traballo deste Departamento en relación ás ocupacións de dominio público, o que, un ano máis (levamos así desde o mes de outubro do ano 2019) fai case imposible desenvolver o traballo con normalidade e sobre todo con regularidade de tramitación e criterio administrativo.

O segundo ano post-pandemia ocasionada polo coronavirus supuxo unha volta á normalidade na actividade de policía respecto do uso e ocupación do dominio público. Durante o confinamento apenas houbo actividade que requirise de ocupacións agás descargas de combustible para comunidades de propietarios, descarga de material das escasas obras que seguiron en execución, etc.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Co peche da hostalaría e dos locais comercias e de servizos, a actividade na rúa sufriu un parón considerable que serviu, desde o punto de vista administrativo, para realizar tarefas de comprobación, revisión, actualización, etc...

Pola contra, no ano 2021 iniciase a recuperación da actividade comercial e de servizos que necesita da ocupación do dominio público, recibíndose nese ano máis de 9.000 escritos no Departamento, que engloba solicitudes e contestacións a requirimentos de emenda e trámite de audiencia. Este dato repetiuse no ano 2022 o que demostra a recuperación xa da normalidade de tramitación deste tipo de licencias. Outro dato significativo é o importe anual recadado polas solicitudes que devindican as taxas por ocupación de vía pública con reservas de espazo da Ordenanza fiscal núm. 25, que neste ano 2022 ascendeu a 270.091,35€, importe que duplicou ao do ano 2019 (referencia anterior á pandemia) que foi de 136.796,05€. Este importe duplicado amosa claramente o incremento das solicitudes e polo tanto da xestión administrativa, ademais do enorme esforzo por esixir as taxas consonte coa normativa.

No ano 2021 prorrogáronse as instrucións para a instalación das terrazas durante a situación de emerxencia sanitaria de interese galego, ditadas no ano 2020 e modificadas e prorrogadas no ano 2021, e que seguiron vixentes no ano 2022, para por exemplo permitir a instalación de terrazas en prazas de aparcadoiro aínda que a beirarrúa tivera o ancho mínimo de 2,5 metros para instalar a terraza nese espazo segundo a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazo público. Cómpre resaltar o éxito acadado por este tipo de instalacións en beirarrúa chegando a fin do ano 2021 a máis de 100 terrazas instaladas en prazas de aparcadoiro que renovaron esta ocupación para o ano 2022. Coa finalidade de consolidar esta situación, iniciouse no mes de setembro do 2021 unha modificación da dita Ordenanza para permitir este tipo de instalacións, cunha consulta previa pública na que se presentaron sobre unhas 70 suxestións en relación á súa regulación, referidas sobre todo non supoñan unha merma de espazo público para os cidadáns, nin unha fonte de ruído nas rúas e que se estableza a obriga de pagamento de taxa pola ocupación. No ano 2022 leváronse a cabo algunhas reunións co sector e as asociacións de veciños que darán o seu froito no ano 2023 coa continuación da tramitación da modificación da Ordenanza neste sentido.

En relación con outro tipo de ocupacións, no ano 2022 recuperouse de xeito amplo a celebración de eventos ou actividades a iniciativa de terceiros, o que supuxo máis traballo neste eido como nos anos anteriores á pandemia, xa que esta tarefa sempre constituíu unha importante carga de traballo no Departamento sobre todo no período estival. Coa Instrución da Xunta de Goberno Local 1/2020 sobre tramitación de espectáculos públicos e actividades recreativas e comerciais en espazos públicos a iniciativa particular, aprobada no mes de decembro do ano 2020, o Departamento xa non tramita moitas destas solicitudes de eventos que teñen unha finalidade deportiva, cultural, lúdica, comercial, etc., o que supuxo por un lado menos solicitudes a tramitar (64 no ano 2022), aínda que por outro, veuse incrementada a tarefa de informar ás unidades tramitadoras das concellarías correspondentes sobre a dispoñibilidade do espazo público no que se celebrará o evento ou actividade.

Aínda con esta diminución do traballo ordinario nalgunhas ocupacións, houbo 792 solicitudes de licencia de valado ou estada (812 solicitudes en 2020, 928 no ano 2019 e 859 no ano 2021), o que supón o mantemento do número anual habitual dos últimos tres anos, incluído o 2020 no que só descenderon un 12,5% respecto da media anual dos



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

últimos tres anos. No 2022 descenderon levemente respecto de anos anteriores, un 7,8%. Quizais este dato poida significar non só un descenso das solicitudes senón tamén a depuración de solicitudes de anos anteriores que fai que non se dupliquen expedientes nos anos seguintes, no caso de valados ou estadas que están instalados moitos meses nas vías e espazos públicos.

Por outra banda, a partires da segunda metade do ano, coa incorporación dun novo técnico temporal de administración xeral e a asistencia técnica externa temporal de apoio á Oficina Técnica, levouse a cabo unha nova etapa administrativa e técnica que supuxo un grande avance neste eido, xa que o Departamento acadou un rexistro de saída de 4.700 escritos, fronte aos 2.864 do ano 2021, os 1.037 do ano 2020 ou os 1.439 do ano 2019, triplicando por tanto a tramitación do ano pre-Covid. Isto é un hito importante acadado por todo o persoal do Departamento, que con algo máis de efectivos, tramitou o dobre de escritos que nun ano normal, polo que é unha mágoa que este persoal temporal non se consolide con funcionarios de carreira no ano 2023. Cómpre indicar que o Departamento estaba moi necesitado dun impulso de tramitación e de perfil técnico que non era posible darlle sen a incorporación de novo persoal ou con asistencia técnica externa para dar resposta a todas as cuestións técnicas e de tramitación do Departamento de Actividade de Policía.

En relación coas terrazas, emitíronse 203 autorizacións para a súa instalación, fronte ás 284 do ano 2021, 155 do ano 2020 ou 144 do ano 2019, o que tamén evidencia que a tramitación dos expedientes que se realizou no ano 2021 supuxo que xa moitas das instalacións foran renovadas para 2022 non sendo necesario outorgar novas autorizacións. Os avances de tramitación de ano en ano logran acadar que non se pasen os expedientes sen resolver para o ano seguinte; en cambio, a autorización foi outorgada o ano pasado e este ano só é necesaria a súa renovación.

No eido das concesións de dominio público, cómpre indicar que no mes de maio do ano 2021 rematou a concesión para a explotación publicitaria do mobiliario público, redactándose un novo prego de prescricións coas condicións da prestación desta concesión adaptada aos actuais tempos en relación coa publicidade dixital e a relación de elementos permitidos dentro do mobiliario susceptible de explotación publicitaria. No Departamento tamén se levan o resto das concesións de dominio público en relación aos aparcadoiros subterráneos municipais, 3 estacións de servizo de combustibles e os quioscos; as tarefas habituais son a aprobación dos cánones anuais no caso dos 32 aparcadoiros y das gasoliñeiras e das tarifas dos 14 aparcadoiros con prazas de estacionamento en réxime de rotación, así como os cambios de titularidade ou incidencias de mantemento. No caso dos quioscos, realízanse modificacións de titularidade e extinción das concesións no caso de peche ou cese da actividade.

En conclusión, todos estes datos que conten esta Memoria en relación ao Departamento de Actividade de Policía evidencian en xeral a recuperación do ritmo nas actividades técnica e administrativa que quedaran de xeito parcial paralizadas pola falta de persoal técnico e administrativo, sobre todo en relación ás solicitudes de licencia de terrazas, e o esforzo do persoal administrativo do Departamento quen foi capaz de tramitar case o dobre de solicitudes que o normal dos anos anteriores pre-pandemia. Tamén axudou a labor de simplificación dos procedementos diversos, atopando alternativas á carencia de persoal no programa informático de xestión de expedientes OpenCertiac para poder facilitar o traballo na medida do posible e establecendo as bases para os procedementos



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

desde a súa solicitude na sede electrónica, comezando polas ocupacións con valados e estadas, que se ampliou no ano 2022 co procedemento de ocupacións diarias con elementos de construción, mudanzas, descargas de combustible ou de materias de construción, etc. A modernización na tramitación electrónica no Departamento xa comezou de xeito tímido no ano 2020, iniciándose xa de xeito amplo no ano 2021 e foise consolidando no ano 2022 coa incorporación do novo xestor de expedientes municipais e a racionalización e definición dos procedementos administrativos na sede electrónica.

## III.-OFICINA TÉCNICA

Esta dependencia non foi capaz de incorporar un técnico de mobilidade máis no ano 2022, logo da incorporación a partir do mes de maio de 2021 dun novo arquitecto técnico municipal, que aínda que está a axudar moito na tramitación dos asuntos do Servizo de Mobilidade, non é suficiente.

É necesario reforzar o traballo do único enxeñeiro técnico municipal e da arquitecta técnica municipal que ocupan os dous únicos postos de traballo de técnicos na Oficina Técnica, estando vacantes tres máis, ademais do técnico superior en delineación.

No ano 2022 realizáronse, igual que en 2021, máis de 300 informes técnicos no apartado das actuacións en vía pública, e máis de 400 informes no eido das ocupacións de vía pública, o que supuxo un gran impulso para acadar a cifra de máis de 3.000 escritos de saída (2.800 no ano 2021) desde o Servizo de Mobilidade dando contestación ás peticións da veciñanza. As tarefas máis relevantes levadas a cabo refírense á procura de aparcadoiro nas diferentes rúas da cidade con cambios a batería e posibilidade de sinalizar prazas de aparcadoiro en espazos mortos ou perdidos, ademais de reforzar pasos de peóns e sinalización con bolardos para garantir acceso a garaxes e outros.

É importante tamén que esta oficina técnica puidera contar con persoal para labores de inspección e con técnicos con formación en mobilidade sostible para optar a outras futuras liñas do PRTR ou formar un grupo de traballo máis estable de persoal en materia conxunta de Mobilidade/Infraestruturas/Medio Ambiente con dedicación principal aos fondos Next Generation, Axenda Urbana incluída. É unha mágoa que non se dote deste tipo de persoal tan necesario neste novo contexto.

## IV.- OUTROS OBXECTIVOS DO SERVIZO DE MOBILIDADE

Por último, xa fóra dos Departamentos e como obxectivo xenérico do Servizo, cómpre indicar que no mes de agosto do ano 2021 produciuse a primeira convocatoria dentro do *Programa Next Generation EU* de axudas cofinanciadas polo Fondo FEDER no marco do *Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia* lanzado polo goberno estatal, que ten como obxectivo responder de xeito conxunto e coordinado a unha das peores crises sociais e económicas da historia para contribuír a reparar os danos causados pola pandemia. A este Fondos Next a Dirección de Infraestruturas e Mobilidade, no mes de setembro do 2021, presentou unha candidatura, no marco do componente 1 do Plan no eido da mobilidade, con máis de 14 millóns de euros en total e que se resolveu en 2022 coa concesión de axudas por importe total de 10.948.605,15€, segunda a Orde Ministerial de data 20 de maio de 2022 ditada pola Secretaría Xeral de Transportes do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Os diferentes proxectos presentados, dentro do marco do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, convocadas polo dito Ministerio, mediante a Orde Ministerial TMA/892/2021, de 17 de agosto, refírense ás seguintes actuacións:

| ACTUACIÓN | CLASIF | IMPORTE TOTAL | IMPORTE SUBVENCIONABLE |
|---|---|---|---|
| Implantación e posta en funcionamento dunha Zona de Baixas Emisións | 1 | 4.006.000,52€ | 2.979.669,81€ |
| Actuacións complementarias á unha Zona de Baixas Emisións de nova implantación | 2 | 2.297.975,07€ | 1.709.237,66€ |
| Plataformas e carrís de priorización para o transporte colectivo | 3 | 1.614.390,74€ | 1.200.786,50€ |
| Plataformas e carrís reservados para bicicletas e/ou vehículos de mobilidade persoal mediante nova construción e novos trazados | 4 | 1.634.136,71€ | 1.215.473,59€ |
| Adecuación de espazos urbanos para a implementación de zonas e itinerarios peonís e mellora da accesibilidade | 6 | 4.058.390,91€ | 3.018.637,87€ |
| Actuacións para calmar o tráfico rodado | 7 | 588.948,87€ | 438.061,14€ |
| Actuacións que melloran a intermodalidade, tanto entre medios de transporte colectivo como con vehículos de última milla | 11 | 519.948,55€ | 386.738,59€ |

O MITMA ingresou un anticipo por importe de 7.390.308,48€ no mes de decembro do ano 2022, xa que o Concello acadou os dous fitos para poder ter opción a este primeiro pagamento: licitar o 80% do importe da axuda concedida antes do 15 de xuño de 2022, e adxudicar alomenos o 60% do importe da axuda concedida antes do 30 de novembro de 2022. Logo de acadar estes dous fitos, recibiuse o anticipo indicado, quedando pendente o resto da axuda a percibir no ano 2023.

Outro aspecto a destacar é que no mes de outubro do ano 2022 comezaron as obras de execución da Estación Intermodal da Coruña, e polo tanto comezou tamén a execución dos fondos municipais aportados para as obras en cuestión, mediante o Convenio formalizado o 22 de marzo de 2022 entre a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e o



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

ADIF para a execución da terminal de autobuses, o aparcadoiro de turismos e os elementos comúns da remodelación da Estación Ferroviaria na súa integración nun área de intermodalidade de transporte de viaxeiros na Coruña – San Cristóbal, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-Fondos Next Generation EU. En execución deste convenio, no ano 2022 abonouse á Xunta de Galicia, administración encargada da execución das obras, un total de 788.103,41€ distribuídos segundo as seguintes obras:

- "Elementos comúns da remodelación da Estación da Coruña-San Cristóbal e terminal de Autobuses": 268.962,59€
- "Terminal de Autobuses Integrada na Área Intermodal da Coruña-San Cristóbal": 519.140,82€

O convenio ten unha achega municipal total de 14.054.370,87 €, ascendendo a anualidade de 2022 a 788.103,41€ que foron satisfeitos á Xunta de Galicia no mes de decembro de 2022.

Por último, cómpre tamén citar o premio acadado pola Dirección de Infraestruturas e Mobilidade na Categoría de Grandes Cidades da convocatoria de 2022 efectuada pola Rede de Cidades que Camiñan, co proxecto de ***Coruña Camiña*** entendido como un Plan de Peonalización das Rúas da Coruña co que se aposta por unha nova mobilidade na que se recuperen as rúas para o desfrute das persoas camiñantes, xa que camiñar debe ser a máxima do sistema da mobilidade urbana por ser condición indispensable para posibilitar cidades máis amables, saudables, sostibles, equitativas, inclusivas e atractivas, con maior cohesión social e igualdade de oportunidades no uso e desfrute do espazo público.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 2.012.396,71 | 1.907.940,64 | 2.084.935,44 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 19.012.837,46 | 20.483.680,97 | 25.521.843,59 |
| | Imputación Indirecta | 461.752,23 | 407.495,68 | 417.119,92 |
| | TOTAL GASTOS | 21.486.986,40 | 22.799.117,29 | 28.023.898,95 |

**RESULTADOS DA ACTIVIDADE**

| Actividad | Clas. | Cuantificador | Resultado |
|---|---|---|---|
| MOBILIDADE Inversións | P | Importe total investimentos incluídos remanentes | 7.148.063,06 |
| MOBILIDADE Contratos | P | Nº total contratos xestionados polo servizo | 34 |
| | | Nº total de contratos menores tramitados | 64 |
| | | Importe total cap.II | 7.308.491,02 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| MOBILIDADE Subvencións | P | Importe total subvencións xestionadas polo servizo, cap. IV | 13.018.149,96 |
| | | Importe total subvención estatal recibida ao transporte público urbano | 1.773.452,69 |
| | | Importe total subvencións xestionadas polo servizo, cap. VII | 1.013.103,41 |
| MOBILIDADE Rexistro | P | Nº total de solicitudes entrada | 17.645 |
| | | Nº total documentos saída | 8.198 |
| CIRCULACIÓN Actuacións en Vía Pública | P | Nº EXPEDIENTES AVP | 325 |
| | | NºEXPEDIENTES AVP TERMINADOS | 105 |
| CIRCULACIÓN Reservas de espazo | P | NOVAS SOLICITUDES DE INFORMACION SOBRE POSIBILIDADE DE CONCESIÓN DE RESERVA DE ESPAZO | 33 |
| | | RESERVAS ANOS ANTERIORES RENOVADAS | 77 |
| | | RESERVAS CONCEDIDAS POR PRIMEIRA VEZ | 11 |
| | | TAXAS ORD.25 RESERVAS CONCEDIDAS E RENOVADAS | 270.091,35 |
| CIRCULACIÓN Prazas estacionamento para P.M.R. | P | PRAZAS SOLICITADAS | 56 |
| | | PRAZAS CONCEDIDAS | 43 |
| | | TOTAL PRAZAS NOVAS SINALIZADAS | 43 |
| CIRCULACIÓN Tarxetas estacionamento P.M.R. | P | TARXETAS SOLICITADAS | 514 |
| | | TARXETAS CONCEDIDAS | 409 |
| | | TARXETAS DENEGADAS | 55 |
| | | TARXETAS EN TRÁMITE | 19 |
| | | TARXETAS RENOVADAS E DUPLICADOS | 138 |
| CIRCULACIÓN Devolucións taxas guindastre | P | SOLICITUDES | 68 |
| | | ESTIMADAS | 15 |
| CIRCULACIÓN Expedientes varios | P | NÚMERO DE EXPEDIENTES | 279 |
| | | INFORMADOS E ARQUIVADOS | 119 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | TARXETAS VIXENTES DE ACCESO CON VEHÍCULO A RÚAS PEONÍS | 49 |
| | | TARXETAS RESIDENTES CIDADE VELLA (novas) | 176 |
| | | TARXETAS RESIDENTES CIDADE VELLA (renovadas) | 1.951 |
| TRANSPORTES Auto- Taxis | P | Carné municipal de conducir (expedidos, duplicados e renovacións) | 162 |
| | | Tarxetas identificativas expedidas (titulares e asalariados) | 123 |
| | | Nº exptes. substitución de vehículos | 41 |
| | | Transmisións de licencias | 22 |
| | | Certificacións expedidas | 0 |
| | | Expedientes sancionadores | 17 |
| | | Nº licencias revisadas | 513 |
| | | Importe convocatoria subvencións municipais ao fomento do taxi | 221.150 |
| | | Nº de subvencións outorgadas | 81 |
| | | Importe lista de espera da convocatoria | 0 |
| TRANSPORTES Licencias transportes pesados | P | Nº exptes. autorización para circular en vías urbanas | 56 |
| | | Nº exptes. acompañamento policial transportes especiais | 8 |
| TRANSPORTES Transportes lixeiros | P | Licencias existentes | 9 |
| TRANSPORTES Ambulancias e fúnebres | P | Licencias existentes | 6 |
| | | Vehículos adscritos ás licencias | 30 |
| TRANSPORTES Transporte escolar | C | Autorizacións expedidas | 741 |
| TRANSPORTES Tarxeta Millennium | P | Nº total tarxetas físicas vixentes | 241.603 |
| | | Nº total tarxetas dixitais vixentes | 17.225 |
| | | Nº tarxetas vixentes tarifa xeral | 215.685 |
| | | Nº tarxetas vixentes perfil universitario | 7.013 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Nº tarxetas vixentes perfil desempregado | 4.083 |
| | | Nº tarxetas vixentes perfil xubilado/a | 3.379 |
| | | Nº tarxetas vixentes perfil diversidade funcional | 1.010 |
| | | Nº tarxetas vixentes perfil escolar | 2.801 |
| | | Nº tarxetas vixentes menores de 13 anos (gratuíto) | 9.936 |
| | | Nº tarxetas vixentes perfil pensionista | 1.662 |
| | | Outros | 13.259 |
| TRANSPORTES Transporte colectivo urbano | P | Nº total viaxes realizados con tarxetas Millennium | 12.926.415 |
| | | Nº total viaxes realizados con tarxetas perfil xeral | 7.966.617 |
| | | Nº total viaxes realizados con tarxetas perfiles sociais | 3.012.911 |
| | | Nº total viaxes realizados con tarxetas perfil universitarios | 372.208 |
| | | Nº total viaxes realizados con tarxetas perfil menores de 13 anos | 404.498 |
| | | Nº total enlaces abonados | 114.884 |
| | | Nº total enlaces gratuítos | 1.055.297 |
| | | Nº total viaxes realizados con tarxetas metropolitanas | 4.294.182 |
| | | Nº total viaxes | 20.002.007 |
| TRANSPORTES Transporte regular uso especial | P | Número de autorizacións | 0 |
| TRANSPORTES ESTACIÓN AUTOBUSE. Servizos Estación | P | Nº de vultos facturados | 187 |
| | | Nº de vultos recibidos | 139 |
| | | Nº de vultos consignados | 7.476 |
| TRANSPORTES ESTACIÓN AUTOBUSES Movemento autobuses | P | Total saídas transporte regular | 132.130 |
| | | Total saídas reforzo | 138 |
| | | Total chegadas transporte regular | 128.435 |
| | | Total chegadas reforzo | 57 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| TRANSPORTES ESTACIÓN AUTOBUSES Facturación e contas | P | Facturación concesionarios Nº facturas expedidas | 20 |
| | | Total importe facturado concesionarios | 18.169,72 |
| | | Facturación empresas de transportes Nº facturas expedidas | 72 |
| | | Total importe facturado empresas | 103.639,75 |
| | | Total importe facturado servizos Estación | 5.135,08 |
| LICENCIAS DE USO E DOMINIO PÚBLICO Rexistro | P | Nº solicitudes rexistro entrada | 9.140 |
| | | Nº documentos rexistro saída | 4.700 |
| LICENCIAS DE USO E DOMINIO PÚBLICO Valos, estadas, casetas, lonas protectoras de obras | P | Nº expedientes | 792 |
| | | Pase informe policía local | 55 |
| | | Pase a informe técnico ordinario | 350 |
| | | Pase a informe técnico con afección | 168 |
| | | Pase a informe de campo | 49 |
| LICENCIAS DE USO E DOMINIO PÚBLICO Terrazas de hostalaría | P | Altas novas | 91 |
| | | Licencias concedidas | 203 |
| | | Pasados a informe técnico | 41 |
| | | Licencias denegadas | 19 |
| | | Expedientes sancionadores | 0 |
| LICENCIAS DE USO E DOMINIO PÚBLICO Ocup. vía públ., mudanza, gasóleos, eventos, varios | P | Ocupacións de vía pública(mudanzas, gasóleo...) | 3.097 |
| | | Eventos na vía pública | 64 |
| LICENCIAS DE USO E DOMINIO PÚBLICO Vaos | P | Solicitudes | 54 |
| | | Pase a informe de campo | 95 |
| | | Pase a informe técnico | 72 |
| LICENCIAS DE USO E DOMINIO PÚBLICO Aparcamentos Subterráneos e estacións de servizo | P | Nº de liquidacións do canon aparcamentos subterráneos | 31 |
| | | Importe anual cánones aparcamentos subterráneos | 405.460,23 |
| | | Nº de liquidacións do canon estacións de servizo | 3 |
| | | Importe anual cánones estacións de servizo | 16.974,55 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| LICENCIAS DE USO E DOMINIO PÚBLICO Concesión demaniais de ramplas | P | Nº expedientes tramitados | 0 |
| OUTROS | P | INSTALACIÓN BANDEROLAS nº expedientes | 24 |
| | | INSTALACIÓN BUZÓNS CORREOS Nº expedientes | 0 |
| | | Nº convenios nominativos | 3 |
| | | Importe convenios nominativos | 49.000 |
| | | VALEDOR DO POBO Nº expedientes | 3 |
| | | EXPEDIENTES VARIOS Nº expedientes | 38 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Execución do orzamento (%) | 75,21 | 75,97 | 73,91 |
| % gasto cap. II sobre total cap. II orz..mpal. | 6,11 | 5,83 | 5,12 |
| Viaxes realizadas con tarxetas Millennium perfil xeral (%) | 61,55 | 60,32 | 61,63 |
| Viaxes realizadas con tarxetas Millennium perfiles sociais | 25,13 | 25,66 | 23,31 |
| Viaxes realizadas con tarxetas Millennium perfil universitario | 1,45 | 1,51 | 1,98 |
| Viaxes de enlace gratuíto | 8,2 | 8,36 | 8,16 |
| Viaxes de enlaces abonados | 0,88 | 0,88 | 0,89 |
| % viaxes realizadas con tarxeta Millennium en relación ás viaxes totais | 65,76 | 63,95 | 64,63 |
| % Vultos facturados en relación co total de saídas | 0,7 | 0,41 | 0,14 |
| % Vultos recibidos en relación co total de chegadas | 0,55 | 0,07 | 1,08 |
| % Vultos consignados en relación co total viaxes | 2,66 | 2,13 | 2,87 |
| Media rexistro entrada diario (nº asentos/240 días hábiles) | 86,18 | 70,4 | 73,52 |
| % Tarxetas Millennium tarifa xeral en relación ao total | 0 | 89,38 | 83,33 |
| % Asentos relativos a ocupacións en relación co nº total de rexistro de entrada | 35,54 | 54,13 | 51,8 |
| %solicitudes ocupacións diarias en relación co nº total de solicitudes de ocupacións | 44,12 | 40,12 | 33,88 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## CONCLUSIÓNS

O Servizo tratou de desenvolver as súas funcións con normalidade durante o ano 2022 ao mesmo tempo que trataba de acadar os niveis de tramitación dos anos anteriores e incrementar estas tarefas para dar resposta ás peticións da veciñanza que xa acadaron neste ano as cifras pre-Covid.

Por un lado, realizáronse tarefas e actuacións aínda orixinadas nesta nova época de normalidade post-pandemia do coronavirus en relación coa mobilidade, non tanto xa consolidando actuacións iniciadas en tempos da desescalada que xa remataron no ano 2021, senón con novas medidas en relación coa recuperación dos servizos e actividades demandadas pola cidadanía na nova normalidade.

Os indicadores da xestión revelan un ano máis un ascenso notable da actividade tanto no número de solicitudes dirixidas ao Servizo, como no número de expedientes e de usuarios interesados, así como no orzamento executado. É significativo o ascenso do número de escritos de saída desde o Servizo, que en anos anteriores pre-pandemia estaba en torno a 4.000-4.200 ao ano, e no 2021 acadouse a cifra de máis de 7.100, e no ano 2022 foron 8.198 duplicando a xestión; pola contra cómpre indicar que a presentación de escritos pola cidadanía dirixidos ao Servizo de Mobilidade, despois de caer nun 18% no ano 2021 respecto ao ano anterior, desde os 20.000 habituais anuais até os 16.800 no 2021, parece que se recupera no ano 2022 con máis de 17.600 escritos. Pero o destacado, é o incremento da xestión co dato dos escritos de saída o que manifesta o gran esforzo administrativo e técnico realizado no ano 2022 polo persoal do Servizo na procura de dar resposta ás demandas da cidadanía no eido da mobilidade, que duplican claramente aos datos de xestión dos anos 2019 e anteriores.

Na tramitación do cartón Millennium, foi un éxito de xestión a chegada da aplicación móbil para descargar a tarxeta dixital, con máis de 20.000 descargas en tres meses de funcionamento no ano 2022. Agora o reto de futuro será ampliar esta app a todos os dispositivos móbiles.

No ano 2022 respecto do persoal do Servizo, seguimos do mesmo xeito que nos anos 2021, 2020 e 2019 xa que nos últimos anos non se cubriron as vacantes por xubilación nin as baixas de longa duración, o que repercute no funcionamento do Servizo, especialmente naqueles que se prestan directamente ao público. Cómpre indicar que no ano 2022 producíronse dúas xubilacións máis, e que novamente despois de convocar dúas veces os postos de traballo da xefatura de unidade e o de asistente de administración para poder cubrilos en comisión de servizos, de novo volveron a quedar vacantes, non podendo incorporar a ningún persoal novo no Servizo, agás un novo técnico municipal temporal para a Oficina Técnica, que supuxo unha grande axuda nas labores técnicas pero que so cubriu acumulación de tarefas por nove meses. Na actualidade, estase a esperar polo concurso de traslados respecto dos postos de traballo dos grupos A1 e A2, para ver se dunha vez por todas os postos de xefatura collen continuidade, xa que estanse a ocupar nos últimos anos mediante as comisións de servizo, o que dificulta de xeito importante poder desenvolver unha labor de continuidade na xestión. Tamén o Servizo de Mobilidade veuse afectado pola promoción do persoal do grupo C2 a C1, xa que varios traballadores municipais se presentaron a esta oferta e obtiveron a promoción, aínda que o resultado non afectou ao Servizo nin provocou cambios, xa que logo estase a esperar polo resultado dos concursos.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Respecto do volume de contratación, cómpre destacar que houbo unha gran diferenza no número de contratos que ten encomendados o Servizo para realizar todas as funcións necesarias, xa que se incluíron os novos contratos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) financiados pola Unión Europea con Fondos Next Generation, o que supuxo un total de 34 contratos xestionados polo Servizo fronte ao número anual habitual de 22 contratos (21 no Plan de Contratación 2022, 22 no Plan de Contratación 2021, e 24 no Plan do ano 2020). A preparación dos contratos do PRTR supuxo unha grande tarefa para os técnicos de administración tanto xeral como técnica do Servizo, sobre todo en materia medioambiental e de equipamento da ZBE.

Por último, debe destacarse a importancia que ten nas funcións do Servizo a tramitación e execución dos proxectos financiados con Fondos Feder, tanto os incluídos na Estratexia EidusCoruna como os do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Fondos Next Generation. Aínda non rematamos coa execución total das seis operacións dos proxectos Eidus que supuxeron un total de 8 contratos de obras ou de subministros e que teñen unha inxente tramitación, e xa demos comezo no ano 2022 dos proxectos dos Fondos Next con máis de 29 contratos, 12 deles de nova licitación, logo de outorgar o MITMA case 11 millóns de euros en axudas dentro do PRTR; menos mal que algúns dos proxectos xa estaban en marcha no ano 2021 ou executados, pois a convocatoria permitían que estiveran comezados desde o mes de febreiro do ano 2020. Isto supuxo e vai supoñer un grande reto para o persoal do Servizo que asume estas funcións sen reforzo ningún de persoal, xa que non se creou ningunha oficina municipal para a xestión destes fondos a semellanza da Oficina Eidus municipal existente. Por este motivo, será o propio Servizo quen realice a supervisión, tramitación e control de todo o proceso. Non debe esquecerse que este tipo de subvencións europeas teñen unha tramitación constante, concreta, dificultosa e ampla que require de moita dedicación para acadar os obxectivos e xustificar todos os requisitos.

Dentro destes fondos vai ser clave a implantación da Zona de Baixas Emisións con todo o equipamento necesario e a remodelación da sala de control de tráfico, e as actuacións complementarias ambientais e en materia de calidade do ruído, que suporán un reto tecnolóxico e de calidade ambiental para a cidade e un reto de xestión para o Concello, e polo tanto para o Servizo de Mobilidade Urbana. Non se trata so de cumprir co mandato legal contido na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, que obriga aos municipios de máis de 50.000 habitantes a establecer ZBE, senón a aposta por una loita decidida contra o cambio climático e a transición enerxética que conlevan transformacións tecnolóxicas e cambios tamén na industria; acadar a neutralidade climática require de unha política firme e coordinada, así como dos investimentos necesarios para poñer en marcha medidas de mitigación que permitan reducir as emisións derivadas da mobilidade, coa promoción dunha mobilidade sen emisións. Na procura destes obxectivos están os investimentos realizados para a implantación da ZBE no Concello cofinanciada con fondos do PRTR.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Servizo de Edificación

*Responsable:* Moar Ulloa, Beatriz
*Dirección: Plaza de María Pita 1, 3ª planta*
*Teléfono: Ext.33101*

## MISIÓN

O Servizo de Edificación ten como misión prestar apoio técnico ao resto de Áreas municipais para a redacción de todo tipo de documentos técnicos (proxectos, memorias, informes), a dirección e supervisión de obras, ou a resolución de incidencias técnicas nas instalacións dos inmobles da súa competencia. Ademais, faise cargo da dirección ou supervisión técnica de contratos de conservación e mantemento, en relación cos edificios e dependencias municipais de carácter demanial ou patrimonial, excepto nas vivendas ou nos locais comerciais.

## FUNCIÓNS

Entre as funcións que ten atribuídas cabe destacar as seguintes:

- Redacción de anteproxectos, proxectos básicos e proxectos construtivos.
- Supervisión e dirección de proxectos e obras.
- Elaboración de estudos previos e de campo, cando así se solicite polo servizo que promova a actuación.
- Elaboración de Pregos de Bases para a convocatoria de concursos de ideas.
- Tramitación da obtención dos informes sectoriais (protección so patrimonio, estradas, augas, servidumes aeronáuticas, etc...) precisos para á aprobación dos proxectos, con carácter previo á remisión ao servizo solicitante.
- Contratación de asistencias técnicas de servizos para a redacción de determinados proxectos, abranguendo todas as tarefas de tipo administrativo (preparación, adxudicación, notificación, execución e pago).
- As funcións propias da Oficina de Supervisión de proxectos de edificación.
- Redacción de informes técnicos, que poder abranguer diversos aspectos.
- Elaboración de informes técnicos para o Departamento de reclamacións patrimoniais, así coma os informes precisos en actuacións xudiciais, cando así se solicite ao Servizo.
- Redacción de pregos técnicos, cadros de características para a licitación de contratos de mantemento.
- Mantemento dun inventario municipal de edificios e dependencias municipais, como repositorio de documentación e instrumento de xestión de incidencias nos edificios.
- Propoñer criterios de valoración das ofertas presentadas nos procesos de licitación de obras relacionadas coas funcións do Servizo.
- Supervisión da execución técnica de contratos de mantemento dos inmobles municipais, incluíndo a revisión da procedencia das actuación, supervisión da súa execución, devolucións de garantías ou calquera outra cuestión relacionada coa supervisión técnica do contrato.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Valoración de ofertas técnicas (sobre B) en procedementos de licitación de servizos, obras, etc.
- Contratación de obras, cando estas deban sexan da competencia do Servizo.
- Xestión do gasto, abranguendo todas as fases da autorización, compromiso e recoñecemento das facturas, en relación co presuposto de gasto do Servizo.

No ano 2022 foron redactados e enviados aos Servizos correspondentes os proxectos solicitados polas distintas áreas municipais, entre os que cabe destacar os seguintes *proxectos singulares:*

- Proxecto de reforma da oficina do rexistro municipal do Pazo de María Pita.
- Revisión e actualización do proxecto básico e de execución de reforma da plaza, mercado e escola infantil de monte alto..
- Proxecto de reforma de locales para ampliación da biblioteca da sagrada familia.
- Proxecto de reparación do sistema de climatización da Fundación Luis Seoane-fase 1.
- Proxecto de reparación do sistema de climatización da Fundación Luis Seoane- fase 2.
- Proxecto de reparación e reforzo do forxado da entreplanta do Palacio Municipal.
- Proxecto de acondicionamento modificado e dirección de obra das Naves do Metrosidero.
- Proxecto e dirección de obras do acondicionamento dos baños da planta baixa do antiguo CEIP Labaca.
- Proxecto de cambio de céspede no campo nº1 C.D. A Torre.
- Actualización do proxecto de renovación do céspede artificial do campo Víctor Fernández Alonso.
- Proxecto de envolventes do edificio de primaria do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Ademais levouse a cabo ou iniciouse a execución de diversas obras, entre as que compre destacar:

- Obra de restauración da Casa da Veeduría.
- Obra de reforma da Praza, Escola Infantil e Mercado de Monte Alto.
- Obra de rehabilitación do Centro Cívico Veciñal do Birloque.
- Obra de mellora dos baños de educación infantil no CEIP Salgado Torres.
- Obra de construción de pista de patinaxe en Novo Mesoiro.
- Obra do peche interior dos baixos do Obelisco Millenium.
- Obra de demolición de edificio en estructura en As Xubias.
- Obras da reparación parcial de cubertas, urbanización e almacéns do Edificio de Bombeiros.
- Obra de reforma da Oficina do Rexistro Municipal do Pazo de María Pita.
- Obras de reforma, adaptación ou legalización da instalación eléctrica nos Centros Cívicos do Castrillón, San Diego, Monte Alto, Mesoiro, Os Mallos, Eíris e Os Rosales (7).



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Obras de ampliación de potencia no CIAV da Torre de Hércules.
- Obra de reforma da sala de caldeiras do Centro Cívico do Castrillón.
- Obra de instalación de tomas de corrente no CEIP Jose Cornide.
- Obra de legalización da instalación eléctrica da Concellería de Xustiza Social.
- Obra de reforma do mostrados do Rexistro das dependencias da R/Franxa.
- Obra de instalación de iluminación no Obelisco Millenium.
- Obra de instalación de marquesina nos campos de fútbol de San Pedro de Visma.
- Obra de acondicionamento das naves da antigua comandancia militar (Avda. Metrosidero).
- Obra de reposición da Sala Técnica del Nautilus.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

No ano 2022 iniciouse a tramitación de 165 novos expedientes que inclúen:

- 109 solicitudes de redacción de documentación técnica (proxectos, memorias valoradas, redacción de pregos, informes)
- 18 solicitudes de redacción de documentación de contratación
- 17 solicitudes de carácter xeral
- 51 solicitudes de supervisión da execución de obras, con e sen proxecto.

Ademais, tramitouse a contratación de diversas asistencias técnicas para a redacción de proxectos, dirección de obras, realización de probas, ensaios e xeotécnicos,...

A función principal do Servizo de Edificación é a redacción de proxectos e outros documentos técnicos, precisos para executar as intervencións ou reparacións nos inmobles municipais, precisas para garantir a completa adecuación dos espazos dispoñibles ás funcións que se desenvolven neles, e supervisar todo o proceso construtivo ou de execución ata a completa finalización das obras, e incluso ata a finalización do período de garantía, se fose o caso.

Así, durante o 2022 o Servizo coordinou a redacción dun total de 29 proxectos, 12 memorias valoradas, e 9 informes técnicos sobre distintos aspectos das edificacións municipais. Como oficina municipal de supervisión de proxectos, foron supervisados 2 proxectos redactados por outros Servizos ou órganos municipais.

Supervisouse a execución de 49 obras en execución, e conseguiuse a finalización das obras supervisadas ou dirixidas polo servizo sen incremento do orzamento ou prazo respecto do de adxudicación.

Así mesmo redactáronse 6 novos pregos de prescricións técnicas para o mantemento de determinadas instalacións ou para o mantemento integral de diversas dependencias, e continuase a traballar nos xa iniciados para atender as necesidades de revisión ou modificación dos documentos en redacción, solicitadas polos servizos ou que resultan necesarios como consecuencia de distintos informes.

Levouse a cabo o levantamento de varias dependencias municipais e non se redactou ningún Plan de Intervención.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Desde o Servizo de Edificación foron presentadas 5 solicitudes de financiación de actuación en materia de rehabilitación de edificios públicos con cargo aos fondos Next Generation.

Ademais atendeuse a supervisión das incidencias comunicadas polas empresas de mantemento ou polos servizos responsables dos inmobles ou instalacións: centros educativos de educación infantil e primaria, instalacións de dependencias deportivas, mercados municipais e outros.

En materia de contratación administrativa:

O Servizo de Edificación adxudicou un total de 20 contratos menores de asistencia técnica para a redacción de diversos proxectos o para a realización das tarefas de dirección de obras, precisos para levar a cabo as funcións encomendadas ao servizo. De eles, 3 correspóndense con asistencias técnicas para realizar traballos de campo (realización de estudos xeotécnicos ou estudos de elementos construtivos,...) necesarios para a redacción dalgún proxecto ou documento encargado ao Servizo.

Fixéronse 14 contratos de obras de diversa índole, todas elas relacionadas con reformas nos inmobles municipais.

Mantense un alto grao de execución orzamentaria:

- Executouse o 80,17% do crédito dispoñible para asistencias técnicas (redacción de proxectos, dirección de obras, supervisión de proxectos, e coordinación de seguridade e saúde).
- Executouse o 55,91% do crédito dispoñible para inversión en obras de reposición en edificios e outras construcións.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Continuar coa mellora na planificación das actuacións nos edificios municipais, a partir das conclusións dos plans de intervención, en coordinación cos servizos responsables da súa xestión.
- Coordinar as actuacións nos edificios municipais de utilización compartida por unidades de xestión diferenciadas, de xeito que as inversións resulten eficientes para ambas áreas.
- Traballar para mellorar o funcionamento da plataforma de xestión de dependencias municipais, integrando toda a información dispoñible sobre cada un dos inmobles.
- Revisar os proxectos enviados aos distintos servizos e levar a cabo a actualización dos mesmos, se procede
- Propoñer actuacións que tendan á maior eficiencia enerxética nas actuacións nas que se solicite a intervención do Servizo de Edificación.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 288.995,64 | 301.147,39 | 394.945,27 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Imputación Indirecta | 39.248,94 | 49.897,43 | 51.075,91 |
| | TOTAL GASTOS | 328.244,58 | 351.044,82 | 446.021,18 |

**RESULTADOS DA ACTIVIDADE**

| Actividad | Clas. | Cuantificador | Resultado |
|---|---|---|---|
| Redación de levantamentos en CAD ou taquimétricos, ou actualización dos mesmos | P | Nº de levantamentos | 0 |
| Redacción de estudios previos e anteproxectos | P | Nº de estudios | 3 |
| Redacción de Plans directores ou figuras equivalentes | P | Número de plans | 0 |
| Redacción de Plans de intervención | P | Número | 0 |
| Redacción de memorias valoradas para execución de obras | P | Número de memorias | 14 |
| Redacción de Proxectos técnicos | P | Número de proxectos | 24 |
| Redacción de informes ou memorias para obras menores | P | Número de informes | 10 |
| Supervisión de obras executadas segundo memoria ou proxecto | P | Número de obras | 26 |
| Redacción de informes técnicos sobre cuestións da competencia do servizo | P | Nº de informes | 29 |
| Redacción de PPTP para contratación de servizos de mantemento | P | Número de pliegos | 8 |
| Redacción de estudos sobre aspectos relevantes dunha edificacion | P | Número de informes | 7 |
| Realización de estudos xeotécnicos ou estruturais | P | Número | 4 |

**INDICADORES**

| INDICADOR | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|
| Nº de actuacións supervisadas polo Servizo | 0 | 167 | 159 |
| % actuacións de proxecto e dirección de obras resoltas | 0 | 72 | 75 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| % actuacións de mantemento resoltas | 0 | 81 | 84 |
| % resolución de incidencias | 0 | 86 | 81 |

## CONCLUSIÓNS

Mantense un alto grao de execución orzamentaria.

Alcanzouse a total integración da tramitación electrónica no servizo, e o pleno funcionamento da plataforma nas comunicacións entre o servizo de Edificación e o resto dos servizos que solicitan apoio técnico do primeiro, o que permitiu ter un maior control das solicitudes e prazos de resposta.

O Servizo desenvolveu as súas funcións con normalidade durante o exercicio 2022, xestionando os encargos recibidos, a produción de documentación técnica e a supervisión de obras sen incidencias. Os indicadores da xestión revelan que o incremento das solicitudes dirixidas ao Servizo é continuado, e debido a este aumento houbo solicitudes que non foi posible atender con rapidez e sufriron certos retrasos.

O ano 2022 levou consigo un incremento do traballo do servizo posto que debido á situación xerada polo continuado incremento dos prezos dos materiais de construción e man de obra, foi preciso revisar e actualizar prezos de varios proxectos previamente redactados, que por esta circunstancia resultaban obsoletos en non estaban en condicións de ser redactados.

Continuouse coa execución do proxecto "*Coruña conecta*" financiado mediante un convenio co ente público Red.es, no marco do programa de Territorios intelixentes.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Urbanismo

*Responsable:* Hernández García, María
*Dirección:* *C/Parque, s/n*
*Teléfono:* *Ext. 59011*

## MISIÓN

Levar a cabo unha ordenación racional do solo e a súa xestión, de acordo coas necesidades demandadas polos cidadáns en particular e pola cidade en xeral, favorecendo o crecemento e desenvolvemento sustentable da mesma. Igualmente corresponde á Área de Urbanismo a xestión do patrimonio municipal do solo adscrito a esta Área, a intervención administrativa en actos de edificación e uso do solo, así como a actividade de comprobación de que a actividade edificatoria e de usos do solo realízase de conformidade co ordenamento urbanístico.

## FUNCIÓNS

1. Formulación, desenvolvemento, tramitación e aprobación de planes urbanísticos establecendo o réxime e uso do solo.
2. Dirección e control da xestión e execución do plan xeral de ordenación e dos planeamentos de desenvolvemento.
3. Obter solo destinado a zonas verdes, viarios, equipamentos e dotacións públicas e vivendas suxeitas a algún rexime de protección.
4. Intervir no exercicio das facultades relativas ao uso do solo e a edificación mediante a técnica da concesión de licenzas e do control das comunicacións previas e declaracións responsables de obra e actividade.
5. Controlar a apertura de establecementos destinados ao exercicio de actividades económicas asi como os destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, velando polo cumprimento da normativa aplicable.
6. Elaborar o sistemas de control e inspección das actuacións vencelladas co uso do solo e coa orde urbanística.
7. Tramitar os procedementos vencellados a repoñer a legalidade e a orde urbanística e os procedementos sancionadores, asi como executar as resolucións xudiciais.
8. Xestión do patrimonio municipal do solo.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

1. A oficina de información aos cidadáns e o rexistro de entrada de documentos.
2. Colaboración e coordinación coas Administracións Públicas na planificación, programación e implantación de grandes infraestruturas e dotacións.
3. A obtención do solo para a implantación de dotacións públicas e vivendas suxeitas a algún réxime de protección.
4. xestión e actualización do inventario municipal e a investigación de posibles inmobles de titularidade municipal.
5. Control da legalidade.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

1. Axilizar a tramitación das solicitudes e documentación xeral presentada a través do Rexistro Público.
2. A tramitación de expedientes de expropiación forzosa para a obtención de dotacións públicas.
3. A recuperación de oficio do viario municipal.
4. O outorgamento de concesións demaniales.
5. A coordinación coa Xerencia Territorial do Catastro.
6. Incrementar o número de expedientes resoltos nos prazos legalmente previstos e mellorar a calidade dos informes técnicos e xurídicos municipais.
7. Impulsar a rehabilitación das edificacións para mellorar as condicions de habitabilidade, accesibilidade, eficiencia enerxética, seguridade e ornato.
8. Adaptar as ordenanzas municipais á normativa urbanística e sectorial e as modificacións legais e regulamentarias.
9. Axustar o Plan de Inspección cos medios personais e técnicos do Servizo e, de ser o caso, acudir a contratación dunha asistencia técnica para cubrir esta función.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 2.713.214,66 | 2.745.987,43 | 3.095.803,17 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Indirecta | 454.825,95 | 507.290,54 | 547.647,25 |
| | Imputación Directa | 1.347.754,08 | 1.122.883,83 | 1.040.604,89 |
| | TOTAL GASTOS | 4.515.794,69 | 4.376.161,80 | 4.684.055,31 |

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Asentos cuxo destino é o Rexistro público Urbanismo | P | Asientos directos e indirectos | 17.084 |
| Xestión do Solo | P | Expropiación Forzosa | 7 |
| | | Proyectos de urbanización | 0 |
| | | Responsabilidad Patrimonial | 0 |
| | | Valoraciones | 7 |
| | | Normalización de fincas | 2 |
| Instrumentos de planeamento urbanístico | P | Estudios de detalle | 15 |
| | | Modificaciones puntuales al Plan xeral de ordenación municipal | 1 |
| | | Plans parciais e plans especiais | 1 |
| | | Cambios de uso | 0 |
| | | Excepciones de planeamiento | 15 |
| | | Informes urbanísticos | 200 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Disciplina urbanística | P | Reposición da legalidade urbanistica: denuncias | 466 |
| | | Resolucións recaídas en expedientes de reposición da legalidade urbanística | 468 |
| | | Ordes de demolición | 14 |
| Títulos habilitantes | P | Licencias de obras | 917 |
| | | comunicacións de inicio de execución de obras | 2.628 |
| | | comunicacions de apertura de establecementos | 787 |
| Patrimonio Urbanistico | P | Adquisición de bienes patrimoniales | 0 |
| | | Enajenación directa de bienes | 0 |
| | | Expedientes de investigación | 1 |
| | | Expedientes de recuperación de oficio | 1 |
| | | Concesión demanial | 0 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Títulos habilitantes de execución de obras | 2.822 | 3.500 | 3.545 |
| Títulos habilitantes para apertura de establecementos | 923 | 1.097 | 1.121 |
| Asentos rexistro de entrada de documentos | 10.326 | 14.587 | 17.084 |

## CONCLUSIÓNS

**1.- Servizos Xerais:** Durante o ano 2022 a Oficina de Información e Rexistro segue atendendo a o seu servizo a través de 3 canles de atención ao público: telefónico, presencial e por correo electrónico. A atención ao público por medio de cita previa, sistema que se implantou no ano 2020, segue en vigor coa intención de incrementar a eficacia na xestión do tempo tanto do usuario como do funcionario que se pon á súa disposición. Ao obxecto de darlle resposta ao interesado da mellor forma posible, faise un previo triaxe ás peticións de cita, ben dándolle cita previa para a presentación de documentación, ben acordando unha cita (técnica ou xeral) que resolva a cuestión exposta. Establecéronse dous postos presenciais para a atención presencial dos técnicos coa cidadanía, nas dependencias anexas ao Arquivo.

En materia de Contratación, en xaneiro do 2022 comenzou a execución do “Proyecto de finalización de las obras de urbanización del pol-s10.01 del ámbito del parque ofimático



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

correspondientes con la primera etapa recogida en la modificación del plan parcial vigente" que pasa a ser responsabilidade do Servizo de Infraestruturas.

En materia de Concesións: O Departamento de Servizos Xerais de Urbanismo ten ao seu cargo a liquidación do canon a Repsol Petroleo SA por servidume do oleoduto Bens-San Diego e a concesión administrativa sobre o monte denominado 'Redonda" en San Pedro de Visma- Bens para a instalación da estación costeira de radiotelefonía, a favor de Telefónica de España SAU. Tamén se atopa baixo a súa competencia a cesión demanial gratuíta dun local da rúa Juan Neira nº 6 a favor do "Liceo de Artesanos de Monelos" que se outorgou por Xunta de Goberno Local en data 16/10/2006.

**2.- Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística:**

Estímase un incremento do número de procedementos correspondentes ao control de legalidade *a posteriori*, fronte aos de control *previa*, o que obriga a planificar a dotación dunha equipa de inspección multidisciplinar que se organizará consonte o Plan de Inspección legalmente previsto.

A Oficina técnica conta actualmente con 4 persoas para cubrir os postos de arquitectura técnica e dúas de arquitectura xunto coa que cubre o posto de enxeñería técnica, baixo a dirección da arquitecta xefa da Oficina Técnica, que ten que informar todos os procedementos de licenzas de obra e actividade, comunicación prevas, declaración responsables, información e informes de viabiliade, os relativos á resposición da legalidade, denuncias, de obras e actividades, e os sancionadores, e realizar as inspeccións das obras, polo que neste intre conta cun número de 60 procedementos de media para atender.

A Oficina administrativa non conta co persoal necesario para despachar o rexistro de entrada de solicitudes e documentos diariamente, e realizar as notificacións das resolución e oficios e as solicitudes de informes e autorización ao tempo.

Para cumprir os obxectivos do servizo e os prazos legalmente previstos resulta imprescindible cubrir os postos da RPT con carácter estable.

A publicación das instruccións do servizo destinadas a clarexar aspectos polémicos ou dubidosos da normativa do planeamento municipal, e os ditames da Comisión Asesora do PEPRI, permiten mellorar a información da cidadanía e a seguridade xurídica dos distintos operadores, porén logo de constatar que nun 90% dos caos, as dilacións dos procedementos son consecuencia das eivas dos documentos que se achegan coas solicitudes, prográmase a coordinación con outras administración con competencias concorrentes e cos colexios profesionais para mellorar o contido destes.

**3.- No eido do Planeamento Urbanístico:**

a) Aprobouse definitivamente os seguintes instrumentos de Planeamento:

- Modificación puntual PXOM no ámbito do POL O29 "A Sardiñeira", para a mellora dos accesos á futura estación intermodal da Coruña, conexión viaria entre a Avda Arteixo e da Sardiñeira. MPX-5/16 (AD 03.02.2022)



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Estudo detalle para reaxuste de aliñacións e ordenación de volúmes no cruzamento da r/ Marqués Pontejos 15 coa r/ San Nicolás 26 EDD-1/20 (15.02.22 de resolución de inscrición no ROTU)
- Estudo de detalle para ordenación volumétrica dun equipamento de benestar social e asistencial público (construción dunha Residencia de Maiores) na rúa Castaño nº 1 Eirís. EDD-7/21 (AD 03.02.2022)
- Estudo detalle para reaxuste de aliñacións e ordenación de volúmes no cruzamento da R/ Marqués Pontejos 15 coa R/ San Nicolás 26 EDD-1/20 (ROTU 15.02.22)
- Cambio de uso parcelas dotacionais no ámbito EL-8/QG do PXOM (novo CHUAC), promovido por AXI. CUP-1/22 (AD 08.09.2022)
- Estudo de Detalle volume edificábel en Emilio González López, 50 EDD-10/21 (Concluso 20.06.22)

**4.- No relativo ao Patrimonio Urbanístico levouse a cabo, entre otros:**

- Expedientes que comprenden desde a tramitación de comunicacións do Catastro ou dos distintos Rexistros da Propiedade a solicitudes de particulares de cita ou vista e emisión de copias de expedientes, ata a modificación no Inventario de Bens da titularidade de parcelas patrimoniais enaxenadas no S -10 "Xuxan"; a autorización da ocupación temporal dunha parte da parcela municipal utilizada como aparcamento no entorno das instalacións deportivas municipais da Fábrica de Armas; a formalización en documento administrativo da cesión gratuíta de viais e zona industrial na zona do Acuartelamento da Grela a prol do Concello por parte do Ministerio de Defensa en execución dun Convenio adoptado o 15 de xullo de 2009; a incoación de dilixencias preliminares á extinción do proindiviso na parcela Z-10.C do Sector S -10 "Xuxan"; así como o ofrecemento polos seus donos da adquisición onerosa polo Concello de parcela de titularidade privada colindante coa parcela municipal sita no entorno da Fábrica de Armas.
- Expediente de recuperación de oficio da posesión de parcelas de dominio público municipais procedentes da execución do S- 6 "Parque de Eirís" no entorno do Chuac
- Expediente de mutación demanial de bens de dominio público do Concello a prol de ADIF, en cumprimento do "Proyecto de construcción de remodelación de la Estación de San Cristóbal"
- Expediente de Investigación da posible existencia de parcelas municipais no Sector 7 "Someso".
- Expedientes para a emisión dos informes sobre titularidades, tanto de carácter interno procedentes dos distintos Servizos municipais, que experimentaron un incremento destacado; como os que foron solicitados polos particulares.
- Expedientes para levar a cabo as inscricións no Rexistro da Propiedade da titularidade municipal de parcelas do Castro de Elviña, nas que se continua traballando polas dificultades que presentan na súa documentación.

**5.- No que respecta a Xestión do Solo:** Os principales expedientes tramitados son:



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Tramitación de expedientes expropiatorios, entre os que procede destacar:
- Expropiación para executar a acción VG-4 “Estrada Monte San Pedro-Monte Os Castelos” (620/2022/16), aprobado definitivamente o 26.10.2022.
- Expropiación para executar a acción IG-1 “ampliación planta residuos de Nostián”, pendiente de redactar o proxectode expropiación.
- Mutuo acordo para a obtención de solo destinado a sistema xeral viario na rúa Pedreiras 13.
- Expropiación por mutuo acordo Rúa San Diego, en parte da acción VL-6.
- Finalización da expropiación do Camiño do Cura. Acción VL-12
- Incoación do expediente de reparcelación do POL O29 “A Sardiñeiras”.
- Expediente de operación xurídica complementaria para a adaptación da parcela Z-45 conforme á Modificación do Plan Parcial do Parque Ofimático, con declaración de firmeza administrativa.
- Declaración de firmeza do 2º Texto Refundido do Proxecto de Compensación do Sector-2 “San Pedro de Visma” (SURT 1), aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 16.3.2022.
- Cambio do sistema de actuación a cooperacion do Polígono API Antonio Ríos II.
- Pago de intereses en execución de sentenzas relativas ás expropiacións do Castro de Elviña I e II.
- Declaración de firmeza do Polígono RB 9 na Estrada do Burgo.
- Tramitación do proxecto de urbanización do POL H9.11 “Fariña Ferreño”, pendente de aprobación definitiva.
- Aprobación definitiva da modificación do Proxecto de Urbanización do Sector-7 “Recinto Ferial”.
- Impulso na execución do API M48 “O Carón”.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Vivenda e Rehabilitación

*Responsable:* Vázquez Aguilar, Alberto Manuel
*Dirección: Estación de Autobuses*
*Teléfono: Ext. 54118*

## MISIÓN

- Fomentar a conservación e rehabilitación do patrimonio construído, coa finalidade de acadar inmobles mellor conservados, mais sostibles, eficientes enerxéticamente e con plena accesibilidade, facilitar a conservación dos inmobles protexidos, e contribuír á renovación dos espazos urbanos degradados.
- Os camiños fundamentais para acadar estes fins son o sistema de axudas municipais á conservación e rehabilitación dos inmobles regulados na ordenanza aprobada no ano 2020, e a participación nos programas de rehabilitación a nivel de barrio regulados nos sucesivos plans estatais de vivenda.
- Facilitar o acceso á vivenda, coa finalidade de garantir o acceso da cidadanía, sinaladamente colectivos en situación de risco de exclusión social, ao dereito á unha vivenda digna.
- Nesta liña encádranse todas as accións relativas á promoción e adquisición de vivenda pública, e a xestión técnica e administrativa do patrimonio municipal de vivenda.
- Velar polo cumprimento do deber de conservación e mantemento que teñen os propietarios dos edificios e construcións, a través dos procedementos de emenda de deficiencias utilizando os mecanismos legais, ordes de execución, e os medios de execución forzosa, así como tramitar e resolver as declaracións de ruína dos inmobles para a súa posterior construción ou rehabilitación.
- A tramitación dos Informes de Avaliación dos Edificios, regulada pola Xunta de Galicia a través da Lei 1/2019, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia e o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o dito informe e se crea o Rexistro galego destes informes (REGIAE), constitúe tamén unha ferramenta de actuación neste mesmo eido, neste caso de carácter preventivo.

## FUNCIÓNS

SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN: tramitación das diferentes subvencións establecidas na Ordenanza municipal reguladora da concesión de axudas para a conservación e rehabilitación de inmobles aprobada definitivamente polo Pleno do Concello o 10.09.2020: dende preparar as convocatorias, recoller as solicitudes coa consecuente atención ao público e asesoramento, tramitación dos expedientes, resolución destes, ata preparar os pagamentos e comprobar a xustificación da subvención. As tarefas principais son as seguintes:

- Difundir os programas de axudas existentes para conservar e rehabilitar edificios no termo municipal.
- Realizar as convocatorias das axudas con apertura do prazo de solicitude.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Recibir, rexistrar e informar as solicitudes de axudas á rehabilitación.
- Prestar todo tipo de asesoramento a entidades e particulares e beneficiarios das axudas.
- Realizar as visitas técnicas iniciais, de seguimento e finais das obras de rehabilitación subvencionadas.
- Tramitar e resolver as solicitudes no campo administrativo e xurídico.
- Xestionar os pagamentos anticipados, parciais e finais das axudas así como as súas cesións.
- Comprobar a xustificación das axudas.

Unha mención especial merécea o suposto de axudas nas Áreas de Rehabilitación Integral, en diante ARIS, dentro dos Programas de Renovación e Rexeneración Urbanas (ARRUS), que forman parte dos sucesivos Plans Estatais de Vivenda 2013-2016 (coa súa prorroga do 2017) e 2018-2021. Neste caso, a Oficina Municipal de Rehabilitación funciona como un portelo único de información e de xestión do Plan de vivenda desenvolvendo, ademais das tarefas xerais anteriores, as seguintes actuacións específicas:

- Realizar estudos e diagnósticos das necesidades que existen no municipio, e elaborar propostas para aprobar as novas áreas.
- Subscribir os correspondentes convenios coa Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e co Ministerio de Fomento de adhesión ao plan cos respectivos acordos de financiamento.
- Facilitar a información e difusión destes acordos de financiamento das áreas.
- Xustificar a concesión destas axudas ante a consellaría correspondente da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, segundo establecen os convenios;
- Coordinar as actuación de rehabilitación coas de urbanización nas áreas co Servizo de Infraestruturas do Concello.

PROMOCIÓN E XESTIÓN DE VIVENDAS MUNICIPAIS, onde se inclúen todas as actuacións administrativas que se desenvolven coas máis de 400 vivendas municipais en réxime de alugueiro, desde xestión das adxudicacións das vivendas, formalización de contratos, emisión de recibos mensuais comprensivos da renda e outros gastos de comunidade e subministracións, prórrogas e subrogacións, actualizacións e revisións de renda, etc., ata calquera cuestión relacionada coa execución ou coa modificación dos contratos de arrendamento.

Tamén se levan a cabo todas as tarefas administrativas e técnicas necesarias para o incremento do parque de vivenda municipal e a reforma ou mantemento das xa existentes, xa que a meirande parte atópanse localizadas en edificios de máis de 40 ou 50 anos de antigüidade. Para iso, ademais da promoción propia de novos inmobles de vivenda en réxime de protección, no ano 2017 fixemos unha Encomenda de xestión a EMVSA para a posta en funcionamento dun banco de vivendas en réxime de aluguer con destino a colectivos con dificultades de acceso á vivenda, complementada con diversas medidas de corte social.

PROCEDEMENTO DE EMENDA DE DEFICIENCIAS NAS EDIFICIACIÓNS, tratando de facer cumprir aos propietarios dos inmobles o seu deber de conservación e



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

rehabilitación, intervindo a través de ordes de execución que obriguen ao cumprimento deste deber. É necesario incoar procedementos ante diversos motivos, como partes da Policía Local ou Servizo de Bombeiros, denuncias particulares, inspeccións de oficio, ITES desfavorables, etc.. Tramítase todo o procedemento ata conseguir acadar a emenda ou corrección das deficiencias detectadas.

PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE RUÍNA DE INMOBLES, de oficio ou a instancia de parte, a través de un expediente contraditorio, onde se analiza toda a documentación do inmoble e a súa realidade física, para emitir un ditame pericial, de contido técnico, no que se conclúa a posible situación ou non de ruína, a súa clasificación e as medidas de seguridade necesarias, de ser o caso. Incluso, no caso de determinar que non hai situación de ruína, é necesario incluír as obras que se deben realizar para a rehabilitación do inmoble.

INFORMES DE AVALIACIÓN DOS EDIFICIOS (IAE). Trátase dun instrumento xurídico coa función de garantir que se cumpran os deberes de conservación que pesan sobre o propietario, mediante a inspección dos edificios que teñen unha antigüidade superior a 50 anos, ademais dos catalogados co obxecto de conseguir que os propietarios executen as obras necesarias de conservación e de rehabilitación, mesmo ordenando a execución destas se for necesario, cunha dobre finalidade:

a. Evitar os fenómenos especulativos.
b. Conseguir a revitalización de zonas urbanas que presenten síntomas de degradación.

Trala sentenza de 14.12.2017 ditada polo Tribunal Constitucional que declarou inconstitucional a normativa básica estatal en materia de inspección técnica de edificios e informe de avaliación, a Xunta de Galicia aprobou a Lei 1/2019, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, na que se regulan os Informes de Avaliación dos Edificios.

O artigo 6.2 desta nova lei remite a desenvolvemento regulamentario o contido detallado, a estrutura, o alcance e os efectos derivados dos IAE, o que se produciu no ano 2021, mediante a aprobación do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o dito informe e se crea o Rexistro galego destes informes (REGIAE).

Unha vez aprobado este decreto, iniciamos a adaptación da antiga Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles á nova regulación autonómica, e o Pleno do Concello aprobou definitivamente a nova Ordenanza polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria do 10 de marzo de 2022.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

En materias de subvencións á rehabilitación de edificios de vivendas:

- Incremento das partidas orzamentarias destinadas á concesión de axudas con cargo a orzamento municipal.
- Incremento do grado de execución das devanditas partidas.
- Incremento do número de edificios e vivendas beneficiarias das axudas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

En materia de tramitación de Informes de Avaliación de Edificios:

- Incremento do número de inmobles que obteñen un IAE (antiga ITE) favorable.
- Incremento do número de inmobles sometidos ao IAE

En materia de promoción e xestión de vivendas municipais:

- Incremento do número de vivendas de titularidade municipal dedicadas ao aluguer, independentemente do réxime de xestión (patrimonial, emerxencia social, plan acceso ao hábitat digno).
- Incremento do número de vivendas efectivamente ocupadas, e regularización das indebidamente ocupadas.
- Incremento do número de vivendas municipais en axeitado estado de conservación, polo cumprimento dos requisitos básicos da edificación.
- Incremento do número de vivendas municipais accesibles

Noutras materias de acceso á vivenda:

- Incremento do número de vivendas incorporadas ao banco de vivendas en réxime de aluguer xestionado por EMVSA.

En materia de deficiencias ou ruína da edificación:

- Incremento das actuacións de rehabilitación ou reedificación dos inmobles en situación de ruína declarada.
- Incremento do número de actuacións de reparación de deficiencias en inmobles.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- **Finalizar la elaboración dunha nova ordenanza reguladora da conservación e rehabilitación de inmobles**: A nova ordenanza aprobouse definitivamente mediante acordo do Pleno do Concello do 10 de marzo de 2022, e publicouse no BOP do 21 de marzo.
- **Finalizar a tramitación dos expedientes relativos ás convocatorias dos anos 2017 e 2018**: Resolvéronse os últimos expedientes en tramitación, coa concesión e abono de axudas a 12 actuacións por importe de 91.892,96 €
- **Finalizar a tramitación da convocatoria de axudas municipais á rehabilitación de vivendas e inmobles, aprobada pola XGL o 2.12.2020 e publicada no BOP do 15.12.2020.** No ano 2022 tramitáronse axudas a 105 actuacións por importe de 2.245.076,90 €, dos que 1.045.076,90 € corresponderon a axudas á rehabilitación enerxética, e 1.200.000,00 € a actuacións de mellora da accesibilidade, e finalizando a convocatoria por esgotamento do seu saldo.
- **Realizar unha nova convocatoria de axudas municipais á rehabilitación de vivendas e inmobles:** no ultimo trimestre do ano preparouse unha nova convocatoria de axudas a actuacións de conservación, rehabilitación enerxética e mellora de accesibilidade que foi aprobada pola XGL o 18.01.2023 e publicouse no BOP do 09.02.2023**.**



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- **Tramitar a nova de axudas nas ARIs que contan con financiamento con cargo ao PEV 2018-2021 (Cidade Vella e Peixaría, Casas de Franco, Grupo de Vivendas María Pita), aprobada pola XGL na súa sesión do 24.11.2021 e publicada no BOP do 14.12.2021:** No ano 2022 tramitáronse as primeiras axudas para 3 actuacións no ARI de Labañou por importe de 109.095,40 €.
- **Proxectos de urbanización con cargo aos PEVs 2013-2017 e 2018-2021:**
  - Na ARI Elviña (PEV 2013-2017): Continuouse coa execución da obra de reurbanización do contorno do lavadoiro e fonte de Elviña.
  - Na ARI Cidade Vella e Peixaría: O 22.11.2022 formalizouse o contrato de execución da obra de Mellora da Accesibilidade no contorno da Muralla, segundo proxecto aprobado pola XGL na súa sesión do 07.06.2022.
  - Na ARI Grupo de Vivendas María Pita (Labañou): O 14.11.2022 formalizouse o de execución da obra da primeira fase de reurbanización da ARI, segundo proxecto aprobado pola XGL na súa sesión do 30.03.2022.
  - Na ARI das Casas de Franco (Ventorrillo): O 05.12.2022 aprobouse pola XGL o proxecto da primeira fase de reurbanización.
- **Intervencións nas vivendas públicas municipais destinadas ao aluguer:**
  - Reformáronse 3 vivendas facéndoas adaptadas para o seu emprego por persoas con mobilidade reducida.
  - Reformáronse os baños de 10 vivendas utilizadas por persoas con mobilidade reducida ou de idade igual ou superior a 70 anos, para facelos accesibles.
- **Promoción de nova vivenda pública municipal destinada ao aluguer**:
  - O 29.09.2022 formalizouse o contrato para a construción dun edificio de cinco vivendas e dous locais na esquina entre rúas San Nicolás e Marqués de Pontejos.
  - En cumprimento do acordo adoptado no marco do Incidente de Mediación 6937-1997 do TSXG, homologado polo mesmo tribunal o 8 de febreiro de 2019 e firme dende o 11 de marzo do mesmo ano, licitouse a contratación da redacción de proxecto e dirección de obra dun novo edificio de vivenda de promoción pública na parcela Z-37 do Parque Ofimático, para 50 vivendas, formalizándose o contrato o 29.01.2021. Logo de obter o proxecto básico o 17.01.2022 o necesario informe urbanístico favorable, os contratistas presentaron o proxecto de execución o 20.07.2022, sobre o que se emitiu un primeiro informe de supervisión desfavorable o 05.12.2022.
- **Incremento do número de vivendas incorporadas ao Programa de aluguer de EMVSA**. Por acordo da XGL do 28.09.2022 ampliouse a encomenda para a posta en funcionamento dun banco de vivendas de aluguer, que nese ano está a xestionar 44 vivendas.

Outros obxectivos de carácter singular:

- **Proxecto de urbanización da rúa San Andrés:** O 30.12.2022 a XGL acordou aprobar o proxecto de reurbanización das obras de San Andrés, autorizou o gasto e aprobou os pregos para a contratación das obras, publicándose o anuncio da licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público o 05.01.2023 (2º anuncio).



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- **Plan Director para a rehabilitación integrada do Barrio das Flores:** en xullo de 2022 finalizouse a redacción do plan. Durante este ano realizáronse as fases de Plan de Acción, Seguimento e Monitorización, e Exposición Pública, acompañadas dunha acción de participación da veciñanza: a presentación do Plan de Acción, durante os días 26 e 27 de maio coa celebración dun debate e votación das accións propostas, para definir a súa prioridade.
- **Plan de Dinamización da Area Rexurbe**; O 16.08.2022 o contratista presentou o documento completo do Plan de Dinamización da Area de Rexeneración Urbana de Interese Autonómico o ámbito descontinuo formado pola amendoa central da Cidade Vella e o eixe Orzán- Panadeiras.
- **Monitorización Enerxética dos Barrios mediante TIC (EIDUS Op20.1), proxecto cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do eixo 12 de desenvolvemento urbano do Programa Operativo Multirexional de España**: Ao longo dos primeiros meses do 2022 realizase unha campaña de presentación do plan de monitorización enerxética do edificios da cidade, mediante anuncios en medios e actos presenciais en 10 centros cívicos, o que permitiu dispor de 60 edificios privados de vivendas que serán obxecto de monitorización enerxética a través do contrato adxudicado o 19.10.2022.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 1.082.452,84 | 865.281,59 | 1.176.056,16 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Indirecta | 184.700,89 | 163.552,69 | 198.628,54 |
| | Imputación Directa | 734.210,22 | 708.085,37 | 939.072,33 |
| | TOTAL GASTOS | 2.001.363,95 | 1.736.919,65 | 2.313.757,03 |

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| AXUDAS MUNICIPAIS Á REHABILITACION | | | |
| 1.1 EXECUCION TOTAL | P | Orzamento inicial | 2.650.000,00 |
| | | Incorporación anos anteriores | 402.209,67 |
| | | Importe comprometido ou pagado | 2.337.523,14 |
| | | Porcentaxe de execución orzamentaria | 76,58% |
| | | Nº vivendas beneficiadas polas actuacións | 1.929 |
| 1.2.- SUBVENCIÓNS Á MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA | P | Importe comprometido ou pagado | 1.061.437,77 |
| | | Nº actuacións subvencionadas | 56 |
| | | Nº vivendas beneficiadas polas actuacións | 1.063 |
| | | Redución media da demanda enerxética | 42,69% |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| 1.3. SUBVENCIONS Á MELLORA DA ACCESIBILIDADE | P | Importe comprometido ou pagado | 1.276.085,37 |
| | | Nº actuacións subvencionadas | 61 |
| | | Nº vivendas beneficiadas polas actuacións | 866 |
| | | Novos ascensores instalados | 26 |
| | | Novos percorridos accesibles | 27 |
| | | Persoas beneficiarias con mobilidade reducida | 71 |
| | | Persoas beneficiarias de idade igual ou superior a 70 anos | 382 |
| 1.4.- MELLORA ESTÉTICA PEPRI E CAMBIO CARTELERÍA | P | NON CONVOCADAS | 0 |
| AXUDAS Á REHABLITACION COFINANCIADAS CON PLANES ESTATAIS | | | |
| ARI CIDADE VELLA - PESCADERIA | P | Importe comprometido ou pagado | 0 |
| | | Nº actuacións subvencionadas | 0 |
| | | Nº vivendas subvencionadas | 0 |
| ARI GRUPO DE VIVENDAS MARIA PITA (LABAÑOU) | P | Importe comprometido ou pagado | 109.095,40 |
| | | Nº actuacións subvencionadas | 3 |
| | | Nº vivendas subvencionadas | 24 |
| ARI GRUPO DE VIVENDAS CASAS DE FRANCO (VENTORRILLO) | P | Importe comprometido ou pagado | 0 |
| | | Nº actuacións subvencionadas | 0 |
| | | Nº vivendas subvencionadas | 0 |
| VIVENDA MUNICIPAL | | | |
| 1.- DATOS INFORMATIVOS E SITUACIÓNS ARRENDATICIAS | P | Nº de vivendas de propiedade municipal | 409 |
| | | Nº de vivendas adquiridas no ano | 0 |
| | | Nº de locais e garaxes de propiedade municipal | 37 |
| | | Nº de vivendas adxudicadas(alugueiro) | 0 |
| | | Nº de vivendas baleiras | 26 |
| | | Nº de incidencias de conservación das vivendas | 195 |
| | | Nº de resolucións de actualización de rendas | 0 |
| | | Nº de resolucións de renovación de contratos | 0 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Solicitudes de subrogación de contratos aceptadas | 7 |
| 2.- REHABILITACIÓN E MANTEMENTO | P | Vivendas rehabilitadas de xeito integral | 6 |
| | | Reforma de aseos para facelos accesibles | 5 |
| | | Importe orzado para rehabilitación | 500.000,00 |
| | | Importe comprometido para rehabilitación | 486.655,90 |
| | | Porcentaxe de execución orzamento rehabilitación de vivendas | 97,33% |
| | | Importe orzado para mantemento e conservación de vivendas | 111.007,06 |
| | | Importe comprometido para mantemento | 107.086,96 |
| | | Porcentaxe de execución orzamento mantemento de vivendas | 96,47% |
| 3. XESTIÓN ECONÓMICA | P | Nº de recibos emitidos por rendas mensuais | 4.024 |
| | | Importe total remesas de recibos | 579.370,92 |
| | | Importe pendente de pagamento do total de remesas | 143.068,71 |
| | | Porcentaxe de recadación dos recibos | 75,31% |
| | | Importe pagado en cotas de comunidade | 59.381,88 |
| UNIDADE DE RUINAS E DEFICIENCIAS | | | |
| PROCEDEMENTO DE EMENDA DE DEFICIENCIAS | P | Expedientes abertos | 109 |
| | | Expedientes nos que se fixeron actuacións | 352 |
| | | Expedientes arquivados | 37 |
| | | Expedientes en trámite ao 31.12.2022 | 960 |
| PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE RUÍNA | P | Expedientes abertos | 12 |
| | | Expedientes nos que se fixeron actuacións | 49 |
| | | Ditames de ruína | 1 |
| | | Informes técnicos ruína inminente | 7 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Ruínas propostas | 8 |
| | | Ruínas declaradas | 8 |
| | | Expedientes arquivados | 3 |
| | | Expedientes en trámite ao 31.12.2022 | 212 |
| DEFICIENCIAS E RUINAS, OUTROS DATOS DE INTERESE | P | Informe técnicos emitidos | 311 |
| | | Informes xurídicos emitidos | 201 |
| | | Multas coercitivas impostas | 8 |
| | | Importe multas coercitivas | 22.500,00 € |
| | | Execucións subsidiarias | 2 (iniciadas) |
| | | Importe execucións subsidiarias | 7.865,00 € |
| | | Solicitudes de Información | 13 |
| INFORMES DE AVALIACION DE EDIFICIOS (IAE) | P | Inmobles con requirimento de presentación | 697 |
| | | Inmobles con requirimento de emenda | 96 |
| | | Informes ITE incorporados a expedientes de IAE | 121 |
| | | IAE presentados tras requirimento | 50 |
| | | IAE presentados sen requirimento | 45 |
| | | Expedientes arquivados | 1 |
| | | Expedientes deficiencias abertos tras IEA desfavorable | 11 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Nº de expedientes de subvencións resoltos | 117 | 219 | 409 |
| Nº de vivendas beneficiarias de subvencións | 1.460 | 1.218 | 1.953 |
| Porcentaxe orzamento subvencións municipais comprometido | 61,57% | 43,62% | 76,58% |
| Procedemento de declaración de ruína: nº de ruínas declaradas | 6 | 4 | 8 |
| Nº de expedientes IAE iniciados | 0 | - | 920 |
| Nº de expedientes IAE con resolución | 0 | - | 3 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Vivenda municipal: orzamento comprometido | 329.912,24 | 262.401,58 | 593.742,83 |
| Vivenda municipal: Nº de contratos de arrendamento asinados | 0 | 0 | 0 |
| Vivenda municipal: importe pagado en concepto de rendas | 460.773,97 | 444.397,43 | 436.302,21 |
| Vivenda municipal: porcentaxe de recadación de rendas | 76,70% | 76,10% | 75,31% |

## CONCLUSIÓNS

**En materia de subvencións**, a finalización da convocatoria de decembro de 2020 no ano 2022, en comparación co prazo medio de tramitación das anteriores convocatorias de 2015, 2017 e 2018, finalizadas tamén neste 2022, amosa as virtudes dos novos procedementos de tramitación definidos na ordenanza municipal de 2020.

Non obstante, coa experiencia desta convocatoria 2020 comprobase que a estrutural carencia do persoal administrativo, esta mellora procedimental non permite mais que executar en dous anos o importe que o orzamento municipal destina anualmente ás axudas municipais (2.650.000,00 €). Nestes parámetros, para conseguir executar a actual convocatoria 2023, cun importe de 5.300.000,00 € a executar en dous anos (o dobre do executado na convocatoria 2020), é necesario duplicar o número de persoas destinadas á súa tramitación, incorporando tres novos auxiliares administrativos ao servizo nos postos vacantes.

No ámbito das ARIs vixentes realizamos novas convocatorias polos importes a dispor nos seus Acordos das Comisións Bilaterais; a convocatoria das ARIs de Elviña e Mariñeiros, financiadas con cargo ao PEV 2013-17 quedaron desertas; mentres que a das ARIs de Grupo María Pita, Grupo Casas de Franco e Cidade Vella recibiron moitas mais solicitudes das que pode financiar co cargo ao PEV 2018-21, o que xustifica a continuidade da financiación das actuacións de rehabilitación a través do novo PRTR, no marco das axudas á rehabilitación a nivel de Barrio reguladas no RD 853/2021 e financiadas pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Por este motivo, a XGL acordou declarar como Entornos Residenciais de Rehabilitación Integrada o Barrio das Flores (acordo do 06.10.2022) e as ARIs previas de Grupo María Pita, Grupo Casas de Franco e Cidade Vella (acordo do 17.10.2022), e o mesmo 17.10.2022 acordou solicitar ao IGVS a financiación de actuacións de rehabilitación a nivel de barrio neses catro ámbitos por importe total de 15.907.008,53 €, importe que o IGVS estableceu en 6.000.000,00 € nunha comunicación do 23.11.2022.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Servizos á Cidadanía

## Archivo Histórico

*Responsable:* Suarez Rodriguez, Maria de la O
*Dirección: C/Duran Loriga 10, 3º*
*Teléfono: 981184394*

### MISIÓN

O Arquivo municipal da Coruña (AMC) é un arquivo local singular, non só custodia o fondo documental do Concello herculino senón que tamén xestiona outros procedentes de institucións e entidades públicas, persoas, físicas ou xurídicas, e colecciónsconsideradas de gran interese para a nosa cidade, en particular, e para Galicia, en xeral. Esa riqueza documental se reflicte nas solicitudes de reproduccións e consultas de institucions e persoas de todas partes do mundo.

Desde o ano 1978 está instalado en dous prantas separadas (soto e 3º andar) da Casa da Cultura Salvador de Madariaga, na rúa Durán Loriga.

O persoal do Arquivo, consciente da súa importancia como servizo público, vén traballando para asegurar a reunión, conservación e consulta deste magnífico patrimonio documental, de acordo co establecido na Constitución de 1978 e demais disposicións nesta materia.

O AMC custodia sesenta e dous conxuntos documentais, case dous quilómetros de documentos, situados cronolóxicamente entre os séculos XI e XXI, onde o de maior relevancia é o do propio Concello, que se remonta ao século XIII.

A Lei 39/20015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 13 d) se establece como dereito dos cidadáns o acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico. Este dereito é compatible coa lexislación vixente en materia de Patrimonio Histórico que obriga aos posuidores de bens do Patrimonio Documental a conservalos, protexelos e destinalos a un uso que non impida a súa conservación e mantelos en lugares adecuados (art. 52, Lei 16/1985).

Os documentos custodiados no Arquivo municipal son a garantía da trasparencia da administración, aseguran o recoñecemento dos dereitos e deberes dos cidadáns e garanten a memoria individual e colectiva, sendo ferramenta básica da identidade da propia cidade.

### FUNCIÓNS

As funcións deste centro, como as de calquera arquivo municipal, axústanse á intervención na orixe da produción documental, e na reunión, custodia e servizo dos documentos xerados polo Concello da Coruña no transcurso da súa xestión ao longo do tempo, conservalos para servir de testemuño e información á administración que os produce, aos cidadáns como patrimonio cultural e en defensa dos seus dereitos e deberes, e aos investigadores como fonte da historia.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Pero ademais o Arquivo herculino recolle, custodia e serve outros documentos procedentes doutras persoas ou institucións de carácter público ou privado, considerados de interese para a nosa cidade e que forman parte do seu patrimonio documental.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

- Identificar, clasificar e describir o maior número de unidades de instalación e documentais.
- Mellorar a conservación do Patrimonio Documental da cidade (limpeza, instalación, dixitalización, restauración…)
- Calidade na atención ao público e servizo dos documentos e das actividades de difusión do Patrimonio Documental da cidade.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Co obxectivo de acadar o impulso dos sistemas de xestión de documentos no Concello, de garantir o acceso á documentación e de promover a protección e a difusión do patrimonio documental propuxemos para o 2022:

- Procura dunha nova sede.
- Continuar coa organización e descrición dos fondos documentais mediante as novas tecnoloxías na busca de responder a transparencia e accesibilidade a información, e as novas necesidades e expectativas dos veciños (fondos documentais públicos e privados). A incorporación de Flora Teira ao arquivo permitiu poder subir descriciones de documentos coas súas imaxes ao programa Galiciana. Así mesmo, continuase a mellorar a descrición de series documentais xa organizadas e inventariadas no programa Archivalo.
- Mantemento dos procesos de participación e identidade coa cidade a través da colaboración con outras entidades sociais e culturais en diferentes actividades.
- No 2022 céntrouse na contribución nos actos adicados a celebración do ano internacional da actriz María Casares, con motivo do centenario do seu nacemento.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 224.921,44 | 226.266,85 | 232.726,62 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 71.223,96 | 73.906,54 | 31.131,45 |
| | Imputación Indirecta | 34.631,42 | 36.037,03 | 31.213,06 |
| | TOTAL GASTOS | 330.776,82 | 336.210,42 | 295.071,13 |

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Organización e descrición | P | Nº de unidades de instalación | 54 |
| | | Nº de unidades documentais | 2.366 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Nº indices, identificación, revisiones e outros | 7 |
| Ingreso de documentación | P | Nº de metros liniais | 1,5 |
| | | Nº documentos especiais pola súa conservación (postais, fotografías..) | 14 |
| Conservación | P | Instalación de documentos especiais (fotografias, ...) | 60 |
| | | nº de documentos restaurados | 447 |
| | | Dixitalización | 17.600 |
| Préstamos externos e internos(exposicións... ) | P | Nº de piezas solicitadas | 7 |
| Consultas na sala | P | Nº de usuarios | 778 |
| Información escrita interna e externa | P | Nº de solicitudes | 264 |
| Reprografía de servizo | P | Nº de solicitudes autorizadas | 512 |
| Actividades xerais | P | nº de actividades (visitas, publicaciones, exposiciones, ..) | 7 |
| Informes técnicos | P | Número | 270 |
| Biblioteca auxiliar | P | Nº de titulos ingresados | 49 |
| | | Nº de exemplares catalogados | 0 |
| Documentación de trámite | C | Número | 96 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| unidades de instalación novas organizadas e descritas | 253 | 76 | 54 |
| unidades documentais organizadas e descritas | 3.104 | 1.288 | 2.366 |
| metros de ingresos documentais | 36 | 14,5 | 1,5 |
| nº de ingresos documentación especial (postais, fotografías...) | 60 | 57 | 14 |
| nº de pezas en préstamo | 1 | 20 | 7 |
| nº de información escrita interna e externa | 281 | 368 | 264 |
| nº de usuarios na sala | 734 | 725 | 778 |
| nº autorización reprodución | 374 | 367 | 512 |
| nº de informes técnicos | 314 | 149 | 270 |
| nº de actividades(exposiciones , visitas guiadas, cursos,.. | 6 | 6 | 7 |
| nº de instalación de doc. especiais | 1.290 | 2.835 | 60 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| nº de documentos restaurados e dixitalizados | 0 | 17.630 | 18.047 |
| nº de documentos de trámite | 86 | 339 | 96 |

## CONCLUSIÓNS

1. O Arquivo municipal continúa cumprindo as súas funcións: recepción dos documentos, a súa custodia, descrición, servizo, difusión e divulgación. Do mesmo xeito, segue a xogar uns importantes papeis relacionados co testemuño documental da actividade das persoas (físicas ou xurídicas) e, tras este valor primario dos documentos, sucédense outros de igual importancia, como o valor probatorio de dereitos (da administración e da cidadanía), o patrimonial e o cultural, xa tradicionais, aos que hai que engadir outros novos relacionados coa xestión dos datos.
2. Débese ter en conta a necesidade de habilitar un novo espazo para albergar unha maior cantidade de documentación, así como a de modernizar e adecuar as instalacións existentes.
3. Cabe destacar o gran esforzó efectuado polos/as funcionarios/as por manter a calidade e as actividades do centro, o cal se pon de manifestó nas diferentes xestións realizadas (actividades, compra de arquivos, xestión de doazóns, etc.).
4. A boa valoración que ten este centro por parte dos cidadáns ten o seu reflexo nas doazóns de fondos documentais privados e de documentos soltos por parte dos veciños que contribúen a enriquecer o Patrimonio documental coruñés.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Banda Municipal de Música

*Responsable:* Somoza Quintero, Teresa
*Dirección: Avda Alfonso Molina s/n. Coliseum*
*Teléfono: Ext. 58901*

## MISIÓN

Dentro da oferta que o servizo de Cultura fai aos cidadáns cóntase coa Banda Municipal de Música, agrupación de carácter sinfónico formada por medio centenar de músicos profesionais, que desenvolve a súa actividade, primordialmente na cidade, a través dunha serie de concertos que están organizados en función das diferentes estacións do ano, e que se veñen celebrando no Centro Cívico, Ágora e no Teatro Colón, así como en diferentes prazas da cidade no que se podería denominar concertos ao aire libre.

Así mesmo, este colectivo leva a súa arte a outras cidades, cando é invitado a tomar parte en eventos culturais organizados por outras entidades.

Outro punto importante é a continua colaboración con otros servizos municipais (Educación, Festas, Alcaldía) así como con distintas entidades da cidade (conservatorios de música, colexios, asociación culturais…).

A ter en conta, tamén, é a función protocolaria que ten a Banda Municipal cando, con ocasión de recepcións oficiais, inauguracións ou homenaxes, realza os diferentes actos que organiza o Departamento de Protocolo e o Gabinete de Alcaldía.

Tamén como obxectivo está achegar a música ao novo público como nenos/as e xente nova e colaborar con institucións de inserción social aproveitando a música como elemento integrador. Faise una colaboración estreita cos conservatorios da cidade, con organizacións de inserción de discapacitados e bandas xuvenís.

## FUNCIÓNS

- Elixir os concertos co contido adecuado para cada ocasión (inauguracións, monográficos, etc.), así como os dirixidos a nenos e nenas.
- Asistir a aqueles actos oficiais que se programan dende Protocolo, ademáis da participación en eventos que se veñen celebrando na cidade.
- Concertos Primaveira-Verán e Outono-Inverno tanto en recintos pechados (Centro Cívico Ágora, Teatro Colón...) como ao aire libre (praza de San Andrés, María Pita...).
- Concertos didácticos destinados ao mundo infantil, colaboración con entidades culturais da cidade e proxectos de inclusión social a través da música.
- Realizar os ensaios pertinentes destinados a unha boa execución das pezas musicais.
- Manter e actualizar o fondo arquivístico de obras musicais.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

- Realización de concertos para a cidadanía, tanto en teatros e auditorios como ao aire libre, para levar a cultura musical a todos os ámbitos.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Manter a calidade na execución de cada unha das pezas que se representan.
- Clasificación exhaustiva na elección dos temas a incorporar nos actos correspondentes.
- Investigación e potenciación de novos valores musicais na área de bandas de música e colaboración cos conservatorios a escolas de música da cidade.
- Participación con outras agrupacións da cidade para dar a coñecer novos repertorios e novos usos da música como, por exemplo, con grupos de jazz, de ópera, grupos de danza e agrupacións teatrais.
- Arquivo de gravacións en audio. Case a totalidade de concertos que se realizan no Teatro Colón son gravados.
- Participación na grabación de discos.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Ao longo do ano 2022, a Banda Municipal de Música foi recuperando o seu funcionamento normal, xa que durante a época da pandemia viu diminuída considerablemente a súa actividade.

A Banda levou a cabo a súa programación coa participación de directores convidados, debido a que a praza de director titular estaba vacante dende o ano 2020. Finalmente, en novembro de 2022, dita praza foi cuberta polo Mestre Juan Miguel Romero Llopis, actual director titular da Banda, o cal pemitiu que dende ese momento houbese una maior previsión de concertos.

Ao longo do ano, participouse en eventos da cidade como as festas de María Pita, Romaría de Sta. Margarita, ou a realización de concertos didácticos para os máis pequenos. Tamén cabe destacar a participación da Banda en festivais tales coma o EMHU ou o RESIS.

Coa actividade da Banda téntase manter a realización de concertos para achegar a múscia a cidadanía.

Entre os obxectivos levados a cabo neste ano, destacan:

- Achegar o repertorio bandístico, así como adaptacións de música sinfónica a un público formado por seguidores incondicionais da Banda.
- Actualizar permanentemente o repertorio, mediante a estrea de novas obras, potenciando, no posible, a estrea de obras escritas por compositores galegos. Seguimos a actualizar o arquivo de obras musicais coa adquisición de novas partituras; na actualidade cóntase cun fondo de máis de 2.000 obras.
- Seguir a colaborar con outras agrupacións de difusión cultural.
- Seguir a fomentar a relación e colaboración cos Conservatorios de Música da cidade e dar oportunidade a novos talentos.
- Contribuír, mediante a colaboración co Departamento de Festas, a difundir a música popular bandística, nos diferentes concertos que se celebran durante o mes de agosto (Festas de María Pita).
- Participar en actos institucionais.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 1.987.286,32 | 2.004.981,92 | 2.069.786,04 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 441.955,78 | 470.005,82 | 483.340,71 |
| | Imputación Indirecta | 15.815,01 | 18.988,74 | 18.585,96 |
| | TOTAL GASTOS | 2.445.057,11 | 2.493.976,48 | 2.571.712,71 |

**RESULTADOS DA ACTIVIDADE**

| Actividad | Clas. | Cuantificador | Resultado |
|---|---|---|---|
| CICLO CONCERTOS TEATRO/AUDITORIO | P | NÚMERO DE CONCERTOS | 18 |
| | | TEATRO COLÓN | 16 |
| | | DIRECTORES CONVIDADOS | 7 |
| | | PALACIO DA ÓPERA | 0 |
| | | ÁGORA | 2 |
| CICLO CONCERTOS AIRE LIBRE | P | NÚMERO DE CONCERTOS | 11 |
| | | PARQUE SANTA MARGARITA | 1 |
| | | PRAZA MARÍA PITA | 2 |
| | | XARDÍNS MÉNDEZ NÚÑEZ | 1 |
| | | PRAZA DE SAN ANDRÉS | 7 |
| ACTUACIÓNS FESTAS MARÍA PITA | P | NÚMERO DE ACTUACIÓNS | 2 |

**INDICADORES**

| INDICADOR | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|
| NÚMERO DE CONCIERTOS | 17 | 17 | 30 |
| NÚMERO DE ARTISTAS CONVIDADOS (Directores) | 9 | 13 | 7 |
| ACTUACIÓNS CON AGRUPACIÓNS INFANTÍS E PARA A INTEGRACIÓN DA DISCAPACIDADE | 0 | 0 | 0 |
| NÚMERO ARTISTAS INVITADOS (Agrupacións) | 3 | 0 | 4 |
| MEDIA ASISTENCIA A CONCERTOS (Palacio da Ópera) | 250 | 350 | 0 |
| MEDIA ASISTENTES (Teatro Colón) | 600 | 600 | 700 |
| MEDIA ASISTENTES A CONCERTOS (Aire libre) | 300 | 400 | 850 |
| MEDIA ASISTENTES A CONCERTOS (Extra Mª Pita) | 300 | 400 | 7.000 |
| GRAVACIÓN DE DISCOS | 1 | 1 | 0 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## CONCLUSIÓNS

Despois dos anos de pandemia, o balance do 2022 indica un incremento na actividade da Banda, o cal lle permitiu a través da colaboración de directores convidados realizar concertos con certa regularidade para poder seguir achegando a música a toda a cidadanía e ir recuperando pouco a pouco o seu funcionamento.

Ó longo do 2022 continuouse coa iniciativa de levar a cabo colaboracións con outras entidades culturais e musicais da cidade, ademáis de participar en festivais coma o EMHU e o festival RESIS e ter presenza en varios eventos levados a cabo na cidade coma, por exemplo, as festas de María Pita e a Romaría do Parque de Santa Margarita entre outras.

Cabe destacar especialmente a importante labor levada a cabo no ano 2022 en relación a mellora da imaxe, publicidade e o vestiario da Banda. Así mesmo, cabe destacar a instalación dun sistema de retransmisión en streaming dos concertos sinfónicos celebrados no Teatro Colón, co cal se conseguiu o seguimento dos mesmnos por unha media de douscentos oíntes adicionais.

Coa incoporación do novo director titular, Juan Miguel Romero Llopis, en novembro de 2022, a Banda incrementa a súa previsión de concertos de cara ao 2023 con propostas innovadoras por parte do citado director. Así mesmo, coa citada incorporación tamén se retoma un dos obxectivos da Banda que durante os anos de pandemia viuse totalmente afectado: achegar a música ao novo público coma os nenos e nenas e a xente nova, e colaborar con institucións de inserción social aproveitando a música como elemento integrador. Para isto, realizase unha colaboración estreita cos conservatorios da cidade, con organización de discapacitados e con bandas xuvenís.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Bibliotecas Municipais

*Responsable:* Blanco Pardo, Isabel
*Dirección: C/Duran Loriga 10, 4º*
*Teléfono: 981184384*

## MISIÓN

Somos un servizo público de acceso á información e á promoción da lectura que responde ás necesidades do público ao que ofrecemos recursos para contribuír ao seu desenvolvemento persoal e cívico.

Traballamos para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida, promover o uso activo do tempo libre e aportar á rede internacional o valor engadido do local.

## FUNCIÓNS

Asegurarlles o acceso á información de xeito libre e igualitario a todos os segmentos da cidadanía; desenvolver programas formativos que lle permitan á cidadanía coñeceren e utilizaren eficazmente os servizos e recursos que as bibliotecas lles ofrecen, dedicándolles especial atención ás TIC; proporcionar un espazo para o lecer, o encontro e a participación cidadá. Consolidarse como unha entidade activa, impulsora e dinamizadora de hábitos lectores na cidade.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

- Información e asesoramento.
- Uso da colección.
- Servizos virtuais.
- Uso de equipos.
- Participación, cooperación e relación coa comunidade.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Recuperar ás persoas usuarias que deixaron de acudir ás bibliotecas durante a pandemia.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 1.223.496,55 | 1.233.571,93 | 1.327.359,27 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 3.112.151,62 | 3.274.127,91 | 3.535.263,99 |
| | Imputación Indirecta | 182.392,13 | 202.361,80 | 224.166,49 |
| | TOTAL GASTOS | 4.518.040,30 | 4.710.061,64 | 5.086.789,75 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Formación do persoal | P | Nº de cursos organizados | 0 |
| | | Nº de cursos externos aos que asiste o personal | 0 |
| Xestionar a colección | P | % Libros | 80,35 |
| | | % Non Libros | 19,65 |
| | | Nº documentos por habitante | 0,93 |
| | | % Incremento da colección | 1,19 |
| | | % Cota de renovación colección | 4,11 |
| Prestar servizos a usuarios | P | Nº visitas anuais | 522.490 |
| | | Media mensual de visitas | 43.541 |
| | | Media diaria visitas | 1.847 |
| | | Visitas/hora | 199,37 |
| | | Visitas/habitante | 2,12 |
| | | Nº préstamos anual | 258.866 |
| | | Media mensual préstamos | 21.572 |
| | | Media diaria préstamos | 918 |
| | | Nº usos de préstamo | 91.898 |
| | | % Usos de préstamo con respecto visitantes | 17,59 |
| | | % Préstamo libros | 86,48 |
| | | %Préstamo non libros | 13,52 |
| | | % Cota ausencia libros | 0 |
| | | % Cota ausencia Non libros | 0 |
| | | Rotación libros | 1,27 |
| | | Rotación Non libros | 0,78 |
| | | Rotación Centros de Interese | 0,79 |
| | | Préstamos/hora | 103,59 |
| | | Préstamos/habitante | 1,05 |
| | | Nº usuarios Internet e ofimática anual | 20.161 |
| | | %usos internet e ofimática con respecto ás visitas | 3,86 |
| | | Usos Internet e ofimática/hora | 7,27 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | % Usos outros equipamentos con respecto ás visitas | 0,1 |
| | | Nº total socios | 109.489 |
| | | Nº novos socios anual | 4.532 |
| | | % Poboación socia bibliotecas | 44,51 |
| | | % Socios activos/habitantes | 7,76 |
| | | % Novos socios/habitantes | 1,84 |
| | | Días apertura ao público | 297 |
| | | m2/1000 habitantes | 26,23 |
| Automatizar coleccións e servizos | P | Nº de postos con acceso Internet e ofimática para usuarios | 170 |
| | | Nº de ordenadores para uso do personal | 73 |
| | | Nº ordenadores para uso público | 190 |
| | | Nº Opacs (catálogos en liña de acceso público) | 20 |
| Promocionar os servizos e o uso da colección | P | Nº total de actividades | 1.947 |
| | | Nº total participantes | 24.902 |
| | | %Visitas para participar en actividades | 4,77 |
| | | % Participantes actividades/habitantes | 10,12 |
| | | % Actividades promoción da lectura | 39,29 |
| | | % Actividades formación e aprendizaxe | 49,15 |
| | | % Actividades desenvolvemento comunitario | 0 |
| | | % Actividades de visibilidade social e difusión | 3,44 |
| | | % Outras actividades | 8,12 |
| | | % Participantes adultos | 0 |
| | | % Participantes nenos | 0 |
| | | %Participantes mozos | 0 |
| | | Nº de actividades de visibilidade social e difusión | 67 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Nº días de participación en actividades de visibilidade social e difusión | 67 |
| | | Nº tipoloxías cursos alfabetización digital | 1 |
| | | Nº cursos alfabetización dixital | 13 |
| | | Nº prazas dispoñibles en cursos de alfabetización dixital | 155 |
| | | Nº prazas cubertas en cursos de alfabetización dixital | 155 |
| | | % Participantes actividades formación e aprendizaxe | 47,55 |
| | | % Participantes actividades promoción da lectura | 43,8 |
| | | % Participantes actividades desenvolvemento comunitario | 0 |
| | | % Participantes outras actividades | 7,84 |
| | | % Participantes mozos | 0 |
| Programa de voluntariado | P | Nº voluntarios participantes | 23 |
| Participar en proxectos cooperativos nacionais | P | Nº de proxectos nos que se participa | 1 |
| Ofrecer servizos virtuais | P | Nº visitas á Web propia | 351.891 |
| | | Nº posts publicados en Facebook | 195 |
| | | Nº de posts publicados en blogs propios | 100 |
| | | Nº de fans en Facebook | 19.948 |
| | | Nº novos fans en Facebook cada día | 0,82 |
| | | % Fans de Facebok que son socios das bibliotecas | 0 |
| | | % Fans que son entidades culturais | 0 |
| | | Nº de visitas a Facebook | 5.147 |
| | | Nº de comentarios recibidos en Facebook | 35 |
| | | Nº de interaccións en Facebook que non son comentarios | 645 |
| | | Nº demandas información a través do chat de Facebook | 19 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Nº de fans en Twitter | 8.590 |
| | | Nº de listas nas que tenemos presenza (Twitter) | 350 |
| | | Nº visitas a blogs | 149.489 |
| | | Nº comentarios realizados nos blogs | 129 |
| | | Nº de demandas información a través de Pregunte | 45 |
| | | Nº demandas de información a Pregunte resoltas | 42 |
| | | Nº demandas información Pregunte por A Coruña | 26 |
| | | Nº informaciones a usuarios a través de sms | 0 |
| | | Nº sms a usuarios | 0 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| m2/1000 habitantes | 28,98 | 26,23 | 26,23 |
| Traballadores/1000 habitantes | 0,37 | 0,35 | 0,37 |
| Documentos/habitante | 0,92 | 0,92 | 0,93 |
| % Incremento do fondo | 0,45 | -0,75 | 1,19 |
| % Cota de renovación | 3,28 | 4,09 | 4,11 |
| Ordenadores acceso Internet/ 10000 habitantes | 6,59 | 6,75 | 6,91 |
| Nº actividades/1000 habitantes | 4,71 | 3,48 | 7,92 |
| Nº prazas en cursos alfabetización dixital/1000 habitantes | 0,63 | 0 | 0,63 |
| Gastos correntes/habitante | 18,16 | 19,5 | 20,68 |
| Visitas/habitante | 1,26 | 1,43 | 2,12 |
| % Poboación socia | 42,05 | 42,44 | 44,51 |
| Novos socios/1000 habitantes | 9,27 | 11,52 | 18,42 |
| Préstamos/habitante | 0,61 | 0,93 | 1,05 |
| % Socios activos | 14,06 | 14,64 | 17,44 |
| % Socios activos/habitante | 5,91 | 6,21 | 7,76 |
| Sesións Internet/habitante | 0,06 | 0,06 | 0,08 |
| Sesións outros equipamentos/ habitante | 0 | 0 | 0 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Participantes en actividades/ habitante | 0,06 | 0,04 | 0,1 |
| % Participantes en cursos alfabetización dixital/ 1.000 habitante | 0,57 | 0 | 0,63 |

## CONCLUSIÓNS

Cando falamos do Servizo de Bibliotecas, a nivel administrativo, nos referimos á Rede municipal de bibliotecas. Esta rede está composta por un órgano de planificación, xestión e coordinación, denominado Servizo Municipal de Bibliotecas, por nove elementos bibliotecarios que son as sete bibliotecas de proximidade: Forum, Ágora, Sagrada Familia, Castrillón, Durán Loriga, Monte Alto, Rosales, unha biblioteca especializada ou centro de documentación local, Biblioteca de Estudos Locais, e o punto de préstamo de Mesoiro. Ademais, do órgano e dos elementos bibliotecarios para constituír unha rede é necesario ter unha metodoloxía de traballo colaborativa que ao mesmo tempo propicia unha diferenciación de funcións dos diferentes elementos bibliotecarios.

Unha rede de bibliotecas necesita, tamén, unha comisión de Lectura pública pero neste caso aínda non está constituída.

Así que, a oferta bibliotecaria municipal se organiza en forma de rede para ofrecer resposta a todas as demandas das súas persoas usuarias que o traballo illado dunha biblioteca dificilmente poderá dar e que é posible so a través da cooperación, optimización e distribución dos recursos e servizos enmarcados nun sistema global de cidade que permita á vez a adaptación e especialización á realidade local máis inmediata de cada un dos elementos. E para xerar unha economía de escala: redución de custos e aumento de beneficios ao producir a maior escala.

## OS RECURSOS

### *Recursos humanos*

No ano 2022 o cadro de persoal das bibliotecas estaba composto por 100 traballadores e traballadoras (94,85 xornadas laborais completas) sendo un 55 % persoal técnico auxiliar de bibliotecas, un 33 % persoal técnico de bibliotecas y un 12 % persoal directivo.

Dentro do conxunto do cadro de persoal, cómpre destacar que o indicador de técnico/a bibliotecario por habitante nas bibliotecas de proximidade é de 1 técnico/a bibliotecario/a por 3.243 habitantes, indicador superior tanto á media galega (1 técnico/a bibliotecario/a por 4.944 habitantes) como á media española (1 técnico/a bibliotecario/a por 4.376 habitantes).

Con relación a estrutura organizativa, as bibliotecas teñen unha estrutura matricial que é a que combina a estrutura funcional coa estrutura por proxectos. Dentro desta última podemos destacar que no 2022 estiveron funcionando catro grupos de traballo (Efemérides, Biblioteca Verde, Servizos ás escolas e Visitas escolares) co fin de



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

desenvolver proxectos relativos ás celebracións dos días do libro, das bibliotecas e das letras galegas, á sustentabilidade, e aos servizos ás escolas.

A formación no ano 2022: organizáronse dúas accións formativas, unha o "curso como escribir claro" dentro do Plan de formación do Concello da Coruña e catro "obradoiros de lectura formativa", actividades de formación para o persoal da Rede de Bibliotecas nos que participa o persoal encargado das bibliotecas escolares:

- Obradoiro de lectura formativa: libros informativos e para bebés.
- Obradoiro de lectura formativa: narrativa para rapaces de 8 a 12 anos.
- Obradoiro de lectura formativa: de 6 a 8 años, e álbum ilustrado.
- Obradoiro de lectura formativa: poesía infantil.

***Orzamento***

O orzamento aprobado no ano 2022 foi dun total de 4.241.079 €, sendo 3.713.978 € de gasto corrente, 466.700 € de inversións e de 61.000 € de convenios nominativos a entidades culturais. Compre dicir que a maioría do gasto de inversión, 357.000,64 € estaba destinado a unha obra de ampliación da Biblioteca Sagrada Familia, obra que non se puido executar.

***Instalacións***

O Servizo de Bibliotecas xestiona 7.234,91 m2 sendo 5.663,13 m2 de uso público e 1.571,78 m2 de uso interno.

**A OFERTA**

***Espazos***

A finais de 2022, as Bibliotecas Municipais ofrecían 26,23 m2 de superficie por cada 1.000 habitantes, o 43 % da superficie bibliotecaria pública da cidade. O resto, ata os 61 m2 dispoñibles, repártense entre a Biblioteca da Deputación e a Biblioteca da Xunta/Estado. Cómpre sinalar a organización en rede, tal e como falamos na introdución, e como tal o carácter descentralizado dos espazos de biblioteca pública municipais, o que permite a presenza de servizos bibliotecarios practicamente en cada barrio da cidade.

No conxunto da cidade, e en canto á oferta de espazos de biblioteca pública, situámonos por enriba dos 56 m2 /1000 habs. que recomenda a IFLA (Federación internacional de asociacións bibliotecarias) pero cando analizamos as bibliotecas individualmente encontrámonos que tan só a Biblioteca Ágora (1.848 m2) cumpre cos estándares da FEMP con relación ao tamaño de cada biblioteca que recomenda un mínimo de 1.560 m2. Se ben é certo que no ano 2009 comezou un programa de incremento e adecuación dos espazos das bibliotecas para adaptarse ás necesidades sociais actuais, reformándose e ampliándose os espazos e equipamentos das bibliotecas Castrillón e Fórum no 2009 e 2010 respectivamente. Dende entón, debido ao parón da crise, non se modernizaron máis bibliotecas. Aínda que temos que dicir que xa existe un proxecto de ampliación da biblioteca Sagrada Familia pero que non se puido contratar aínda pola inesperada subida dos materiais de construción que desbordou as previsións económicas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Dos 7.128 m2 da BMC o 91% se destinan a servizos de biblioteca pública e o 9% á biblioteca especializada.

A pesar da insuficiencia de metros cadrados nas bibliotecas máis vellas (Biblioteca Durán Loriga, Biblioteca de Estudios Locais, Biblioteca Monte Alto e Biblioteca Sagrada Familia) segundo os estándares profesionais e as directrices de accesibilidade dos espazos públicos, a satisfacción dos usuarios é alta, e podemos afirmar que, en termos xerais, contamos con instalacións modernas e funcionais que están moi ben valoradas polos/as usuarios/as e que nos permiten ofertar os servizos básicos con certa calidade. Aínda así presentan moitas limitacións á hora de deseñar novos servizos baseados nas tecnoloxías, na aprendizaxe compartida nos laboratorios cidadáns e na maior implicación e participación da comunidade. Todas estas tendencias bibliotecarias que xa levan tempo implantadas noutros lugares requiren de espazos e equipos específicos para ser desenvolvidas cos que non contamos nas bibliotecas máis antigas.

Con relación á extensión da rede de bibliotecas na cidade, quedan todavía pendentes zonas sen cobertura bibliotecaria. A rede debería completarse con bibliotecas nas seguintes zonas: Mesoiro (no ano 2017 ábrese un punto de préstamo no Centro Cívico de Mesoiro de tan só 12 m2), Riazor, a Cidade das Tics e a creación dunha Biblioteca Central na zona recuperada do Porto.

O adecuado mantemento de edificios, instalacións e equipamentos é moi importante, non só para poder prestar axeitadamente os servizos á cidadanía, senón para incrementar a duración e vida útil dos mesmos. Tamén é un apoio importante para fomentar entre a cidadanía os hábitos de bo uso, coidado e respecto polos bens comúns.

O mantemento comprende tanto actuacións de carácter urxente e imprevisto (substitución de luminarias, resolución de atascos de tubaxe, reparación de peches, etc.) como outras que poden preverse e planificarse relativas a deficiencias estruturais e de funcionalidade.

Durante o ano 2022 as intervencións que se levaron a cabo relativas ao mantemento dos equipamentos bibliotecarios foron, principalmente, reparacións menores: reparación de tubaxe, reposición de fluorescentes (iniciouse o cambio a luminarías de tecnoloxía LED), reparacións das portas automáticas, rexas de seguridade e do mobiliario, etc.

Dentro das obras de adecuación e mellora dos espazos e instalacións bibliotecarias cabe destacar a reparación das pingueiras e humidades da biblioteca Castrillón (queda pendente unha nova intervención prevista e aprobada para o ano 2023).

Outros gastos e reparacións importantes foron os ocasionados na biblioteca Sagrada Familia polo incendio do transformador eléctrico do barrio (estropeáronse dous ordenadores de traballo do persoal, un teléfono, as portas automáticas de acceso á biblioteca, as antenas antifurto, o sistema de megafonía e un reloxo dixital).

Neste ano, seguimos tendo pendentes varios proxectos de exercizos anteriores:

- Filtracións e pingueiras na biblioteca Rosales e na biblioteca Fórum Metropolitano (neste caso acometéronse varias intervencións pero está sen resolver a problemática completa).
- Adaptación á normativa das instalacións eléctricas das bibliotecas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Modernización e adaptación á normativa relativa á accesibilidade do vestíbulo do Edificio Salvador de Madariaga.
- Ampliación da biblioteca Sagrada Familia.
- Novo sistema de climatización na biblioteca Castrillón.

Na liña de achegar os recursos á cidadanía, seguen en fucionamento os 7 puntos de lectura ubicados en centros cívicos e en centros de saúde.

***Días e horarios de atención ao público nas bibliotecas de proximidade***

As bibliotecas abriron ao público unha media de 282 días. Destacar que as bibliotecas de Castrillón, Monte Alto e Estudos Locais, ante as carencias na súa dotación de persoal vense na obriga de pechar os sábados. Por outra parte, tamén, facer constar que se redeseñaron os horarios das bibliotecas que pechan ao público dúas horas cada semana para facilitar a realización de traballos internos e tarefas de coordinación. En total, no conxunto das bibliotecas, foron 19.503 o número de horas de atención presencial ao público, un 13,64 % máis que en 2021 (17.161,5 horas).

***Fondos e recursos de información na rede***

Os recursos informativos que fisicamente están nas bibliotecas, e que se ofertan a través do catálogo, conforman un fondo de 310.576 volumes, sendo 70.314 volumes de conservación da Biblioteca de Estudios Locais e o resto son volumes destinados ao uso en sala, préstamo e ás actividades das bibliotecas de proximidade.

En canto á cota de renovación da colección, indicador que mostra a actualización da colección, no ano 2022 foi dun 4,1 % de fondos novos, unha porcentaxe que se mantén en relación o 2021 pero inferior a anos anteriores. Malia esta renovación é insuficiente se temos en conta as recomendacións técnicas que sinalan o 10% de cota de renovación como o índice necesario para poder dicir que existe unha colección actualizada.

A oferta de recursos de información complétase co acceso ás plataformas dixitais de recursos informativos:

- GaliciaLe: plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en galego formato electrónico das bibliotecas públicas galegas. Proporciona un servizo de préstamo temporal de obras en formato dixital de temáticas diversas. Está promovida pola Subdirección de Bibliotecas da Consellería de Cultura.
- eBiblio: plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en castelán Proporciona un servizo de préstamo temporal de obras en formato dixital de temáticas diversas. Está promovida polo Ministerio de Cultura en colaboración coa Subdirección de Bibliotecas da Xunta de Galicia.
- eBiblioDaCoruna: plataforma gratuíta de préstamo dixital de libros, películas, audiolibros, e outros contidos dixitais das máis variadas temáticas, que a Deputación da Coruña pon en servizo para todas as persoas usuarias de calquera biblioteca pública municipal da provincia da Coruña ou da Deputación.
- eFilm: No 2022 traballouse na posta en marcha desta plataforma. eFilm é un servizo de préstamos dixitais de películas, música e publicacións periódicas. Está promovido polo Concello da Coruña.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Ademais, a través do catálogo da Rede de Bibliotecas Municipais, co fin de unificar os distintos catálogos municipais, facilitase a consulta das referencias bibliográficas dos documentos conservados noutros servizos pertencentes ao Concello. Estes son o Museo Arqueolóxico, o Instituto de Estudos coruñeses José Cornide, o Arquivo municipal e o Centro de Información Xuvenil. Ademais, co obxecto de iniciar un camiño cara a difusión do patrimonio bibliográfico da cidade se incorporaron ao catálogo municipal os fondos do Circo de Artesáns e o fondo musical da Colexiata de Santa María.

Con respecto á **colección especializada** da Biblioteca de Estudos Locais, ofértanse á cidadanía máis de 55.000 títulos (deles 4.215 anteriores a 1901) vinculados principalmente á cidade (por temática, autoría, edición ou impresión).

Unha boa parte da colección está constituída polas bibliotecas de particulares e polas coleccións especiais. Algunhas das bibliotecas de particulares reflicten, coas publicacións que as integran, a época na que foron formadas. É o caso da Colección Linares Rivas, a Colección Carlos Díaz e a de Alfonso González Catoyra. Outras amosan os intereses dos seus compiladores: colección de Pedagoxía María Barbeito, colección Ramiro Cartelle, coleccións Familia Padín-Viaño sobre Picasso e a de Quixotes ou a colección político cultural galega da Familia González Mariñas. En tanto as coleccións especiais están constituídas por documentos que a propia biblioteca considerou susceptibles de formar colección en función da súa común tipoloxía e do tipo de información que conteñen ao reflectir de forma testemuñal os gustos e os intereses dos coruñeses e coruñesas dende finais do século XIX ata a actualidade. Algúns exemplos son:

- Guías da cidade e da súa provincia. A colección abarca máis de 200 publicacións deste tipo, desde 1877, a máis antiga, ata a actualidade.
- Programas de festas da cidade, o máis antigo de 1905.
- Publicacións menores de cine, os chamados prospectos, sendo a maior parte da primeira metade do século XX .

Durante o ano 2022 se incorporaron á biblioteca varias publicacións menores de gran valor documental como son as cartas que Wenceslao Fernández Flórez dirixe a Ángel del Castillo, varios libros do século XIX e varios gravados e acuarelas do século XIX.

O fondo conta cunha parte da colección dixitalizada, uns 6.200 documentos. Estas dixitalizacións son accesibles a través do propio catálogo das bibliotecas e, no que a material antigo se refire, tamén están dispoñibles a través do catálogo de Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia.

***Actividades***

Como é imposible relatar nesta memoria toda as actividades e programas existentes nas bibliotecas, imos facer relación tan só a dous programas, Inclusión dixital e inclusión social, pola importancia que tiveron na etapa da pandemia e na postpandemia e pola relevancia que tiveron e seguen tendo.

- *Programa de Inclusión dixital,.* É un conxunto de accións, que se celebran en todas as bibliotecas, destinadas a apoiar e a capacitar ás persoas no uso dos ordenadores, móbiles, redes e plataformas, web, ….. e na procura da boa información. A partir da referencia do Marco Europeo de Competencias dixitais



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

para a cidadanía (Digcom 2.1), ofrécense distintas accións formativas (cursos, obradoiros,…) con contidos diferentes e diferenciados por distintos niveis formativos. O obxectivo do programa é facilitar a adquisición de habilidades informacionais tan necesarias na sociedade actual. Paralelamente a estas accións formativas, e como complemento, funciona un servizo de atención tecnolóxica personalizada que nace coa intención de resolver dúbidas e/ou problemas do ámbito dixital de "ti a ti".

En tanto as novidades do 2022, cómpre destacar:

- *Iº Festival Primaletras*: Primavera dos libros e das letras. Para celebrar as efemérides en torno ao libro e a lectura que ocorren de marzo a maio (días conmemorativos da Poesía, Teatro, Libro Infantil e Xuvenil, Libro, Banda Deseñada e Das Letras Galegas) e para poñer en valor aos/as autores/as galegos/as, as bibliotecas organizaron un conxunto de actividades literarias durante este trimestre.
- *Ano Internacional María Casares ,* o servizo de bibliotecas colabora co Concello na celebración do centenario do nacemento da famosa actriz encaixando e complementando a programación municipal. Entre outras actividades destacan:
    - A exposición itinerante "Eu son de aquí"
    - A Obra de teatro "Mi querida Vitola".
    - O roteiro "Na Coruña con María Casares".
- Continuidade coa colaboración dos actos culturais LGTBI da cidade: Festival Atlantic Pride no I Certame de Literatura LGTB e o Festival Corufest.
- No caso da biblioteca Castrillón cabe destacar o "Encontro interxeneracional cos grupos estables da biblioteca" onde participan integrantes dos clubes de lectura e de Obxectivo Biblioteca.
- Na biblioteca Forum Metropolitano resaltar o feito da posta en marcha de novos programas: "SomosPro" de divulgación científica para nenos e nenas de 9 a 14 anos, "ForumInclusivo" onde se programan actividades de inclusión social (Amigonianos e Achega) e "Para saber +" programa de actividades de divulgación científica e "Educación nas marxes", a actividade de participación na vida do barrio.
- En Durán Loriga dentro do programa de actividades "BiblioTech", destacar a oferta dun campamento de verán durante o mes de xullo.

## PARTICIPACIÓN, COOPERACIÓN E RELACIÓN COA COMUNIDADE

As bibliotecas públicas axudan a crear comunidades sempre que a comunidade participe das decisións das bibliotecas. Neste senso o Manifesto da UNESCO para bibliotecas públicas do 2022 di que "establecer alianzas é fundamental para que as bibliotecas cheguen a un público máis amplo e diverso. Debe garantirse a cooperación con socios pertinentes —por exemplo grupos de usuarios, escolas, organismos non gubernamentais, asociacións, empresas e outros profesionais do ámbito local, rexional, nacional e internacional". Desde esta perspectiva merece a pena resaltar algúns programas ou



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

actividades caracterizados pola estreita colaboración con outras entidades ou axentes da cidade.

**Colaboración con persoas voluntarias.**

Contamos cun programa de voluntariado no que participan persoas que, de forma totalmente desinteresada, ofrecen parte do seu tempo para colaborar connosco en diferentes iniciativas de carácter formativo ou social.

En 2022 participaron 23 persoas voluntarias que colaboraron nos seguintes servizos:

- Préstamo no fogar. coa intención de facilitar que persoas con problemas de mobilidade poidan solicitar e recibir nas súas casas libros, discos e películas das bibliotecas. Este servizo, estendido a outras bibliotecas da rede, é coordinada dende a biblioteca Ágora.
- Coa lingua de fóra. Francés. Ofrece a posibilidade de practicar conversación en francés dinamizada por unha persoa experta.
- Alfabetización de adultos. Para persoas que tiveron unha escolaridade deficiente ou tiveron que deixala a unha idade temperá e agora desexan mellorar as súas competencias en materia de lectura, escritura, coñecementos básicos, compresión de textos, cultura xeral, etc. En principio destinado a maiores de 65 anos.
- Alfabetización de adultos para persoas preceptoras da Risga. En colaboración con Servizos Sociais do Concello
- Lectura en voz alta. Destinado a mellorar as competencias de lectura de persoas maiores, consiste na lectura de textos, parágrafos e libros sinxelos coa finalidade de comentar o lido e acadar unha mellor comprensión da palabra escrita.
- Hora de Lectura. En colaboración co Centro de Día Boandanza (persoas maiores e con deterioro cognitivo), Fogar de Sor Eusebia (acollida de homes sen fogar e con problemas de saúde e/ou mentais), Fogar de Santa Lucía (acollida de mulleres sen fogar, con problemas de saúde e / ou mentais). En todos os casos, trátase de encontros semanais en torno á lectura, a charla e á música.
- Lendo espero. Punto de lectura no centro de saúde de Labañou con fondo infantil para nenas e nenos que agardan para entrar ao médico e tamén libros para a sala de espera en Adultos (cómics, revistas, libros de información…)
- Lectura de ti a ti: programa para diferentes colectivos. Sesións de lectura en voz alta individual. O obxectivo é ofrecer a través da lectura e a conversa, un tempo de proximidade e atención personalizada.
- Aspronaga: Unha persoa usuaria da asociación ven a biblioteca e colabora na organización, ordenación dos libros, nas visitas escolares, etc

**Colaboración coas escolas**

Isto materialízase na oferta dun catálogo de programas e servizos que dende as bibliotecas poñemos a dispor dos centros escolares, entre os que destaca: o grupo de lectura do libro



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

infantil, visitas escolares e a carta apoio ao desenvolvemento de proxectos documentais dos centros, bibliotecarias de visita.

Programas e Servizos

- Apoio ao desenvolvemento de proxectos documentais dos centros.
- Programa de alfabetización dixital transversal de cada biblioteca co seu centro de educación máis próximo.
- Grupo de lectura do libro infantil.
- Programa de visitas escolares. Servizos destinados a futuros profesionais. Visitas á carta.
- Préstamo de espazos para a realización de actividades de aula. Apoio aos clubs de lectura dos centros de EP.
- Servizo de asesoramento a Centros Escolares.
- Servizo/programa de apoio a escolares con dificultades lectoras.
- Bibliotecarias de visita.
- Préstamo colectivo: seleccións á carta, préstamo para clubes de lectura, préstamo de lotes temáticos.
- Roteiros polo barrio.
- Libros vivintes.

**Colaboración con Centros de Formación Superior**

As bibliotecas acollen alumnado en prácticas da UDC (Documentación, Socioloxía, Dereito, Educación Social, Educación infantil…..) e da USC (Dereito, Políticas, ...). Tamén dos Centros de Formación Profesional CIFP Ánxel Casal e Tomás Barros.

Outras das colaboracións son as visitas do alumnado ás bibliotecas para que coñezan os seus recursos, atención aos/as alumnos/as para que poidan obter información á hora de elaborar os seus TFG o TFM. Tamén se colaborou na realización das xornadas anuais sobre Literatura infantil ou no desenvolvemento de proxecto “Rompendo regras LAB: menstruación digna e ecosaúdabel", do Grupo de Traballo de Igualdade e xénero (un espazo de experimentación, investigación e prototipado para a promoción dunha menstruación digna e ecosaúdabel).

**Colaboración coa Asociación Participa**

A Biblioteca Forum desenvolve o Programa de Inclusión social “Achega: a biblioteca como espazo inclusivo para persoas con diversidade funcional en colaboración coa Asociación Participa para a Inclusión Social.

É un programa que nace co obxectivo de conseguir que as persoas con diversidade funcional, ou en risco de exclusión social, se sintan usuarias de pleno dereito das bibliotecas e se acheguen a lectura de forma amigable. Dirixido a grupos de persoas pertencentes a entidades que traballan a prol da inclusión social das persoas con diversidade funcional. Realizáronse un total de 33 sesións (15 presenciais e 18 on line) con 326 participantes de 12 centros ou asociación.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**Colaboración con colectivos LGTBI**

A colaboración da Rede con colectivos LGTB da cidade continuou activa durante o ano 2022: o club de lectura QUEERuña colaborou no I certame literario organizado polo Atlantic Pride, programou encontros con autores no marco do Corufest e puxo en marcha o segundo grupo de lectura QUEERuña tras unha petición da asociación Les Coruña. Participouse tamén no XXXII Encontros estatais LGTB, xunto coas bibliotecas de Barcelona e da Universidade de Salamanca, para dar a coñecer aos colectivos do estado a iniciativa "As municipais entenden".

**Colaboración con axentes do libro e das bibliotecas a través de subvencións nominativas.**

O Servizo de Bibliotecas tramitou subvencións nominativas a prol do Consulado, Sociedade recreativa Circo de Artesáns e Asociación de Librarías da Coruña co fin de contribuír ao desenvolvemento dos seus catálogos ou actividades. Tamén colaborou coa Federación de librerías de Galicia na posta en marcha e desenvolvemento da Feira do Libro.

**COMUNICACIÓN COS USUARIOS E/A COMUNIDADE**

A presenza das bibliotecas nas redes sociais e outros espazos dixitais ten por obxectivo fundamental compartir, escoitar e conversar coas usuarias e usuarios nos seus propios espazos sociais e informar sobre aqueles aspectos e temas relacionados cos obxectivos do servizo bibliotecario. As informacións vertidas adáptanse ás distintas canles e abranguen cuestións básicas relacionadas coas bibliotecas (horarios, servizos…), información de ámbito cultural e literario (premios, efemérides, novidades editoriais …), información actual de carácter local (noticias, axenda de organismos, etc.) e tamén retrospectiva (bandos, cortes de prensa antiga, etc.) e calquera outra cuestión, de actualidade ou non, susceptible de espertar interese entre as persoas usuarias (crise económica, conflitos, pandemia, etc.).

O persoal bibliotecario conta cun "Libro de estilo: ferramenta web 2.0 nas bibliotecas municipais da Coruña" que se constitúe nunha guía que rexe a presenza das bibliotecas nos canais dixitais dende a súa creación, que fixa para cada unha das ferramentas 2.0 os criterios de estilo máis apropiados e convenientes e ten como obxectivo que o cadro de persoal coñeza que ferramentas sociais se están usando e cales son as idóneas para cada mensaxe e/ou contido que se quere publicar. Este manual foi actualizado no 2022.

A web municipal coruna.gal/bibliotecas é a fonte primaria na que se recolle información dos servizos e actividades (seleccións de materiais, audios de lecturas breves, etc.), tamén de recursos alleos (obras libres de dereitos, audiolibros, etc.) e desde a que a cidadanía pode realizar diversos trámites en liña: solicitude de carné, reservas de ordenadores de uso público, inscrición en actividades, solicitude de espazos, préstamo de libro electrónico, etc.:

- ✓ 351.891 visitas
- ✓ 131.192 usuarios totais
- ✓ 17.198 usuarios recurrentes



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

As bibliotecas contan cun perfil institucional nas principais redes sociais Facebook, Twitter e Instagram, que procura mostrar a Rede de bibliotecas municipais baixo o paraugas da marca "Bibliotecas Coruña", como se indica no manual de estilo non se crearán perfís específicos por sucursais e promoveráse nas redes sociais o perfil único de "Bibliotecas Coruña" como biblioteca única con diversos puntos de servizo1.

Os blogs son outra vía de comunicación coas persoas usuarias que tiveron gran importancia nos inicios das redes sociais e foron unha das primeiras canles de comunicación para o público que se abriron na rede, facilitaron os primeiros espazos de encontros participativos. Na actualidade dispoñemos dos seguintes blogs: blog dos espazos infantís e xuvenis, blogs dos clubes de lectura, blog do club virtual de lectura, blog fancomic, blog queercoruña, blog Suma Ágora e blog Bibliosons.

As publicacións nos blogs decreceron nun 30% con respecto ao 2021 (de 143 post publicados a 100) e trátase dunha tendencia xeneralizada na sociedade, as redes sociais (facebook, twitter e sobre todo instagram) convertéronse no espazo de comunicación preferido pola maioría da cidadanía, en detrimento dos blogs.

No apartado de escaparates cóntase con perfís en diversas plataformas onde se publican distintos contidos elaborados polo persoal bibliotecario: fotografías en Flickr, vídeos en Youtube, presentacións e guías en slideshare e calameo, novidades bibliográficas en Pinterest, arquivos de audio en ivoox e/ou spotify.

Como novidade este ano comezamos a medir o impacto da nosa presenza nos perfis en Google Business (422.076 visitantes que fixeron un total de 226.290 búsquedas, 45.178 interaccions e 291 reseñas recibidas). Os comentarios recibidos sobre as diferentes bibliotecas aumentaron considerablemente no último ano. Ainda que a valoración xeral é positiva, a maioría ten que ver con dous aspectos:

- o nivel de ruído nas bibliotecas e a falta de espazos para o estudos.
- a falta de modernización e adecuación dalgúns espazos (especialmente as instalacións de Durán Loriga e Monte Alto).

A través do Sistema de suxestións e reclamacións (SyR), xestionanse as queixas e suxestións presentadas pola cidadanía, no servizo de bibliotecas atenderonse un total de 121 incidencias. As bibliotecas promoven o uso desta ferramenta xa que é un bo instrumento para coñecer a opinión das persoas usuarias e é un elemento que nos axuda a mellorar o servizo

Suxestión de compras: a Rede de bibliotecas Municipais agradece as suxestións de compra de material bibliográfico que contribúa ao enriquecimento dos seus fondos. Do conxunto das adquisicións de fondos bibliográficos no 2022, recibíronse 631 suxestións de compra das persoas usuarias, un 25,5 % máis que no exercizo anterior. Destas, 220 tramitáronse a través da Web, 227 a través do Opacweb e o resto, presencialmente nas bibliotecas, o que sitúa esta canle de proximidade como a preferida da cidadanía. No total

[1] Ainda que existen dous perfis satélites @obxectivobibliotk e @clubdelecturaqueerunha non son considerados institucionais, o primeiro é utilizado como plataforma de prácticas do programa Obxectivo biblioteca e o segundo foi creado polos membros do Club QUEERCoruña.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

das adquisicións, as realizadas como consecuencia de peticións de persoas usuarias, representan o 4,4 %. Da totalidade destas solicitudes, o 18 % ou ben eran fondos xa dispoñibles nas bibliotecas ou non se puideron atender por estaren estes títulos esgotados no mercado. Do resto susceptible de compra, o 65,7 % das peticións incorpóranse aos fondos e o 23 % restante foi rexeitado por corresponder a suxestións de materiais non pertinentes á colección das bibliotecas, maioritariamente a obras propias de bibliotecas especializadas que exceden o carácter divulgativo da biblioteca pública. O 11 % está pendente de ser adquirido para a súa incorporación.

Outros recursos utilizados para a difusión dos fondos son:

- As exposicións ou mostras bibliográficas: 46 neste exercicio.
- A elaboración e difusión de guías de lectura: un total de 47 guías. Compre resaltar a Publicación da guía Bibliodiversidade: guía de boas prácticas froito da colaboración do grupo QUEERuña coa UDC.
- Os 8 escaparates virtuais nos que se difundiron as mostras, as guías e as novidades.
- Lista de reprodución recolle seleccións temáticas de documentos sonoros.
- #Sabiasqueé e #Inspirandote: publicacións en Facebook, Instagram, Twitter e Youtube para a difusión de fondos informativos e de ficción respectivamente.

## RESULTADO DO RENDEMENTO DOS SERVIZOS

Os datos amosan como dende o 2021 comezaron a recuperarse os servizos presenciais nas bibliotecas, aínda que non en todos os servizos a recuperación se produxo ao mesmo ritmo.

Os resultados máis salientables, deste exercicio, son:

- O gasto corrente por habitante foi de 20,68 €, fronte os 11,4 € e 10,26 € das medias españolas e galegas respectivamente, o que supuxo aproximadamente un punto co respecto ao ano anterior.
- Este ano a Rede de Bibliotecas acadou os 0,93 documentos por habitante. O crecemento dende o ano 2008 foi importante posto que se pasou de 0,48 documentos por habitante aos 0,93 actuais. Con todo, aínda estamos lonxe de acadar o indicador recomendado pola IFLA/UNESCO de 2 ou 3 volumes por habitante (Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas).
- As visitas por habitante foron 2,12 o que supón un 36 % menos que en el 2019 pero un 48% máis que 2021. A volta das persoas usuarias ás bibliotecas é lenta pero sen pausa. E aínda que non se recuperaron completamente as visitas prepandemia, seguimos estando por enriba da media española de visitas que é un 1,14 e por enriba da media galega, 0,98.
- O número de usos de préstamo crece nun 12,74 % con respecto a 2021 pero aínda debería recuperar un 16 % de usos para situarse nos niveis de 2019, con 13



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

préstamos por persoa socia activa no ano. En tanto o indicador de préstamos por habitante pasa de 0,93 a 1,05 (0,76 é a media española e 0,65 é a media galega).

- No **acceso á Internet e ofimática**:

  - As sesións de acceso a Internet no 2022 se incrementaron nun 30 % con respecto ao 2021. As 00,8 sesións de acceso a internet e ofimática por habitante non superan a media española que é de 0,15 sesións por habitante e a media galega que é de 0.43. Isto pódese explicar por dous motivos, o primeiro e que todas as bibliotecas contan cunha boa conexión wifi e a tendencia é que a xente acuda ás bibliotecas cos seus ordenadores portátiles e as sesións de acceso a través de a wifi non se poden tecnicamente contabilizar. O segundo motivo, é que moitas das persoas que acudían na procura de axuda das traballadoras bibliotecarias para poder acceder a internet se han derivado ao servizo de atención tecnolóxica que é moito máis personalizado.
  - Ofertamos 6,91 ordenadores de acceso público á internet por cada 10.000 hab. (fronte aos 6,75 de 2021) conectados á rede municipal ou á wifi municipal. Con este servizo aseguramos o libre acceso e gratuíto, á internet e aos servizos dixitais. Superamos os 4,69 ordenadores por habitante da media española e os 6,17 da media galega. Pero, se observamos unicamente o indicador do número de ordenadores pode parecer que temos una boa situación con relación aos equipos informáticos pero a realidade é que, fronte a fortaleza de número de equipos, existe unha gran debilidade relacionada coa antigüidade dos equipos, a actualización de programas e o subministro de aplicacións moi demandadas.

- Os usos do servizo de audición, visionamento e consolas crece nun 137 % aínda que a tendencia dende 2019 é a decrecer, un 87%. Tendencia que levou a que nalgunhas bibliotecas retiraran os equipos e que, probablemente, suporá a extinción desta prestación. bibliotecas retiraran os equipos e que, probablemente, suporá a extinción desta prestación.
- O servizo de atención tecnolóxica e un servizo de gran aceptación social e en crecemento continuo. No 2022 atendéronse un total de 4.058 consultas (3.962 consultas presenciais) o que supuxo un 43% máis que no 2021 e un 28 % máis que no 2019.
- En tanto á oferta das actividades segue sendo ampla aínda que non se chegou a alcanzar as cifras pre-pandemia. Nas bibliotecas de proximidade, con 7,92 actividades cada 1000 habitantes (media española de 2,88 e media galega de 1,37) houbo un incremento da oferta en un 126,40 % con respecto ao ano 2021 pero esta segue sendo menor que no 2019. Esta redución explícase, por una banda, porque a recuperación da demanda dos servizos e actividades, despois da pandemia, non é inmediata senón que é paulatina e, por outra banda, porque os cursos de inclusión dixital foron substituídos na maior parte polo servizo de atención tecnolóxica que é un servizo personalizado. Tamén influíu a decisión



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

de excluír do cómputo global as actividades da Biblioteca de Estudos locais posto que a súa natureza de biblioteca especializada así o aconsella.

- No ámbito virtual, os/as seguidores/as das Bibliotecas nas redes sociais seguen a incrementarse, cun 0,35% máis de fans en Facebook e Twitter (28.030). As visitas realizadas á web propia (con 233.505 no ano 2021) decrecen nun 15% pero isto pode deberse á ausencia do tráfico para as inscricións en actividades presenciais, que sempre se realizan a través do portal.

## CONCLUSIÓNS

Na última década, as bibliotecas están a sufrir un decremento no número de persoas usuarias e nos usos que a cidadanía fai dos seus servizos. A realidade é complexa, mais podemos esbozar algúns aspectos cruciais que poden fundamentar este adelgazamento:

- As bibliotecas recuperaron unha gran parte das persoas usuarias que se perderan na pandemia pero aínda non todas. A recuperación é lenta pero contínua.
- As bibliotecas municipais da Coruña non son alleas ao pulso xeral que se está a manifestar noutras bibliotecas. Existe unha demanda menor da oferta tradicional (préstamo, consulta en sala, etc.) pero cada vez é maior a procura de servizos específicos, sobre todo educativos. Este tipo de oferta require máis esforzo e preparación por parte do persoal bibliotecario, aínda que a súa repercusión en número de persoas usuarias implicadas será máis feble, na medida que se trata de servizos moi personalizados dirixidos a pequenos grupos de persoas, pola contra son servizos con moito valor social. Debemos continuar por este camiño xa iniciado anos atrás, e impulsado no 2022, porque a resposta á oferta foi moi boa e porque as novas demandas sociais o requiren.
- Os recursos virtuais e tecnolóxicos das bibliotecas precisan unha actualización urxente para poder adaptar a nosa organización e os nosos servizos ás demandas da transformación dixital da sociedade dos últimos tempos. A finais de 2021, contratouse a unha empresa especializada para que fixera unha diagnose para implantar unha serie de melloras. Moitas delas trasladáronse ao Servizo de Informática e no 2022 se cambiaron os ordenadores dos mostradores de atención ao público quedando pendentes aínda moitas das actualizacións.
- As bibliotecas máis antigas (Durán Loriga e Monte Alto) necesitan ampliarse e modernizase porque non cumpren os estándares mínimos no relativo á superficie e aos requisitos de equipamento das bibliotecas modernas. Estas bibliotecas, coas instalacións tan antigas, non poder prestar os servizos de calidade que as súas zonas de proximidade requiren.
- A Biblioteca Sagrada Familia necesita ampliarse para poder cumprir cos estándares de superficies e para desenvolver o proxecto de laboratorio cidadán, proxecto deseñado e aprobado no 2018 e 2019. Ademais debido a o intenso uso necesita unha renovación da instalación.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Casa das Ciencias

*Responsable:* Pérez Maldonado, Marcos
*Dirección:* *Aquarium Finisterrae*
*Teléfono:* *981 189848*

## MISIÓN

Divulgación da Ciencia

## FUNCIÓNS

1. Integrar a cultura científica cos aspectos artísticos e literarios da cultura humana.
2. Comprender como interveñen na nosa vida as múltiples facetas da ciencia e a tecnoloxía.
3. Desenvolver nos cidadáns o coñecemento, a comprensión e a valoración da ciencia.
4. Popularizar a ciencia e a tecnoloxía entre os cidadáns de todos os niveis de educación e de todas as idades.
5. Axudar ás persoas para sentir as súas raíces no pasado da humanidade, dándose conta de que os feitos, as ideas e eles mesmos son parte da natureza.
6. Convocar concursos e feiras de ciencia e expoñer traballos creativos científicos.
7. Deseñar, crear e elaborar elementos e programas que sirvan de axuda á educación científica.
8. Organizar conferencias, seminarios, cursos, talleres, coloquios e proxeccións sobre temas científicos, tecnolóxicos e da natureza.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

Tres áreas de resultado clave:

1. Atención o público.
2. Divulgación.
3. Promoción científico-cultural

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Os Museos Científicos Coruñeses teñen uns obxectivos xerais dirixidos a consecución da divulgación da ciencia:

1. Promover a cultura científica entre cidadáns de todas as idades, prestando especial atención aos temas que conforman a actualidade informativa.
2. Incrementar o impacto e os visitantes ás exposicións, tanto escolares como público xeral, mediante a mellora da oferta museística e da xestión dos recursos.
3. Establecer colaboracións con outras institucións e organizacións públicas e privadas que comparten obxectivos e intereses, para formalizar novos proxectos de colaboración.
4. Participar en proxectos con organizacións e museos nacionais e doutros países que comparten os obxectivos de divulgación e promoción da cultura científica.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

5. Afondar na promoción da imaxe dos Museos Científicos como recurso educativo, pero tamén como espazo para o lecer da cidadanía e polo de atracción turística da Coruña.
6. Renovar as infraestruturas expositivas e doutro tipo para manter actualizados os contidos e ofrecer un mellor servizo aos usuarios.

Para a consecución destes obxectivos xerais os Museos enfróntanse a retos diferentes ao resto da administración municipal, retos identificados na Memoria de 2021 e que en gran parte seguen pendentes. Podemos destacar as seguintes actuacións realizadas durante o exercicio 2022:

- Normalización da actividade dos Museos tras as restricións provocadas pola pandemia, especialmente no referido ás visitas escolares.
- Organización do Día da Ciencia en Cálea tras a saída da Asociación de amigos da Casa das Ciencias.
- Renovación dos contidos das salas de exposicións: Estas renovacións, que son o principal recurso para fomentar o interese do público, dependen en gran medida das consignacións orzamentarias destinadas aos Museos Científicos, que cada ano son máis escasas. De todos os xeitos conseguiuse renovar:
    - O hall do Acuario.
    - O módulo do parto
    - Iniciouse a posta en marcha de pitiños.
    - Deseñouse e construído un novo módulo sobre diversidade sexual humana
    - Licitouse o planetario dixital
- Os Museos Científicos han participado en convenios de colaboración con outras entidades con obxectivos comúns, compartindo experiencias e achegándoas aos cidadáns. Ademais obtivéronse subvencións de organismos nacionais e internacionais.
- Renováronse os aseos da Casa das Ciencias.
- Redactáronse os proxectos técnicos necesarios para a execución das obras de sanatorio de focas, instalación de londras, impermeabilización de cubertas de Casa Ciencias e Biblioteca.
- Durante o exercicio 2022 traballouse para a implantación da venda de entradas en liña, moi demandada polos usuarios dos museos, así como polos axentes que moven grandes grupos como os cruceiristas, escolares, asociacións, etc. A finais de ano empezáronse coas probas na Domus e no Aquarium para o cambio de aplicación.
- Concesións: Nos Museos Científicos hai tres locais en concesión: A tenda do Aquarium, a Cantina do Aquarium e o restaurante da Dumus. Dos tres locais unicamente está ocupado o destinado á tenda. Durante o exercicio 2022 liquidáronse os canons pendentes das tres concesións e enviouse a documentación necesaria ao Servizo de Contratación para licitar a Cantina do Aquarium.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Ademais os Museos Científicos han continuado co seu labor de achegamento e divulgación da ciencia a todos os cidadáns, coa realización de exposicións temporais ademais das permanentes, programas no Planetario, programas de atención a grupos escolares, laboratorio aberto, campamentos da ciencia, participación en proxectos de investigación, semana da ciencia, o día da ciencia na rúa, etc.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 1.413.702,45 | 1.394.587,15 | 1.441.689,92 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Indirecta | 189.318,42 | 221.766,35 | 241.191,79 |
| | Imputación Directa | 4.935.412,06 | 4.510.252,30 | 2.854.043,86 |
| | TOTAL GASTOS | 6.538.432,93 | 6.126.605,80 | 4.536.925,57 |

**RESULTADOS DA ACTIVIDADE**

| Actividad | Clas. | Cuantificador | Resultado |
|---|---|---|---|
| Casa Ciencias | P | Exposicións temporais | 3 |
| | | Programas Planetario estreos | 2 |
| | | Programas Planetario continuidade | 7 |
| | | Outras actividades | 5 |
| | | Nº visitas grupos escolares | 24.825 |
| | | Nº visitas público no escolar | 54.330 |
| | | Nº visitas Planetario grupos escolares | 19.525 |
| | | Nº visitas Planetario público no escolar | 18.557 |
| Domus | P | Exposicións | 2 |
| | | Cine | 2 |
| | | Talleres escolares laboratorio aberto | 7 |
| | | Talleres escolares espazo MAKER@DOMUS | 4 |
| | | Outras actividades | 5 |
| | | Nº visitas grupos escolares | 26.316 |
| | | Nº visitas público no escolar | 62.391 |
| Aquarium Finisterrae | P | Novas exposicións na sala Maremagnum | 2 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Novas exposicións na sala Víctor López Seoane | 2 |
| | | Novas expsosicións na sala Isabel Castelo | 2 |
| | | Exposicións de continuidade na sala Humblot | 1 |
| | | Atención a grupos escolares, itinerario e talleres | 8 |
| | | Proxectos de investigación nos que participa o Aquarium | 2 |
| | | Outras actividades | 9 |
| | | Nº ususarios aventura coas focas | 773 |
| | | Nº usuarios campamentos | 51 |
| | | Nº visitantes grupos escolares | 38.357 |
| | | Nº visitantes público non escolar (incluido visitante 6 millóns) | 180.808 |
| Día da Ciencia na rúa | P | Nº colexios/entidades participantes | 55 |
| | | Nº alumnos participantes | 650 |
| Premios | P | nº categoría premios Prismas XXXV edición | 8 |
| Produccion audiovisual | P | Videos divulgativos elaborados por persoal dos museos | 57 |
| Presencia en redes sociais | P | Nº seguidores Facebook | 20.826 |
| | | Nº seguidores Twitter | 10.200 |
| | | Nº seguidores Instagram | 4.935 |
| | | Nº ususarios web | 212.559 |
| Outras actividades en colaboración cos museos | P | III encontro da noite: charlas/exposicións | 10 |
| | | Conferencias organizadas con CorBi Foundation | 4 |
| | | Ciclo concertos "Latexos" e outros concertos | 7 |
| | | Outros eventos | 14 |
| Cánones concesións | P | Importe liquidado cánones atrasados | 56.812,22 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| visitas palacete | 30.174 | 27.266 | 89.155 |
| visitas domus | 21.845 | 19.849 | 88.707 |
| visitas acuario | 80.778 | 145.009 | 219.165 |
| presencia prensa local-regional | 286 | 243 | 312 |
| presencia prensa nacional | 20 | 20 | 35 |
| presencia en prensa internacional | 0 | 0 | 1 |
| presencia en radio | 26 | 33 | 25 |
| presencia en television | 16 | 15 | 15 |
| ingresos brutos palacete | 19.187 | 38.333 | 119.925 |
| ingresos brutos domus | 12.565 | 20.004 | 84.099,71 |
| ingresos brutos acuario | 237.731 | 453.469 | 1.045.396 |

## CONCLUSIÓNS

Atendéronse as inquietudes dos cidadáns sobre temas científicos tanto a través da actividade nos propios museos, como exposicións, proxeccións, conferencias, cursos e talleres, como participando, colaborando ou promocionando en actividades organizadas por outras entidades dentro e fóra dos museos.

O número de visitantes que recibiron os tres museos durante o ano 2022 recuperáronse con respecto a antes da pandemia, incluso incrementáronse:

| | **2022** |
|---|---|
| Visitas Palacete | 84.155 |
| Visitas Domus | 88.707 |
| Visitas Acuario | 219.165 |
| **TOTAL** | **391.986** |

- No apartado dos ingresos a recadación tamén se incrementou e liquidáronse os cánones atrasados das concesións.

| | |
|---|---|
| Total ingresos por usuarios | 1.249.420,71 |
| Total liquidado concesiones | 56.812,22 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Consorcio da música

*Responsable:* Lacasa Nikiforov, Andrés
*Dirección: Plaza de América, 3*
*Teléfono: 981 252 021*

## MISIÓN

O Consorcio para la Promoción da Música asume a xestión directa da Orquesta Sinfónica de Galicia (OSG) e de todos os proxectos musicais que se organizan ao seu arredor: Coro Adulto OSG, Coro Novo e Coro infantil, Orquestra Nova, Orquestra infantil, Abono Venres, Abono Sábado, Festival de Ópera da Coruña, Concertos en Galicia, e ten entre outros obxectivos difundir a música mediante actuacións da propia Orquesta Sinfónica de Galicia e de todos os seus proxectos satélite, así como por medio da realización de gravacións e transmisións por radio, televisión e outros medios técnicos de comunicación. O consorcio xestiona, mediante concerto co Concello da Coruña, o servizo da Escola Municipal de Música da Coruña (EMM). Ademais, tamén ten por obxectivo promover toda clase de actividades musicais: sinfónicas, operísticas, corais, sinfónico-corais, de cámara, recitais, etc, a través da colaboración con agrupacións, organismos e institución nacionais e estranxeiras, así como divulgar as actividades do consorcio mediante a venda de libros, revistas así como de discos CD, DVD e similares. Nos últimos anos, a través das bolsas de excelencia musical que xestionaba o consorcio, deuse un paso moi importante no apoio ao novo talento galego.

## FUNCIÓNS

Elaboración e realización da temporada de concertos de abono da Orquesta Sinfónica de Galicia así como da realización dos diversos concertos extraordinarios, a súa participación en xiras de concertos en diversas cidades e ciclos de concertos de Galicia e España así como a realización de diversas gravacións para a súa emisión por radio e televisión e a través da súa canle de Youtube.

Organización e xestión dos diversos proxectos artísticos e educativos dependentes da Orquesta Sinfónica de Galicia, como a Orquestra Nova, Orquestra infantil, Concertos Didácticos para escolares, Coro adulto da OSG, Coro Novo da OSG e Coro infantil da OSG e a Escola Municipal de Música

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

Aínda que non existe unha área que se poida considerar prevalecente sobre as demais, e atendendo á propia natureza do Consorcio para la Promoción da Música, na que a realización e difusión da actividade forman un todo que se debería considerar como áreas clave, hai que ter en conta que no exercicio 2022 o consorcio recuperou en 2022 a realización de actividades ordinarias ao levantarse as restricións de aforo en todos os teatros e auditorios, recuperándose as xiras tanto da OSG como das agrupacións infantís. Volveuse a colaborar co Festival Internacional de piano Cidade de Ferrol, o Festival Resis de Música Contemporánea, o Conservatorio Superior de Música da Coruña e Música en Compostela. A recuperación de público foi paulatina ao existir aínda reticencia por parte do público para asistir a concertos en auditorios en interiores. A pesar diso, as actividades didácticas e os concertos da OSG e as distintas agrupacións recuperaron o 80% do público



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

que se tiña en 2019. As agrupacións da OSG ampliaron a súa presenza na provincia da Coruña realizando concertos en Vimianzo, Ares e Ferrol. Mantéñense contactos con concellos como Carballo, Melide, Rianxo, Culleredo, Arteixo e Vimianzo para programar concertos no futuro. As agrupacións xuvenís enmarcadas dentro do programa SonFuturo seguen mantendo unha importante actividade na provincia da Coruña, xerando un importante labor a nivel pedagóxico e social coa presenza e beneficiando a máis de 304 alumnos directamente.

A nivel virtual de internet, as gravacións dá Sinfónica de Galicia na súa canle YouTube durante o último ano ascenderon a 8.925.837 visualizacións.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Recuperáronse as actividades didácticas con colexios e institutos da provincia, e fóra do Concello da Coruña houbo varias saídas a Betanzos, Ferrol, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo, e Vilagarcía. Grazas á incorporación do remanente de tesoureiría xerado en exercicios anteriores, o coro e as agrupacións infantís realizaron senllas xiras en Galicia. Mantense a colaboración co Festival Resis que permitiu estrear gran parte dos encargos do proxecto.

A tempada de abono da OSG levouse a cabo principalmente no Palacio da Ópera da Coruña, permitindo á OSG recuperar o repertorio e programación habitual e contando con solistas e directores de primeiro nivel.

O proxecto educativo “SonFuturo”, que inclúe as actividades da Orquestra Nova, da Orquestra infantil, do Coro infantil e do Coro novo segue impulsando a creación e a ampliación da base social e educativa na provincia da Coruña. Neste ano A Orquestra Nova e a Orquestra infantil recuperaron a súa actividade normal semanal con clases e encontros.

En 2022 seleccionáronse a través de audicións alumnos para as agrupacións, conseguindo acceder a elas un total de 156 entre activos e reservas na Orquestra Nova con idades entre e 15 e 23 anos e 86 na Orquestra infantil con idades entre 8 e 15 anos. A Orquestra Nova organízase a través de encontros en períodos festivos e este ano recuperáronse os 3 encontros anuais. En 2022 os Coro infantil, Coro novo e Coro tamén recuperaron a súa actividade e seleccionáronse a través de audicións alumnos para os coros, conseguindo acceder a elas un total de 27 no dos Coro infantil con idades entre 8 e 16 anos, 35 no Coro Novo con idades entre 16 e 22 anos e 84 no Coro adulto. O Coro adulto nútrese de cantantes de toda a provincia e ao ter carácter amateur os seus cantantes non perciben remuneración algunha, soamente reciben unha axuda de manutención para as comidas e os bocadillos durante os concertos, así como de transporte para aqueles que se teñen que desprazar desde fóra da cidade.

O convenio subscrito entre o Consorcio para a Promoción da Música e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia para a realización de actividades extraordinarias vinculadas ao Xacobeo 21-22 permitiu impulsar e potenciar a visibilidade internacional da Sinfónica de Galicia, aumentando a súa presenza no territorio nacional a través de varias xiras a Santander, Madrid e San Sebastián no ano 2021, potenciou e aumentou considerablemente o proxecto social e didáctico a través da realización de concertos e xiras das agrupacións infantís e dos coros en todo o territorio galego e, o



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

proxecto de encargos e estreas permitiu apoiar e poñer en valor a creación de música actual a través de encargos sinfónicos e de música de cámara a diversos compositores galegos.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 3.300.000,00 | 3.300.000,00 | 3.300.000,00 |
| | Imputación Indirecta | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | TOTAL GASTOS | 3.300.000,00 | 3.300.000,00 | 3.300.000,00 |

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| OSG: Concertos de abono | P | Nº de concertos | 32 |
| | | Nº de abonados | 1.326 |
| | | Nº de espectadores | 27.615 |
| OSG: Concertos Didácticos | P | Programas didácticos | 4 |
| | | Sesións de concertos | 48 |
| | | Nº de alumnos | 12.417 |
| | | Colexios inscritos | 80 |
| | | Concertos en familia | 4 |
| OSG: Orquestra Nova | P | Nº de alumnos | 156 |
| | | Nº de prazas | 156 |
| | | Nº de encontros | 3 |
| | | Nº de concertos | 4 |
| OSG: Coro Adulto | P | Nº de inscritos | 84 |
| | | Nº de actuacións | 10 |
| OSG: agrupacións infantís | P | Nº de inscritos Orquestra Infantil | 86 |
| | | Nº de actuacións Orquestra Infantil | 6 |
| | | Nº inscritos Coro Novo OSG | 35 |
| | | Nº de actuacións Coro Novo OSG | 15 |
| | | Nº de inscritos Coro infantil | 27 |
| | | Nº de actuacións Coro infantil | 6 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| OSG nº de conciertos de abono | 15 | 34 | 32 |
| OSG nº de abonados | 1.740 | 1.295 | 1.326 |
| OSG nº de espectadores | 25.000 | 15.000 | 27.615 |
| OSG nº de alumnos JOSGA | 156 | 139 | 156 |
| OSG nº asistencia escolares | 0 | 0 | 12.417 |
| Escola Municipal de Música - Matrículas | 471 | 514 | 643 |

## CONCLUSIÓNS

Dada a actual situación económica, e tendo en conta:

Os incrementos anuais das retribucións do persoal do consorcio de conformidade co previsto na Lei de Orzamentos xerais do Estado de cada exercicio e nos convenios Colectivos.

Se retomou o contrato do aluguer do Palacio da Ópera e é preciso manter as consignacións para facer fronte aos gatos derivados do mesmo pois o actual contrato prevé una asignación fixa e outra variable. Debido a que se trata dunha concesión municipal e o Concello aproba anualmente as tarifas da concesionaria, o Consorcio non ten capacidade para negociar nin reducir o custo anual que lle supón alugar o Palacio da Ópera. Grazas á colaboración do Conservatorio Superior de Música da Coruña, as agrupacións infantís e os coros ensaian fóra do Palacio.

Salvo que os entes consorciados aumenten proporcionalmente as súas aportacións, farase necesario reducir o orzamento durante os próximos exercicios nas partidas destinadas á Orquestra Nova, aos Coros e das concertos didácticos. Así mesmo, é imprescindible que o novo marco que regule a xestión da Escola de Música a partir do curso 23-24 tamén prevexa e compense o déficit que xera o aumento dos gastos fixos da Escola; como é o gasto de persoal e o gasto para o funcionamento ordinario. A xestión da Escola Municipal xerou desde 2018, cando se reduciron as taxas e matrículas, un déficit acumulado de aproximadamente 244.959,49 euros que tivo que asumir o Consorcio cos seus propios recursos.

Levamos desde 2015 aplicando políticas de redución do gasto ao obxecto de manter as contas saneadas e garantir a viabilidade futura da entidade.

Vistos os resultados de 2022 e tendo en conta a situación existente, a asistencia ás actividades principais da OSG víronse afectadas pola crise xerada pola covid-19 e haberá que esperar aínda varios anos para a total volta á normalidade en canto á venda de entradas e abonos. A actividade a través de redes sociais e Youtube segue aumentando permitindo manter unha importante visibilidade do proxecto. O financiamento das actividades didácticas e sociais (SonFuturo e Coros) seguen a ser un pilar fundamental para o consorcio.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Consorcio de Turismo

*Responsable:* Jorge Naranjo, Moisés
*Dirección: Calle Sol . Edificio Sol, s/n 15003 A Coruna*
*Teléfono: 981 184 344*

## MISIÓN

Promoción turística e congresual da cidade da Coruña.

## FUNCIÓNS

1. Promover o estudo dos recursos turísticos do municipio e potenciar os factores básicos.
2. Realizar actuacións encamiñadas á atracción e fixación do turismo na Coruña e os seus arredores.
3. Intensificar as accións e xestións ante as Administracións Publicas (Central, Local, Autonómica e Institucional) e ante os particulares para mellorar e potenciar as condicións turísticas actuais.
4. Editar publicacións que tendan a mellorar a información dos recursos turísticos coruñeses.
5. Promoción do congresismo mediante a captación, organización directa ou en colaboración con outros Entes, de Congresos, tanto de carácter nacional como internacional.
6. Colaborar coas Administracións Central, Provincial e Autonómica en toda aquelas actividades e actuacións que tendan á consecución dos fins do CONSORCIO, e
7. En xeral promover e potenciar todas aquelas actividades que dalgún modo tendan ao fomento e desenvolvemento do turismo e os congresos na cidade da Coruña.
8. Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña poderá participar, sempre sen ánimo de lucro, de modo directo en calquera outra sociedade, pública ou privada e co fin de fomentar e promocionar o turismo e as actividades recreativas, deportivas e culturais de calquera índole, no ámbito territorial no que o Consorcio desenvolve a súa actividade.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

- - -

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Incrementar o número de visitantes e pernoctacións.
- Incrementar a actividade do aeroporto de Alvedro.
- Impulsar o turismo gastronómico e MICE.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 3.500.000,00 | 2.252.212,10 | 4.000.000,00 |
| | Imputación Indirecta | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | TOTAL GASTOS | 3.500.000,00 | 2.252.212,10 | 4.000.000,00 |

**RESULTADOS DA ACTIVIDADE**

| Actividad | Clas. | Cuantificador | Resultado |
|---|---|---|---|
| ASISTENCIA A FERIAS | P | Nº FERIAS NACIONALES | 2 |
| | | Nº FERIAS INTERNACIONALES | 4 |
| ATENCION AL PUBLICO EN OFICINAS | P | PERSONAS ATENDIDAS | 107.769 |
| VISITANTES TORRE DE HERCULES | C | VISITANTES TORRE DE HERCULES | 89.316 |
| VIAJES DE FAMILIARIAZACION (FAM Y PRESS TRIPS) | P | GRUPOS DE PROFESIONALES INVITADOS A LA CIUDAD | 8 |
| ACTIVIDAD MICE EN LA CIUDAD | P | Nº CONGRESOS | 22 |
| | | Nº FERIAS | 11 |
| | | ASISTENTES A FERIAS Y CONGRESOS | 200.000 |
| | | IMPACTO ECONOMICO EN LA CIUDAD | 145.000.000 |

**INDICADORES**

| INDICADOR | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|
| CONSULTAS EN OFICINAS (MILES) | 18 | 37 | 107 |
| VISITANTES TORRE DE HERCULES (MILES) | 21 | 29 | 89 |
| PASAJEROS CRUCEROS ATRACADOS EN PUERTO DE A CORUÑA (MILES) | 2 | 0 | 223 |
| CRUCEROS ATRACADOS EN PUERTO DE A CORUÑA | 4 | 0 | 136 |

## CONCLUSIÓNS

- Aumento de la rentabilidad media por cama turística ocupada en la ciudad , según datos del INE
- Aumento de actividad MICE en A Coruña
- Aumento ocupación en los vuelos con respecto al 2021 durante todo el 2022



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Exposicións e Colecciónes

*Responsable:* Oiza Galan, Jaime
*Dirección: Palacio Municipal de Exposiciones Kiosko Alfonso*
*Teléfono: 981189898*

## MISIÓN

- Achegar aos cidadáns as manifestacións de artes plásticas, sen prexuízos de época, estilo...
- Velar pola conservación do patrimonio artístico moble do Concello coruñés, fomentando a súa difusión e incremento.
- Posibilitar espazos de comunicación e difusión aos creadores galegos.

## FUNCIÓNS

- Realización de exposicións de tema artístico, histórico ou de actualidade.
- Facilitar aos autores da nosa contorna a presentación da súa obra en condicións óptimas.
- Potenciar a colección artística municipal, tanto no referente ao aumento de obras, como á súa conservación e difusión.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

- Desenvolver unha renovación das infraestruturas expositivas, adaptándoas ás condicións de conservación, seguridade e estética requiridas.
- Consolidar as novas liñas expositivas nas diferentes salas, cunha maior especialización en cada unha delas.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Manter a continuidade das exposicións.
- Potenciar as mostras de artistas da nosa contorna, aumentando a interrelación e comunicación
- Participar no ano Mª Casares, cunha gran mostra no Kiosco Alfonso e outras menosres noutra salas.
- Darlle un maior protagonismo á XXV edición de Viñetas desde o Atlántico.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 178.395,04 | 159.258,95 | 146.035,18 |
- Programa Espazocoop Acompaña: asesoramentos e acompañamentos, tanto para cooperativas activas como para grupos promotores, empresas en crise que valoren a súa transformación en cooperativa, persoas autónomas para agrupar servizos, recursos, investimentos. Primarase a participación das cooperativas que presenten maiores dificultades para superar a situación postpandemica. Realizarase, para isto, unha labor de diagnose do tecido cooperativo do municipio para chegar as entidades que o precisen.

Total de 100 horas de asesoramento e acompañamento, flexibles en función das necesidades e demandas dos proxectos acompañados.

- Programa Teleformación Cooperativa: esta actividade consiste en 2 accións formativas que conforman un Itinerario que ten como obxectivo dotar de recursos as persoas emprendedoras e socias cooperativistas. As asembleas son a ferramenta básica para exercer a participación en igualdade e actuar consonte aos principios e valores cooperativos, polo que compre desenvolver habilidades e técnicas que melloren o funcionamento das mesmas. Por outra banda, todo proxecto emprendedor, e tamén os proxectos cooperativos precisan ter unhas nocións básicas de financiamento, coa segunda das acción formativas achegamos ás persoas socias e promotoras de proxectos información e ferramentas que lles permitan ampliar as opcións de financiamento dos seus proxectos

Duración: 40 horas por acción formativa, 80 horas en total.

Modalidade: teleformación con sesións virtuais de aprendizaxe

Dirixido a: persoas cunha idea de negocio e/ou proxecto empresarial interesadas en valorar a viabilidade de emprender baixo a fórmula cooperativa. Persoas socias e/ou asalariadas de cooperativas en funcionamento. Público interesado en xeral. Primarase a participación de persoas pertencentes a grupos promotores, ás que proveñan de empresas en crise, persoas traballadoras coa condición de autónomas, etc.

- Programa Cooperativismo nos Centros de Ensino: Esta proposta componse de dous tipos de actividades complementarias entre si e co mesmo obxectivo de dar a coñecer as persoas participantes a idoneidade da formula cooperativa como vía de acceso ao emprego a través do emprendemento colectivo.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Charlas informativas "E ti, coñeces a fórmula?": dirixidas ao alumnado de centros de ensino secundario e formación profesional da cidade da Coruña.
- Ciclo de Táboas redondas: "Montar unha cooperativa é unha boa opción": Sesións de traballo onde persoas socias de cooperativas das familias profesionais vinculadas aos centros de ensino participantes presentan o seus proxectos e establecen un dialogo co alumnado participante para resolver as dubidas e atender as consultas que se produzan. Unha persoa de Espazocoop dinamizara a táboa na que se achegara tamén información de interese relacionada co emprendemento cooperativo.

Duración: As charlas informativas teñen unha duración de 90 minutos, aos que haberá que engadir outros 30 minutos de preparación da execución.

Para as táboas redondas pensase nunha duración de dúas horas que inclúe a presentación das cooperativas participantes e o espazo de dialogo coas asistentes.

Modalidade: Idealmente ambas actividades se propoñen para a modalidade presencial. Poren, en función da situación sociosanitaria do momento ou da demanda dos centros participantes, valorase o paso a modalidade de teleformación no caso das charlas informativas.

Dirixido a: alumnado e profesorado dos centros de ensino secundario, nomeadamente Formación Profesional da cidade da Coruña e a contorna de influencia.

Dinamizando o Local desde o Cooperativismo _ Xornada de Fomento e Intercooperación Cooperativa: Xornada dirixida a poñer en valor e difundir as empresas cooperativas da área de influencia do municipio da Coruña. Favorecerase o intercambio de información e o coñecemento mutuo entre as cooperativas participantes, a vez que se dará a coñecer a cidadanía e tecido socioeconómico do municipio, boas practicas de cooperativas. A xornada conta con relatorios, mesas de experiencias, promoción de produtos e servizos en diferentes formatos e un espazo *pitch elevator* para a presentación dos proxectos cooperativos participantes, consolidados e de nova creación.

✓ **ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS (AJE),** por un importe de 34.997,08 €

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración económica entre o Concello da Coruña e a ASOCIACIÓN JÓVENES EMPRESARIAS Y EMPRESARIOS DE A CORUÑA – AJE CORUÑA co fin de contribuír ao desenvolvemento de programas para o emprendemento empresarial mediante a execución do "**Programa Propulsa**" dirixido a axudar a 38 proxectos emprendedores.

O programa PROPULSA ten como obxectivo reorientar e apoiar ás empresas da cidade. Identificar os retos da persoa emprendedora no momento no que se atopa e darlle apoio para afrontalos, a través do acompañamento continuo. Pretendese ofrecer solucións e axudas ás empresas que atravesan complicacións derivadas da situación de pandemia.

✓ **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE A CORUÑA (AECO)**, por un importe de 6.000 €

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración económica entre o Concello da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE A CORUÑA – AECO - co fin de contribuír ao desenvolvemento de programas de asesoramento e formación a mulleres emprendedoras mediante a execución do "Programa AVANZADAS CORUÑA"



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

que ten coma obxectivo a formación empresarial e a mellora das capacidades das persoas emprendedoras para sacar adiante as súas ideas e proxectos.

## 2. ACTUACIÓNS DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA CIDADE TRAS A CRISE DO COVID-19

- **Convocatoria específica para a concesión de subvencións para o mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal da Coruña, no marco do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO) no exercicio 2022.**

O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica foi de catrocentos mil EUROS (400.000,00 €), co detalle que sigue:

| Concepto | Aplicación | Importe |
|---|---|---|
| **Axudas para o pago de cotas de Seguridade Social ou ás Mutualidades dos colexios profesionais das persoas físicas autónomas** | **61.430.479.01** | **300.000,00 €** |
| | **60.433.470.00** | **100.000,00 €** |
| **Total** | | **400.000,00 €** |

Presentáronse **3.988 solicitudes** para participar na convocatoria do ano 2022.

Concedéndose axudas por un **importe total de 399.974,02€**.

Tramitáronse ademais solicitudes correspondentes á liña 1, 2 e 3 (capítulo 4) da convocatoria 2021 cunha **incorporación de remanentes**, por un total de **50.000,00€** , concedendo a subvención, a 26 **expedientes de remanentes** por un importe de **44.020,07€.**

Co que o **total de axudas tramitadas** e concedidas por este concepto no ano 2022 ascendeu a un **total de 443.994,09€.**

## 3. DIFUSION DA CULTURA EMPRENDEDORA

Coa finalidade de difundir o espírito do emprendemento entre o alumnado da cidade, o Concello organiza dous programas de difusión da cultura emprendedora, adaptando os obxectivos e contido de cada un deles aos seus destinatarios:

- Programa Semente, para alumnado de educación primaria e educación especial.
- Programa Inicia, dirixido ao alumnado de ciclos formativos e ensinanzas especiais.

Tras un descenso na participación nos anteriores dous anos por mor da situación sanitaria e a incertidume, no curso escolar 2021/2022 a participación tomou un novo pulo.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## Proxecto SEMENTE

O Proxecto Semente "Unha empresa na miña escola", está destinado ao alumnado entre terceiro e sexto de primaria así como ao de educación especial.

Durante o proxecto promóvese a adquisición de competencias emprendedoras e dos valores do cooperativismo e do traballo en equipo entre os mais cativos, a través da creación dunha cooperativa escolar.

As actuacións que se desenvolveron foron as seguintes:

**Módulos formativos** (9 sesións en cada centro educativo)**.**

- **Cooperativismo** (novembro 2021 - abril 2022). Cinco sesións co seguinte contido:
    1. Cooperativismo: valores e forma de funcionamento
    2. Creación da cooperativa
    3. Imaxe corporativa
    4. Produto
    5. Venda e resultados
- **Elaboración de produtos** (novembro 2021 – abril 2022). Catro sesións para titorizar a elaboración dos produtos que se venderan no mercado ao final do curso.

**Entrega de Licenzas** (28.04.2022 – Salón de Plenos do Concello)

Representantes das cooperativas solicitaron, no Salón de Plenos do Concello, o permiso para a venda no mercado dos produtos que elaboraron ao longo do curso.

Tras un discurso de presentación da súa cooperativa recibiron a súa Licenza de mans do concelleiro.

**Mercado Semente** (20.05.2022 – Praza de María Pita)

Durante toda a tarde o alumnado vendeu os produtos elaborados durante o curso escolar. O mercado contou con música, animación, merendas e regalos para todo o alumnado participante.

A celebración do mercado foi un éxito, cunha grande asistencia de público, xa que ademais das familias e do resto de alumnado dos centros participantes, uníronse cidadáns que se achegaron a visitalo e fixeron compras nas casetas das cooperativas, chegando algunha delas a esgotar os produtos. A asistencia total estímase en torno ás 1.000 persoas.

Como peche entregáronse os **premios**:

- Centro mais implicado (cheque regalo de 300€ para material escolar):
    - ✓ CEIP Manuel Murguía
- Mellores cooperativas (xogo educativo de mesa para todo o alumnado):
    - ✓ "Shoppin'Art" do CPR Eirís
    - ✓ "Mans Máxicas" do CPR Hijas de Jesús



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Participantes no curso 2021/2022:

| CENTRO EDUCATIVO | Nº COOP. |
|---|---|
| CPR Calasanz – Escolapios | 3 |
| CPR Eirís | 2 |
| CPR Hijas de Jesús - Jesuitinas | 4 |
| CPR Karbo | 1 |
| CEIP Manuel Murguía | 1 |
| CPR Montegrande | 1 |
| CPR Sagrado Corazón - Franciscanas | 3 |
| CEIP San Pedro de Visma | 2 |

**Datos** curso escolar 2021-2022:

- Centros participantes: 8
- Cooperativas: 17
- Alumnado participante: 391
    - Nenas: 205
    - Nenos: 186

## Programa INICIA

O programa persegue a difusión e implantación do espírito emprendedor empresarial entre o alumnado de Ciclos Formativos e Ensinos Especiais radicados na cidade.

Ao longo do curso escolar realizáronse as seguintes **actuacións**:

**Módulos de formación** (novembro 2021 - febreiro 2022) nos centros educativos:

1. Presentación e motivación
2. Primeira titorización de proxectos
3. Segunda titorización de proxectos
4. Taller de presentación de proxectos

Simulacións de presentación de proxectos.

Os días 9 e 10 de marzo o alumnado que o solicitou acudiu a ACCEDE Papagaio a presentar o seu proxecto e poñer en práctica o aprendido no último taller. Acudiron 8 proxectos a realizar a dita simulación.

**Selección** dos proxectos presentados (11 de marzo).

O Comité de valoración estivo formado por persoal técnico do Concello, do IGAPE e o docente dos módulos formativos. Debido a que a situación sanitaria aínda recomendaba manter certa distancia, e a pesar de que polas bases poden seleccionarse ata 15 proxectos, este curso seleccionáronse 14 para acudir á Feira de Ideas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**XI Feira de Ideas** (29 marzo – Centro Ágora)

Durante todo a mañá o alumnado dos 14 proxectos mostrou ao público asistente a súa idea de negocio con maquetas, folletos, vídeos... explicándoo a todas as persoas interesadas que visitaron a Feira.

Ademais de autoridades e responsables de distintas entidades vinculadas ao emprendemento que foron invitadas a visitar a Feira, pola difusión dada a través dos medios de comunicación e dos centros educativos, achegouse público en xeral e as persoas usuarias do propio Centro Ágora. A asistencia total estímase ao redor de 500 persoas.

O Comité valorou esta presentación que, engadida á puntuación obtida anteriormente, deu como resultado os 3 proxectos gañadores.

**Xornada e entrega de premios** (29 marzo – Centro Ágora)

O mesmo día, pola tarde, celebrouse unha **xornada** na que 3 persoas emprendedoras, transmitiron a súa experiencia ao alumnado participante no programa.

Como peche, e para clausurar a xornada, representantes do Concello e do IGAPE entregaron os **XIV Premios "Formación para emprender":**

- Proxectos gañadores:

  1º. "TUBIK" (300€ cada integrante)
  2º. "REDUCAT" (200€ cada un)
  3º. "INSECTLIFE" (150€ cada un).

- Profesorado do proxecto gañador (300€)
  - ✓ Profesora do IES Rosalía Mera
- Centro educativo máis implicado (300€)
  - ✓ CPR Afundación

**Datos** curso escolar 2021-2022:

- Centros participantes: 5
- Especialidades: 17
- Alumnado: 180
  - Mulleres: 70
  - Homes: 110
- Proxectos titorizados: 73
- Proxectos presentados: 33

Participantes no curso 2021/2022:

| CENTRO EDUCATIVO | ESPECIALIDADE |
|---|---|
| CIFP Imaxe e Son | Animacións 3D, xogos e contornos interactivos |
| | Iluminación, captación e tratamento de imaxe |
| | Produción audiovisual |

| CENTRO EDUCATIVO | ESPECIALIDADE |
|---|---|
| | Realización de audiovisuais |
| | Son |
| CPR Nebrija | Xestión administrativa |
| | Actividades comerciais |
| CPR Afundación | Administración e finanzas |
| Centro de formación Chios | Educación infantil |
| | Desenvolvemento aplicacións multiplataforma |
| | Integración social |
| IES Rosalía Mera | Mecanizado e soldadura |
| | Madeira |
| | Mecatrónica industrial |
| | Impresión e deseño |
| | Preimpresión dixital |
| | Electricidade |

**Participación na Feira de Emprego da Universidade da Coruña**

O pasado 21 de outubro de 2022, persoas do Departamento de Promoción Económica e Comercio, estivemos presentes por quendas na Feira de Emprego da UDC, proporcionando información ao público asistente información sobre os recursos que o Concello da Coruña pon a disposición dos emprendedores da cidade.

Desenvolvéronse outras actividades paralelas como presentación de empresas ou procesos de selección.

## 4. ASISTENCIA E ASESORAMENTO AO EMPRENDEMENTO E EMPRESAS – MENTORIZACIÓN.

➢ ASISTENCIA PARA O EMPRENDEMENTO E ÁS EMPRESAS

Dende o ano 2021 por mor da Covid-19 foise reducindo a atención presencial ás persoas emprendedoras, e mudando a dita asistencia cara unha modalidade centrada na atención especializada.

Neste senso, co ánimo de optimizar os recursos do ecosistema emprendedor da cidade, potenciando o traballo en rede cas entidades que, no ámbito municipal, traballan no eido do emprendemento, dende o mes de xullo de 2022, as solicitudes de asesoramento para emprender foron analizadas polo persoal do Departamento de Promoción Económica e Comercio e dirixidas á entidade máis axeitada a cada caso, tendo en conta a temática solicitada, o perfil da persoa emprendedora e o grao de madurez do seu proxecto.

As atencións directas realizadas polas persoas do Departamento de Promoción Económica centráronse principalmente no estudo da viabilidade dos proxectos empresariais, realización dos informes de viabilidade dos ditos proxectos, información



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

relacionada co proceso de emprender así como información empresarial de carácter xeral (entre outras información sobre as axudas vixentes, tarifa plana dos autónomos, exencións fiscais, etc.).

A modo de resumo o conxunto de solicitudes atendidas foi de 71, das cales 31 foron de homes e 40 de mulleres.

- MENTORIZACIÓN: PROGRAMA "CORUÑA INNOVACIÓN E MELLORA EMPRESARIAL (CIME)

O Programa CIME arrancou en setembro de 2021 para facilitar a innovación nas pequenas e medianas empresas da cidade da Coruña a través de accións de asesoramento, consultoría e apoio e estimábase unha participación de 140 empresas.

CIME dirixiuse a persoas autónomas e microempresas que, independentemente do sector no que desenvolvían a súa actividade, querían realizar innovacións en: servizo ou produto, márketing, medio ambiente, tecnoloxía ou noutras áreas do seu negocio. Como requisito de acceso a empresa tiña que contar cun establecemento permanente ou o seu domicilio fiscal na cidade.

De forma totalmente gratuíta, as empresas participantes contaron coa mentorización dunha persoa experta que lles apoiou no diagnóstico, planificación e execución das ditas innovacións. Ao longo do ano de duración do programa, cada unha das 132 empresas participantes recibiu 25 horas de asesoramento personalizado.

A participación, segundo a forma xurídica, desagregase do seguinte xeito:

- 79 empresas individuais ou persoas traballadoras autónomas
- 1 comunidade de bens
- 3 cooperativas
- 4 sociedades civís
- 46 sociedades limitadas

Ao remate do programa realizouse un evento no que se entregaron 3 premios para que os mellores proxectos de innovación dispuxeran, cada un deles, de 30 horas adicionais de consultoría, e das que poden facer uso ata o 12 de maio de 2023.

Ao evento acudiron 50 persoas, número máximo que permite o aforo do auditorio, quedando moitas delas ao remate nun café-networking no que se intercambiaron experiencias e serviu de peche do programa.

- NETWORKING PARA PERSOAS EMPRENDEDORAS E MENTORAS

Como froito da colaboración coa Fundación Ronsel, o día 15 de decembro de 2022, celebrouse nas instalacións do Centro de empresas ACCEDE Papagaio unha actividade de networking entre persoas emprendedoras e mentoras.

Arredor de 150 persoas de distintas nacionalidades, entre mentoras, emprendedoras e empresarias, participaron no evento.

Dentro desta actividade realizáronse dinámicas para a xeración de contactos, e deuse difusión ao convenio que a Fundación ten subscrito co Concello da Coruña.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## 5. PROGRAMAS DE FORMACIÓN PARA PERSOAS EMPRENDEDORAS E EMPRESARIAS.

O tecido empresarial do municipio da Coruña está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas.

Desde o Departamento de Promoción Económica e Comercio trabállase co fin de favorecer e apoiar a consolidación deste tecido empresarial, de xeito que se contribúa á súa dinamización e fortalecemento e polo tanto á xeración de emprego na contorna local.

Para acadar este obxectivo, unha das liñas nas que se traballa é a da formación, e a partir de aí, ofértanse unha serie de obradoiros ou xornadas dirixidas a persoas emprendedoras e cunha idea de negocio definida, madura ou en proceso de maduración.

O obxectivo xeral do programa de formación é facilitar ás persoas emprendedoras e promotoras de pequenas iniciativas empresariais, os coñecementos e habilidades necesarias para crear, desenvolver e poñer en marcha a súa idea de negocio, apoiando, deste xeito, a creación e mantemento de iniciativas emprendedoras e de emprendemento na cidade da Coruña.

Dentro do público obxectivo ao que se dirixe a formación, distínguense dous colectivos principais:

- Persoas interesadas en adquirir coñecementos e ferramentas que lle permitan impulsar a súa idea emprendedora e convertela en realidade na cidade da Coruña, ou persoas emprendedoras sen unha idea de negocio aínda, pero que desexan emprender e precisan para iso coñecer e manexar as ferramentas necesarias.
- Persoas traballadoras autónomas ou micropemes da cidade a Coruña, con especial atención a aquelas que desenvolven a súa actividade no Centro de empresas ACCEDE Papagaio e no Viveiro de empresas Agrela, co fin de promover a competitividade do negocio e favorecer a súa capacidade de adaptación, así como mellorar o perfil profesional das persoas que o xestionan.

### A) OBRADOIROS FORMATIVOS

No ano 2022 realizáronse unha serie de obradoiros que tiñan como obxectivo dar resposta ás necesidades de formación das persoas emprendedoras e empresarias indicadas. Nesta ocasión optouse por pílulas formativas de curta duración.

Realizáronse 26 talleres, o que supuxo un total de 292 horas e media de formación, e que contou coa inscrición de 388 persoas.

| TALLER | HORAS DE FORMACIÓN | INSCRICIÓNS | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Homes | Mulleres | Total |
| **Como obter financiamento para o meu proxecto** | 8 | 7 | 8 | **15** |

| TALLER | HORAS DE FORMACIÓN | INSCRICIÓNS | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Homes | Mulleres | Total |
| **Estratexias para conseguir e manter os teus clientes** | 12 | 6 | 8 | **14** |
| **Nocións básicas en materia de Seguridade Social** | 12 | 0 | 10 | **10** |
| **Obrigas da miña empresa coa Axencia Tributaria** | 16 | 1 | 11 | **12** |
| **Administración electrónica e trámites online** | 12 | 2 | 9 | **11** |
| **Instagram, o escaparate da túa empresa** | 16 | 4 | 16 | **20** |
| **Resolución de conflitos con clientes** | 12 | 3 | 14 | **17** |
| **Como contratar coa Administración** | 20 | 3 | 6 | **9** |
| **Elaboración do plan de empresa** | 20 | 6 | 11 | **17** |
| **Como obter financiamento para o meu proxecto** | 8 | 6 | 13 | **19** |
| **Estratexias para conseguir e manter os teus clientes** | 12 | 5 | 9 | **14** |
| **Nocións básicas en materia de Seguridade Social** | 12 | 5 | 5 | **10** |
| **Obrigas da miña empresa coa Axencia Tributaria** | 16 | 6 | 8 | **14** |
| **Administración electrónica e trámites online** | 12 | 3 | 6 | **9** |
| **Fai medrar o teu negocio con Instagram** | 16 | 5 | 13 | **18** |
| **Como contratar coa Administración** | 20 | 4 | 7 | **11** |
| **Resolución de conflitos con clientes** | 12 | 2 | 7 | **9** |
| **Facturación electrónica** | 16 | 6 | 13 | **19** |
| **Crea os teus vídeos comerciais con Canva** | 16 | 4 | 17 | **21** |
| **A cotización á Seguridade Social** | 4 | 4 | 14 | **18** |
| **O IRPF** | 4 | 4 | 15 | **19** |
| **O IVE** | 4 | 4 | 12 | **16** |
| **Mindfulness 1. Motivación** | 3 | 4 | 15 | **19** |
| **Mailchimp** | 4 | 3 | 17 | **20** |
| **Mindfulness 2. Comunicación** | 3 | 6 | 9 | **15** |
| **Mindfulness 3. Prevención** | 2,5 | 6 | 6 | **12** |
| | 292,5 | 109 | 279 | **388** |

## B) PROGRAMA IMPULSA E DESPEGA

Realizouse un programa formativo de emprendemento co obxecto de ofrecer formación a persoas emprendedoras, facendo especial fincapé no ámbito da economía social e sostible, apoiando no seu proceso emprendedor a persoas que poidan ter unha idea de



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

negocio no ámbito da economía verde e circular e precisaren orientación e formación para poñer en marcha ou consolidar a súa idea.

Con esta finalidade desenvolveuse, de xeito piloto, o Programa Impulsa e Despega, un programa formativo, de carácter práctico, que pretende impulsar emprendementos na pequena empresa e profesionalizar e revitalizar o tecido empresarial local, da man da creación e transformación de modelos de negocio cara parámetros relacionados co triplo balance, económico, social e ambiental e a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.

O programa estruturouse en dúas partes:

- Un evento presencial (os días 20 e 21 de outubro) no que se desenvolveron distintas mesas redondas e charlas (*Experiencias no emprendemento*; *Novos modelos de negocio: sustentabilidade e empresa*; *Áreas estratéxicas da pequena empresa*; *Deseñando modelos de negocio + ferramenta práctica*; *Planificación estratéxica + ferramenta práctica*; *Plan financeiro + ferramenta práctica*; *A importancia da comunicación + ferramenta práctica*)
- Un paquete de acompañamento, composto por clases grupais (4 sesións, unha por cada unha das áreas: modelo de negocio, estratexia empresarial, plan financeiro e plan de comunicación), sesións de mentoring individual (35 horas) e unha canle de seguimento de proxectos e resolución de dubidas.

No programa inscribíronse un total de 40 persoas (32 mulleres e 8 homes)

## 6. CENTROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS. APOIO A NOVAS EMPRESAS.

O 5 de outubro de 2016 inaugurouse o Centro de Empresas ACCEDE Papagaio, sumándose así ao outro Centro de Empresas de Agrela inaugurado no ano 2010.

Estes centros de empresas son espazos nos que teñen cabida persoas con proxectos empresariais en fase de ideación ou xa empresas de nova creación, ás que se lles facilita espazo de traballo no que xestar as súas ideas ata lograr madurez e consolidarse, cun máximo de estancia de cinco anos para o CME Agrela e de tres anos para o ACCEDE Papagaio.

Durante a estancia danse facilidades para ocupar un local, compartir servizos coas outras empresas e recibir formación puntual de interese así como un asesoramento e seguimento por parte do persoal técnico municipal dependente deste departamento.

Durante o ano 2022 os Centros municipais de empresas estaban ocupados do seguinte xeito: viveiro de Agrela 8 despachos/oficinas de 12 dispoñibles e no Accede Papagaio unha ocupación de 26 módulos dun total de 66 dispoñibles.

### 6.1.- CENTRO ACCEDE PAPAGAIO

#### *6.1.1.- Ocupacións permanentes*

Neste espazo teñen prioridade pequenas empresas no ámbito da investigación, a tecnoloxía, e/ou a innovación e o mesmo proxecto non pode superar a ocupación de cinco módulos. É un lugar para compartir os espazos de traballo entre empresas, startups e freelances. Desta maneira benefícianse compartindo e abaratando custos dun espazo fixo onde exercer a súa actividade.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

O centro ten o espazo dividido en diversas zonas diferenciadas e dispón de 66 postos de traballo permanentes.

”Emprende”-preincubadora e “Crece”-incubadora con postos para persoas emprendedoras que queren crear a súa empresa e están en fase de maduración (preincubación) ou que xa teñen a súa empresa en funcionamento e o seu obxectivo é consolidar o seu proxecto (incubación).

- “Nube” con 12 postos para persoas emprendedoras externas que non permanezan de maneira continuada no centro e precisen un espazo aberto;
- “Conecta”, destinado a potenciar o networking, ou redes de traballo, a través de charlas, xornadas, encontros, mesas de debate.
- O número de salas de reunión é de 2 grandes e 2 pequenas
- Unha aula de formación para un total de 20 alumnos/as

A descrición da situación de ocupación de espazos de Accede Papagaio con datos do ano 2022 é a seguinte:

| Empresa/Emprendedor | Módulos ocupados | Fase | Actividade |
|---|---|---|---|
| ALMAS MERAKI | 1 | Incubación | Formación e asesoramento en igualdade de xénero |
| FUERTES PENEDO-ARQUITECTURA | 5 | Incubación | Arquitectura, deseño e investigación |
| MEDATLANTIA CONSULTORIA EUROPEA | 3 | Incubación | Consultoría e xestión de programas europeos |
| ELCANO SOLUTIONS | 2 | Incubación | Deseño de tecnoloxía propia |
| ACRUX MARTECH | 2 | Incubación | Solucións tecnolóxicas |
| VEGA CONSULTORES | 5 | Incubación | Consultoría TIC |
| TAKO GROUP | 1 | Incubación | Dixitalización da industria cultural |
| MERIT | 2 | Incubación | Recrutamento e selección de persoal para empresas |
| BORJA BLANCO MÉNDEZ | 1 | Preincubación | Consultoría estratéxica no terceiro sector |
| BEATRIZ PÉREZ LEMA | 1 | Preincubación | Formación para a saúde física e mental |
| ANDREA ELISA REINHART | 1 | Preincubación | Coaching dirixido a mulleres e mozas emprendedoras |
| JAVIER MONTERO LÓPEZ | 1 | Preincubación | APP rutas autoguiadas e actividades de benestar integral |
| JUAN CAÑÁS URÍA | 1 | Preincubación | Consultoría ámbito téxtil |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

A 31 de decembro de 2022 estaban no centro un total de 3 proxectos en incubación (8 módulos) e 3 proxectos en preincubación (3 módulos)

**Aclaracións de ocupacións permanentes**

INCUBACIÓN: forman parte as persoas emprendedoras que levan a cabo proxectos xa creados, con personalidade xurídica propia, xa sexan empresarios/as individuais ou adopten formas xurídicas societarias (sociedades de responsabilidade limitadas ou empresas de economía social, entre outras)

PREINCUBACIÓN: forman parte as persoas emprendedoras que levan a cabo proxectos que aínda están en fase de maduración, polo tanto as persoas que están levándoos a cabo non se teñen constituído como empresa.

### *6.1.2.- Ocupacións puntuais*

Os espazos poderán ser ocupados por persoas físicas ou xurídicas que, con carácter esporádico e puntual, soliciten a utilización das instalacións para actuacións vinculadas ao emprendemento.

Durante o ano 2022 houbo 23 ocupacións puntuais desagregadas da seguinte maneira:

| TIPOS DE ENTIDADES E ESPAZOS OCUPADOS | | |
|---|---|---|
| **TIPO DE ENTIDADES** | PARTICULARES | **6** |
| | ENTIDADES | **3** |
| | | |
| **ESPAZOS OCUPADOS** | MÓDULOS | **3** |
| | SALAS DE REUNIÓNS | **4** |
| | SALA DE FORMACIÓN | **2** |
| | SALÓN DE ACTOS | **0** |

## 6.2.- CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DA GRELA

No Centro municipal de empresas da Grela atópanse, entre outros, os seguintes servizos:

- ✓ Existen **12 despachos** cunha superficie que vai desde os 10 ata os 16 $m^2$, destinados á **localización** de novos proxectos empresariais ou de recente creación, para o desenvolvemento e exercicio da súa actividade.
- ✓ **Zonas comúns e de espera.** Entre outras: vestíbulo de acceso, recepción e secretaría, almacén, cuarto de instalacións, aseos.
- ✓ **Salón de actos.** Unha contorna única que ocupa o espazo do que no seu día foi a capela do Igrexario da Grela; actualmente reformada e habilitada para conferencias, xornadas, seminarios, etc.
- ✓ **Sala de reunións / Aula de formación.** Sala equipada con todo o necesario para a realización de cursos de formación, presentacións de produtos e/ou servizos, reunións, etc.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Ademais, realizase formación ás persoas emprendedoras instaladas no Centro municipal de empresas na procura da idea empresarial e na consolidación da idea dun proxecto de empresa.

Os datos de **ocupación permanente** do CME Agrela durante o ano 2022 son os seguintes :

- ✓ Nº despachos a disposición: 12
- ✓ Nº despachos ocupados: 8
- ✓ Proxectos Incubados: 8

| Empresa/Emprendedor | Local ocupado | Actividade |
|---|---|---|
| Nukloo | Local núm. 1 | Consultoría de cadea de subministro |
| Gutier Rolán | Local núm 3 | Produtora audiovisual |
| Queluzca | Local núm. 5 | Intermediaria comercializadoras enerxéticas |
| Zprint | Local núm. 6 | Impresión 3D |
| Ortega & Lodeiro | Local núm. 7 | Marketing financeiro |
| Homemate | Local núm. 8 | Inmobiliaria |
| Siete Olas Comunicación S.L. | Local núm. 9 | Marketing e comunicación |
| Coan Consultoría | Local núm. 11 | Correduría financeira |

A 31 de decembro de 2022 estaban no centro un total de 6 proxectos.

## 7. I ENCONTRO DE EMPRENDEMENTO.

O día 1 de outubro de 2022 celebrouse no Mercado de San Agustín o I Encontro de Emprendemento, co obxecto de impulsar e reactivar a actividade emprendedora na cidade.

Este encontro buscaba ser o expositor do ecosistema emprendedor local e dos proxectos nos que se materializa. Un espazo de encontro para promover e difundir a cultura do emprendemento, e crear un ambiente propicio para a aparición de novos proxectos emprendedores.

Déronse a coñecer os recursos existentes no ámbito municipal para a posta en marcha e consolidación de ideas emprendedoras a través das entidades que traballan no ámbito do emprendemento na cidade da Coruña, e tamén proxectos de negocio desenvolvidos con éxito nos últimos anos (desde xaneiro de 2020) que foron asesorados por estas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

O I Encontro de emprendemento buscaba facilitar un espazo de interrelación, para o intercambio de experiencias e coñecemento entre o Concello, as entidades que traballan a prol do emprendemento e as persoas emprendedoras.

Este I Encontro de emprendemento estaba dirixido a:

- Persoas emprendedoras
- Entidades que traballan no ámbito do emprendemento na cidade
- Público interesado en xeral

Participaron no Encontro, con stands propios, o Concello, 9 entidades e 20 proxectos emprendedores locais

**Entidades**:

- Concello da Coruña
- Asociación de Jóvenes Empresarios y Empresarias de A Coruña (AJE Coruña)
- Asociación de Empresarias de A Coruña (AECO)
- Asociación de Trabajadores Autónomos (ATA Galicia)
- Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña
- ONGD Ecos do Sur
- Fundación Mujeres, Fundación RONSEL
- Universidade da Coruña (UDC)
- Unión de cooperativas Espazocoop

Proxectos emprendedores:

- Ruteart
- El vino del mes
- Qaroní
- The Cobardes
- Bsalus
- Mutä
- Travel live van
- Coffee Labora
- Maresía comunicación
- Marea psicología
- Tako Group
- Ola matrona
- 50 eat
- BIMA
- Ceus App
- Arela Saúde
- Mala Herba
- Acruxmartech
- Elcano Solar
- Pablo Sánchez Otero Guitarrero



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Ademais, ao longo da xornada tamén se desenvolveron outras actividades:

- Conecta 2x5: dinámica de networking para conectar empresas, o que permite nun espazo de tempo limitado, ampliar a rede de contactos, coñecer potenciais clientes ou provedores ou promover posibles alianzas (dinámica dirixida por AJE, dentro do convenio de colaboración co Concello)

- Conferencias e mesas redondas: "Galicia, camiño emprendedor", impartida pola Fundación Ronsel, para dar a coñecer a metodoloxía e as experiencias deste programa. "Experiencias emprendedoreas": mesa redonda nas que varias persoas emprendedoras, en distinto grao de consolidación do seu proxecto empresarial, comentan e comparten a súa experiencia.

- Programa de radio en directo, coa participación de persoal municipal e responsables dos proxectos emprendedores participantes no encontro.

Como acto final do evento elixiuse o proxecto gañador, que recibiu como premio a posibilidade de asistir e participar no encontro *Innpulso Emprende*, o VI Encontro de Alcaldes e Alcaldesas coa innovación da Red Innpulso, e na *VLC STARTUP MARKET*, un punto de encontro de startups e cidadanía, celebrados Valencia os días 14 e 15 de outubro de 2022.

Estimouse que pasaron polo recinto durante a celebración do I Encontro de Emprendemento arredor de 1500 persoas.

## 8. ASISTENCIA AO EVENTO INNPULSO EMPRENDE E Á VLC STARTUP MARKET. (VALENCIA)

No I Encontro de Emprendemento, entre os proxectos participantes, elixiuse un proxecto gañador, que recibiu como premio a asistencia e participación no encontro *Innpulso Emprende*, o VI Encontro de Alcaldes e Alcaldesas coa innovación da Red Innpulso, e na *VLC STARTUP MARKET*, celebrados Valencia os días 14 e 15 de outubro de 2022.

O proxecto gañador do I Encontro de emprendemento e que, por tanto, participou no encontro *Innpulso Emprende* e na *VLC Startup Market* foi BIMA (Bioloxía e Información Marítima Ártabra), unha iniciativa empresarial promovida por Iván García Queijo e Hugo Regalado Fraile, que nace co obxectivo de ofertar servizos tecnolóxicos para aqueles sectores relacionados co medio mariño.

Persoal do Departamento de Promoción Económica e Comercio acompañaron aos promotores de BIMA na viaxe á Valencia, ademáis de presentalos e acompañalos aos actos principais, participaron en encontros con persoal de outros departamentos de promoción económica dos distintos concellos do territorio español, e tiveron a oportunidade de coñecer in situ o traballo da aceleradora pública do Concello de Valencia.

***Innpulso Emprende***

O 14 de outubro de 2022, entre as 8:00 e as 15:00 celebrouse este evento, no que participaron 53 proxectos de outros tantos concellos. O representante municipal presenta á persoa emprendedora, e esta presenta o proxecto empresarial co que participa.

De entre todos os proxectos participantes, entregáronse dous premios ao proxecto máis innovador, un na categoría social e outro na categoría tecnolóxica.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Aínda que o proxecto presentado por lo Concello non resultou gañador de ningún dos premios as valoracións recibidas por parte dos asistentes foron moi positivas.

***VLC Startup Market***

O día 15 de outubro, de 10.00 a 19:00 horas, a empresa BIMA dispuxo dun espazo na VLC Starup Market, xunto con outras 14 empresas que tamén participaron no Innpuslo Emprende, as persoas do Concello desprazadas a Valencia visitáronos no stand preocupándose polas súas necesidades e puideron coñecer de primeira man tanto aos outros proxectos presentes coma as iniciativas do Concello de Valencia e da Comunidade Valenciana en materia de emprendemento.

## DINAMIZACIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE

## MERCADO ECOLÓXICO E DE PRODUTOS DE PROXIMIDADE

O mercado ecolóxico realizouse durante todo o ano, cada primeiro e terceiro domingo do mes no Campo da Leña, excepto no mes de agosto.

O obxectivo desta actividade é promover este sector emerxente e o consumo de proximidade. Nel véndense diversidade de produtos, tanto de alimentación (fresco e elaborados) como doutros como roupa ou complementos. O punto forte do mercado é a porcentaxe de postos que contan con produtos co Certificado de CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia).

Tras as restricións do ano anterior, tanto no número de postos instalados como das actividades de dinamización, no 2022 puidéronse cubrir todos os postos de venda e realizar todas as actividades de dinamización previstas: talleres infantís e actuacións musicais.

O día 5 de xuño, aproveitando a coincidencia co Día do Medio Ambiente, ampliáronse as actividades e transformouse o mercado nunha festa acorde coa filosofía do mesmo: degustacións, concurso, xogos xigantes e varias accións de sensibilización en torno á sustentabilidade.

Ao longo do ano contouse cun total de **426 postos instalados**, cunha estimación de asistencia de **7.930 persoas**. En canto ás actividades de dinamización, realizáronse **21 talleres infantís** e houbo **21 actuacións musicais**.

## PARTICIPACIÓN NO ENCONTRO REDE MUNICIPIOS POLA AGROECOLOXÍA

O 10 de marzo do 2022 participamos no encontro en liña sobre mercados agro ecolóxicos invitados pola rede de municipios pola agro ecoloxía, para expoñer a nosa experiencia co mercado ecolóxico e de produtos de proximidade.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

A rede ten por obxecto axudar as administracións a construír sistemas alimentarios locais, sostibles, resilientes e respectuosos co medio ambiente, inclusivos, seguros e diversificados para asegurar unha comida sostible e accesible ao conxunto da poboación e que potencie o emprego local.

## TENDAS A EXAME POR BARRIOS

Tendas a exame ten como obxectivo resolver as principais dificultades ás que se enfronta un gran número de comerciantes para manter o seu negocio. A Concellería pretende chegar a través de sucesivas edicións a todo o comercio de proximidade da cidade.

En 2022 o programa desenvolveuse en **30 comercios da zona de Castrillón-Oza**.

Durante 5 meses os 30 comercios participantes recibiron o asesoramento dunha persoa consultora especializada que permaneceu durante 6 xornadas en cada negocio analizando aspectos como: escaparatismo, marketing, xestión, loxística… para identificar os puntos fortes e débiles e propoñer medidas e accións para renovar e mellorar o comercio. Tamén recibiron información sobre subvencións e como solicitalas.

A cada un dos establecementos entregóuselle unha “Diagnose comercial” e un “Plan de mellora comercial” personalizado.

## CAMPAÑA DE DIFUSIÓN E APOIO AO COMERCIO TRADICIONAL

**Campaña publicitaria.**

Realizouse unha campaña publicitaria de apoio ao comercio tradicional, coa elaboración e difusión dun vídeo en redes sociais e cuñas publicitarias.

**Exposición itinerante.**

Coas ilustracións de fachadas e escaparates de antigos comercios da cidade, a maioría deles xa desaparecidos, cedidas por Jorge Blanco, realizáronse 4 grandes cubos que rotaron por 15 zonas de gran tránsito para que a cidadanía recordase os comercios tradicionais que formaron parte da súa vida. Reforzando así o vínculo co comercio de proximidade.

**Elaboración de librillos.**

Coa mesma base e finalidade que a acción anterior, coas ilustracións dos comercios tradicionais, elaboráronse 32.500 librillos que se distribuíron aos comercios da cidade para que os puidesen regalar á súa clientela .

## SAMAÍN

Nas datas  desta festa tradicional (e o seu período previo) realízanse un conxunto de actividades, coa finalidade de dinamizar o comercio dos barrios e de dar a coñecer á rapazada o comercio tradicional.

Realizáronse tres tipos de accións:



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**a) Actividades cos centros educativos.**

Os **8 centros educativos** participantes no Samaín 2022 foron:

- CEIP Anxo da Guarda
- CEIP Concepción Arenal
- CEIP Curros Enríquez
- CEIP Eusebio da Guarda
- CEIP Sagrada Familia
- CEIP Torre de Hércules
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez
- CEIP Zalaeta

As actividades realizadas nos centros foron:

a.1) Obradoiro de elaboración de disfraces (do 10 ao 20 de outubro)

Sesión audiovisual animada sobre o significado e orixe do Samaín e obradoiro de elaboración dos disfraces e do estandarte que levan no pasarrúas. Os disfraces elaborados foron: morcego, morto, pantasma, esqueleto, cabaza, zoncho, araña e meiga/bruxo.

a.2) Pasarrúas "Truco ou Trato" (21 e 27 de outubro)

O alumnado saíu a percorrer os comercios da súa zona, con animación musical e entrega por parte dos comercios de lambetadas (envoltas individualmente e proporcionadas polo Concello) mediante o xogo do "truco ou trato".

**b) Concurso de Escaparatismo.**

No concurso participaron **92 establecementos**, que decoraron os seus escaparates coa temática propia da data.

En primeiro lugar o xurado, formado por representantes do Concello e do sector comercial, visitou todos os establecementos e realizou unha valoración "in situ". Tras esta primeira valoración, coa que se seleccionaron aos 10 finalistas, abriuse un período de votación a través da páxina web (31 de outubro ao 10 de novembro). Do resultado da votación popular obtivéronse os **5 gañadores**:

1º.- Libraría Susana (2.500€)
2º.- Endulzarte (1.500€)
3º.- Club de las labores (1.000€)
4º.- La ventana natural (750€)
5º.- Centro óptico Breogán (750€)

Ademais se sortearon **25 premios** entre os **3.720 votos recibidos** a través da web, que recibiron vales de 50€ para gastar nos establecementos participantes no concurso.

**c) Actividades do 31 de outubro.**

Repartidas por **10 zonas** da cidade realizáronse:



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

c.1) Obradoiros infantís, pola mañá, en 10 espazos (Mercados municipais e Centros cívicos) nos que os nenos e nenas podían participar presentando un ticket de compra dun comercio de proximidade:

*"3 en raia" con Jumping Clay*
*"Colar de zonchos"*
*"Decora unha cabaza" de Poliexpán*

c.2) Pasarrúas terroríficos. Pola tarde 10 pasarrúas terroríficos, con 8 personaxes cada un, animaron á clientela das zonas comerciais. As rutas foron deseñadas de forma que pasaron por todos os comercios participantes no concurso de escaparatismo.

## ZONA DE GRANDE AFLUENCIA TURÍSTICA (ZGAT)

No ano 2022 procedeuse a solicitar á Consellería de Economía, Industria e Innovación a declaración de Zona de Grande Afluencia Turística (ZGAT), ampliando a anterior en base ás demandas das asociacións comerciais e tendo en conta os cambios da cidade e das zonas comerciais con respecto á anterior declaración.

No mes de outubro quedan declaradas tres zonas como ZGAT:

1. Zona monumental e centro cidade
2. Torre de Hércules e contorna
3. Cemiterio de San Amaro

A declaración, cunha vixencia de 5 anos, ten relevancia aos efectos da aplicación do réxime especial de horarios comerciais.

## MESA LOCAL DE COMERCIO

A Mesa Local de Comercio (MLC) funciona de soporte técnico para aglutinar todas as iniciativas públicas e privadas que teñan por obxecto revitalizar o comercio urbano de proximidade e que serven para impulsar un comercio activo, innovador, moderno e competitivo.

### Reunión da MLC (16.12.2022)

O 16 de decembro a Mesa reuniuse co obxectivo de informar as solicitudes de cinco asociacións que pediran as subvencións da Xunta de Galicia para a dinamización dos centros comerciais abertos e para a dinamización e revitalización das prazas de abastos:

- Asociación Gran Área Comercial Obelisco
- Asociación Distrito Mallos
- Asociación de Praceiros do Mercado de Abastos Eusebio da Guarda
- Asociación en Defensa del Mercado de Abastos de Elviña
- Asociación de Profesionais do Mercado das Conchiñas

Aproveitouse a dita reunión cos representantes das asociacións da cidade para trasladarlles a información da declaración da Zona de Grande Afluencia Turística (ZGAT).



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## ANIMACIÓN POR BARRIOS NO NADAL

Do 15 de decembro de 2022 ao 5 de xaneiro de 2023 realizáronse actividades de dinamización por **20 zonas comerciais** dos barrios.

As datas e percorridos establecéronse despois do contacto previo coas distintas asociación de comercio da cidade, que indicaron as súas preferencias.

**- Papá Noel e Paxes Reais.**

No Nadal, o Papa Noel (do 15 ao 24 de decembro) e os Paxes Reais (do 26 de decembro ao 5 de xaneiro) visitaron os barrios da cidade dinamizando o comercio de cada zona.

- **Panxoliñas**.

Para animar as compras de Nadal no comercio de proximidade fixéronse dous grupos de pasarrúas que cantaron panxoliñas polas 20 zonas, realizando entre o 15 de decembro e o 5 de xaneiro dúas actuacións en cada unha delas.

## MERCADO DE NADAL EN MARÍA PITA

A Concellería colaborou con outros servizos do Concello, para a realización do mercado e da dinamización da Praza de María Pita no Nadal.

As accións realizadas foron:

**- Decoración e iluminación** das 25 casetas instaladas pola Asociación Galega de Artesáns.

**- Papá Noel e Elfos**.

O hall de entrada do Concello ambientouse para a ocasión con sillón, buzón de recollida de cartas, photocall, panxoliñas... no que se instalaron Papá Noel e os seus elfos para recibir á cativada durante os 4 días previos ao Nadal.

**- Actividades de dinamización**.

Entre os días 17 e 30 de decembro dinamizouse a praza e o mercado instalado nela, realizando diversas actividades infantís: pasacalles con elfos, espectáculos de maxia, maquillaxe, contacontos, photocall... Aínda que se instalou unha carpa iglú, polas rachas de vento quedou inservible e a maioría tiveron que facerse nos soportais do concello.

En total fixéronse 14 actuacións, xa que algunha tivo que suspenderse por temporal.

## CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN UNIÓN DE COMERCIOS CORUÑESA (FUCC)

Subvención de carácter nominativo a favor da FUCC de 170.000 € coa finalidade de apoiar por unha banda o funcionamento da Federación Unión de Comercios Coruñesa a través da contratación de persoal e aluguer de local destinado ao funcionamento da entidade entre outros e apoiar o desenvolvemento de actividades de dinamización comercial nos diferentes ámbitos territoriais das asociacións de comerciantes de A Coruña, legalmente constituídas, estean ou non asociadas á Federación, con ata 6.000,00 euros por cada proxecto/actividade desenvolvidas/a nos ditos ámbitos.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Este importe poderá ser incrementado en ata 2.000,00 €, se non se esgota o importe previsto para o total de actividades desenvolvidas no ámbito territorial das asociacións citadas, segundo se indica no presente convenio (cláusula oitava).

As propostas, que tiveron que ser validadas por unha comisión mixta da que forma parte persoal técnico da área municipal de comercio, foron para as seguintes accións que se relacionan deseguido:

| | |
|---|---|
| Calloween 2022 – Zona Agrupación de vecinos y comerciantes de Monte Alto | -Cunha afluencia de máis de 2.000 persoas<br>-1.000 consumicións/ degustacións (por vales de compra)<br>-255 nenos/as participaron da zona infantil |
| Fidelización por compras: entrega dun libro de Rosalía de Castro - Zona Área Comercial Distrito Picasso | -1.500 exemplares do libro "Tres novelas cortas de Rosalía de Castro" repartidos |
| "Noite Branca no Obelisco" - .Zona Asociación Zona Comercial Obelisco | -Cunha afluencia estimada de 3.000 persoas<br>- 72 comercios participantes<br>-199 premios trocados<br>-131 nenos/nenas participaron na zona infantil. |
| "Día da Familia" e "Samaín" - Zona Asociación de comerciantes del Castrillón, Eirís y Monelos - ACOCEM | -Cunha afluencia estimada de 4.000 persoas |
| Acción promocional: reparto de bolsas de tea – Zona Asociación de comerciantes Boulevard de Elviña | -7.500 bolsas e panos de mesa repartidos entre os comercios da zona |
| Campaña de Publicidade "Agrela en primera persona"– Zona Asociación Empresarios de Agrela | - 250.000 impresións<br>- 49 vídeos de comercios da zona difundidos |
| Acción promocional: publicidade- Zona Distrito Mallos Centro Comercial Urbano | |
| "Koruneno Oza" – Zona Asociación de comerciantes Distrito Oza | -Cunha afluencia estimada de 2.500 persoas<br>-1000 consumicións/ degustacións (por vales de compra)<br>-275 nenos/nenas participaron na zona infantil. |
| "Koruneno Matogrande" – Zona Asociación de empresarios y comerciantes de Matogrande | -Cunha afluencia estimada de 1.500 persoas<br>-300 degustacións (por vales de compra)<br>-157 nenos participaron na zona infantil. |
| "Dinamización no Nadal" - Asociación de veciños y comerciantes La Falperra | - 85 establecementos participantes |
| "Dinamización no Nadal" – Zona Asociación Gran Área Comercial Riazor | -6400 degustacións (por vales de compra) |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| | |
|---|---|
| | -Decoración de Nadal dos escaparates de 30 comercios |
| "Feirarúa" – Zona Asociación de comerciantes Soho Orzán | Cunha afluencia estimada de 3.000 persoas |
| Federación Unión de Comercios Coruñesa (FUCC) | - 15000 bolsas repartidas<br>- 664 comercios<br>-Medios:<br>Alcance en redes: 367.200<br>Impresiones: 717.282 |

O dito convenio tivo por tanto un impacto directo sobre unha poboación estimada de cerca de 40.000 persoas, uns 700 comercios da cidade e 12 asociacións comerciais.

## XESTIÓN DOS MERCADOS. PROMOCIÓN DOS MERCADOS LOCAIS

No ano 2022 tramitáronse 161 expedientes administrativos, relativos a:

- Concesións dos postos: prórrogas, traspasos, autorizacións de obras menores
- Ocupación temporal de postos, con catro renovacións trimestrais
- Solicitude de subvención
- Convenio nominativo con FREMSS
- Expedientes de contratación: menores, simplificados abreviados e inicio de procedementos abertos.
- Cesión de espazos nos mercados para organización de eventos

### Axilización dos procedementos

A actividade administrativa experimentou algún cambio en busca de axilización do procedemento para aprobar as liquidacións trimestrais para a ocupación temporal de postos. Comezouse a tramitar mediante a aprobación de censos, cos datos dos titulares e resto de datos relevantes para a posterior aprobación das liquidacións, nunha única resolución trimestral por mercado.

### Novo procedemento

Para apoiar o fomento de novas iniciativas empresariais no ámbito xeográfico do municipio, e as súas expectativas de supervivencia, co consecuente apoio á creación de emprego e á dinamización dos mercados de abastos; aprobáronse, ao amparo do artigo 34 da Ordenanza de Organización e Funcionamento dos Mercados, unhas bases que establecen o procedemento e os criterios para autorizar a ocupación temporal de postos baleiros nos mercados, e os criterios de admisión a unha lista de espera.

### Subvencións

Solicitouse unha subvención ao *Ministerio de Industria, Comercio y Turismo* para a realización do proxecto "Accións de mellora, dixitalización e impulso comercial do Mercado de San Agustín", no marco da liña de axudas para o apoio aos mercados, zonas



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización, no marco do *Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.*

**Convenios**

Tramitouse, por primeira vez, un convenio nominativo desde Mercados. Formalizouse coa entidade Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social (FREMSS), por importe de 40.000 €, para a realización de accións de fortalecemento na divulgación do selo distintivo do peixe que se comercializa na lonxa da Coruña

**Contratación (28 contratos menores, 2 procedementos abreviados, e inicio de 3 procedementos abertos)**

Houbo dúas licitacións de postos para a súa ocupación en réxime de concesión. A primeira (expediente 525/2022/10) na que se licitaban 5 postos no mercado de Adormideras, na segunda (expediente 525/2021/108) licitáronse 13 locais comerciais exteriores no mercado de San Agustín.

**Obras e subministracións**

- O Servizo de Contratación adxudicou a obra de reforma da praza, mercado e escola infantil de Monte Alto.
- Para o mantemento dos mercados municipais, fixéronse 11 obras e reparacións menores (reparacións de persianas, portas, aparatos elevadores...).
- Subministración de diverso material (uniformes para os conserxes, carros e ramplas de aceiro, ventiladores, termos, e outro material de ferraxería).

Pola súa visibilidade pódense destacar:

- Pintado de todas as persianas nos postos exteriores do Mercado, que mellora notablemente o seu aspecto.
- Obras de mellora na Lágrima de San Roque, que consistiron na limpeza e repintado da fachada, con cambio de cristais e persianas.

**Servizos e asistencias técnicas**

- Mantemento de ascensores e portas automáticas nos mercados municipais.
- Estudio y valoración do equipo de aire acondicionado do Mercado Eusebio da Guarda.
- Asistencia técnica para a revisión e actualización das medicións do proxecto de reforma da praza, escola infantil e mercado de Monte Alto.

- <u>Dinamización de mercados</u>

DÍA DOS MERCADOS

No mes de maio organizouse unha campaña para celebrar ese día con accións de dinamización en cada mercado. Tamén colaborouse coa campaña da Xunta para o reparto de merchandising



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

SORTEO DE CARROS DE COMPRA NOS MES DE OUTUBRO

En outubro sorteáronse 300 carros da compra serigrafiados co logo dos mercados municipais e o lema "O valor do noso", co sistema de "raña e gaña". A acción publicitouse en redes sociais, radio e prensa dixital.

TALLERES DE NADAL

- Xornadas gastronómicas dirixidas a nenas e menos
- Inícianse cunha breve introdución explicativa sobre a importancia da utilización de produtos frescos na elaboración dos menús, pequeno percorrido polo mercado, e realización dun showcooking no que os participantes fixeron, da man dun cociñeiro acreditado, unha receita propia do Nadal. A materia prima mercouse nos mercados.
- Decoración e iluminación dun espazo onde se realicen as actuacións con motivos do nadal, facendo máis atractiva a imaxe dos mercados.

VISIBILIDADE DO MERCADO DE RAMÓN CABANILLAS

Mes de novembro, co fin de dalo a coñecer o Mercado de Ramón Cabanillas nos barrios limítrofes, contratouse unha campaña específica para ese mercado.

**OUTROS EVENTOS**

O mercado de San Agustín dispón dun espazo diáfano na planta primeira para a celebración de eventos. Para dinamizar o Mercado, en 2021 licitouse a súa ocupación por datas, para a organización de mercadillos e feiras.

As adxudicatarias deses contratos organizaron os seguintes eventos en 2022:

- Mercado das Nubes nos meses de marzo, xuño, setembro e decembro
- Mercados temáticos e Mercado de produto fresco de proximidade todos os xoves do ano

**Cesión de espazos para eventos**

Os espazos libres nos mercados pódense ceder para a celebración de algúns eventos que dinamizan os mercados.

- Boucatise no mercado de San Agustín, en Colaboración con Turismo.
- Mercadillo do disco na planta primeira do Mercado de San Agustín, en colaboración co IMCE
- Festas da Escola Infantil Monte Alto no Mercado de Monte Alto
- Exposición da Flota Pesqueira do Ártabro Sur no Mercado Eusebio da Guarda

**Degustación de produtos**

Realizáronse accións de degustación de produtos nos diferentes mercados a iniciativa dos praceiros.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

En 2022 cedeuse un espazo no Mercado de San Agustín ao *Consello Regulador do Mexillón de Galicia.*

**FITOS MAIS IMPORTANTES POR MERCADOS**

MERCADO DE ADORMIDERAS

- Posta en marcha da actividade no novo mercado no mes de marzo
- Licitación para a adxudicación das concesións, os sete postos teñen actividade
- Novembro, xornada de dinamización con showcooking

MERCADO DE MONTE ALTO

- Outubro, adxudicación da obra para a reforma do mercado

MERCADO DE SAN AGUSTÍN

- Xullo, solicitude de subvención para a mellora, dixitalización e impulso comercial do Mercado de San Agustín
- Outubro, licitación de todos os postos exteriores, para reordenar a actividade do Mercado, de forma que a actividade de venda de produtos frescos de alimentación se realice desde os postos interiores, e o resto desde os locais comerciais exteriores.
- Novembro, pintura das persianas de todos os postos exteriores

MERCADO DE RAMÓN CABANILLAS

- Mes de novembro, acción de dinamización específica para ese mercado co fin de dalo a coñecer nos barrios limítrofes

**Mercadillo da Sardiñeira**

En 2022 seguimos levando a xestión e control do postos ambulantes no mercadillo de A Sardiñeria. Trátase dun mercadillo de venda ambulante cunha capacidade total de 160 postos que renovan a licencia de ocupación todos os anos, ademais de presentar cada trimestre a documentación de pago de taxas e recibos de autónomos que se incluirán no seu expediente. Un total de 78 postos tramitaron as renovacións no ano 2022. O procedemento inclúe en moitos casos, ademais dos trámites de informe, decreto, e notificación, un tramite de audiencia para requirir documentación.

**Colaboración con Institucións Penitenciarias**

En 2021 iniciouse unha colaboración con Institucións Penitenciarias para que os penados cumpran as penas de traballos en beneficio para a sociedade nos Mercados municipais. No ano 2022, 10 persoas cumpriron os traballos en beneficio da comunidade nos mercados municipais.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACION AO CONSUMO

Desde o Concello, realízanse diferentes actuacións centradas en garantir a protección dos dereitos das persoas consumidoras e asegurar un correcto funcionamento do mercado. Para este propósito cóntase ca Oficina Municipal de Información ás persoas Consumidoras (OMIC). De tódolos servizos que presta a OMIC destácanse os seguintes resultados :

### 1. ATENCIÓN ÁS PERSOAS CONSUMIDORAS

Desde a OMIC ofrécese información e tramitación de reclamacións:

- 15.750 consultas de Información; 1505 reclamacións, acordos favorables 57 % .
- Tramitación de 21 denuncias da policía local por irregularidades en materia de consumo e negativa a entrega de follas de reclamacións;
- Consultas/mes, o mínimo foron 1048 en xuño e o máximo 1549 en decembro.
- 41% das consultas as fixeron homes e o 59% mulleres;
- 45 % das reclamacións foron presentadas por homes e o 55 % por mulleres.
- Atención directa e persoal no 43 % dos casos, e telefónica do 45 %, en liña 12%.
- Lugar de orixe 93 % corresponden a persoas que viven na cidade.

En termos comparativos co ano anterior as consultas subiron un + 27,4 % e as reclamacións un +61 % . O sector que experimenta maior número de consultas e reclamacións é o sector servicos cun 93,5 % de consultas e un 94,6 % de reclamacións.




Dentro de este sector servicios os subsectores de electricidade, telecomunicacións, comercio electrónico e transporte aéreo os máis demandados.

Os subsectores que experimentaron maior subida son o subsector de electricidade (+237, 71 %), as telecomunicacións (+9,50 %) e o transporte aéreo (+ 64,15).

A OMIC realizou a xestión exclusiva e directa no 91,42 % das reclamacións presentadas a través do procedemento de mediación, sen remisións posteriores. Destas alcanzáronse



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

resultados positivos e resolución favorable para as persoas reclamantes nun 57 % dos casos, unha subida de do + 10% en relación ao ano anterior.

O importe das reclamacións xestionadas pola OMIC ao longo de todo o ano ascende a 708.735,52 € e resolveuse favorablemente por valor de 208,573,56 € que foron devoltos ás persoas reclamantes.

## 2. EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Programa de Formación ao Consumo para público en xeral, organizáronse 432 talleres cunha participación de 6.188 persoas (3.238 homes e 2.950 mulleres);
- Programa ”Educa” dirixido ao colectivo escolar: 365 talleres, cun total de 6.105 participantes, (3.196 homes e 2.909 mulleres). O nivel educativo con maior número de participantes foi o de ESO, cun 36 % (2256);
- Escola de Verán do Pequeno Consumidor, 60 talleres, 60 participantes, en dous grupos: un de 4 a 6 anos e outro de 7 a 10.

## 3. DIFUSIÓN DA CULTURA DO CONSUMO SEGURO E RESPONSABLE.

- Páxina web da OMIC: www.coruna.es/

Web facilitadora de información de interese sobre consumo, así como a posibilidade de realizar consultas directamente: visitas por parte de persoas, cunha media de paxinas pro visita, usuarios 20855, sesións 23353, Nº de visitas a páginas 41690, páginas/sesión**:** 1,79.

- Campaña do Nadal: “A casa dos xoguetes” para fomentar o consumo responsable e a solidariedade, a economía circular e a recuperación e re utilización de obxectos.

Xoguetes doados 8.031, entregados en tenda ás persoas consumidoras 6.097. Os xoguetes sobrantes entregáronse á unha ONG da cidade.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Servizo Municipal de Igualdade e Diversidade

*Responsable:* Abad Carrera, Lorena
*Dirección: Rúa das Hortensias, s/n*
*Teléfono: Ext.67900*

## MISIÓN

Facilitar a aplicación efectiva do **principio de Igualdade** na xestión da política municipal, planificando actuacións que incidan na prevención e eliminación de situacións de discriminación e desigualdade que afectan ás mulleres e outras persoas en situación de vulnerabilidade por motivo da súa diversidade (sexo, raza, etnia, cultura, funcional, identidade sexual).

Todo elo cunha **dobre estratexia**: aplicando o principio de Igualdade en todas as áreas municipais e abordando específicamente actuacións de apoderamento respecto das persoas en situación de vulnerabilidade por razón da súa diversidade.

## FUNCIÓNS

1. Fomento da Igualdade e prevención das violencias machistas.
2. Atención integral a mulleres e menores en situación de especial vulnerabilidade, normalmente asociada á violencia de xénero.
3. Acollida e atención integral a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero.
4. Promoción da conciliación e corresponsabilidade.
5. Atención integral á poboación inmigrante e emigrante retornada.
6. Promoción da saúde sexual e reprodutiva.
7. Atención integral en materia de saúde sexual e reprodutiva.
8. Sensibilización en materia de diversidade afectivo sexual e contra a LGTBIfobia
9. Atención integral ao colectivo LGTBIQA+.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

1. Accións de carácter **preventivo e de sensibilización** cidadá en materia de Igualdade, Diversidade (por razón de sexo, funcional, étnico-racial, cultural, orientación e identidade sexual) e prevención das violencias machistas.

2. Intervención **integral e interdisciplinar** en relación coas personas usuarias dos servicios e programas de atención directa en materias de Igualdade e Diversidade.

3. **Intervención inmediata** conforme ás necesidades de urxencia valoradas respecto da poboación atendida nos servizos e programas de atención directa.

4. **Análise e diagnose das necesidades** cambiantes en relación coas persoas usuarias dos servizos e programas de Igualdade e Diversidade.

5. Dar resposta ás necesidades de **conciliación** da cidadanía nos ámbitos persoal, familiar e laboral, con especial fincapé nas unidades familiares máis vulnerables e impulsando medidas de **corresponsabilidade social** que poñan en valor a importancia dos coidados.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

6. **Coordinación interinstitucional e co tecido asociativo** en diferentes ámbitos para contribuir á mellora de atención das persoas usuarias ou destinatarias dos servizos e programas de Igualdade e Diversidade.

7. **Apoderamento das persoas vulnerables** por razón da súa diversidade (sexual, funcional, étnico racial, cultural, identidade e orientación sexual).

8. **Protección de datos de carácter personal**. Seguridade da información.

9. **Corresponsabilidade social** en relación cos diferentes servizos e programas.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

PROGRAMA DE ATENCIÓN A MULLERES E MENORES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE. CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)

- Priorizar a atención das mulleres vítimas de violencia de xénero nas axendas da asesora xurídica e da psicóloga.
- Poñer en marcha unha Mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero para traballar directamente con outras administracións implicadas nesta materia.
- Obter indicadores das mulleres que acoden por primeira vez ao Centro de información ás Mulleres para coñecer a súa situación formativa, laboral, cargas familiares, nacionalidade, ...

SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

- Dar resposta ás necesidades de conciliación das unidades familiares que se encontren en situación de especial vulnerabilidade (mulleres en situación de "monomarentalidade", poboación migrante sen rede de apoio familiar ou en situación de violencia de xénero).
- Actualizar os soportes informativos do novo servizo de conciliación, incorporando os mesmos na web de igualdade e diversidade e na web de Servizos Sociais.

PROGRAMA DE FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

- Incrementar o número de persoas participantes no Programa de fomento da igualdade de oportunidades e loita contra as violencias machistas, en especial da poboación nova.
- Poñer en marcha Puntos Violeta de carácter informativo e de intervención no período estival, no marco das festas de verán.
- Poñer en marcha unha Escola de benestar e apoderamento dirixida a mulleres e rapazas novas para favorecer o seu apoderamento individual e colectivo.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Desenvolver actividades enmarcadas no Pacto social por unha Coruña libre de violencias machistas dirixidas aos medidos de comunicación, hostalaría e ocio nocturno dado que no exercicio 2021 se centraron no tecido asociativo.
- Poñer en marcha actividades enmarcadas no proxecto Coruña Segura.
- Elaborar e distribuír materiais informativos, de natureza didáctica, que aborden valores asociados á igualdade, diversidade e prevención das violencias machistas dirixidos a diferentes sectores de poboación, empregando os mesmos nas distintas actuacións impulsadas polo concello e distribuíndoos en diferentes ámbitos.

SERVIZO MUNICIPAL DE ACOLLIDA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. REDE MUNICIPAL DE ACOLLEMENTO

- Potenciar a autonomía das mulleres con menores ao seu cargo no eido das habilidades materno-filiais e restablecemento do vínculo afectivo a través da intervención socio-educativa.
- Potenciar a autonomía das mulleres mediante a adquisición ou mellora de habilidades nos eidos sociais e domésticos a través dunha intervención socio-educativa.
- Manter a intermediación e os acompañamentos na búsqueda de vivenda para favorecer os procesos de saída do recurso residencial.
- Avaliar os protocolos de funcionamento interno ao obxecto de mellorar as canles e procedementos de coordinación e intervención interprofesional na atención integral ás persoas residentes.

UNIDADE DE ASESORAMENTO ÁS MIGRACIÓNS

- Proporcionar resposta ás necesidades e demandas maioritarias da poboación inmigrante relacionadas coa autorización de residencia, renovacións, prestacións, reagrupamentos familiares ou incorporación laboral por conta allea.
- Acadar un tempo de espera non superior aos 30 días nas prestacións básicas da unidade.
- Estabilizar a programación formativa e incrementar o número de accións formativas para acadar a mellora da empregabilidade da poboación migrante.
- Continuar co programa da Escola Intercultural.

CENTRO DE PLANIFICACIÓN FAMILIAR

- Prestar unha atención integral cunha dimensión educativa e de promoción da saúde afectivo-sexual de xeito que o enfoque do centro non sexa exclusivamente asistencial.
- Garantir a atención inmediata en relación co programa asistencial.
- Normalizar a atención da interrupción da xestación no hospital e manter a coordinación co servizo de xinecoloxía.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 1.309.809,42 | 1.192.208,09 | 1.494.167,12 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 1.077.083,15 | 1.236.260,82 | 1.449.118,77 |
| | Imputación Indirecta | 293.212,67 | 246.715,07 | 289.430,15 |
| | TOTAL GASTOS | 2.680.105,24 | 2.675.183,98 | 3.232.716,04 |

**RESULTADOS DA ACTIVIDADE**

| Actividad | Clas. | Cuantificador | Resultado |
|---|---|---|---|
| Violencias machistas. Pisos de Inclusión e transición á vida autónoma (PITVA,s) | P | Nº persoas residentes | 7 |
| | | - Mulleres | 4 |
| | | - Menores | 3 |
| | | Atención social . Nº persoas usuarias | 4 |
| | | -Mulleres | 2 |
| | | - Menores | 2 |
| | | Atención psicolóxica. Nº persoas usuarias | 2 |
| | | - Mulleres | 2 |
| | | - Menores | 0 |
| | | Atención xurídica. Nº persoas usuarias | 2 |
| | | - Mulleres | 2 |
| | | Menores | 0 |
| | | Atención socioeducativa. Nº persoas usuarias | 4 |
| | | - Mulleres | 2 |
| | | - Menores | 2 |
| | | Servizo telefónico de atención e protección ás vítimas de violencia de xénero (Atenpro). Nº persoas usuarias | 2 |
| Violencias machistas. Casa de Acollida (CAM) | P | Nº persoas residentes | 51 |
| | | - Mulleres | 32 |
| | | - Menores | 19 |
| | | Atención social. Nº persoas usuarias | 51 |
| | | - Mulleres | 32 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | - Menores | 19 |
| | | Atencion psicolóxica. Nº persoas usuarias | 20 |
| | | -Mulleres | 14 |
| | | - Menores | 6 |
| | | Atencion xurídica. Nº persoas usuarias | 26 |
| | | -Mulleres | 26 |
| | | - Menores | 0 |
| | | Atención socioeducativa. Nº persoas usuarias | 51 |
| | | - Mulleres | 32 |
| | | - Menores | 19 |
| | | Servizo telefónico de atención e protección ás vítimas de violencia de xénero (Atenpro). Nº persoas usuarias | 17 |
| Violencias machistas. Centro de Información ás Mulleres (CIM) | P | Nº persoas usuarias | 863 |
| | | - Mulleres | 822 |
| | | - Menores | 41 |
| | | Nº mulleres que reciben asesoramento por violencia de xénero | 757 |
| | | Información e atención psicolóxica. Nº persoas usuarias | 315 |
| | | Información e atención psicolóxica por violencia de xénero. Nº persoas usuarias | 275 |
| | | Información e asesoramento xurídico. Nº persoas usuarias | 495 |
| | | Información e asesoramento xurídico por violencia de xénero. Nº persoas usuarias | 424 |
| | | Información e asesoramento social. Nº persoas usuarias | 427 |
| | | Información e asesoramento social por violencia de xénero. Nº persoas usuarias | 427 |
| | | Nº total de entrevistas de asesoramento psicolóxico, xurídico e/ou social | 2.465 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Información e atención psicolóxica. Nº entrevistas | 543 |
| | | Información e asesoramento xurídico. Nº entrevistas | 1.062 |
| | | Información e asesoramento social. Nº entrevistas | 853 |
| | | Servizo telefónico de atención e protección ás vítimas de violencia de xénero (Atenpro). Nº persoas usuarias | 187 |
| Conciliación da vida persoal, familiar e laboral (Servizo de Canguraxe Municipal) | P | Citas atendidas (información, altas novas, actualizacións, partes domicilio,..) | 4.639 |
| | | Modalidade de espazos de atención á infancia. Nº unidades familiares beneficiarias | 277 |
| | | Modalidade de espazos de atención á infancia. Nº menores atendidos | 389 |
| | | Modalidade de espazos de atención á infancia. Nº horas de atención | 30.366,59 |
| | | Modalidade de espazos de atención á infancia.Nº xestións telefónicas | 2.524 |
| | | Modalidade de espazos de atención á infancia. Motivacions da demanda por traballo | 248 |
| | | Modalidade de atención a domicilio. Nº unidades familiares beneficiarias | 158 |
| | | Modalidade de atención a domicilio. Nº menores | 229 |
| | | Nº partes realizados (modalidade atención a domicilio) | 640 |
| | | Modalidade de atención a domicilio. Nº horas de atención | 2.006,5 |
| | | Modalidade de atención a domicilio. Nº xestións telefónicas | 1.039 |
| | | Modalidade de atención a domicilio. Motivación da demanda por traballo (sobre partes) | 636 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Modalidade de ludoteca coeducativa. Nº unidades familiares beneficiarias | 91 |
| | | Modalidade de ludoteca coeducativa. Nº menores atendidos | 124 |
| | | Modalidade de ludoteca coeducativa. Nº horas de atención | 3.344,14 |
| | | Modalidade de ludoteca coeducativa. Motivaciós da demanda por traballo | 73 |
| Sensibilización cidadá en materia de Igualdade e violencias machistas (Campañas e outras actividades) | P | Nº total persoas participantes (non poboación estimada) | 10.250 |
| | | Nº rapazas/mulleres | 5.697 |
| | | Nº rapaces/homes | 2.758 |
| | | Nº nenas | 825 |
| | | Nº nenos | 704 |
| | | Outros | 266 |
| | | Nº total actividades | 104 |
| | | Nº materiais editados e distribuídos | 39.279 |
| | | 8 de marzo. Nº persoas participantes | 2.151 |
| | | 8 de marzo. Nº de actividades | 28 |
| | | 25 de novembro. Nº persoas participantes | 1.733 |
| | | 25 de novembro. Nº de actividades | 20 |
| | | Pacto Social. Nº persoas participantes | 1.080 |
| | | Pacto Social. Nº de actividades | 24 |
| | | Puntos Violeta. Nº persoas participantes | 2.037 |
| | | Puntos Violeta. Nº puntos | 9 |
| | | Coruña Segura. Nº persoas participantes | 426 |
| | | Coruña Segura. Nº actividades | 7 |
| | | Escola benestar e apoderamento. Nº persoas participantes | 206 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Escola benestar e apoderamento. Nº talleres | 10 |
| | | Outras actividades (espazo interactivo, charlas corpos diversos). Nº persoas participantes | 2.617 |
| | | Outras actividades (espazo interactivo, charlas corpos diversos). Nº actividades | 6 |
| Educación pola Igualdade e prevención de violencias machistas. Coruña Educa | P | Accións educativas (talleres). Nº alumnado participante | 3.411 |
| | | - Nenas e mozas | 1.623 |
| | | - Nenos e mozos | 1.703 |
| | | - Outros | 85 |
| | | Nº centros educativos (Ceips, IES, CPR) participantes | 22 |
| | | Nº grupos/clases participantes | 178 |
| | | Nº horas de impartición | 701 |
| Saúde sexual e reproductiva (COF) | P | Información e orientación. Nº asistentes charlas | 307 |
| | | Información e orientación. Nº charlas informativas no COF | 10 |
| | | Nº total de consultas | 15.504 |
| | | Programa asistencial. Nº persoas que acoden por primeira vez | 1.728 |
| | | - Mulleres | 1.547 |
| | | - Homes | 170 |
| | | - Outros | 11 |
| | | Programa asistencial. Motivo de consulta das persoas que acoden por primeira vez: Anticoncepción | 1.174 |
| | | Programa asistencial. Motivo de consulta das persoas que acoden por primeira vez: Interrupción voluntaria da xestación | 493 |
| | | Programa asistencial. Motivo de consulta das persoas que acoden por primeira vez: psico-sexual | 61 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Programa asistencial. Nº consultas sucesivas por profesional: traballadora social | 1.381 |
| | | Programa asistencial. Nº consultas sucesivas por profesional: enfermeira/matrona (anticoncepción) | 6.571 |
| | | Programa asistencial. Nº consultas sucesivas por profesional atendido: psicóloga | 548 |
| | | Programa asistencial. Nº consultas sucesivas por profesional atendido: xinecólogo/a (anticoncepción) | 7.004 |
| Migracións (UAMI) | P | Información e asesoramiento. Nº usuarios/as | 1.511 |
| | | - Nº homes | 674 |
| | | - Nº mulleres | 837 |
| | | Información e asesoramento. Nº consultas | 2.289 |
| | | Información e asesoramento. Nº entrevistas | 1.964 |
| | | Información e asesoramento. Nº informes e/ou escritos realizados | 588 |
| | | Información e asesoramento. Nº de visitas domiciliarias | 13 |
| | | Información e asesoramento social. Nº usuarios/as | 222 |
| | | - Mulleres | 110 |
| | | - Homes | 112 |
| | | Información e asesoramento xurídico. Nº usuarios/as | 394 |
| | | - Homes | 140 |
| | | - Mulleres | 254 |
| | | Información e asesoramento xurídico. Nº de consultas | 689 |
| | | Información e asesoramento laboral. Nº usuarios/as | 388 |
| | | - Homes | 184 |
| | | - Mulleres | 204 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Información e asesoramento laboral. Nº consultas | 494 |
| | | Club de emprego. Nº persoas atendidas | 219 |
| | | Escola intercultural de apoio educativo e promoción social. Nº menores participantes | 190 |
| | | - Nº nenas | 79 |
| | | - Nº nenos | 111 |
| | | Escola intercultural de apoio educativo e promoción social. Nº de centros educativos participantes | 31 |
| Diversidade sexual (Espazo diverso) | P | Atención psicolóxica | 25 |
| | | - Homes | 14 |
| | | - Mulleres | 8 |
| | | - Non binarias | 3 |
| | | Atención persoal | 35 |
| | | - Homes | 10 |
| | | - Mulleres | 23 |
| | | - Non binarias | 2 |
| | | Atención xurídica | 18 |
| | | - Homes | 2 |
| | | - Mulleres | 3 |
| | | - Non binarias | 13 |
| | | Cursos de formación | 6 |
| | | Pesoas participantes en cursos | 116 |
| | | - Homes | 35 |
| | | - Mulleres | 73 |
| | | - Non binarias | 8 |
| | | Grupos de autoapoio. Nº grupos | 2 |
| | | Grupos de autoapoio. Nº participantes | 38 |
| | | - Homes | 3 |
| | | - Mulleres | 4 |
| | | - Non binarias | 31 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Fomento e apoio ao traballo das enti-dades e institucións comprometidas e activas na procura dunha cidade igua-litaria, diversa e inclusiva | C | Nº de convenios | 13 |
| | | Nº de subvencións | 45 |
| | | Total de entidades beneficiarias | 35 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| CAM. Nº total persoas residentes | 40 | 45 | 51 |
| CAM. Nº mulleres residentes | 23 | 26 | 32 |
| CAM. Nº menores residentes | 17 | 19 | 19 |
| PITVA. Nº total persoas residentes | 11 | 16 | 7 |
| PITVA. Nº mulleres residentes | 7 | 9 | 4 |
| PITVA. Nº menores residentes | 4 | 7 | 3 |
| CIM. Nº total persoas usuarias de atención psicolóxica, xurídica e social | 867 | 1.094 | 863 |
| CIM. Nº mulleres usuarias de atención psicolóxica, xurídica e social | 821 | 1.041 | 822 |
| CIM. Nº menores usuarios/as | 46 | 53 | 41 |
| CIM. Nº mulleres usuarias por violencia de xénero | 701 | 883 | 757 |
| CIM. Nº total entrevistas | 2.784 | 3.561 | 2.465 |
| Canguraxe. Nº menores atendidos na modalidade de espazos de atención á infancia | 293 | 338 | 389 |
| Canguraxe. Nº unidades familiares beneficiarias da modalidade de espazos de atención á infancia | 204 | 241 | 277 |
| Canguraxe. Nº menores atendidos na modalidade de atención a domicilio | 249 | 206 | 229 |
| Canguraxe. Nº unidades familiares beneficiarias na modalidade de atención a domicilio | 171 | 164 | 158 |
| Canguraxe. Nº menores atendidos na modalidade de ludoteca coeducativa | 192 | 0 | 124 |
| Canguraxe. Nº unidades familiares beneficiarias na modalidade de ludoteca coeducativa | 131 | 0 | 91 |
| Educación pola Igualdade. Nº alumnado participante en actividades de fomento da igualdade e prevención das violencias machistas | 1.905 | 1.513 | 3.411 |
| Sensibilización cidadá. Nº persoas participantes en actividades de fomento da igualdade e prevención das violencias machistas (Campañas e outras actividades) | 0 | 3.095 | 10.250 |
| COF. Nº total participantes charlas informativas | 339 | 61 | 307 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| COF. Nº charlas informativas | 24 | 10 | 10 |
| COF. Saúde sexual e reproductiva. Nº de consultas (primeiras e sucesivas) | 13.506 | 15.308 | 15.504 |
| COF. Nº mulleres que acuden por primeira vez con demanda de interrupción voluntaria da xestación | 363 | 459 | 493 |
| UAMI. Nº total persoas usuarias (información e asesoramento social, xurídico e/ou laboral) | 1.585 | 1.687 | 1.511 |
| UAMI. Nº total consultas | 3.145 | 2.980 | 2.289 |
| UAMI Nº total entrevistas de información e asesoramento social, xurídico e laboral | 2.668 | 2.548 | 1.964 |
| UAMI. Nº total persoas atendidas no Club de emprego | 278 | 0 | 219 |
| UAMI. Nº total menores participantes na Escola Intercultural | 72 | 72 | 190 |
| Nº total de convenios | 11 | 12 | 13 |
| Nº total de subvenciones | 40 | 40 | 45 |
| Nº total de entidades beneficiarias | 51 | 52 | 35 |

## CONCLUSIÓNS

- - - -



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Servizo Municipal de Participación

*Responsable:* Abad Carrera, Lorena
*Dirección: Rua Castiñeiras de Abaixo, 23*
*Teléfono: Ext 67900*

## MISIÓN

Fomentar á **participación cidadá activa** a través da articulación e mantemento de ferramentas diversas para a participación da veciñanza na vida política e social da cidade, tanto a nivel colectivo ou asociativo como a nivel individual, integrando as necesidades e aportacións da cidadanía nos procesos de toma de decisións do goberno municipal e articulando sempre as vías precisas para garantir a participación de todas as persoas dunha maneira accesible.

MOCIDADE

As políticas de **mocidade** a artellar desde o concello da Coruña, a través do servizo de Participación e Mocidade , están enfocadas á mozas e mozos en de 12 a 30 anos, tentando abordar as súas complexidades e circunstancias. Están definidas pola procura dunha **interlocución directa**, un coñecemento da realidade xuvenil e unhas **metodoloxías** de traballo **abertas e participativas** construídas a partir das demandas, as propostas, os intereses e as necesidades detectadas.

O traballo no eido da mocidade ten unha estrutura transversal fortalecido pola colaboración con outros departamentos municipais, institucións, entidades e tecido social vencellados, dunha forma ou outra, á mocidade.

## FUNCIÓNS

1. Crear e manter sempre abertos **canais e ferramentas para a participación da cidadanía de xeito individual**, de forma que todas e cada unha das persoas da cidade, sexan cales sexan as súas características, podan participar da vida municipal, no desenvolvemento da cidade, e teñan a oportunidade de facer chegar ao goberno municipal as súas inquedanzas e aportacións para que sexan tidas en conta nos procesos de toma de decisións.

Para o cumprimento desta función desenvolvéronse os seguintes programas:

- Escaño Cidadán, que posibilitou a intervención individual nos Plenos Ordinarios.
- programa de Orzamentos Participativos, a través do cal a cidadanía decide de modo directo en qué investir unha parte do orzamento municipal.
- A posta a disposición da cidadanía o uso de equipamentos municipais para o uso compartido da cidadanía: os locais TEU.
- Impulso do voluntariado, que configúrase como un dos xeitos básicos de participación da cidadanía na vida pública, na que a solidariedade e o compromiso son os valores predominantes. A actividade da persoa voluntaria ten unha vertente comunitaria e colectiva, que vai alén do acto individual e unha dimensión pública que lle outorga unha importante capacidade transformadora da sociedade.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Programas específicos para o fomento da participación da xuventude na vida comunitaria: o programa "Ruar" e o programa de Mediación Intercultural.

2. Fomentar e **apoiar de maneira especial a participación colectiva que se exerce a través das asociacións, entidades sociais e outras modalidades de cidadanía organizada** que traballan na cidade en distintos ámbitos e con diversos obxectivos.

Para o cumprimento desta segunda función executáronse as seguintes iniciativas:

- Convocatoria de dúas liñas de subvencións en concurrencia competitiva para apoiar a realización de actividades das asociacións veciñais e, por outra banda, para axudar de maneira específica ás entidades veciñais que non dispoñen dun local municipal cedido.
- Convenio coa Federación de Asociacións Veciñais de A Coruña e Área Metropolitana para contribuir ao seu sostenemento e funcionamento e, ao tempo, fixar sinerxias de actuacións conxuntas en favor do movemento asociativo veciñal.
- O programa "Sementando Participación" para educar na cultura de participación á infancia a través dun programa de actividades acordado con varios centros educativos da cidade.
- A Escola de Participación, como espazo para a formación e capacitación das persoas que traballan ou colaboran co tecido asociativo da cidade.
- A xestión e tramitación administrativa de autorizacións de uso de espazos públicos da cidade para a celebración de eventos e actividades públicas que organizan as asociacións e entidades no desempeño das súas funcións.
- A xestión, mantemento, tramitación administrativa, actualización e difusión do Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas, REMAC, como ferramenta de recoñecemento e traballo conxunto.
- O Servizo de Participación Cidadá funciona como un punto de información e asesoramento á cidadanía organizada da cidade en múltiples ámbitos: trámites para a constitución de asociacións sen ánimo de lucro, xestión administrativa de entidades, relación coa administración, etc.

MOCIDADE

O departamento de Mocidade contén na súa estrutura, unha serie de espazos e programas ao servizo da xuventude coruñesa que detallamos no documento anexado.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

- Crear e difundir unha cultura de participación entre a cidadanía, incidindo na importancia da participación individual nos programas e actividades organizadas polo Concello e promovindo o uso dos canais permanentes establecidos, como o Escano Cidadán.
- Poñer a disposición da cidadanía as ferramentas necesarias para facilitar que todas e cada unha das persoas da cidade podan participar nos programas e procesos participativos e teñan á súa disposición os canais adecuados ás súas circunstancias



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

particulares para facer chegar as súas aportacións ao Concello e participar no desenvolvemento da cidade, nomeadamente a través do programa dos Orzamentos Participativos.

- Facilitar o uso libre e gratuito dos espazos municipais por parte da cidadanía non organizada para a súa utilización de forma compartida e diversa.
- Ampliar o abano da participación individual introducindo novas modalidades de colaboración a través do fomento de programas de voluntariado en diferentes ámbitos de traballo e a creación dunha Oficina Municipal de Voluntariado aberta a todas a as persoas que queran participar.
- Desenvolver programas específicos de participación comunitaria destinados á xuventude, como o programa "Ruar" no barrio de Palavea ou o programa de mediación intercultural coa mocidade inmigrante da cidade.
- Articular a colaboración de centros educativos e a participación do alumnado de Educación Primaria no programa de participación infantil.
- Apoio global ás asociacións, entidades sociais e organización sen fin de lucro da cidade, ofrecendo ferramentas que garantan o seu funcionamento, nomeadamente no caso das asociacións e federacións veciñais.
- Ter un coñecemento o máis amplo e actualizado posible do tecido asociativo da Coruña: cantas entidades hai, en qué ámbitos desenvolven o seu labor, con qué colectivos y con qué programas, así como os seus datos e persoas de contacto

MOCIDADE

As tres ideas forza que definen a misión das políticas de Mocidade desenvoltas desde a Área de Igualdade, Benestar Social e Participación son interlocución directa, acompañamento e promoción.

A partir destas ideas, marcadas por un contacto e traballo de proximidade coa mocidade, se estruturan os ámbitos principais ou áreas clave de traballo do departamento:

1. **Acceso a información**: a través da descentralización do Servizo de Información Xuvenil e a creación de novas canles máis próximas e accesibles para o colectivo xuvenil
2. **Participación xuvenil**: coa consolidación de espazos para a participación e o mantemento de todas as canles existentes para a participación da mocidade no deseño das propostas, acción, etc…
3. **Ocio saudable:** co mantemento e fortalecemento de programas como Nocturnia e a posible creación de novos programas de similar metodoloxía e posta en marcha pero nun contexto de proximidade territorial
4. **Creación artística**: potenciando os Locais de Ensaio e os grupos noveis de músicos da cidade, e a posta en marcha de espazos para a creación individual e colectiva
5. **Educación non formal**: con acción permanente de formación no eido da educación non formal
6. **Mobilidade**: reorientando o asesoramento en mobilidade xuvenil e creando novas canles informativas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Mantemento dos canais de participación abertos para a veciñanza a través dos que as persoas poidan exercer o seu dereito á participación individual.
- Fomentar a participación de toda a veciñanza no programa de Orzamentos Participativos, de xeito que se consolide como unha forma de participación directa efectiva e xeneralizada.
- Manter os equipamentos municipais de uso gratuito, autoxestionado e compartido da cidadanía non organizada.
- Consolidar o voluntariado municipal como un novo canal para a participación individual na vida e o desenvolvemento da cidade.
- Fomentar a participación da mocidade na vida comunitaria da cidade.
- Crear unha cultura participativa entre a poboación infantil da cidade, traballando para a incorporación de máis centros educativos nos programas específicos.
- Fomentar o asociacionismo e traballar na procura de que o tecido asociativo teña os recursos necesarios para desenvolver as súas actividades, ofrecendo espazos, apoio, asesoramento e formación gratuita.
- Garantir de forma específica o funcionamento das asociacións e federacións veciñais da cidade.
- Manter actualizado o REMAC e convertilo nun recurso útil e válido para o asociacionismo e o Concello.

MOCIDADE

- Facilitar o acceso á cidadanía e potenciar a Rede Municipal de Información Xuvenil, descentralizando os puntos de información no Fórum Metropolitano, no Centro Ágora e no CCM Cidade Vella, co posterior traslado ás Naves do Metrosidero.
| | | Porcentaxe de axudas para gasto sanitario/farmacéutico | 7,67 |
| | | Porcentaxe de axudas para a compra de libros e material escolar | 1,97 |
| | | Porcentaxe para outros conceptos | 1,97 |
| | | Gasto realizado | 699.611,59 |
| | | Postos de persoal municipal | 65 |
| 1.5. Programa de promoción e cooperación social con entidades | P | Nº total de solicitudes de subvención | 46 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Nº total de subvencións | 44 |
| | | Nº total de entidades | 44 |
| | | Nº total de convenios | 76 |
| | | Nº total de entidades | 60 |
| | | Suma total de subvencións e convenios | 120 |
| | | Suma total de entidades | 90 |
| | | Persoal municipal | 6 |
| | | Orzamento executado | 3.648.350 |
| 1.6. Programa de actividades socioculturais de prevención e cooperación social | P | SUMA TOTAL DE PARTICIPACIÓNS EN ACTIVIDADES | 52.630 |
| | | Homes | 17.818 |
| | | Mulleres | 34.812 |
| | | De acceso libre | 52.169 |
| | | De apoio e promoción | 461 |
| | | Participacións en actividades de programación anual nos centros cívicos | 30.147 |
| | | Participacións en actividades en colaboración con outros servizos municipais, entidades externas e persoas voluntarias ou colaboradoras | 4.022 |
| | | Participantes en actividades habituais diarias dos centros cívicos | 1.205 |
| | | Total de participantes en préstamos de locais e espazos para actividades ou actos | 17.256 |
| | | Participantes infancia | 6.183 |
| | | Porcentaxe | 11,75 |
| | | Participantes xuventude | 474 |
| | | Porcentaxe | 0,9 |
| | | Participantes interxeracionais | 38.659 |
| | | Porcentaxe | 73,45 |
| | | Participantes maiores | 7.314 |
| | | Porcentaxe | 13,9 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | SUMA TOTAL DE ACTIVIDADES | 1.469 |
| | | Actividades de programación anual nos centros cívicos | 857 |
| | | Actividades en colaboración con outros servizos municipais, entidades externas e persoas voluntarias ou colaboradoras | 124 |
| | | Actividades habituais diarias dos centros cívicos | 70 |
| | | Actividades ou actos en préstamos de locais e espazos dos centros cívicos | 418 |
| | | Actividades para infancia | 242 |
| | | Porcentaxe | 16,47 |
| | | Actividades para xuventude | 57 |
| | | Porcentaxe | 3,88 |
| | | Actividades interxeracionais | 1.032 |
| | | Porcentaxe | 70,25 |
| | | Actividades para maiores | 138 |
| | | Porcentaxe | 9,39 |
| | | ASOCIACIÓNS COLABORADORAS | 31 |
| | | PERSOAS VOLUNTARIAS OU COLABORADORAS | 44 |
| | | ACCIÓNS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA CON PARTICIPANTES DE APOIO E PROMOCIÓN EN CENTROS CÍVICOS (entrevistas + visitas) | 1.569 |
| | | NOTICIAS NA WEB DE SERVIZOS SOCIAIS | 211 |
| | | Persoal municipal de centros cívicos e da coordinación do programa | 11 |
| | | Contrato. Persoal do contratista | 722 |
| | | Ingresos por prezo público | 64.829 |
| | | Orzamento executado | 651.475,5 |
| 2.1. Programa municipal de inclusión social (PMIS) | P | Persoas en situación de risco ou exclusión con itinerarios de inserción | 687 |
| | | Homes | 445 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Mulleres | 242 |
| | | Nº total de persoas atendidas no servizo de atención inmediata (SAI) | 93 |
| | | Incremento anual porcentual | 2,19 |
| | | Homes | 61 |
| | | Mulleres | 32 |
| | | Nº de persoas detectadas e contactadas en calle | 460 |
| | | Homes | 360 |
| | | Mulleres | 100 |
| | | Atencións de valoración, intervención, seguimento, apoio en rúa e atención inmediata | 10.647 |
| | | Atencións realizadas no servizo de atención inmediata de Monte Alto | 111 |
| | | Accións de intervención con persoas e unidades familiares con itinerarios de inserción | 3.680 |
| | | Entrevistas | 3.339 |
| | | Visitas | 310 |
| | | Acompañamientos | 31 |
| | | Atencións con persoas en situación de calle | 6.856 |
| | | Saídas realizadas para a identificación de persoas sen fogar | 302 |
| | | Nº de usos no Servizo de dormitorio no Albergue Padre Rubinos | 19.050 |
| | | Homes | 554 |
| | | Mulleres | 144 |
| | | Nº de usos no servizo de atención continua no Albergue | 7.795 |
| | | Homes | 339 |
| | | Mulleres | 110 |
| | | Total de persoas participantes en accións de orientación sociolaboral | 108 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Homes | 78 |
| | | Mulleres | 30 |
| | | Nº de entrevistas de orientación sociolaboral | 433 |
| | | Nº de itinerarios de inserción desenvolvidos | 108 |
| | | Nº de tramites de recursos/prestacións relacionados coa exclusión e as necesidades sociais básicas | 299 |
| | | Nº de derivacións recibidas desas entidades | 128 |
| | | Nº total de reunións coordinación e colaboración con entidades prestadoras de servizos a persoas en risco ou situación de exclusión social | 61 |
| | | Nº de entidades colaboradoras | 21 |
| | | Persoal municipal | 7 |
| | | Convenios. Persoal das entidades colaboradoras | 22 |
| 2.2. Programa de accións para a inclusión social da poboación xitana | P | Nº total de persoas participantes | 258 |
| | | Homes | 93 |
| | | Mulleres | 165 |
| | | Participantes no ámbito da educación | 223 |
| | | Nº de accións realizadas | 13 |
| | | Nº de grupos de participantes nas accións realizadas | 17 |
| | | Participantes no ámbito da saúde | 25 |
| | | Nº de accións realizadas | 2 |
| | | Nº de grupos participantes nas accións realizadas | 2 |
| | | Participantes no ámbito social e prelaboral | 10 |
| | | Nº de accións realizadas | 1 |
| | | Nº de grupos participantes nas accións realizadas | 1 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Nº reunións con entidades sociais | 6 |
| | | Nº de entidades | 3 |
| | | Persoal municipal | 3 |
| | | Convenio. Persoal da entidade | 1 |
| | | Contrato. Persoal do contratista | 9 |
| | | Orzamento executado | 54.918,78 |
| 2.3. Programa de aloxamento temporal en vivendas de emerxencia social | P | Nº de pisos/vivendas municipais de emerxencia social | 10 |
| | | Suma total de persoas aloxadas (Persoas aloxadas en anualidades anteriores+ persoas novas) | 38 |
| | | Total homes (incluíndo menores) | 19 |
| | | Total mulleres (incluíndo menores) | 19 |
| | | Suma total de aloxamentos (inclúe os aloxamentos novos) | 12 |
| | | Aloxamentos de unidades familiares | 11 |
| | | Aloxamentos de personas sen constituír unidade familiar | 1 |
| | | Nº de aloxamentos novos nesta anualidade | 3 |
| | | Aloxamentos de unidades familiares | 2 |
| | | Aloxamentos de persoas sen constituír unidade familiar | 1 |
| | | Porcentaxe de solicitudes atendidas en relación ao total de solicitudes | 75 |
| | | Total de informes | 4 |
| | | Total de planes de intervención realizados | 3 |
| | | Total de reunións da Comisión de seguimento | 3 |
| | | Persoal municipal | 3 |
| | P | Total de participantes | 860 |
| | | Homes | 330 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| 2.4. Aula CEMIT (Centro para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica) | | Mulleres | 530 |
| | | Persoas participantes en Aula Aberta | 255 |
| | | Participantes en cursos de formación | 605 |
| | | Total cursos de formación | 100 |
| | | Total de persoas en intervención | 10 |
| | | Homes | 6 |
| | | Mulleres | 4 |
| | | Total de accións de intervención | 10 |
| | | Total de entidades colaboradoras | 3 |
| | | Persoal municipal | 3 |
| | | Contrato. Persoal do contratista | 2 |
| | | Gasto executado | 20.175,47 |
| 2.5. Servizo municipal de urxencias sociais - SEMUS | P | Nº de persoas usuarias | 338 |
| | | Homes | 148 |
| | | Mulleres | 190 |
| | | Nº de activacións do servizo e atención a usuarios/as | 278 |
| | | Nº de activacións con saída | 211 |
| | | Porcentaxe con relación ó total de activacións | 76 |
| | | Persoal municipal | 1 |
| | | Convenio. Persoal da entidade | 2 |
| | | Orzamento executado | 89.000 |
| 2.6. Programa municipal de prevención de adiccións | P | Nº total de participantes nas accións | 11.238 |
| | | Homes | 5.458 |
| | | Mulleres | 5.780 |
| | | Participantes en accións preventivas no ámbito escolar (talleres preventivos + orientación a docentes) | 11.092 |
| | | Participantes en accións de preventivas no ámbito familiar | 39 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Participantes en accións preventivas no ámbito comunitario e da mocidade | 107 |
| | | Nº total de accións realizadas | 522 |
| | | Nº de talleres de prevención no ámbito escolar | 512 |
| | | Nº actividades para pais e nais | 2 |
| | | Nº actividades no ámbito comunitario | 8 |
| | | Total de reunións con entidades e centros escolares | 32 |
| | | Nº reunións con entidades | 10 |
| | | Nº de reunións con centros escolares | 22 |
| | | Nº de entidades | 5 |
| | | Persoal municipal | 2 |
| | | Convenio. Persoal da entidade | 15 |
| | | Contrato. Persoal do contratista | 8 |
| | | Orzamento executado | 130.991,76 |
| 2.7. Programa de promoción da autonomía persoal | P | Nº de persoas usuarias de Talón Restaurante | 590 |
| | | Homes | 206 |
| | | Mulleres | 384 |
| | | Nº solicitudes recibidas no 2022 | 165 |
| | | Persoal municipal | 3 |
| | | Persoal do contratista | 2 |
| | | Orzamento executado | 571.638,81 |
| 2.8. Centro de Día Novo Boandanza | P | Nº de persoas demandantes novas | 17 |
| | | Nº total de persoas en lista de agarda | 18 |
| | | Nº de persoas usuarias no 2022 | 70 |
| | | Homes | 17 |
| | | Mulleres | 53 |
| | | Nº de baixas | 23 |
| | | Nº de persoas usuarias a 31 de decembro | 48 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Persoal municipal | 2 |
| | | Contrato. Persoal do contratista | 15 |
| | | Orzamento executado | 282.218,88 |
| 2.9.1. Comedor do Centro Cívico de Monte Alto | P | Nº total de menús servidos | 15.342 |
| | | Media diaria de menús | 42 |
| | | Persoal municipal (Muller) | 1 |
| | | Contrato. Persoal do contratista | 3 |
| | | Orzamento executado e aportado polo Concello | 48.512,69 |
| 2.9.2. Comedor Novoboandanza | P | Nº total de menús servidos | 15.300 |
| | | Media diaria de menús | 42 |
| | | Persoal municipal | 1 |
| | | Contrato. Persoal do contratista | 4 |
| | | Orzamento executado e aportado polo Concello | 23.109,78 |
| 3.1. Programa de información e comunicación á cidadanía sobre servizos sociais por medios telemáticos | P | Total de persoas singulares visitantes do portal | 289.098 |
| | | Total de sesións feitas no portal web | 458.037 |
| | | Total de eventos publicados no portal web | 177 |
| | | Publicacións nas redes sociais | 172 |
| | | Persoas que visualizaron publicacións realizadas nas redes sociais | 80.357 |
| | | Persoas seguidoras en redes sociais | 3.300 |
| | | Preinscricións a través da web nas actividades socioculturais | 16.042 |
| | | Incremento anual porcentual | 88,24 |
| | | Total contenidos consultables no Portal | 299 |
| | | Contidos consultables: Programas | 22 |
| | | Contidos consultables no Portal: Prestacións | 92 |
| | | Contidos consultables no Portal: Centros | 38 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Contidos consultables no Portal. Entidades | 147 |
| | | Persoal municipal | 2 |
| 3.2. Plan de formación do persoal municipal de servizos sociais | P | Nº de cursos impartidos | 4 |
| | | Nº total de participantes | 117 |
| | | Nº total de horas de formación | 68 |
| 3.4. Memoria de xestión de servizos sociais | P | Total de memorias | 20 |
| | | Memorias de programas e servizos | 18 |
| | | Memorias de programas e actuación de xestión da Concellería | 2 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| SERVIZOS, PROGRAMAS E PROXECTOS DE SERVIZOS SOCIAIS | 24 | 21 | 21 |
| Nº TOTAL DE ATENCIÓNS NOS SERVIZOS/PROGRAMAS E PRESTACIÓNS DE SERVIZOS SOCIAIS (Información presencial, entrevistas, visitas a domicilio, consultas e intervencións) | 67.657 | 47.810 | 50.648 |
| Nº de atencións no Servizo de Información, Valoración e Orientación (SIVO) | 23.688 | 25.401 | 23.142 |
| Nº de atencions por 1.000 habitantes | 96 | 103 | 94 |
| Nº total de atencións de información inmediata e programada en materia de dependencia, maiores e discapacidade | 6.085 | 7.953 | 7.746 |
| Nº total de atencións por 1.000 habitantes | 25 | 32 | 32 |
| Nº total de atencións no Programa de Inclusión Social (PMIS) | 7.276 | 6.483 | 10.647 |
| Nº total de atencións por 1.000 habitantes | 29 | 26 | 43 |
| Nº total de atencións noutros servizos e programas (Traballo con Familias. Programas de atención a colectivos específicos. Actividades socioculturais) | 30.608 | 7.973 | 9.113 |
| Nº total de atencións por 1.000 habitantes | 124 | 32 | 36 |
| Total de atencións inmediatas | 13.656 | 11.193 | 11.336 |
| Total de atencións programadas | 54.001 | 36.617 | 39.312 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| TOTAL TRAMITACIÓN DE RECURSOS RELACIONADOS COA EXCLUSIÓN E AS NECESIDADES | 11.898 | 12.630 | 7.723 |
| TOTAL DE PERSOAS USUARIAS DOS SERVIZOS, PROGRAMAS E CENTROS | 61.485 | 62.251 | 58.976 |
| Nº TOTAL DE PARTICIPACIÓNS EN ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS | 174.529 | 65.680 | 67.953 |
| Nº de participacións por 1.000 habitantes | 705 | 268 | 277 |
| Homes | 0 | 26.080 | 24.761 |
| Mulleres | 0 | 39.600 | 43.192 |
| Nº de participacións do Programa de Actividades Socioculturais de Prevención e Cooperación Social (En centros cívicos municipais e outras instalacións) | 163.742 | 53.879 | 52.630 |
| Nº de participacións en actividades doutros programas (Traballo con Familias. Prevención de adiccións. Promoción da autonomía persoal. Programas de atención a colectivos específicos) | 9.162 | 10.472 | 14.205 |
| Participantes en actividades formativas de inclusión social. (Inclusión social da poboación xitana, Aula CMIT, Accións formativas para a inclusión social) | 1.625 | 1.329 | 1.118 |
| Nº TOTAL DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS | 2.846 | 1.429 | 2.104 |
| Nº de actividades por 1.000 habitantes | 11 | 6 | 8 |
| Nº de actividades do Programa de Actividades Socioculturais de Prevención e Cooperación Social | 2.358 | 910 | 1.469 |
| Nº de actividades doutros programas específicos | 390 | 458 | 635 |
| Nº DE PERSOAS SINGULARES QUE REALIZAN VISITAS Á WEB DE SERVIZOS SOCIAIS | 180.000 | 200.252 | 289.098 |
| Nº DE SUBVENCIÓNS | 35 | 35 | 44 |
| Nº de entidades subvencionadas | 35 | 35 | 44 |
| Nº DE CONVENIOS CON ENTIDADES | 67 | 92 | 76 |
| Nº de entidades con convenios | 49 | 61 | 60 |
| SUMA TOTAL DE CENTROS, UNIDADES DE ATENCIÓN E OFICINAS | 43 | 45 | 45 |
| Centros cívicos, veciñais e socioculturais | 22 | 22 | 22 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Centros cívicos, veciñais e socioculturais por 30.000 habitantes | 2,7 | 2,7 | 2,7 |
| Centros, oficinas e unidades de atención | 20 | 22 | 22 |
| Oficina de xestión administrativa e servizos xerais | 1 | 1 | 1 |
| ALBERGUES PARA PERSOAS SEN FOGAR | 1 | 1 | 1 |
| Nº de usos no servizo de Dormitorio no Albergue Padre Rubinos | 399 | 394 | 698 |
| Nº de usos no servizo de Atención Continua no Albergue Padre Rubinos | 346 | 247 | 449 |
| GASTO REALIZADO E XESTIONADO POR SERVIZOS SOCIAIS (Obrigas recoñecidas nos capítulos 2,4,6 e 7) | 18.084.044 | 18.436.259,06 | 18.961.035,78 |
| Porcentaxe de realización do orzamento | 70,66 | 74,77 | 78,53 |

# CONCLUSIÓNS

## 1. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS

### 1.1. Servizo de información, valoración e orientación (SIVO)

· Hai unha significativa baixada no número de entrevistas realizadas no Servizo de atención inmediata-SAI respecto ao ano 2021, ano posterior ao COVID. 8.635 no 2022 fronte a 8.982 no ano 2021.

· Collendo como referencia o ano previo á pandemia do COVID, 2019, a ampliación do Servizo de atención inmediata – SAI - en 2 traballadoras sociais aumentou a atención ás persoas usuarias nun 25%, de 6.952 en 2019 a 8.632 en 2022.

· Cómpre sinalar o número de entrevistas realizadas sobre axenda con cita previa, baixando nun 16% (de 16.170 a 13.562) respecto ao ano anterior, e nun 26% (de 31 a 23 días) na media de días de demora para unha primeira entrevista con traballadora social de referencia. A entrada en vigor da prestación da Seguridade Social Ingreso Mínimo Vital en xuño 2020, ten como consecuencia a baixada do número de familias beneficiarias do Salario social da Comunidade Autónoma de Galicia, RISGA (formando parte da súa tramitación e seguimento desde os Servizos sociais comunitarios) de 1.200 en 2020 a 488 en 2022.

· Hai que salientar o aumento nun 74% nas visitas a domicilio respecto ao 2021, un ano aínda con medidas de COVID, pero moi superior a anos anteriores chegando a duplicar nun 100% respecto ao 2017, nun 70% respecto ao 2018 e nun 80% respecto ao 2019 , anos previos á pandemia do COVID. Estas visitas a domicilio, xunto coa elaboración de protocolos de coordinación para o traballo conxunto das traballadoras



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

sociais cos outros servizos e entidades, a formación de accións grupais, e guías de valoración de riscos permiten mellorar na intervención social coas familias.

· En canto ao volume de xestión e tramitación, prodúcese un descenso nun 48% de recursos para persoas en risco ou en exclusión social e de necesidades básicas respecto ao 2021. Esta baixada pode valorarse como a consecuencia da "volta á normalidade" despois do COVID. Respecto ao ano previo ao COVID, 2019, increméntase nun 23% os recursos económicos tramitados relacionados coas necesidades básicas, de subsistencia e necesidades vinculadas ao mantemento da vivenda.

· O número de Rendas Sociais activas en 2022 foi de 116, que requiriron dun seguimento e avaliación continuada de cada itinerario de inclusión. O deseño dos itinerarios de inclusión dos novos solicitantes da renda social é realizado dende o mes de setembro do 2022 por un equipo interdisciplinar formado por traballadora e educadora social, asesor xurídico e orientadora formativa-laboral. Isto permite o seu desenvolvemento para facelos máis axeitados ás necesidades e as potencialidades das persoas beneficiarias.

· Poténciase o traballo en rede cos distintos centros escolares de primaria da cidade e co Servizo de Menores da Xunta de Galicia na coordinación para axilizar a valoración da situación de risco ou de desprotección dos menores.

## 1.2. Servizos domiciliarios e atención á dependencia

1.2.1 Programa de información, orientación e valoración en materia de atención domiciliaria, dependencia e promoción da autonomía.

· Tras anos de aumento significativo das atencións de información e valoración neste ano estabilízanse chegando a sufrir unha pequena baixada do -2,60% de variación porcentual. Nestas cifras englóbanse as entrevistas técnicas de atención inmediata, as programadas sobre axenda e as domiciliarias, as entrevistas telefónicas de seguimento de casos e os acompañamentos.

· A baixada débese a diminución das entrevistas telefónicas de seguimento, xa que as outras tipoloxías de atención permanecen estables ou aumentan.

· Neste ano de volta a normalidade despois da COVID 19 é lóxica a dita diminución de seguimento telefónico xa que o seguimento pode realizarse noutras modalidades de atención presenciais.

· Aínda que os datos do número atencións globais mostran unha tendencia a estabilización, compre salientar que a demanda de información en materia de dependencia e maiores segue ao alza, xa que número de atención inmediatas tivo un significativo aumento do 23%.

1.2.2 Servizo/Programa de axuda no fogar – SAF

· Aumentou a demanda do Servizo de axuda no fogar – Prestación básica no último exercicio, cun 20,40% de variación porcentual, o que indica que é un servizo moi



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

necesario e demandado pola cidadanía, xa que permite apoiar á autonomía das persoas maiores e dependentes e atrasar ou evitar, en moitos casos a institucionalización.

· O número de horas totais de servizo efectivo experimenta unha subida do 9,34 % no 2022 , isto e acorde coa subida de prestacións de SAF Dependencia dado que as horas prestadas nestes servizos son maiores que no SAF Básico.

· Neste ano adaptouse a ferramenta Cibersad de xestión do SAF para extraer un ficheiro XML cos datos da taxa para xestionar o cobro noutra ferramenta de xestión tributaria (Estima), isto fai que a xestión a taxa sexa mais sinxela e automatizada.

1.2.3 Programa de atencións domiciliarias complementarias

Servizo de Teleasistencia:

· Este servizo, tan necesario nunha poboación envellecida e que nun alto porcentaxe vive soa, é un dos mais demandados.

· O número de mulleres beneficiarias do servizo segue a ser maior que o de homes (83% fronte ao 17%).

· Segue complementándose con liñas de traballo actuais é imprescindibles para a mellora da calidade de vida do colectivo de maiores e discapacidade.

Comida a domicilio:

· A xestión do servizo sigue mellorando a nivel técnico.

· Outra mellora de xestión deste exercicio foi a redución de casos en suspensión, pasando de 116 a 79 o que facilita a xestión das altas.

## 1.3 Programa de traballo con familias

· No programa Bolsas municipais para o pagamento de comedores escolares, consolídase a metodoloxía de traballo do equipo adicado a esta tarefa e a coordinación co persoal dos diferentes Rexistros municipais. Este feito, xunto coa simplificación da solicitude e da documentación a aportar por parte da cidadanía, reflíctese nunha diminución dos prazos de resolución dos expedientes, permitindo que as listaxes de emenda de solicitudes poidan publicarse antes da finalización do curso escolar.

· Destacar as sesións grupais informativas sobre o a convocatoria de bolsas municipais para o pagamento de comedores escolares. Realizáronse en sete centros cívicos municipais e acudiron mais de 140 persoas. Nestas sesións informábase á cidadanía das características da prestación e de como encher correctamente a solicitude e os anexos obrigatorios da dita convocatoria. Desta maneira, simplificase o traballo do persoal do Rexistro municipal e diminúese as emendas de documentación dos expedientes, axilizando todo o proceso.

· Aumenta o número de reunións de coordinación cos centros educativos municipais o que resulta imprescindible tanto para a intervención familiar como para a intervención



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

no absentismo escolar, xa que os centros educativos son axentes de detección de posibles situacións de risco para os menores nun primeiro nivel.

· A actividade de CiberCaixa aumenta o numero de participantes respecto ao do ano pasado o que permite un mellor desenvolvemento dos proxectos enmarcados no Programa Tes Talento. Dentro desta actividade, inclúense saídas dentro da cidade e accións conxuntas con entidades do territorio

· Potenciase a coordinación mediante reunións de traballo periódicas con diferentes servizos de atención especializada como é o caso do Servizo de Menores da Xunta de Galicia e a Unidade de Acompañamento Familiar e Persoal (UACO) , así como con entidades sociais (Fundación Emalcsa, Fundación Amigó, Juan Soñador, etc.) co obxectivo de consolidar o traballo en rede e a atención integral ás unidades familiares e os seus menores.

· Incrementase de maneira significativa o número de accións de intervención, sobre todo no referido o número de visitas domiciliarias. O número de accións de intervención nos domicilios das persoas usuarias realizadas no 2022 case duplica as realizadas no 2019. As accións de intervención no domicilio permítennos realizar un acompañamento no desenvolvemento persoal das unidades familiares, dos menores e adolescentes, previndo as situación de maior risco.

### 1.4 Programa básico de inserción social

· Establecer novos procedementos de traballo e realizar todo o procedemento de maneira dixital, axilizou e facilitou a xestión das axudas.

### 1.5 Programa de promoción e cooperación social con entidades

· No exercicio 2022 prodúcese un aumento do número de entidades solicitantes de subvencións e un aumento do 25,00% no número de entidades beneficiarias dunha subvención.

· O número de entidades coas que se asina convenio é similar ó do exercicio anterior.

### 1.6 Programa de actividades socioculturais de prevención e cooperación social

· O número total de participacións nas actividades dos centros cívicos no ano 2022 foi de 52.630 persoas. O grupo poboacional predominante é o interxeneracional representando o 73% do total da participación. Si a comparamos coa participación do ano 2021 do 53,81,% vemos que no ano 2022 experimenta un crecemento dun 38,50%.

· Subliñar o gran incremento de participación das persoas maiores pasando dun 8% no ano 2021 a un 14% no 2022.

· Observase que a suma das participacións nas actividades presenciais é en liña nos centros cívicos municipais no ano 2021 (41.216) respecto ao 2022 (30.147) sufriron unha lixeiro descenso. Ter que adaptar o numero de participantes por mor da situación sanitaria (de enero a setembro do 2022 máximo de 10 participantes por actividade) e o descenso



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

de visualizacións das actividades en liña provoca unha alteración no numero total de participacións rexistradas.

· No 2022, vese un incremento de mais do dobre na participación en actividades en colaboración con outros servizos municipais e externos (de 1.726 a 4.022 persoas) e nas actividades habituais dos centros como xogos de cartas, educativos, consultas informáticas nos ordenadores etc. Este aumento tamén destacou nos préstamos de locais pasando de 10.232 participacións no ano 2021 a 17.256 no 2022.

## 2. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS

### 2.1 Programa municipal de inclusión social (PMIS)

· Establecéronse dinámicas de traballo novas incluindo as rutas semanais a realizar rotatoriamente por parte dun membro do equipo co equipo de atención en rúa para o coñecemento directo das diversas localizacións e a atención inmediata se procede.

· Estableceuse un reparto funcional e competencial dos diversos membros do equipo e uns protocolos de actuación ante situacións de atención inmediata, de atencións de urxencias, de atención a menores e de coordinación coas diversas equipos e entidades coas que existe un traballo directo.

· Consolidase o proceso de coordinación intensiva co programa Housing First e o grupo de traballo de entidades de actuación con persoas sen fogar en primer nivel de actuación (Equipo municipal de inclusión social, Ribs Padre Rubinos, Cocina Económica, Cruz Vermella e Acouga). Avaliando a idoneidade destes novos procesos o resultado é satisfatorio, acadando así a finalidade establecida.

· Unha parte fundamental da actuación por parte do Equipo Municipal de Inclusión Social é a atención en urxencias socias tanto de persoas como de unidades familiares con menores a cargo, evitando situacións de risco destas persoas (actuacións da policía local ou peticións de informes por parte da Fiscalía de Menores, xulgados ou Equipos técnicos de menores da Xunta de Galicia).

· Consolídase unha axeitada coordinación co Equipo Técnico do menor.

### 2.2 Programa de accións para a inclusión social da poboación xitana

· No desenvolvemento do programa no ano 2022 cabe destacar a continuación do espazo de compensación socioeducativa extraescolar do Portiño e o inicio de accións de apoio a competencias básicas e promoción de hábitos de saúde e habilidades sociais que se realizaron cós menores das Rañas nos espazos do centro cívico de Elviña, de forma experimental, tendo unha alta participación e boa acollida tanto polos menores como polas familias.

· Leváronse a cabo coas persoas adultas que residen no Portiño, obradoiros de promoción de hábitos saudables centrados na mellora da imaxe persoal e prevención e tratamento da pediculoses. Tamén obradoiros de iniciación as novas tecnoloxías mediante a instalación dunha aula informática portátil no centro cívico sito no barrio.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## 2.3 Programa de aloxamento temporal en vivendas de emerxencia social

· O programa de aloxamento temporal en vivendas de emerxencia social está sendo un recurso importante para ofrecer unha alternativa habitacional ás familias que non poden acceder a unha vivenda ante unha situación de alta vulnerabilidade e urxencia.

· Este dispositivo de emerxencia é moi útil e necesario e ten unha maior probabilidade de cumprir coa súa finalidade cando se usa de xeito compartido, evitando o sentimento de pertenza da vivenda xa que se trata dun recurso de emerxencia e temporal.

· É preciso un acompañamento continuado e intenso as persoas usuarias deste dispositivo de emerxencia para apoialos na procura de alternativa residencial estable e para o cumprimento do seu proxecto de inclusión.

## 2.4 Aula CeMIT (Centro para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica)

· Diversificar a oferta de accións formativas permite incorporar novos perfís de participantes.

· Consolidase a coordinación con entidades colaboradoras

## 2.5 Servizo municipal de urxencias sociais (SEMUS)

· No 2022 medraron as activacións de urxencias sociais con respecto ao 2021, medrando tamén o número de activacións con saída e o número de persoas usuarias do servizo.

· Do número total de 278 activacións:

- 223 foron intervencións de emerxencia, a maioría con traslado para poder atender aos usuarios no lugar onde acontecen os feitos.

- 45 foron entregas de sacos de durmir a persoas por atoparse sen roupa de abrigo en rúa.

- 10 son entregas de información, na que servizos, como a policía, pídennos información sobre usuarios aos que están a atender e solicitan que realicemos informe para que os Servizos sociais teñan constancia da súa situación.

· O número de titulares directos (338) non coinciden co número de activacións (278) porque este ano houbo bastantes activacións nas que se atendeu á vez a máis dunha persoa, intervencións grupais (61) polo que constan varios titulares directos nunha soa intervención. Xeralmente estas últimas son atencións a nivel familiar, solicitantes de Protección Internacional, vítimas de violencia machista con menores a cargo, ou grupos de persoas que conviven (persoas sen fogar que conviven e veñen en grupo solicitando apoio).

## 2.6 Programa de prevención de adiccións



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

· A participación no programa presenta un incremento no ano 2022 dun 11% respecto ao ano anterior, motivada polo incremento da demanda polos centros escolares de talleres de prevención de adiccións con sustancia e sen sustancia (Tics, xogo on line..) no ámbito escolar.

· O programa de prevención escolar está consolidado nos centros educativos da cidade, existindo unha gran demanda dos talleres preventivos ao comezo do curso para incluílos na súa programación xeral xa que constitúen un recurso para os docentes da cidade á hora de abordar o tema de prevención das adiccións.

· A prevención no ámbito familiar realizase a través de charlas preventivas dirixidas as AMPAS dos centros escolares que participan nos talleres do ámbito escolar e a grupos de pais/nais que se poidan organizar desde os centros cívicos municipais.

· As accións preventivas no ámbito comunitario e da mocidade desenvolvidas tiveron un incremento na súa participación dado que á acción de prevención de condutas aditivas e fomento do ocio produtivo e hábitos saudables dirixida a menores de poboación en situación de vulnerabilidades social se sumou as accións de prevención de adiccións e lecer produtivo dirixidas á mocidade que acude os centros cívicos.

· O Concello da Coruña establece convenios con entidades que desenvolven a súa labor no ámbito das adiccións na cidade. Mediante estes convenios apoiasen as accións propias das entidades e as súas colaboracións no desenvolvemento de determinadas accións preventivas no ámbito escolar e familiar do Programa municipal de prevención de adiccións.

## 2.7 Programa de promoción da autonomía persoal

· Os datos reflicten unha baixada de persoas usuarias, isto é debido a revisión do número de suspensións temporais do programa.

· Diminuíu o procedemento administrativo do persoal municipal, axilizando a entrega de talóns e posibilitando unha mellor organización de tarefas administrativas.

## 2.8 Centro de Día Novoboandanza

· Como se pode apreciar ano tras ano, o centro de día municipal desempeña a súa actividade con valores similares.

· As persoas asistentes ao centro de día continúan sendo maioritariamente mulleres (53 mulleres fronte a 17 homes)

· A media de idade das persoas usuarias e de 83 anos e a franxa de idade maioritaria e de 80 a 89 anos (63%) do total de persoas

· Do total de baixas de asistencia ao centro, 9 foron causadas por ingreso en residencia de maiores, 5 por empeoramento de saúde e 6 por falecemento.

## 2.9 Programa de comedores municipais



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

· A continuidade no servizo do comedor durante todo o ano, unido a recuperación de circunstancias mais acordes a tempo de prepandemia permitiron unha importante recuperación no número de menús servidos superando o número de menús servidos no nesta anualidade.

## 3. PROGRAMAS E ACTUACIÓNS DE XESTIÓN

### 3.1. Programa de información e comunicación á cidadanía sobre servizos sociais por medios telemáticos

· Aumenta o número de consultas en todas as sección da páxina web, especialmente no relativo ás actividades socioculturais. Isto demostra unha vez máis o crecente xeito de procurar información por parte da cidadanía a través de internet e o uso dos recursos que esta ofrece, tamén a paulatina incorporación dos nativos dixitais.

· Nesta liña destacase o incremento de comunicacións a través da caixa de correo electrónico da web.

### 3.2. Plan de formación do persoal municipal de servizos sociais

· Elaborouse un plan formativo para 2022 a fin de retomar a actividade anterior a situación de pandemia.

### 3.3. Memoria de xestión de servizos sociais

· Apoiar a elaboración das memorias de xestión no proceso de mellora continua da organización dos Servizos de Servizos Sociais e Acción Social

· Seguir na liña de introducir o rexistro de novos indicadores solicitados por entidades externas e diferentes servizos municipais, debido a súa importancia e utilidade de cara a xustificación do orzamento municipal e das subvenciones que nos son concedidas por diferentes administracións.

· Continuar coa mellora da estrutura de programas, prestacións, cuantificadores e indicadores da xestión.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Servizos de Seguridade

## Policía Local

*Responsable:* Brandariz Castelo, José Antonio
*Dirección: C/Tui,21*
*Teléfono: 981 184 229*

## MISIÓN

A memoria da Policía Local da Coruña que reflicte a actividade policial estivo marcada polo fin das restricións provocadas pola pandemia do SARS-CoV-2 (COVID-19). Esta memoria recolle as actividades máis importantes realizadas durante o ano 2022, respondendo a un compromiso de transparencia na xestión policial de proximidade, e dentro do proceso de mellora continua mantivemos o despregamento policial por toda a cidade coas seguintes funcións:

- Vixilancia do cumprimento da normativa municipal, autonómica e estatal.
- Protección da convivencia, seguridade cidadá e en situacións de emerxencia.
- Colaboración cos corpos e forzas de seguridade e servicios de emerxencias.
- Colaboración con asociacións cívicas, veciñais, comerciais, empresariais.
- Coordinación e apoio a outros servicios e órganos municipais.
- Vixilancia, disciplina e regulación do tráfico nas vías do termo municipal.
- Auxilio e apoio á cidadanía en especial aos máis vulnerables ou necesitados.
- Colaboración con autoridades fiscais, xudiciais e doutras institución

A reorganización progresiva da Policía Local supuxo que máis da metade dos efectivos policiais formen parte da Unidade de Convivencia e Seguridade Diurna (policía de barrio) con patrullas a pé e en bicicleta nas zonas céntricas e peonís. e en coches patrulla e motocicletas na periferia mellorando a súa mobilidade e acortando os tempos de resposta coa finalidade de mellorar a satisfacción cidadá.

No ano 2022, mantivemos a nosa aposta de innovación continuando co desenvolvemento progresivo das novas tecnoloxías do programa informático de xestión policial integral EUROCOP-CUBE. Seguimos desenvolvendo a actividade do grupo EiDeV para a realización de informes criminolóxicos viais por condutores reincidentes ou supostos de especial gravidade ou relevancia, propoñendo unhas medidas máis eficientes que as punitivas habituais. Co fin das restricións por SARS-CoV-2 (COVID-19) femos ido recuperando os controis sobre as actividades relacionadas co tráfico de vehículos e peóns que inflúen negativamente na fluidez da circulación e seguridade viaria: controis de alcoholemia, de drogas, de velocidade, de sistemas de retención e seguridade, infraccións dinámicas e outras, co fin de minimizar infraccións e humaniza-lo tráfico.

As actuacións relacionadas coa seguridade cidadá seguiron ocupando gran parte da nosa actividade e continuouse na optimización da colaboración e coordinación coa policía nacional para manter os elevados niveis de seguridade na cidade, institucionalizando reunións de coordinación semanais. En especial seguimos priorizando a nosa labor preventiva-disuasoria e de resposta inmediata ante actuacións en quente aproveitando o despregamento policial estratéxico de adaptación continua que fixemos ido implantando



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

tendo en conta as demandas veciñais e as análises policiais. Femos recuperado e reforzado o dispositivo especial de vixilancia e control do lecer nocturno na zona centro da cidade, ben que desde principios do ano 2020 se erradicara o botellón nocturno na cidade, incluído os macro-botellóns nos xardíns de Méndez Núñez, volcándonos máis no control doutros comportamentos

## FUNCIÓNS

De acordo co disposto no artigo 53 da Lei de forzas e corpos de seguridade, son funcións dos corpos da Policía local:

a. Protexer as autoridades das corporacións locais e vixiar ou custodiar os seus edificios e instalacións.
b. Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no solo urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade vial.
c. Instruír atestados por accidentes de circulación no ámbito da súa competencia dentro do solo urbano legalmente delimitado.
d. Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia
e. Participar nas funcións da Policía xudicial, na forma establecida na normativa vixente.
f. A prestación de auxilio, nos casos de accidentes, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, en canto á execución dos plans de protección civil.
g. Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delituosos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.
h. Vixiar os espazos públicos e colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e coa Policía de Galicia na protección das manifestacións e o mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos para iso.
i. Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para iso.
j. Calquera outras funcións en materia de seguridade pública que, de acordo coa lexislación vixente, lles sexan encomendadas.

2. As actuacións que practiquen os corpos de Policía local no exercicio das funcións previstas nos puntos c e grazas ás forzas e corpos de seguridade do Estado e á Policía de Galicia segundo corresponda, de conformidade coa lexislación orgánica de forzas e corpos de seguridade.

3. En virtude de convenio entre a Xunta de Galicia e os concellos, no marco das competencias da Policía de Galicia, os corpos de Policía local tamén poderán exercer, dentro do seu termo municipal, as seguintes funcións:

a. Velar polo cumprimento das disposicións e as beirangulares ditadas polos órganos da comunidade autónoma, con especial atención ás materias relativas á protección do menor, o ambiente, a saúde e a muller, sobre todo no ámbito da violencia de xénero.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

b. A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da comunidade autónoma e dos seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos servizos.
c. A inspección das actividades sometidas á ordenación e disciplina da comunidade autónoma, denunciando toda actividade ilícita.
d. O uso da coacción para a execución forzosa dos actos ou disposicións da propia comunidade autónoma.

As funcións asignadas á Policía Local divídense en tres grandes áreas de actuación:

1. Control do cumprimento de **ordenanzas municipais**
2. Control do **Tráfico**
3. Colaboración en materia de **Seguridade** Cidadá

E en cada unha delas a actividade desenvólvese a partir de catro eixes:

1. Actuacións puntuais
2. Campañas planificadas
3. Seguimento procedemental de actuacións diarias

Desenvolvemento de dispositivos especiais debidos a acontecementos de masiva concorrencia

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

Control de zonas peonís e comerciais para evitar as ocupacións da vía pública, sen a correspondente licenza municipal.

1. Vixilancia e control de obras menores que se realizan na cidade.
2. Vixilancia das deficiencias que poidan existir na vía pública, co fin de evitar molestias ou trastornos á cidadanía.
3. Control policial nas zonas de º para o cumprimento das ordenanzas municipais, con especial dedicación ao cumprimento da normativa de ruídos. Vixilancia sobre o cumprimento da ordenanza de limpeza e tenza de animais.

### 1. **TRÁFICO**

1. Ordenación, sinalización e dirección do tráfico de acordo co establecido nas normas de circulación.
2. Vixilancia e disciplina de tráfico.
3. Sanción das infraccións ás normas de circulación e de seguridade nas vías da cidade. Retirada dos vehículos da vía por infraccións de circulación ou outros motivos.
4. Instrución de atestados por accidentes de circulación.
5. Colaborar na diminución do número de accidentes de circulación e do número de vítimas que se producen nel.
6. Colaborar no incremento da seguridade vial incidindo no respecto das usuarias e os usuarios das normativas de tráfico.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

7. Aumentar o control e a disciplina viaria nas infraccións que máis inflúen nos accidentes de tráfico (controis de velocidade, alcoholemia, elementos de seguridade,...).
8. Incrementa-las accións formativas de educación viaria.

2. **SEGURIDADE CIDADÁ**.

1. Prevenir, disuadir, reaccionar e auxiliar as vítimas e ás partes prexudicadas fronte aos problemas de seguridade cidadá de carácter penal ou administrativo no termo municipal, en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado con competencias no termo municipal, seguindo os acordos tomados a través da Xunta Local de Seguridade.
2. Control policial sobre as persoas que causan desfeitas nos bens públicos.

**3. PROGRAMAS DE AXENTES TITORES**

1. **Programa Axente Titor:** Protexendo os menores no contorno escolar, controlar, velar, e auxiliar ás nais/titoras legais, aos pais/titores legais e ás/os menores en idade escolar nos aspectos relacionados cos problemas que actualmente se detectan de ciberacoso, bullyng, redes sociais, acoso escolar e drogas.
2. **Protocolo de delitos de odio:** protección e atención ás vítimas de delitos de odio e outros incidentes discriminatorios.
    1. *"Na Coruña, témoslle apego á lingua"*. A poboación destinataria son futuras nais e pais, nenas e nenos de 0 a 6 anos e as súas familias, formadoras e formadores de escolas infantís. Consiste en promover a socialización das cativas e cativos na nosa lingua e desenvólvese ao longo de todo o ano. Realizáronse actividades dende xaneiro ata xuño, como contacontos, teatro, concertos musicais e obradoiros, e no último trimestre só algunhas en decembro por cuestións orzamentarias.
    2. *"AgoraSón"*. Intenta fomentar ámbitos de lecer relacionados coa música en galego para todo tipo de público (mocidade e poboación en xeral) e ten unha periodicidade semestral. Leváronse a cabo dúas datas, unha na primavera (arredor do Día das Letras Galegas) o 21 de maio e outra no outono (arredor do Día das Bibliotecas) o 22 de outubro.
    3. *"Encontros no ensino"*. A poboación destinataria son as mozas e mozos de ensino secundario entre os 12 e os 18 anos. Realizáronse as actividades presenciais en abril, maio e xuño nos propios centros educativos.
    4. "*Paseos pola Coruña Literaria*", destinados a persoas adultas maiores de 16 anos. Desenvolvéronse presencialmente en catro sábados de abril e maio polas rúas da cidade.
    5. As actividades "*Falamos*" (programa de fomento da lingua galega nos 27 centros de ensino primario e nos 20 de secundario) e *"Fomento da lingua nas EIM*" (recursos e materiais didácticos e lúdicos para o corpo docente e as crianzas das 9 escolas infantís municipais) leváronse a cabo nos propios centros educativos dende marzo ata novembro.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 823.984,78 | 768.240,21 | 845.858,64 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 184.916,48 | 269.406,05 | 493.352,25 |
| | Imputación Indirecta | 32.322,66 | 38.809,11 | 39.725,71 |
| | TOTAL GASTOS | 1.041.223,92 | 1.076.455,37 | 1.378.936,60 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Desprazamentos realizados para a asistencia a reunións e encontros de traballo en relación coa EIDUS da Coruña | P | Número de viaxes de ida e volta | 1 |
| Desprazamentos realizados para a asistencia a reunións e encontros de traballo en relación con Redes sectoriais correspondentes ao Servizo | P | Número de viaxes de ida e volta | 1 |
| Núm. total de participantes nas actividades do departamento de Normalización Lingüística realizadas en centros docentes: Escolas Infantís Municipais (EIM) | P | N.º de persoas participantes | 680 |
| Núm. total de participantes nas actividades do departamento de Normalización Lingüística realizadas en centros docentes: CEIP | P | N.º de persoas participantes | 1.820 |
| Núm. total de participantes nas actividades do departamento de Normalización Lingüística realizadas en centros docentes: ensino secundario e FP da cidade | P | N.º de persoas participantes | 600 |
| Núm. total de participantes nas actividades infantís do departamento realizadas en distintos centros públicos e espazos exteriores (programa Apego + Encontros no ensino + Correlingua + Musicando no Nadal) | P | N.º de persoas participantes | 2.296 |
| Núm. total de participantes nas actividades para persoas adultas do departamento (AgoraSón outono e primavera, Paseos pola Coruña Literaria + teatro + Rompente + Mesa 8M) | P | N.º de persoas participantes | 1.028 |
| Importe da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística | P | Contía | 9.481,41 |
| Importe da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña | P | Contía | 15.000 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Porcentaxe (%) de execución do orzamento previsto para a estratexia EidusCoruña | 4,68 | 19,5 | 50,62 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Porcentaxe (%) de execución do orzamento previsto para a Axenda Urbana da Coruña (AUAC) 2030 | 0 | 100 | 93,51 |
| Porcentaxe (%) de execución do orzamento previsto para a estratexia metropolitana da AMAC | 0 | 0 | 0 |
| Porcentaxe (%) de execución do orzamento previsto para o departamento de Normalización Lingüística | 59,69 | 74,64 | 98 |
| Porcentaxe (%) de execución da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística | 100 | 100 | 100 |
| Porcentaxe (%) de execución da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña | 0 | 0 | 100 |

## CONCLUSIÓNS

**En relación coa Estratexia EidusCoruña:**

Tendo en conta a separación de funcións que esixe a Comisión Europea, que implica un traballo diferenciado entre dúas unidades xestoras (UdX e UdE), a implementación e execución da Estratexia EidusCoruña ao longo do ano 2022 pódese valorar en dous aspectos diferentes:

- Respecto das tarefas desenvoltas pola Unidade de Xestión (UdX), que recae no Servizo de Alcaldía e Estratexia Urbana, valórase como obxectivo cumprido no ano 2022 que os trámites realizados en materia de coordinación, xestión, tramitación e autorización do 100 % dos trámites realizados co OIX foron resoltos dentro dos prazos establecidos nun 100 % dos casos presentados.
- Respecto da execución correspondente á Unidade de Execución (UdE) en termos de "execución de gasto", a valoración é mellor que en anos anteriores, xa que os pagamentos materialmente efectuados entre o 01/01/2022 e o 31/12/2022 ascenderon a 5.217.305,20 €. Deste xeito foron presentadas "Solicitudes de Pagamento a Beneficiarios" (SPB) por un importe de 6.664.996,48 € que representa un 35,54 % sobre o total do Plan de Implementación (PdI) da estratexia, o que mellora substancialmente os resultados do ano anterior, aínda que cómpre indicar que non se cumpriron os obxectivos de execución e certificación do programa previstos e comprometidos co Organismo Intermedio de Xestión (OIX) para a ano 2022. Os datos económicos distribúense do seguinte xeito:



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| PAGAMENTOS E XUSTIFICACIÓN DE GASTO (SPB) EDUSI DA CORUÑA 2020 - 2022 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Gasto e xustificación en 2020** | | **Gasto e xustificación en 2021** | | **Gasto e xustificación en 2022** | |
| Gasto Pagado a 31/12/2020 | Gasto xustificado (SPB) a 31/12/2020 | Gasto Pagado a 31/12/2021 | Gasto xustificado (SPB) a 31/12/2021 | Gasto Pagado a 31/12/2022 | Gasto xustificado (SPB) a 31/12/2022 |
| 795.887,56 | 0,00 | 3.477.908,70 | 2.117.890,09 | 5.217.305,20 | 6.664.996,48 |

**<u>En relación co departamento de Normalización lingüística</u>:**

- O servizo de Normalización Lingüística amosa un aumento en cifras de proxección cara á cidadanía. O número de visitas ás actividades virtuais aumentou respecto do ano 2021, retomando á normalidade previa á pandemia da Covid-19 no ano 2020. Executouse case na súa totalidade o orzamento municipal asignado ao departamento.
- A conclusión principal é que se volveu con éxito á realización presencial das actuacións, plans e programacións dentro do contexto da nova normalidade, mantendo o traballo habitual interno do departamento, relacionado coas xestións de asesoramento, revisión e correccións propias da unidade.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Asesoría Xurídica

*Responsable:* Gómez Díaz, Mª Gabriela
*Dirección: Pza. Maria Pita, 1*
*Teléfono: Ext. 10093*

## MISIÓN

Sin perjuicio de las funciones reservadas al Secretario del Pleno por el párrafo e) del apartado 5 del artículo 122 de la Ley de Bases de Régimen Local, dice el art 129 de esta Ley, dentro del TÍTULO X, que lleva por rúbrica "Régimen de organización de los municipios de gran población" que existirá un órgano administrativo responsable de la asistencia jurídica al Alcalde, a la Junta de Gobierno Local y a los órganos directivos, comprensiva del asesoramiento jurídico y de la representación y defensa en juicio del ayuntamiento, sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado segundo del artículo 551.3 de la Ley 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial.

La Asesoría Jurídica Municipal se configura como un órgano administrativo necesario y responsable de la doble función de asistencia jurídica al gobierno municipal y de representación y defensa en juicio del Ayuntamiento.

## FUNCIÓNS

Las funciones formalizadas de la Asesoría jurídica son las siguientes:

1. Representación y defensa del Ayuntamiento y de todos los organismos autónomos e instituciones dependientes de él ante otras Administraciones Públicas y ante los Tribunales en todas sus instancias, así como la de sus autoridades y empleados salvo que resulte incompatible con los intereses municipales.
2. Asesorar jurídicamente a los órganos de gobierno y servicios municipales cuando lo soliciten.
3. Elaborar dictámenes e informes jurídicos que expresamente se le soliciten.
4. Informar preceptivamente los pliegos de cláusulas administrativas y técnicas y formar parte de las Mesas como vocal, prestando el apoyo jurídico necesario tanto a la Mesa como al órgano de contratación.
5. Bastanteo de poderes.
6. Asistir al Gobierno en la elaboración del Plan anual normativo y en la consiguiente revisión de la normativa municipal.

La función no formalizada, ocupa una gran parte de la actividad del personal de este órgano, como es la atención a los servicios municipales, tanto por vía telefónica como mediante correos electrónicos. La solución de dudas, atención a consultas y similares ocupan una gran parte de la actividad de los letrados.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

A grandes rasgos, la Asesoría jurídica abarca tres campos clave:

- La tarea consultiva.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- La representación y defensa del Ayuntamiento en las jurisdicciones contencioso administrativa, penal, civil y social.
- La de fomentar una contratación administrativa respetuosa con los principios que rigen en la materia y eficiente con sus objetivos.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Los objetivos generales son:

1. Homogeneizar criterios de actuación administrativa resolviendo toda duda en la interpretación del derecho y sugiriendo el debate y la conformación de criterios iguales en materias comunes (gestión y contratación).
2. Recepcionar y dinamizar internamente aquellos cambios que se deriven de la reiteración de criterios judiciales firmes y sugerir alternativas de solución legal a formularios que se propongan por las distintas unidades.
3. Reducir la litigiosidad a través de estudios de la incidencia en aquellas áreas que den lugar a un mayor número de contenciosos.
4. Apoyar los procesos de adaptación e implementación de nuevas leyes, mediante la elaboración de guías e instrucciones, así como la solución de dudas que puedan surgir.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 441.581,46 | 448.678,34 | 478.155,76 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Indirecta | 23.087,61 | 27.720,79 | 34.050,61 |
| | Imputación Directa | 10.274,54 | 19.554,62 | 11.862,05 |
| | TOTAL GASTOS | 474.943,61 | 495.953,75 | 524.068,42 |

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Recursos resueltos | P | Recursos resueltos: favorables | 126 |
| | | Recursos resueltos: estimados parcialmente | 9 |
| | | Recursos resueltos: desfavorables | 62 |
| Recursos nuevos | P | Número de recursos nuevos | 315 |
| | | Número de recursos contencioso-administrativos (Procedimientos Ordinarios - Juzgados de lo Contencioso) | 73 |
| | | Número de recursos contencioso-administrativos (Juzgados de lo Cont. Adm. - Procedimientos Abreviados-) | 167 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Número de recursos contencioso administrativos (TSJG) | 3 |
| | | Número de recursos (Civiles) | 1 |
| | | Número de recursos (Penales) | 40 |
| | | Número de recursos (Sociales) | 29 |
| | | Número de recursos (Menores) | 1 |
| | | Número de recursos (Entrada en domicilio) | 1 |
| Informes | P | Número | 821 |
| Asistencia Mesas de Contratación | P | Número | 57 |
| Bastanteos | P | Bastanteos | 107 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Recursos resueltos: desfavorables | 29 | 59 | 62 |
| Recursos resueltos: Estimación parcial | 33 | 12 | 9 |
| Recursos resueltos: favorables | 170 | 153 | 126 |
| Recursos nuevos: Urbanismo-Patrimonio del Suelo | 0 | 5 | 1 |
| Recursos nuevos: Urbanismo-Planeamiento | 1 | 1 | 2 |
| Recursos nuevos: Urbanismo-Gestión | 9 | 57 | 10 |
| Recursos nuevos: Urbanismo-Licencias de Actividad | 4 | 3 | 7 |
| Recursos nuevos: Urbanismo-Ruinas | 2 | 0 | 0 |
| Recursos nuevos: Urbanismo-Disciplina | 7 | 22 | 13 |
| Recursos nuevos: Policía-Denuncias de Tránsito | 11 | 13 | 34 |
| Recursos nuevos: Policía Local | 2 | 5 | 15 |
| Recursos nuevos: Recaudación | 0 | 1 | 2 |
| Recursos nuevos: Personal | 40 | 42 | 19 |
| Recursos nuevos: daños en bienes públicos | 34 | 31 | 31 |
| Recursos nuevos: Interior | 0 | 0 | 2 |
| Recursos nuevos: Reclamaciones Patrimoniales | 20 | 18 | 39 |
| Recursos nuevos: Contratación | 6 | 6 | 1 |
| Recursos nuevos: Alcaldía | 2 | 6 | 0 |
| Recursos nuevos: Infraestructuras | 2 | 1 | 3 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Recursos nuevos: Tribunal Económico-Administrativo Municipal | 11 | 9 | 24 |
| Recursos nuevos: Urbanismo-Rehabilitación | 4 | 4 | 6 |
| Recursos nuevos: Servicios Sociales | 5 | 4 | 8 |
| Recursos nuevos: IMCE | 0 | 2 | 3 |
| Recursos nuevos: Educación | 13 | 0 | 1 |
| Recursos nuevos: Medio Ambiente | 10 | 9 | 13 |
| Recursos nuevos: Gestión Tributaria | 0 | 1 | 44 |
| Recursos nuevos: Seguridad Ciudadana | 0 | 2 | 1 |
| Recursos nuevos: Urbanismo-Servicios Generales | 0 | 0 | 0 |
| Recursos nuevos: Turismo-Empleo-Mercados | 0 | 3 | 0 |
| Recursos nuevos: Personal-Contratas | 16 | 9 | 24 |
| Recursos nuevos: Secretaría General | 0 | 0 | 0 |
| Recursos nuevos: Planificación-Innovación | 0 | 0 | 1 |
| Recursos nuevos: Museos | 0 | 0 | 0 |
| Recursos nuevos: Movilidad urbana | 0 | 4 | 2 |
| Recursos nuevos: Concesiones | 0 | 0 | 0 |
| Recursos nuevos: Deportes | 1 | 3 | 3 |
| Recursos nuevos: Hacienda y Admón Tributaria | 1 | 3 | 2 |
| Recursos nuevos: Participación e Innovación Democrática | 0 | 0 | 0 |
| Recursos nuevos: Tesorería | 0 | 0 | 1 |
| Recursos nuevos:Cultura | 0 | 3 | 3 |
| Informes | 0 | 0 | 821 |

## CONCLUSIÓNS

El número de informes jurídicos solicitados a este servicio ha crecido de forma exponencial en los últimos tres años, los números son reveladores, así 449 en el 2019, 712 en 2020, 811 en el 2021 y **821** en el 2022.

Llama la atención este aumento exponencial en la petición de informes que llegan a asesoría desde los distintos servicios, lo que supone la necesidad de una mayor dedicación (horas de trabajo) por parte de los letrados para poder atender satisfactoriamente a todas las funciones encomendadas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

El número de asuntos jurisdiccionales es también superior al de los tres últimos años, destacando dicho incremento en asuntos tributarios, expedientes sancionadores, reclamaciones patrimoniales, y en materia de personal.

Finalmente, la asistencia a mesas de contratación, un total de 51 en el año 2019, 40 en el 2020, 51 en el 2021 y 57 en el 2022, supone que un Letrado o la Directora deben de asistir necesariamente a las mismas (normalmente se celebran los viernes con una duración media de dos horas, aparte, claro está, de la necesidad de preparar previa y debidamente los asuntos que se incluyen en el orden del día (informes de ofertas anormales, de valoración técnica, etc…).



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Contratación

*Responsable:* Fernández Maroño, Pilar
*Dirección: Plaza de María Pita 1, 2ª planta*
*Teléfono: Ext. 10226*

## MISIÓN

A Oficina de Contratación foi creada en abril de 1969, co propósito de agrupar de forma sistemática toda a contratación pública do Exmo. Concello da Coruña, que ata entón aparecía dispersa e incompleta, repartida entre os distintos Departamentos municipais existentes naquela época. En xuño de 2013 constituíuse como Servizo dependendo directamente da Dirección e da Concellería de Facenda e Administración Pública.

O 30 de xuño de 2017, o Servizo de Contratación pasou a formar parte da Concellería de Emprego e Economía social, non obstante, con motivo das eleccións municipais de maio de 2019, o Servizo de contratación pasou a integrarse dentro da Concellería de Economía, Facenda e Réxime Interior

Durante o ano 2019, continuouse coa implantación da contratación electrónica de todos os procedementos de contratación a través da plataforma de contratación do Estado que se iniciou no mes de Xaneiro.

A misión principal do Servizo é garantir que a contratación administrativa se realice respectando os principios de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores e candidatos. Así mesmo é misión deste servizo tramitar os expedientes necesarios para que os contratos se executen con pleno cumprimento das prescricións técnicas e administrativas previstos nos mesmos, e garantir a eficiencia na execución do contrato, con plena satisfacción dos intereses xerais.

Con data 6 de novembro de 2019 pola Xunta de Goberno Local aprobouse a instrución 2/2019 sobre a actividade contractual do Concello de A Coruña que cambia a concepción da contratación asumindo dende este Servizo, como fito máis destacable, a tramitación dos procedementos abreviados simplificados que estaban descentralizados nas distintas áreas do Concello.

A devandita instrución regulamenta os contratos menores así como a racionalización da contratación de todo o Concello.

O ano 2022 foi un ano con moito volume de traballo marcado polos contratos subvencionados polos fondos NEXT GENERATION (8 expedientes de obras e 7 de suministros, algún deles con varios lotes), provocando un ritmo moi rápido de licitacións e adxudicacións para cumprir os prazos marcados pola normativa europea reguladora de ditas subvencións asi como as ordes ministeriais de desenvolvemento das mesmas. A meirande parte das adxudicacións producironse no derradeiro trimestre do ano.

O número de contratos asinados no 2022 foi de….. e no 2021 de…



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## FUNCIÓNS

1. Tramitar a contratación administrativa municipal, de obras, servizos, subministracións e concesións, aplicando a lexislación vixente en cada momento. De conformidade co acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno local delégase nos tenentes de Alcalde e Concelleiros das distintas áreas municipais as contratacións que polo seu importe sexan adxudicadas por procedementos simplificados abreviados pero so ata 60.000 €, así como os contratos menores.

   Con relación aos expedientes de contratación realizados polos diferentes Servizos Municipais, asume o Servizo de contratación a función de fomentar a transparencia e igualdade de trato entre os licitadores, facilitando a utilización da plataforma de contratación do Estado.

   Continuar coa adaptación dos procedementos de contratación a licitación electrónica, regulada pola Lei 9/2017.

2. Actualización e posta ao día na lexislación sectorial de contratación e estudo e recompilación de ditames da Xunta Consultiva, e xurisprudencia.
3. Fomentar e desenvolver as instrucións que se diten relacionadas coa actividade contractual do Concello .
4. Colaborar cos responsables dos contratos para que a execución destes se realice con cumprimento das prescricións técnicas e administrativas previstos nos mesmos, e garantir a eficiencia na xestión e a satisfacción dos intereses xerais, a través da tramitación de expedientes de declaración de incumprimentos, imposición de penalidades previstas nos pregos, e mesmo resolucións contractuais, se fose necesario.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

- - - -

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

1. Tramitar todos os procedementos de contratación administrativa promovidos polos servizos xestores aplicando a lexislación vixente en cada momento, especialmente, axilizar as contratacións de expedientes subvencionados por fondos EIDUS, así como subvencionados por fondos NEXT GENERATION.
2. Colaborar coas restantes dependencias municipais na resolución efectiva das peticións expostas, axudándolles a unha máis eficaz xestión na tramitación dos expedientes que lles incumban en materia de contratación administrativa.
3. Controlar toda a actividade administrativa municipal en materia contractual, a través das Mesas de Contratación, onde se realizou a apertura e exame da documentación administrativa, económica e técnica presentada polos licitadores e se aproban os informes de valoración das ofertas técnicas e económicas; propoñendo ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento ao licitador mellor valorado.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

4. Asegurar que a contratación administrativa satisfaga os intereses xerais e cumpra as determinacións establecidas nos pregos. Supervisar a correcta execución dos contratos.
5. Introducir nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, ben como criterios de valoración ou condicións de execución do contrato cláusulas sociais, ambientais, de comercio xusto, así como a reserva de determinados contratos a Centros Especiais de Emprego.
6. Destacase o incremento durante o exercicio 2022 do número de informes de ofertas técnicas realizados por este servizo frente os anos anteriores, profesionalizando así ó persoal de contratación.
7. Asesorar e colaborar con outros servizos no definimento de determinados contratos.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 544.654,78 | 736.392,45 | 819.115,22 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Directa | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Imputación Indirecta | 60.027,79 | 69.301,99 | 87.964,07 |
| | TOTAL GASTOS | 604.682,57 | 805.694,44 | 907.079,29 |

| **RESULTADOS DA ACTIVIDADE** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Actividade** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado 2021** | **Resultado 2022** |
| Servizos | P | Número de contratos | 105 | 119 |
| | | Importe licitación | 35.649.466,59 | *76.718.849,44 |
| | | Importe adxudicación | 27.121.085,90 | *17.497.499,58 |
| | | Media de licitadores presentados | 4,3 | 3,71 |
| Obras | C | Número de contratos | 44 | 28 |
| | | Importe licitación | 19.590.057,56 | 29.058.271,56 |
| | | Importe adxudicación | 15.761.677,59 | 22.846.144,18 |
| | | Media de licitadores presentados | 7,8 | 4,0 |
| Suministros | C | Número de contratos | 55 | 37 |
| | | Importe licitación | 6.903.104,44 | 9.771.791,19 |
| | | Importe adxudicación | 3.172.569,36 | 8.294.738,00 |
| | | Media de licitadores presentados | 7,7 | 2,1 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Contratos adxudicados iniciados no exercicio | 102 | 204 | 184 |
| Importe de licitación, iniciados no exercicio | 16.288.974,48 | 62.142.628,59 | 115.548.912,19 |
| Importe de adxudicación, iniciados no exercicio | 13.541.479,53 | 46.055.332,85 | 48.638.381,76 |
| Aforro. Iniciados no exercicio entre o importe de licitación e o de axudicación | 2.747.494,95 | 16.087.295,74 | 66.910.530,43 |

## CONCLUSIÓNS

Ao longo do ano 2022, fíxose un esforzo moi grande sendo un dos concellos pioneiros da Comunidade Autónoma en licitar os contratos dos fondos Next Generation o que implicou realizar todos os modelos de documentación do procedemento de licitación para adecualo ós requisitos de publicidade e cumprimento da regulamentación dos mesmos, para tramitar con maior axilidade os procedementos.

Por outro lado, tal como se pode observar no cadro de indicadores incrementouse o número de licitacións e tamén o incremento máis importante produxose no importe de licitación respecto dos exercicios anteriores.

Hai que salientar que ó longo do 2022 informáronse as seguintes prórrogas de contratos

| **Prórrogas informadas 2021** | **Prórrogas informadas 2022** |
|---|---|
| 48 | 106 |

Tamén se asinaron os seguintes contratos (excluidos os menores e os supersimplificados abreviados por non ser preceptivo a sinatura dos mesmos):

| **Contratos asinados 2021** | **Contratos asinados 2022** |
|---|---|
| 75 | 81 |

***Nota:** Nos contratos de servizos o importe de adxudicación é case 50 millóns de euros menor que o de licitación porque o SAF licitouse no ano 2022 pero non se adxudicou ata o 2023 o que implica case 30 millóns de euros e o mesmo pasa co Mantemento de zonas verdes que aínda está en fase de adjudicacióm.

Salientar tamén que o número de licitadores diminueu respecto ó 2021 con carácter xeral coma en toda España.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/







## RECOMENDACIÓNS E PERSPECTIVAS DE FUTURO

- Continuar coa planificación da contratación.
- Continuala creación dun Rexistro de Contratos dando conformidade a todalas prórrogas de contratos que se tramitan polas distintas áreas municipais e a súa incorporación ó devandito rexistro.
- Impulsar o uso de anuncios previos no DOUE para reducir prazos de presentación de ofertas de 30 a 15 días nos contratos SARA.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Continuar coa concentración de trámites na mesa de contratación para reducir tempos de tramitación.
- Elaborar informes de criterios suxeitos a fórmula desde o servicio de contratación.
- Crear comisións mixtas colexiadas como responsables dos grandes contratos do Concello.
- Continuar e tentar rematar co expurgo de expedientes de contratación en papel o arquivo definitivo e culminar unha contratación libre de papel.
- Homoxeneizar criterios de adxudicación dos contratos para axilizar e facilitar a fiscalización e o control xurídico dos mesmos, minorando a posibilidade de recursos.
- Continuar co cumprimento dos obxectivos da instrucción de contratación (realización da guía de contratación, racionalización da contratación, incidencias na fase de execución e modificación contractual….).
- Formar ó personal das distintas áreas na preparación do contrato dada a complexidades que ten a fixación desagregada dos custos do contrato como parte do orzamento base de licitación.
- Rematar as licitacións dos fondos EIDUS e da licitación dos contratos suxeitos á normativa dos Fondos Next Generation.
- Comezar coa tramitación de Acordos Marco.
- Homoxeneizar a tramitación e unificar os contratos de mantemento de edificios.
- Intentar comezar co novo tramitador de expedientes.
- Continuar coa estabilización do persoal de contratación mediante a consolidación por oposición do persoal interino para favorecer a profesionalización así como coa cobertura dos postos vacantes de técnicos de administración especial.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Informática

*Responsable:* Chacón Souto, Jorge
*Dirección: Plaza María Pita*
*Teléfono: Ext. 10007*

## MISIÓN

Tendo en conta a importancia estratéxica que posúen as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para a cidadanía, e tamén coa finalidade de dar resposta á crecente necesidade de mellorar a eficiencia na prestación de servizos públicos, o Servizo de Informática ten encomendado:

- A provisión de servizos TIC á Organización garantindo a resiliencia.
- Definición e posta en marcha de novas arquitecturas de servizos TI sostibles que ofrezan resposta ás necesidades internas e as da cidadanía.
- Adecuación normativa nos principais procesos do Servizo: Leis 39 e 40 do 2015, Esquema Nacional de Interoperabilidade, Esquema Nacional de Seguridade, Lei de Contratos do Sector Público, Lei Xeral de Telecomunicacións.
- Coordinación co Servizo de Innovación para o establecemento da política dixital municipal, baixo a supervisión da Dirección de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior.

## FUNCIÓNS

As funcións desenvolvidas polo Servizo de Informática pódense encadrar en catro ámbitos de actuación:

- Planificación e organización das TI corporativas, en coordinación co Servizo de Innovación, de maneira que se aliñen cos obxectivos de negocio do Concello.
- Adquisición, desenvolvemento e implantación de solucións de TI, integrándoas nos procesos de negocio do Concello.
- Entrega e soporte dos servizos de TI, xestionando a súa continuidade e seguridade, así como a atención aos usuarios.
- Monitoraxe e avaliación do rendemento dos recursos de TI, o control interno dos servizos e o cumprimento do marco regulatorio.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

As funcións desenvolvidas polo Servizo de Informática Corporativa oriéntanse ás seguintes áreas do goberno das TI:

- Aliñamento estratéxico. Os obxectivos de TI estean vinculados cos obxectivos de negocio da Organización e viceversa.
- Entrega de valor. TI xere os beneficios esperados para satisfacer as necesidades da Organización.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Administración de recursos. Optimización do investimento e administración adecuada dos recursos de TI (aplicacións, información, infraestrutura e persoas).
- Administración de riscos. Identificación das ameazas e vulnerabilidades relativas a ti e definición do risco residual.
- Medición do desempeño. Monitoraxe do uso dos recursos e a entrega dos servizos para avaliar a tradución da estratexia en accións adecuadas.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Adaptación a demanda actual de servizos dixitais por parte da organización e da cidadanía.

Goberno TI

De cara a mellorar a xestión corporativa das TIC , continúa a execución do servizo de coordinación de proxectos no ano 2022, e tendo como obxectivos a xestión da estratexia dixital conxunta co Servizo de Innovación, e a xestión e coordinación conxunta dos proxectos derivados. Obtense unha subvención para financiar diversos proxectos por importe de 921.112,64 €, convocada pola Orde TER/1204/202.

ITIL

Formaliza as actividades propias de TI en termos de procesos e relacións, incidindo na identificación de responsabilidades e a aplicación de métricas de control como base para a mellora continua. Ademais das melloras evidentes da adopción das boas prácticas que recolle ITIL. O Servizo ten pendente a implantación progresiva do marco ITIL e a súa adaptación a prácticas axiles.

O Esquema Nacional de Seguridade e o Reglamento Xeral de Protección de Datos

De cara a mellorar a xestión corporativa das TIC, ponse en marcha o servizo de adecuación continua a ambos marcos normativos, e terá como obxectivos a plena adecuación a ambas normas, e o inicio da xestión organizativa da seguridade da información no Concello. Elaborarase un Plan Director de Seguridade da Información, cos proxectos a abordar nos vindeiros anos, de suma importancia no contexto actual. Os principais fitos cumpridos do 2021 foron a aprobación da política de seguridade da información e o nomeamento do delegado de protección de datos. Na política defínese o Comité da Seguridade da Información e Privacidade, realizando a reunión constitutiva no 2021. O Centro de Seguridade da Información, establecido como instrumento de apoio na política de seguridade, continúa a súa execución, adoptando numerosas medidas de seguridade e acadando algún fito significativo, como a inclusión do Concello da Coruña na rede nacional de centros de ciberseguridade, sendo a primeira Administración Pública galega.

Lei Xeral de Telecomunicacións.

Na medida en que se foron ampliando os servizos suxeitos a regulación, como é o caso da ampla oferta de accesos públicos a Internet en bibliotecas e centros cívicos, Informática tivo que ampliar a



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

cobertura legal e técnica das normativas aplicables, en concreto, á Lei 13/2022, Xeneral de Telecomunicacións ou a Lei 25/2007, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.

Administración dixital.

No ano 2020 iniciase o deseño dunha nova arquitectura da Plataforma de Servizos Dixitais do Concello da Coruña, plenamente integrada coas plataformas de interoperabilidade estatais e autonómicas, que permita ao Concello modernizar a súa xestión interna, e cumprir plenamente coas Leis 39 e 40 do 2015. No 2021 licitouse o contrato, e empezou a súa execución en novembro de 2021. Ao longo do ano 2022 o proxecto está en fase de execución, construíndose os principais módulos constituíntes, cun enfoque integrador e baseado en nube pública. En paralelo, avanzan os proxectos de dixitalización no eido da xestión deportiva e da xestión de axudas de servizos sociais.

Por outra banda, terminase de implantar a ferramenta de xestión tributaria e recadación Estima, rematando os derradeiros fitos para pechar o proxecto no primeiro semestre do 2021, e ao longo do 2021 implantouse a notificación electrónica e a proba de entrega electrónica, con numerosas vantaxes para a cidadanía e para o Concello.

Tamén se produce a posta en marcha de novas aplicacións importantes para o Concello: a nova versión de Socyal, o portal do empregado, etc.

En paralelo ao anterior, continúan as licitacións para renovar o posto de traballo dixital dos empregados municipais, no contexto actual de escaseza de compoñentes TI, así como a xestión de medios de impresión e dixitalización.

Infraestruturas TI.

Na estratexia dixital do Concello configurase unha arquitectura de nube híbrida, complementando a capacidade dos CPDs municipais redundados, cos servizos ofrecidos por provedores de nube pública. No 2021 iniciase a licitación do servizo de comunicacións cunha perspectiva integradora tendo en conta a seguridade da información no seu deseño, que inicia a súa execución no ano 2022. En outubro de 2022 complétase a transición de operadores de comunicacións ao novo adxudicatario, implantando un modelo integrador e converxente, con numerosas medidas de seguridade: implantación do sistema EDR, realización de auditorías puntuais e periódicas de seguridade, servizos de vixilancia dixital e de resposta ante incidentes. Comeza a migración ao novo sistema de telefonía IP, deixando atrás a telefonía analóxica e dixital.

A finais de 2022 licítase o servizo de xestión da infraestrutura dixital, no que adxudicatario asumirá todos os elementos físicos e virtuais da infraestrutura nos dous CPDs, para evolucionalos a un modelo cloud, cumprindo as medidas de seguridade esixidas pola regulación.

En paralelo, a finais de 2022, iniciase a migración do sistema de correo electrónico local a un sistema de produtividade baseado na nube pública, con numerosas melloras no día a día dos traballadores/as municipais, e cun incremento notable en seguridade informática.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

A rede de fibra óptica propia do Concello, que actualmente chega a máis de setenta edificios municipais e que permite o traballo remoto por parte dos usuarios sen prexuízo algún na velocidade de execución de aplicacións e o acceso a datos.

A visión que Informática ten desta rede de fibra non se limita unicamente a alcanzar o máximo número de edificios conectados á fibra óptica, senón en dotar á rede de camiños redundantes que permitan minimizar a perda de conexión dos edificios co CPD de María Pita. O obxectivo final é que, grazas ás redundancias, poida lograrse a conexión de calquera edificio municipal ao CPD de María Pita e ao Centro de Respaldo de Catro Camiños, e a Internet e sistemas de nube pública.

Soporte de infraestruturas.

Unha infraestrutura tan complexa como a descrita no punto anterior require dunha xestión operativa eficaz e organizada, que permita resolver incidencias de forma áxil, maximizando a continuidade dos servizos aos que dá soporte. Co obxectivo de lograr esta xestión eficaz e operativa, un dos proxectos de maior calado que vén desenvolvendo Informática foi a integración nunha única solución dun repositorio centralizado dos activos tecnolóxicos e as súas relacións ( CMDB), a monitoraxe de tales activos e a xestión de incidencias.

Racionalización do software.

Unha das directrices que o Servizo de Informática vén marcando desde hai tempo é a homoxeneización das aplicacións.

Neste sentido, desde o Servizo deféndese, como unha norma xeral, que o obxectivo debe ser a adaptación das solucións existentes aos novos requirimentos, fronte a modelos baseados na adquisición ou desenvolvemento de solucións particulares.

Para elo, a nova plataforma de servizos dixitais, debido ao seu modelo aberto e propio, propiciará a consolidación de diversas aplicacións verticais na mesma plataforma.

Entre os beneficios deste enfoque poderían destacarse:

Integridade da información.

Coherentemente co sinalado na sección Funciones deste documento, na visión que o Servizo de Informática sostén, os servizos, en especial os relativos á Administración electrónica, han de construírse sobre unha arquitectura da información troncal, común a todos eles. Dita información troncal estaría constituída polos seguintes elementos:

- Terceiros, é dicir, persoas (físicas e xurídicas) que manteñan ou mantivesen algunha relación co Concello.
- Territorio.
- Organización.

Isto implica que as aplicacións que dan resposta aos requirimentos funcionais dos distintos servizos municipais debesen respectar a información de terceiros, territorio e



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

organización que sexa referencia para o Concello, en lugar de facer uso de información non integrada e illada desta. De novo, a plataforma de servizos dixitais contribuirá a integrar esta visión, e promover o obxectivo do dato único para a organización. Xestión do coñecemento.

O Servizo de Informática entende que para dar unha resposta satisfactoria ás necesidades do Concello, entre outros obxectivos, debe minimizar as dependencias individuais dos seus técnicos. Na práctica, este obxectivo tradúcese nunha distribución máis homoxénea do coñecemento.

Por tanto, a excesiva especificidade nas aplicacións e os seus requirimentos, implica unha maior especificidade de coñecementos para a súa xestión técnica e, en consecuencia, penaliza enormemente a homoxeneización do coñecemento entre os técnicos.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 970.149,45 | 1.030.339,29 | 1.201.929,63 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Indirecta | 113.129,30 | 174.641,00 | 161.740,38 |
| | Imputación Directa | 1.744.400,70 | 1.787.033,60 | 2.089.197,73 |
| | TOTAL GASTOS | 2.827.679,45 | 2.992.013,89 | 3.452.867,74 |

**RESULTADOS DA ACTIVIDADE**

| Actividad | Clas. | Cuantificador | Resultado |
|---|---|---|---|
| Xestión do persoal de TI | P | # cursos realizados | 10 |
| Adquirir, desenrolar e manter a infraestructura tecnolóxica | P | # PCs | 1.381 |
| | | # servidores | 437 |
| | | # centros conectados por fibra | 74 |
| | | monitorizaxe (# ítems procesados por segundo) | 379,8 |
| | | monitorizaxe (# elementos monitorados) | 1.155 |
| | | monitorizaxe (# alertas configuradas) | 40.098 |
| Xestionar o service desk e as incidencias | P | # incidencias/peticións rexistradas | 12.742 |
| | | # incidencias/peticións resoltas | 12.159 |
| | | % Tipo Interrupción/Disminución de servizo | 57 |
| | | % Tipo Petición | 43 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| # incidencias/peticións rexistradas | 11.929 | 12.498 | 12.742 |
| # incidencias/peticións resoltas | 11.594 | 11.861 | 12.159 |
| # técnicos do Servizo | 16 | 21 | 23 |
| # incidencias (interrupción/disminución servizo) | 3.280 | 4.890 | 7.385 |
| # peticións | 8.616 | 7.457 | 5.185 |
| # incidencias/peticións rexistradas no ano non resoltas | 544 | 637 | 583 |

## CONCLUSIÓNS

Os exercicios 2020 e 2021 estiveron marcados pola pandemia do COVID-19. Ao longo do exercicio 2022 continúase dando soporte a un modelo mixto de traballo presencial e remoto.

En paralelo a xestión da continuidade TI municipal, iniciáronse varios proxectos de suma importancia, que acadarán resultados nos vindeiros anos, como a Plataforma de Servizos Dixitais, o Servizo de Comunicacións e de Seguridade da Informarción, e o Servizo de Infraestructuras TI.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Interior

*Responsable:* Vázquez Rodríguez, Luis
*Dirección: Plaza de María Pita 1*
*Teléfono: 981 184 200*

## MISIÓN

O Servizo de Atención Cidadá e Interior ten encomendadas as seguintes tarefas:

- A atención cidadá nas súas relacións coa administración municipal, nas distintas modalidades de comunicacións.
- O Padrón Municipal
- as reclamacións patrimoniais (que non sexan urbanísticas e contractuais de outros servizos)
- A xestión dos servizos internos municipais a través da unidade de conserxería
- O rexistro de ben mobles e histórico-artísticos
- A xestión e control dos contratos de servizos e de subministracións que atinxen a necesidades comúns da organización (material de oficina, mudanzas, limpezas, celadurías, seguros, climatización, etc.) e a supervisión e coordinación doutros contratos licitados por lotes que dan servicio a toda a organización municipal

## FUNCIÓNS

A actividade deste Servizo ten, por una banda, un marcado patrón horizontal como unidade de apoio estratéxico respecto ao resto da organización municipal e, por outra banda, ten asignadas salientables tarefas para a organización dos edificios encomendados ao seu cargo, segundo o detalle da súa estrutura que a continuación se detalla.

1.-ATENCIÓN AO PÚBLICO

As funcións xerais de atención ao público son levadas a cabo polas Oficinas de Atención ao Cidadá que son: Palacio Municipal de María Pita, o rexistro do Ágora e o do Fórum Metropolitano. A eles hailles que engadir a atención telefónica que se presta no servizo do 010. Nestas unidades facilítase toda clase de información e orientación acerca dos requisitos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, trámites, actuacións ou solicitudes que os cidadáns se propoñan realizar, sobre a documentación que debe acompañarse, ou sobre os procedementos que se tramitan no Concello.

A Oficina de atención Cidadá de María Pita (OAC) ten encomendada a tarefa de asentar todos os documentos dirixidos a este Concello ou a calquera outra administración (SIR). Estes asentos destínanse sen dilación ás unidades administrativas municipais que corresponda ou con inmediata saída cara á administración correspondente

No ano 2022 seguiuse avanzando na mellora da cita previa (quenda) a través do 010, da páxina web municipal, e polo propio persoal de “control de accesos”, o que supuxo un gran esforzo de organización da atención cidadá en canto á adaptación da nova modalidade co fin de evitar esperas por medio dunha racionalización do tempo medio das citas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Segue incrementándose a presentación telemática de asentos dos particulares , e estase a mellorar a plataforma de interoperatibilidade dos diferentes rexistros públicos.

No ano 2022, e de cara ao 2023, reforzouse e reorganizouse a actividade destas OAC en canto a tramitación da nova tarxeta millennium, de padrón, e a tramitación de procesos de concorrencia pública que servicios sociais convoca anualmente (como son as becas comedor).

Na OAC de María Pita tramítanse tamén o rexistro de parellas de feito, os expedientes de matrimonios que se ofician no noso concello, e o Taboleiro de Edictos.

## 2.- ESTATÍSTICA E PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES

A oficina de Estatística e Padrón é a encargada do mantemento e xestión do Padrón municipal de habitantes. Esta labor implica tamén a actualización do Padrón Municipal de Habitantes en colaboración co Instituto Nacional de Estatística (INE), a través do intercambio mensual de ficheiros, tramitando os erros e os expedientes de baixa de oficio ou outros que procedan. Nesta unidade estase a traballar na mellora continua e actualización da modalidade do empadroamento electrónico. Esta oficina tamén é a competente para a actualización do rueiro municipal.

Está unidade tamén é a encargada de levar a cabo toda a operativa necesaria para o desenvolvemento dos procesos electorais.

## 3.- XESTIÓN DO PATRIMONIO E DAS RECLAMACIÓNS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

- Patrimonio: O Servizo de Atención Cidadá e Interior xestiona o Inventario de bens mobles, conformando as facturas de todos os servizos municipais que inclúen adquisición de bens inventariables, e unha vez comprobada a adquisición e etiquetaxes dos bens, trasládanse ao Inventario Municipal de bens mobles. Tamén se xestionan as facturas relacionadas cos locais que o Concello ten en propiedade, levando a cabo as tramitacións cotiáns coas correspondentes comunidades de propietarios.

Forma parte das funcións deste Servizo de Atención Cidadá e Interior a xestión do inventario dos bens Histórico-Artísticos e expedientes propios desta materia.

Unha das unidades máis importantes deste servizo é a de Reclamacións Patrimoniais que se encarga da instrución e resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial por danos derivados dun funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos municipais, agás os derivados de actuacións urbanísticas. Tamén se informan os recursos contra as resolucións de responsabilidade patrimonial e as propostas de abono en execución de sentenzas. Remítense igualmente as propostas correspondentes ao Consello Consultivo para a emisión do seu ditame nestes expedientes.

Así mesmo xestiónanse os seguros de responsabilidade civil, riscos patrimoniais e flota de vehículos, desde a súa licitación, comprendendo a xestión de todo tipo de sinistros e cobro das aseguradoras das indemnizacións correspondentes.

## 4.- SERVIZOS INTERNOS MUNICIPAIS



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

A unidade de Servizos Internos leva a cabo o control e xestión da intendencia do funcionamento das unidades administrativas a través da conserxería. Esta labor abrangue dende o traslado da documentación e material internos ( paquetería, sobres, material de oficina, prensa e correo diario, etc.) entre as distintas oficinas e edificios municipais, as notificacións de correos, e o chaveiro municipal.

Dende o ano 2020, esta unidade tamén leva a cabo a labor de "control de accesos", que agora xa e residual e que solo se leva a cabo nalgunhas dependencias como as oficinas de rexistro de Franxa.

Como órgano de apoio principal a todas ás unidades, as labores que se levan a cabo son: notificacións de correos, xestión de mudanzas entre dependencias municipais (que dende o 2021 inclúen as de Educación), xestión do almacén de material de oficina e o papel, como tamén o almacén de mobles de Feáns e Lagoas, a organización do persoal para os actos protocolarios, resolución de pequenas reparacións dos edificios municipais adscritos ao Servizo e que sexan solicitadas.

## 5.- XESTIÓN ECONÓMICA DE INTERIOR

Neste servizo xestionáronse 33 contratos plurianuais, e un de obras que consistiu na reforma completa da planta baixa de María Pita que abrangue a OAC e a unidade de Estatística e Padrón, e o de acondicionamento das estancias da zona de reprografía.. Ao tratarse dun servizo transversal, actualmente lévase a cabo a xestión dalgúns contratos que afectan a todas as dependencias municipais, como son: os lotes do contrato do subministro de combustible, os seguros (RC, automóbiles e flota, riscos patrimoniais, persoal e autoridades), os lotes do contrato de máquinas vending, os lotes dos contratos de limpeza así como a subministración de papel e material de oficina, entre outros. Isto implicou un reforzo do servizo co fin de poder levar un control exhaustivo da execución e facturación destes contratos.

Ademais, tamén se tramitan os contratos relativos ás intervencións puntuais de reparacións, subscricións e subministración de material diverso.

O servicio de Interior e Atención Cidadá dispón da modalidade de pago por medio do Anticipo de Caixa Fixa que permite un abono máis áxil dalgúns dos seus expedientes, e que implica unha xestión de control previo de ditos expedientes de xeito pormenorizado debido a que a súa fiscalización pola Intervención é posterior ao pago.

A Xestión Económica-Orzamentaria deste servizo ademais da tramitación de todos os expedientes de carácter económico mencionados, e a supervisión das facturas de xeito previo a o seu pago, tamén debe levar a cabo un continuo control e xestión do orzamento, comunicando as incidencias ás xefaturas de servizo e departamento, tramitando aquelas modificacións orzamentarias que sexan necesarias para a atención das necesidades do servizo, e planificando a dispoñibilidade económica durante todo o ano en consonancia coa execución dos contratos, velando polo cumprimento dos contratos e as operación de peche do exercicio económico.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

Por área de resultado clave enténdese unha serie de actividades e procedementos esenciais para o cumprimento dos obxectivos propostos, debendo investir máis para ser eficiente nos procesos e afianzar resultados.

Por iso, debe entenderse como área de resultado clave para este Servizo a posta en funcionamento dos procesos necesarios nos seguintes aspectos:

- Mellora das oficinas de atención cidadá, primeira imaxe do Concello para os veciños, en canto á modernización dos sistemas informáticos e de información que permitan a asistencia á cidadanía no uso de medios electrónicos, e a formación de persoal. Esta mellora debe levar aparellada as obras necesarios para un acondicionamento dos espazos públicos destinados a dita atención cidadá.
- Dixitalización e informatización da xestión do Padrón
- Racionalización dos espazos municipais nos edificios dependentes deste Servizo de tal xeito que se poidan axeitar ás necesidades das distintas unidades administrativas ubicadas neles.
- Xestión dos servizos da conserxería, coa conseguinte organización do persoal, que leva a cabo tamén as súas funcións noutras dependencias municipais, para dar resposta ás necesidades doutras unidades.
- Establecemento da documentación e dinámicas de control da execución dos contratos municipais que se desenvolven baixo a responsabilidade deste servizo.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

O ano 2021 marcou un momento de inflexión na operatividade de parte das tramitacións administrativas que exixiron unha áxil xestión electrónica.

No 2022 continúase nas melloras expostas como áreas de resultado clave:

- Na atención ao público perfeccionouse o sistema de Quenda para poder acudir ás oficinas municipais con cita previa. Este sistema estase a mellorar continuamente para a súa adecuación ás necesidades que van xurdindo; de feito, continua existindo os sistema de cita previa para a atención cidadá, pero sen ter esta carácter obrigatorio, de xeito que toda persoa que acudiu ás OACs foi atendida, aínda que non tivera cita. Isto conseguiuse reforzando e reorganizando equipo de persoal adscrito ás ditas unidades. Asemade, continúase traballando na mellora das relacións por medios electrónicos coa cidadanía, mantendo un tempo de espera mínimo para a cita previa, sendo, de media, case inmediato.
- No Padrón municipal estase a estudar a implantación de equipos (a modo de caixeiros) para a obtención de certificados de empadroamento con carácter inmediato para os cidadáns que o requiran. Tamén avanzouse na axilidade do Padrón on line, permitindo que xa se obteña un certificado con firma electrónica.
- Reforzo do servizo de atención telefónica - 010



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- En coordinación có Servizo de Informática e Innovación, estase a implantar un cambio do programa de xestor de expedientes para que faga posible a súa integración có Rexistro, de xeito que permita unha automatización da tramitación da documentación que se reciben no Concello e que os seus destinatarios son outras administracións públicas (SIR)
- A mellora da xestión dos seguros municipais: tramitouse unha nova licitación do seguro de responsabilidade civil que agora recolle unha cobertura máis completa que responde ás actuais necesidades da administración pública; e licitouse e adxudicouse un seguro para a cobertura da responsabilidade civil dos funcionarios.
- Neste exercicio comezou a obra de modernización da oficina de atención ao público de María Pita e da unidade de Estatística e Padrón, ao efecto de racionalizar os espazos municipais e axeitalos aos servizos que acollen. Isto provocou a reorganización dos servizos, mediante a creación de oficinas de atención provisional e o traslado de parte do persoal ás oficinas de Ágora e Fórum. En consonancia con isto, realizouse un acondicionamento inicial da zona de reprografía da planta baixa para adaptar o espazo ás necesidades actuais, e que se complementará có acondicionamento da zona de conserxería nos próximos anos.
- Realizouse un control máis exhaustivo da execución dos contratos de servizos e subministracións.
- En xeral, seguir en busca da eficiencia en todas as funcións descritas no apartado correspondente, reducindo os tempos de tramitación dos expedientes, controlando o uso dos recursos públicos destinados a cada fin e facilitando a intervención de quen poida achegar melloras etc.

## COSTES

| | | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|---|---|---|---|
| **Gastos de Personal** | Imputación Directa | 2.930.157,72 | 3.008.195,07 | 2.926.189,74 |
| **Gastos Corrientes** | Imputación Indirecta | 556.411,44 | 526.695,09 | 505.083,99 |
| | Imputación Directa | 2.060.189,85 | 2.715.999,22 | 2.387.711,25 |
| | TOTAL GASTOS | 5.546.759,01 | 6.250.889,38 | 5.818.984,98 |

**RESULTADOS DA ACTIVIDADE**

| Actividad | Clas. | Cuantificador | Resultado |
|---|---|---|---|
| 010.Atención telefónica ao cidadán | P | Num. total de chamadas | 684.360 |
| | | Num. de chamadas atendidas | 422.339 |
| | | Num. de chamadas saturadas | 132.188 |
| | | Num. de chamadas fora de horario | 21.695 |
| | | Num. de chamadas nas que colgan na mensaxe inicial | 52.361 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| | | Num. de chamadas Operadora Virtual | 55.777 |
| | | Núm. de peticións información web recibidas | 797 |
| | | Demandas de servizo, suxestións, reclamacións e incidencias tramitadas | 49.056 |
| 010. Xestión de demandas de servizo | P | Total demandas servizo (voluminosos, recollida selectiva, niños...) | 30.855 |
| Sección de Patrimonio e Reclamacións Patrimoniais | P | Expedientes reclamacións incoados | 247 |
| | | Expedientes reclamacións resoltos | 159 |
| | | Número de asentos de saída | 712 |
| | | Número sinistros aseguradoras (inclúe RC.RP) | 48 |
| | | Número de liquidacións de cobro xeradas | 12 |
| | | Número de expedientes remitidos aos Xulgados | 28 |
| | | Número de expedientes remitidos ao Consello Consultivo | 21 |
| | | Porcentaxe de ditames favorables do Consello Consultivo | 99 |
| | | Número de informes para Inventario de bens (favorables/desfavorables) | 271 |
| | | Comunidades de Propietarios xestionadas (número de facturas tramitadas) | 159 |
| Conserxería | P | Asistencia a Actos Protocolarios | 330 |
| | | Actuacións varias (pequenas reparacións, traslados...) | 238 |
| Xestión económica e orzamentaria area interior | P | Nº aplicacións orzamentarias | 42 |
| | | Numero total de contratos tramitados | 202 |
| | | Importe autorizado dos contratos tramitados por procedemento aberto | 2.312.926,87 |
| | | Número de facturas tramitadas no Anticipo de Caixa Fixa | 286 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Unidade de Estatística | P | Certificados Padrón | 69.967 |
| | | Certificados obtidos polos usuarios co seu certificado dixital | 17.153 |
| | | Certificados Padrón Históricos | 2.323 |
| | | Modificación de seccionado y distritos | 15 |
| | | Alegacións Cifras poboación | 195 |
| | | Rexistro Saída Estatística | 4.073 |
| | | Altas no Padrón Municipal de Habitantes | 40.667 |
| | | Baixas no Padrón Municipal de Habitantes | 16.088 |
| | | Modificacións datos persoais no Padrón Municipal de Habitantes | 16.051 |
| | | Renovacións Extranxeiros | 9.890 |
| | | Cambios enderezo | 31.269 |
| | | Erros INE tramitados | 31.906 |
| | | Expedientes revisión numeración cambios denominación altas e baixas de vía | 6 |
| | | Número total de persoas atendidas | 120.404 |
| Oficina Atención Cidadá María Pita | P | Número de asentos de entrada | 9.140 |
| | | Número de asentos de saída | 63 |
| | | Número de asentos de entrada e saída a través do SIR | 13.651 |
| | | Número de asentos de entrada telemáticos | 82.557 |
| | | Parellas de feito (inclúe inscrición, cancelacións e certificados) | 53 |
| | | Matrimonios (total celebrados e anulados) | 242 |
| | | Edictos | 296 |
| | | Número de persoas atendidas para tarxeta Millennium | 8.002 |
| | | Número total de persoas atendidas | 45.245 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| RESULTADOS DA ACTIVIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividad** | **Clas.** | **Cuantificador** | **Resultado** |
| Oficina Atención Cidadá Forum | P | Número de asentos de entrada | 8.254 |
| | | Número de persoas atendidas en quenda | 30.765 |
| Oficina Atención Cidadá Ágora | P | Número asentos de entrada | 8.142 |
| | | Número de persoas atendidas para tarxeta Millennium | 6.947 |
| | | Número de persoas atendidas en quenda | 37.261 |
| Sección de bens histórico-artísticos | P | Pezas catalogadas | 3 |

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Certificados Padrón presenciaos e dixitais | 104.712 | 90.808 | 87.120 |
| Certificados Padrón Históricos | 92 | 4.618 | 2.323 |
| Número de persoas atendidas en Quenda en María Pita | 72.913 | 55.537 | 45.245 |
| Número de persoas atendidas en Quenda en Ágora | 6.824 | 37.051 | 34.261 |
| Número total actuacións Tarxetas Millenium Mª Pita e Ágora | 10.041 | 13.203 | 19.262 |
| Total altas Padrón de Habitantes | 24.890 | 31.622 | 40.667 |
| Número de persoas atendidas en Quenda no Forum | 9.226 | 31.408 | 30.765 |
| Conserxeria Servizos protocolarios | 217 | 305 | 330 |
| Notificacións membros de mesas | 5.310 | 0 | 0 |
| Constituc. e preparacion mesas electorais | 610 | 0 | 0 |
| Reclamacións Censo Electoral | 8 | 0 | 0 |
| Gastos postais | 140.036,04 | 145.992,65 | 164.411,28 |
| 010+Central. Num. total de chamadas | 819.762 | 735.660 | 684.360 |
| 010+Central. % chamadas atendidas | 57,29 | 65,21 | 61,71 |
| 010+Central. % chamadas saturadas | 26,13 | 15,65 | 19,32 |
| 010+Central. % chamadas fora de servizo | 2,93 | 3,31 | 3,17 |
| 010+Central. % chamadas que colgan na mensaxe inicial | 6,18 | 7,82 | 7,65 |
| Central. % Chamadas Operadora Virtual | 7,46 | 8,01 | 8,15 |
| 010 Núm. total de reclamacións (sr+incid.) | 16.559 | 17.747 | 18.171 |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **INDICADOR** | **2020** | **2021** | **2022** |
| Número asentos entrada telemáticos | 46.422 | 80.508 | 82.557 |
| Número de entradas e saídas SIR (todos OAC) | 18.401 | 27.160 | 28.402 |
| Número total de contratos tramitados | 204 | 220 | 202 |

## CONCLUSIÓNS

No ano 2022, consolidada a cita previa para a atención cidadá, deuse un paso mais ao simultanearse esta atención coa atención daqueles usuarios que se persoaran nas OAC sen cita, xa fose por motivos de urxencia, por ter dificultades para obtela, ou calquera outros. Empezouse a implantar a figura do funcionario habilitado na OAC de María Pita para a mellora da atención ao público, e seguirase coa súa implantación no próximo ano no Forum e no Agora.

Con todo, detectouse un incremento na utilización de medios informáticos por parte dos cidadáns na tramitación de certos procedementos. Neste sentido, cabe sinalar o aumento na obtención de certificados on line a través de certificados dixitais persoais, en detrimento da tramitación de certificados de padrón nas OAC.

Débese salientar que a cantidade de chamadas ao 010 segue a experimentar un gran incremento de chamadas. Esta elevada demanda está a consolidarse polo apoio desta unidade na xestión da cita previa ou da tarxeta millenium, entre outras xestións das que atende. E, de cara aos vindeiros anos, prepararase unha nova licitación na que se contemple na atención ao 010 todas as posibles modalidades de atención telefónica.

En canto aos contratos, estase continuamente revisando o seu funcionamento co fin de mellorar a supervisión da súa execución, establecendo dinámicas que deben levar a cabo os contratistas. E tamén, racionalizar o contido dos contratos menores co fin de agrupalos en novas licitacións por lotes.

No ano 2022 non houbo procesos electorais, pero xa se empezou a preparar a organización e documentación necesarias para os que se van celebrar no ano 2023, co fin de garantir unha xestión máis áxil e de calidades de ditos procesos.

Por último, levouse a cabo unha profunda racionalización dos recursos humanos necesarios nas distintas unidades do servizo, pero especialmente nas OAC, co fin de acadar unha estabilidade do persoal que redunde nunha mellora da atención ao público.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# Intervención Xeral

*Responsable:* González Rodríguez, Martín
*Dirección: C/Franja 20-22 2 planta*
*Teléfono: 981 184 207 Ext.11024*

## MISIÓN

A Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), regula, no capítulo III do título X a organización da xestión económica financeira nos municipios de gran poboación, prevendo a creación dun ou varios órganos para o exercicio das funcións de orzamentación, contabilidade, tesourería e recadación, e atribuíndo en todo caso a función pública de control e a fiscalización interna da xestión económica e orzamentaria á Intervención Xeral municipal.

Así mesmo e de conformidade co exposto anteriormente, o Concello da Coruña aprobou por Decreto de 28 de Maio de 2004 a reorganización dos Servizos Económicos Municipais. Segundo o devandito Decreto asignouse a Dirección de Planificación, Orzamentos e Control de Xestión, (na actualidade Dirección de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior) as funcións vinculadas ao Orzamento Xeral, para o que se creou a Oficina Orzamentaria; as funcións de contabilidade, ademais de tesourería e recadación, á Tesourería Xeral; as funcións de xestión económica - financeira, tributaria e facenda, ao Servizo de Xestión Tributaria, e as funcións de control financeiro, de eficacia e interventora, á Intervención Xeral.

A Intervención Xeral ten como misión a función pública de control e fiscalización interna da xestión económico - financeiro e orzamentaria, na súa triple acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, que exercerá con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das devanditas funcións.

O control interno respecto da xestión económica na súa acepción de función interventora, que comprende basicamente a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico lévanas a cabo o Departamento de Fiscalización, mentres que corresponde ao Departamento de Control Financeiro as funcións de control interno na súa acepción de control financeiro

## FUNCIÓNS

En base ao establecido nos artigos 213 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o control e fiscalización teñen por obxecto o control interno respecto da xestión económica do Concello, dos organismos autónomos (IMCE) e das sociedades mercantís (EMALCSA e EMVSA) del dependentes, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.

- A función interventora ten por obxecto fiscalizar todos os actos que den lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigacións ou actos de contido económico, os ingresos e pagos que daqueles se deriven e a recadación, investimento e aplicación, en



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso, e comprende: a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores, a intervención formal na ordenación do pago, a intervención material do pago e a intervención e comprobación material dos investimentos e da aplicación das subvencións.

- A función de control financeiro comproba o funcionamento no aspecto económico - financeiro dos servizos, informando acerca da adecuada presentación da información financeira, do cumprimento das normas e directrices que sexan de aplicación e do grao de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos. Realízase por procedementos de auditoría de acordo coas normas de auditoría do sector público. Os resultados dos controis efectuados fanse constar por escrito.

- A función de control de eficacia ten por obxecto a comprobación periódica do grao de cumprimento dos obxectivos, así como a análise do custo de funcionamento e do rendemento dos respectivos servizos e investimentos.

## ÁREAS RESULTADO CLAVE

### DEPARTAMENTO DE FISCALIZACIÓN

### FUNCIÓNS

#### Ingresos

As actuacións de control de tales dereitos e ingresos a partir da entrada en vigor co réxime de fiscalización limitada previa o 1 de xullo de 2018 foi substituído pola toma de razón contable.

Respecto da devolución de ingresos indebidos comprobouse que o acordo de devolución foi ditado polo órgano competente e que a imputación orzamentaria foi a adecuada. Ademais controlouse:

a) Que a execución da devolución axustouse ao recoñecemento do dereito á mesma.

b) Que o ingreso efectivamente realizouse e non fora obxecto de devolución anterior.

c) Que o pago se realizou a perceptor lexítimo e pola contía debida.

Que, se corresponde o pago de xuros de mora, o cálculo destes xuros é correcto

#### Gastos

En virtude do establecido no TRLRFL, artigos 213 e seguintes e na distribución de funcións establecida pola LRBRL, a función interventora sobre os gastos e obrigacións comprende como principais tarefas as seguintes:

1. Intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir obrigacións de contido económico ou movementos de fondos ou de valores e a este respecto, implica a comprobación os seguintes extremos:



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

a) Que o crédito sexa suficiente e adecuado á natureza do gasto proposto.

b) Que o gasto sexa autorizado por órgano competente de acordo coa normativa aplicable e os acordos de delegación vixentes en relación con cada fase de gasto (autorización, compromiso, recoñecemento da obrigación ou expedición da orde de pago).

c) Que o procedemento de contratación é adecuado ao importe e natureza do gasto, dando lugar a un compromiso de gasto adquirido de conformidade co ordenamento xurídico.

d) Comprobación de xustificantes que acrediten a realización da prestación con carácter previo ao recoñecemento dunha obrigación a favor dun terceiro.

e) E, en xeral, a adecuación de todos os actos, documentos e expedientes (de contratación, persoal, patrimoniais, urbanismo, convenios, etc.) á normativa que lles sexa aplicable en cada caso.

2. Intervención formal da ordenación do pago, comprobando a súa realización por órgano competente e de acordo con obrigacións previamente recoñecidas e fiscalizadas.

3. Intervención e comprobación material dos investimentos, mediante a asistencia aos actos de recepción de obras e subministracións e comprobación de expedientes ao obxecto de detectar posibles omisións de trámites e actuacións esenciais.

Doutra banda tamén é de destacar que se continuou en materia de gastos co sistema de tramitación electrónica de expedientes coa remisión a esta Intervención de propostas de gastos desde todas as Áreas Municipais e que foron intervidos e fiscalizados na súa totalidade.

Outras funcións realizadas:

- Tarefas de asesoramento, principalmente aos técnicos de xestión orzamentaria das distintas Áreas municipais, sobre imputacións orzamentarias, tramitación de expedientes electrónicos, procedementos, documentación de necesaria incorporación aos mesmos e outros aspectos, atendendo neste sentido as múltiples consultas formuladas durante o exercicio.
- Outras tarefas de asesoramento a distintos órganos, servizos e dependencias municipais.

Estas dúas últimas funcións constitúen na práctica unha parte importante das funcións desenvolvidas pola Intervención, por canto implican non só a dedicación dunha boa parte da xornada laboral, senón porque contribúen de forma decisiva á adecuada xestión de moitos expedientes.

- Mantemento e actualización da base de datos dos contratos de tracto sucesivo municipais, na que constan as data de inicio e fin de contratos, así como os prezos actualizados de cada un deles e, no seu caso, as súas prórrogas.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Dentro das tarefas de fiscalización limitada previa realizáronse por técnicas de mostraxe a intervención e fiscalización de asuntos tales como talón restaurante, horas extras, produtividade, axudas económicas e outras.
- Mantemento da base de datos para control dos informes de reparo de legalidade realizados.
- Subministración de información ao Ministerio de Facenda.

A Orde HAP/2015/2012, de 1 de Outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (BOE nº 240 de 05/10/2012) establece a obrigación de remitir ao Ministerio de Facenda e Administración Pública información de carácter económico - financeiro e de gastos de persoal.
A citada Orde expón as obrigacións de subministración de información das Corporacións Locais. Non obstante o contido específico das devanditas obrigacións concrétase nas guías que para ese efecto publica o Ministerio de Facenda e Administración Pública na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Segundo o artigo 4 da Orde, a remisión da información económico - financeira correspondente á totalidade das unidades dependentes de cada Corporación Local centralizarase a través da Intervención Municipal que require, á súa vez, aos diferentes órganos e unidades responsables da información necesaria para dar cumprimento ao total das obrigacións requiridas.

Durante o exercicio 2022 cumprimentouse desde o servizo de Intervención a seguinte información periódica:

1. Obrigas anuais

   a. Artigo 15.3 da Orde: os orzamentos aprobados de 2022 do Concello, do organismo municipal Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), do Consorcio para a Promoción da Música e do Consorcio de Turismo e Congresos, así como os estados financeiros iniciais das fundacións EMALCSA e Luis Seoane, da asociación Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e das empresas municipais EMALCSA, EMVSA e EDAR BENS, S.A., e o resto de información adicional recollida neste artigo. Ao comezo do ano, dentro do prazo inicial dado polo Ministerio, comunicáronse os orzamentos do 2020.

   b. Artigo 15.4 da Orde. A liquidación dos orzamentos do exercicio 2021 do Concello, do organismo municipal Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), do Consorcio para a Promoción da Música e do Consorcio de Turismo e Congresos, así como os estados financeiros finais das fundacións e as empresas municipais mencionadas anteriormente.

   c. Artigo 6 da Orde. Os plans orzamentarios a medio prazo (exercicios 2022 – 2024) do Concello, do IMCE e dos Consorcios anteriormente mencionados.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

d. Artigo 15.1 da Orde: As liñas fundamentais do orzamento 2022 do Concello, do IMCE e dos Consorcios.

e. Artigo 15.2 da Orde: a información relativa o custo efectivo do servizos do ano 2021.

2. Obrigacións trimestrais

a. Artigo 16 da Orde: Resumo do estado de execución dos orzamentos do Concello, do IMCE, dos Consorcios, das Fundacións EMALCSA e Luís Seoane, e, a partir do último trimestre de 2017, da asociación Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, incluíndo o resto de obrigacións de información detalladas neste artigo.

b. Informe de morosidade trimestral de todas as entidades anteriores máis as empresas municipais Emalcsa, Emvsa e Edar Bens

3. Obrigacións mensuais

a. Artigo 6.2 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira: O período medio de pago global a provedores mensual segundo os datos facilitados pola Tesourería Xeral, da administración do IMCE, dos Secretarios-Interventores dos Consorcios, das xerencias das Fundacións e da secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

En 2022 continuouse o envío telemático a través da Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais, da información sobre:

- Acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados polo Interventor tanto do Concello como do Imce e Consorcios
- Acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa: Recoñecemento extraxudicial de créditos tanto do Concello como do Imce e Consorcios

A plataforma tamén está preparada para o envío de anomalías detectadas en materia de ingresos.

A plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais está impulsada polo Tribunal de Contas e outros tribunais de contas autonómicos entre os que se atopa o Consello de Contas de Galicia.

- A Intervención Xeral emitiu os informes previstos legalmente sobre o proxecto de orzamento, aprobación provisional, estabilidade orzamentaria, reclamacións e alegacións ao mesmo, aprobación definitiva, modificacións de crédito e



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

recoñecemento extraxudicial de obrigacións de competencia plenaria; outras ordenanzas, reclamacións e modificacións e operacións de crédito, relación de postos de traballo e outros máis así como os referidos ao IMCE, Consorcios e ás sociedades mercantís dependentes do Concello, informe de estabilidade á liquidación orzamentaria, informes á subscrición das operacións de crédito que financian investimentos, etc.

- Remisión de datos sobre execución e certificacións de gasto relativos aos fondos para la remisión de información relativa aos fondos Next Generation.

- Acudiu á 30 recepcións de obras e subministracións.

- Asistencia as Mesas de Contratación. Concretamente no 2022 celebráronse 57 Mesas de Contratación.

- A partir de abril de 2019 algunhas funcións que realizaba o Departamento de Control Financeiro foron asignadas ao Departamento de Fiscalización. Concretamente:

    - Comprobar o funcionamento dos Servizos con habilitación autorizada de "anticipos de caixa fixa" e de "pagos a xustificar".
    - Revisión da totalidade das contas xustificativas das subvencións concedidas polo Concello da Coruña no exercicio 2022 en réxime de revisión previa limitada.
    - Remisión de información a Base de Datos Nacional de Subvencións no que se refire a subvencións de rehabilitación, axudas de emerxencia social e convocatorias de concurrencia (BDNS).
    - Fiscalización previa das concesións, revisións, prórrogas e extincións de expedientes da Renda Social Municipal e elaboración da base de datos de seguimento das concesión, revisións, prórrogas e extincións. É preciso salientar o número de expedientes relacionados coa renda social polas necesarias comprobacións que deben facerse e as distintas interpretacións que existen da Ordenanza e as continuas discrepancias xurdidas entre a Intervención e o centros xestor, o que supón unha notable carga de traballo. O número de estes expedientes ascendeu a 361
    - Fiscalización previa das autorizacións, concesións e pagamento das subvencións concedidas con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos e das axudas de rehabilitación incluídas no capítulo 7 do orzamento de gastos.

## CONTROL FINANCEIRO

**Funcións:**

De acordo co artigo 220 do TRLRHL o control financeiro ten por obxecto comprobar o funcionamento no aspecto económico-financeiro dos servizos das entidades locais, dos seus organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes. Este control informa acerca da adecuada presentación da información financeira, do cumprimento das normas e directrices que sexan de aplicación e do grao de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Tras a entrada en vigor do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local produciuse un importante desenvolvemento normativo das funcións de control financeiro. O artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RD 424/2017), establece que corresponderá á Intervención Xeral a elaboración do Plan Anual de Control Financeiro que incluirá todas aquelas actuacións cuxa realización por este órgano de control deriven dunha obrigación legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

O Plan Anual de Control Financeiro deberá recoller as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio tendo como obxectivo complementar as actuacións realizadas na modalidade de función interventora garantindo un modelo de control eficaz que permita alcanzar á totalidade da actividade económico financeira desenvolvida no sector público municipal.

Con independencia da modalidade do control financeiro a realizar, permanente ou auditoría pública, e sobre a entidade sobre a que se exerza, a súa finalidade poderá versar ben sobre a verificación da regularidade ou o cumprimento das actuacións desenvolvidas conforme a normativa que lle sexa de aplicación, ou ben sobre a adecuación das devanditas actuacións aos principios de boa xestión financeira, incluíndo o control de eficacia. Estas finalidades xerais poderán ter á súa vez un carácter permanente, é dicir, realizarse de forma sistemática para as áreas económico financeiras determinadas, ou poderán ser conxunturais, motivadas por cambios normativos, cambios estruturais ou organizativos, ou outras causas

A función de control financeiro está atribuída á Intervención Xeral Municipal polo artigo 136.1 da Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local e polas Bases 31 e 32 de execución do Orzamento municipal.

Durante o exercicio 2022, o Departamento de Control Financeiro participou na redacción do do Plan Anual de Control Financeiro do Concello da Coruña correspondente ao exercicio 2021 aprobado pola Intervención Xeral Municipal o 25/02/2022, Plan que durante este mesmo ano veu executando, estando a data de redacción deste informe pendente de redactar o informe final de actuacións.

1. En materia de subvencións

Con carácter xeral, as funcións desempeñadas polo Departamento de Control Financeiro e Fiscalización consistiron na verificación do cumprimento da normativa aplicable, é dicir, as Ordenanzas municipais correspondentes, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei, as Bases de execución do orzamento municipal, as respectivas convocatorias específicas de subvencións tramitadas polos servizos xestores e dos termos contidos nos convenios nominativos (bases reguladoras destas subvencións en virtude do establecido no artigo 65.3 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións).



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

En materia de subvencións o Departamento de Control Financeiro e Fiscalización ten encomendadas funcións no control financeiro permanente das subvencións incluídas no Plan de Control Financeiro do Concello da Coruña correspondente ao exercicio 2021.

O RD 424/2017, no apartado 5 do artigo 3, establece que o control financeiro de subvencións e axudas públicas exercerase de acordo ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. Neste sentido o apartado 1 do artigo 49 da Lei 38/2003 específica que "*o exercicio do control financeiro de subvencións adecuarase ao plan anual de auditorías e as súas modificacións que aprobe anualmente a Intervención Xeral da Administración do Estado"*

E así, no Plan Anual de Control Financeiro do Concello da Coruña indicábase que o obxecto do control financeiro permanente da subvencións concedidas polo Concello da Coruña debería ter por obxecto verificar que durante os exercicios 2018, 2019 e 2020 axustábanse ao réxime de subvenciones. Para o seu deseño e execución tivéronse en conta os limitados medios humanos dispoñibles para a realización desta control, o tamaño da poboación de estudo, o volume de información a analizar e as lóxicas garantías que a lei impón dentro deste procedemento, que facían imposible a análise do 100% dos datos para verificar, polo que se procedeu a establecer unha área de traballo en base a unha mostra representativa desta poboación, que concluíu coa selección de dezanove expedientes de concesións nominativas. A saber:

| Ano | ENTIDADE PERCEPTORA | CIF | IMPORTE | Finalidade |
|---|---|---|---|---|
| **2020** | ASOCIACIÓN BENÉFICA RENACER DA CORUÑA | G15121254 | 75.000,00 | Financiamento do programa de atención a persoas maiores en situación de soidade. |
| **2020** | CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA | Q2866001G | 150.000,00 | Financiamento do programa de axudas sociais desenvolvido pola entidade e dirixido a persoas en situación de necesidade do municipio da Coruña. |
| **2018** | ESE8 ASOCIACIÓN CULTURAL | G70232525 | 40.000,00 | Contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios derivados das actividades do Festival S8 Mostra internacional de Cinema Periférico dá a Coruña ano 2018 |
| **2019** | AMIGOS DA ÓPERA DA Coruña | G15037930 | 80.000,00 | Contribuír ao financiamento da tempada lírica 2019 |
| **2020** | ASOCIACIÓN REDES DE SAL | G70549118 | 50.000,00 | Contribuír ao financiamento dos gastos derivados da organización do festival Mar de Mar no ano 2020. |
| **2019** | ASOCIACIÓN DE FUTBOL AFECCIONADO DA Coruña | G15212707 | 200.000,00 | Fomento da práctica de fútbol afeccionado |
| **2019** | CLUB MARISTAS A Coruña | G15436678 | 20.000,00 | Fomento do baloncesto feminino. |
| **2020** | HÓCKEY CLUB LICEO DA CORUÑA | G15075278 | 95.000,00 | Fomento das actividades deportivas de hóckey |
| **2019** | FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE | G15870140 | 58.000,00 | Realización de actividades. Colaboración coa Fundación María José Jove para realizar programas municipais educativos, deportivos, culturais e de mocidade |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| Ano | ENTIDADE PERCEPTORA | CIF | IMPORTE | Finalidade |
|---|---|---|---|---|
| **2019** | ASOCIACIÓN GALEGA DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN MATEMÁTICA | G27264266 | 65.000,00 | Realización de actividades de divulgación da matemática destinadas, principalmente, ao alumnado e ao profesorado |
| **2020** | REAL INSTITUCIÓN BENÉFICO SOCIAL "PAI RUBINOS" | G15074743 | 234.465,60 | Financiamento da promoción do incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo de escolas infantís, mediante a EIM Carmen Cervigón da entidade RIBS "Pai Rubinos" |
| **2020** | FEDERACION UNIÓN DE COMERCIOS CORUÑESA | G70309752 | 850.000,00 | Campaña de incentivos ao comercio coruñés de proximidade (Bono 10) |
| **2020** | ASOCIACIÓN DE NOVOS EMPRESARIOS DA CORUÑA-AJE A Coruña | G15581259 | 34.999,64 | Desenvolvemento de programas de emprendemento empresarial para novos empresarios |
| **2018** | ABRANDASES COLLEITEIRAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | F70457981 | 25.000,00 | Contratación dunha persoa da cooperativa a xornada completa/a xornada completa. |
| **2019** | UNIVERSIDADE DA CORUÑA | Q6550005J | 25.000,00 | Investigación sobre as desigualdades e diversidades que desembocan en colectivos sociais marcados polas características especiais de vulnerabilidade e precariedade, con especial atención á incidencia da violencia contra as mulleres |
| **2020** | FUNDACIÓN EMALCSA | G70323688 | 355.000,00 | Posta en funcionamento e xestión do bono cultural. |
| **2018** | AXENCIA DE ECOLOXÍA URBANA DE BARCELONA | P0800075D | 150.000,00 | Convenio coa axencia de estudo do transporte e parte do convenio de 2017 que está sen abonar. |
| **2018** | ASOCIACIÓN CIDADÁ DE LOITA CONTRA A DROGA (ACLAD) | G15037187 | 54.000,00 | Desenvolvemento dun programa de prevención e abordaxe das consecuencias da adicción dixital. |
| **2019** | CENTRO SOCIAL SACRA FAMILIA | G70173729 | 75.000,00 | Financiar os gastos de funcionamento e actividades que se levan a cabo dentro do mesmo Centro Social. |

Deles, levouse a cabo a execución dos traballos de control financeiro directamente sobre sete deles. Os doce restantes, acolléndonos á posibilidade que ofrece a Disposición Adicional Cuarta da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, incluíronse dentro dun prego de contratación para a contratación de servizos profesionais de auditores externos para levar a cabo, en colaboración coa propia Intervención Xeral do Concello da Coruña, o control financeiro de subvencións. A data de redacción deste informe están pendente de aprobación esta contratación.

Os obxectivos específicos perseguidos coa implantación do Plan Anual de Control Financeiro do Concello da Coruña materialízanse nos aspectos que recolle o artigo 44.2 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións. En concreto, trátase de verificar neste campo o seguinte:



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 2V436D726F0C4P5O18GB puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario
- O cumprimento por parte do beneficiario das obrigacións que asume por obter tal condición
- A adecuada e correcta xustificación da subvención, para o fin para o que foi concedida.
- A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada foron financiadas coa subvención.
- A adecuada e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

En definitiva, trátase de comprobar que os beneficiarios de subvencións concedidas polo Concello da Coruña reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario e que xustificaron a actividade subvencionada, aplicaron os fondos á finalidade prevista e que a cantidade que o Concello financiou aplicouse á finalidade prevista e que, en concorrencia con outras posibles fontes de financiamento, non supera o custo da actividade.

2. Plan anual de auditorías

Segundo os artigos 220 do TRLRFL e 136.1 da Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local e as Bases 31 e 32 de execución do Orzamento corresponde á Intervención Xeral a elaboración e execución do Plan Anual de Auditoría e 31 do Real Decreto 424/2017.

O RD 424/2017, no apartado 3 do artigo 29, define a auditoría pública como a verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado.

O mesmo RD 424/2017, pola súa banda, establece no seu artigo 34 que,

> *"1.- A proposta do órgano interventor, para a realización das auditorías públicas as Entidades locais poderán solicitar a colaboración pública ou privada nos termos sinalados nos apartados seguintes. Co obxecto de lograr o nivel de control efectivo mínimo previsto no artigo 4.3 deste Regulamento consignaranse nos orzamentos das Entidades Locais as contías suficientes para responder as necesidades de colaboración. (…)*
>
> *3.- Así mesmo a entidade local poderá contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor.*
>
